Santiago Gutiérrez García

Orixes da Materia de Bretaña

A *Historia Regum Britanniae* e o pensamento europeo do século XII

Centro Ramón Piñeiro
para a Investigación en Humanidades

Santiago de Compostela
2002

Edita
Xunta de Galicia
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Dirección Xeral de Política Lingüística

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria
Celso Currás Fernández

Director Xeral de Política Lingüística
Xesús P. González Moreiras

Coordinador Científico
Constantino García

Direcctor Técnico de Literatura
Anxo Tarrío Varela

ISBN: 84-453-3319-4
D.L.: C-727-2002

Realización
Grafinova S.A.

Cuberta
Beato de Liébano, *Comentario da Apocalipse*. Manuscrito F 117/2E, f.117v. Catedral de Burgo de Osma e *San Xerome escribindo rodeado dos monxes*. Primeira metade do século XVI. Museo Lázaro Galdeano. Madrid.

ÍNDICE

PRESENTACIÓN 5

INTRODUCCIÓN 7

CAPÍTULO I

Da chegada normanda á monarquía anxevina 17
A resistencia celta fronte a saxóns e normandos 22
A formación da Inglaterra anglonormanda 27
A propaganda anxevina e o retorno de Artur 34
Historia e historiografía no século XII inglés: celtas, saxóns e normandos 40
O conflicto entre saxóns e normandos na historiografía da época 45
Os historiadores do século XII e a rememoración do pasado 50

CAPÍTULO II

Irredentismo e dignificación dos bretóns 61
As dedicatorias da *Historia* e a celtofilia de Monmouth 65
O *espoir breton* na *Historia Regum Britanniae* 76
Galeses e bretóns na crónica de Monmouth 85
A política normanda no continente: a cuestión do Imperio 96
As profecías da illa de Bretaña 108
A veracidade das profecías merlinianas 114

CAPÍTULO III

A irrupción do marabilloso na literatura medieval 125
Astroloxía e maxia no século XII: a noite de Tintagel e a estrela de lume 134
As pedras de Irlanda. Artes mecánicas e tecnociencia 145
Adiviñación e profecía na obra de Montmouth 160
O espírito secular da *Historia Regum Britanniae*: a división eclesiástica de Bretaña 181

CONCLUSIÓN 189

APÉNDICE 195

BIBLIOGRAFÍA 203

PRESENTACIÓN

Dende o momento da súa fundación, o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades apostou por impulsar a recuperación e a dignificación da cultura galega dende unha perspectiva caracterizada pola apertura de miras e horizontes que favorecese a ubicación do noso acervo cultural no amplo marco do conxunto dos pobos de Europa. Consciente da importancia desta tarefa para o desenvolvemento humanístico de Galicia, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria deulle pulo, a través do devandito Centro, á investigación de moi variados aspectos da literatura, a lingua, as artes e outras expresións do espírito humano.

Irrenunciable é, a este respecto, a vocación europeísta do noso país, vinculado, dende os séculos máis temperáns da Idade Media, ás correntes ideolóxicas e artísticas que circulaban polo Occidente cristián. Foi neses anos cando este o noso *finis terrae* contemplou o seu primeiro grande esplendor da civilización, na época que se adoita denominar Era Compostelana. Arredor do ideal representado pola figura do Apóstolo Santiago, as correntes de pensamento máis avanzadas do mundo coñecido fluíron ata os confíns galaicos pola vía do camiño xacobeo. O románico e o gótico, a nova teoloxía, as novas mutacións sociais e ideolóxicas foron traídas por xentes de toda Europa, que acudían ata a tumba de Santiago o Maior, aló nas terras do cabo do mundo.

Entre estas innovacións do pensamento, chegaron as vellas ficcións bretonas que, dende outras fisterras atlánticas, falaban do rei Artur, monarca inmortal dun reino de lendas, depositario das vellas tradicións dos países celtas. Foi, posiblemente, esta afinidade atlántica a que propiciou a aclimatación de tales historias por parte do noso pobo dende datas tan antigas, ata o punto de que remataron por constituír parte integrante do imaxinario colectivo galego e universo ficcional continuamente visitado e redefinido polos nosos escritores. O libro que hoxe teño o pracer de presentar recolle as ideas e a cosmovisión das que eran portadoras aquelas venerables *nugae* bretonas, que chegaron a Galicia hai xa case oitocentos anos. O seu coñecemento supón unha pescuda na cultura do noso país; a un tempo cultura europea e universal.

CELSO CURRÁS FERNÁNDEZ
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

INTRODUCCIÓN

A pesar de que as orixes celtas da materia de Bretaña parecen hoxe en día fóra de toda dúbida, a gran difusión e posterior sona que acadou o citado ciclo literario produciuse gracias á súa expresión en lingua romance durante a segunda metade do século XII. O fito fundamental que deu paso a esta explosión constitúeo a *Historia Regum Britanniae* de Geoffrey de Monmouth, escrita aínda en latín, pero que preparou o terreo para que o xénero historiográfico e o incipiente *roman* trasladasen o universo bretón ó puxante ámbito das literaturas en lingua vernácula. En efecto, o inicio da literatura artúrica en vulgar márcao o *Roman de Brut* de Robert Wace, composto en 1155, a penas quince anos despois de que aparecese a crónica de Monmouth.

Contemplado dende esta perspectiva, o éxito da *Historia Regum Britanniae*, con todo o inesperado que poida parecer, insírese en correntes de pensamento moito máis amplas, que superan o eido da literatura e que afectan ó do progreso, da cultura e da civilización. A crónica galfridiana componse arredor do ano 1138, en plena eclosión do denominado Renacemento do século XII[1]. En verdade, este despertar das mentalidades occidentais, que se prolonga durante boa parte da centuria seguinte, funde as súas raíces no século XI, ata achegarse ós anos que flanquean o cambio de milenio. Tralo colapso da organización carolinxia, o Occidente medieval sumiuse no caos, provocado polo subseguinte baleiro de poder e por unha nova vaga de invasións de pobos bárbaros -sarracenos, escandinavos e maxiares-. Tras este período de violencia e escuridade, e arredor da simbólica fronteira do ano mil, comeza a que se deu en chamar Idade Media clásica ou Idade Feudal, época na que Europa sae do letargo en que estaba sumida e contempla un poderoso florecer do pensamento, da cultura e da economía[2].

O pulo abrangue tódolos aspectos da vida nun espectacular avance que interrelaciona uns factores con outros. Así, por exemplo, a pacificación que permite a práctica do comercio abre novos horizontes e facilita o coñecemento de culturas ata o de entón afastadas. Ó mencionar esta circunstancia xorde, inde-

[1] A obra clásica a este respecto é a de Ch. H. Haskins, *La rinascita del dodicesimo secolo*, Il Mulino, Bolonia, 1972 (1ª ed. 1927). Unha actualización dos conceptos formulados por Haskins atópase en R. L. Benson, G. Constable e C. D. Lanham (eds.), *Renaissance and Renewal in the Twelfth Century*, Clarendon Press, Oxford, 1985 (1ª ed. 1982).

[2] Para unha perspectiva desta época, vid., fundamentalmente, M. Bloch, *La sociedad feudal*, Akal, Madrid, 1986, pp. 81-93; M. Crouzet, *La Edad Media*, en *Historia General de las Civilizaciones*, Destino, Barcelona, 1980, t. II, pp. 351-372.

fectiblemente, a influencia que sobre a Cristiandade exerceu a civilización árabe, depositaria da sabedoría aristotélica e herdeira da cultura grega. Así mesmo, o despegue económico favorece os movementos sociais, o xurdimento de novas fortunas e o aumento das desigualdades. Toda esta convulsión do antigo esquema tripartito do feudalismo -*bellatores, oratores* e *laboratores*- sáldase con moi variadas consecuencias, entre elas, a aparición da burguesía -primeiro artesanal, máis tarde capitalista- como nova clase social que haberá de competir coa aristocracia cabaleiresca pola supremacía social. Estas transformacións van acompañadas dunha serie de fenómenos non menos importantes, como son o xurdimento do individualismo e o desenvolvemento da vida interior[3] ou a necesidade de profundar en experiencias relixiosas máis esixentes que o monaquismo feudal que representaba Cluny[4]. Sen embargo, e por paradoxal que poida parecer, este mesmo progreso propicia o nacemento do espírito laico, que ata o de entón quedara á marxe do monopolio espiritual dos claustros; e con el, o despegue da vida cidadá e, dentro dela, a aparición da figura do intelectual[5]. Este último eríxese en paradigma dos novos tempos, fillo da ruptura da orde tripartita. A súa personalidade oponse ó crego e, especialmente, ó monxe das escolas monásticas, centrado na vida espiritual e que só de maneira subsidiaria se dedicaba a outras actividades. O intelectual fai da súa formación un medio de vida, que exerce ben por medio da ensinanza ben por medio da escritura, e simboliza na súa persoa o nacemento das cidades burguesas e a secularización dos tempos.

As consecuencias do despertar económico e o progreso social afectaron profundamente ó estamento cabaleiresco e non sempre de xeito positivo. A dinamización da economía a partir da revitalización dos intercambios comerciais significou o auxe da burguesía artesá e mercantil, do mesmo modo que socavou as bases do poder aristocrático. Os ingresos da nobreza terratenente fóronse reducindo de maneira drástica, mentres o seu sistema de vida entraba en quebra. O

---

[3] Vid. entre outros, M.-D. Chenu, *L'éveil de la conscience dans la civilisation médiévale, Conférence Albert-le-Grand 1968*, Montreal / París, 1969; C. L. Morris, *The Discovery of the Individual, 1050-1200*, Londres, 1972; J. F. Benton, "Conciousness of Self and Perceptions of Individuality", en Benson, Constable e Lanham, *Renaissance and Renewal*, pp. 263-295.

[4] Entre a abundante bibliografía que existe para estes temas remitimos a A. Fliche, *La réforme grégorienne et la reconquête chrétienne (1057-1123)* e *Du premier concile du Latran à l'avènement d'Innocent III*, en A. Fliche e V. Martin (eds.), *Histoire de l'Église*, vols. VIII e IX, París, 1945; J. Paul, *La Iglesia y la cultura en Occidente (siglos IX-XII)*, t. II, *El despertar evangélico y las mentalidades religiosas*, Labor, Barcelona, 1988; A. Vauchez, *A espiritualidade da Idade Média Ocidental. Séc. VIII - XIII*, Estampa, Lisboa, 1995 (1ª ed. 1975), pp. 75-139; G. Constable, *The Reformation of the Twelfth Century*, Cambridge University Press, Cambrigde, 1996.

[5] J. Le Goff, *Los intelectuales en la Edad Media*, Gedisa, Barcelona, 1996, p. 25-26.

peso deste estamento social reduciuse de maneira proporcional ó auxe da burguesía, xa que a realeza se apoiou nesta última clase para sacudirse o control dos nobres e afianzar a súa posición. A fundación de tantas vilas francas durante estes séculos reflicten o desprazamento da nobreza, encerrada e recluída entre os muros das súas fortalezas rurais.

O anterior non quere dicir que o estamento nobiliario quedase á marxe dos avances chegados cos novos tempos. Así, a mellora das condicións de vida maniféstase na facilidade para adquirir materias suntuarias, pero tamén no refinamento dos costumes e no cultivo de novas artes e novos gustos. O que, a primeira vista, puidera ofrecer un aspecto lúdico, agocha tras de si unha resposta a esa inseguridade que produce a ruptura da orde feudal. O disfrute de certas condicións de vida converteuse en ostentación dun estatuto e uns privilexios, como maneira de reafirmar con símbolos o que a realidade empezaba a negarlle á aristocracia. O tempo demostrará o grao de ritualización que estas manifestacións externas alcanzan[6], fosilizadas no conservadorismo e de costas ó devir dos tempos. J. Le Goff[7], por exemplo, resalta o carácter conservador da sociedade feudal, baseado no sistema legal do dereito consuetudinario, isto é, o costume, o uso establecido polas xeracións precedentes ata onde podía chegar a memoria. Polo tanto, a vontade por parte da sociedade feudal de ignorar o tempo non só afectou ó seu compoñente nobiliario, senón tamén ó clerical, segundo reflicte a clausura impenetrable dos mosteiros.

Como consecuencia desta actitude, o acceso ó estamento cabaleiresco faise cada vez máis difícil, de maneira que, xa no século XIII, a cabalería convertérase nunha elite aristocrática cun alto sentimento exclusivista. Agora ben, esta reacción provén do temor a perder prerrogativas conseguidas dende había séculos, pero tamén da vontade expresa de ignorar o devir da sociedade e a historia. Este proceso de encastelamento veuse favorecido, por suposto, polo encarecemento do equipo militar a medida que se complicaba a arte da guerra. Co tempo, os custos militares medrarán na mesma proporción na que diminúen as rendas aristocráticas, de maneira que, xa ó final da Idade Media, só as monarquías estarán en condicións de sufragar os gastos dunha función guerreira cada vez máis especializada. Para entón, as mesnadas cabaleirescas teranse convertido en exércitos nacionais.

---

[6] J. Huzinga, *El otoño de la Edad Media*, Alianza Editorial, Madrid, 1990 (1ª ed. 1930), pp. 93-152.

[7] Le Goff, *Los intelectuales*, p. 31.

Outra consecuencia da atemporalidade da cabalería será o desenvolvemento da chamada literatura cortés[8], espiritualización e idealización dun tipo de vida á defensiva, que se esvaece a pesar dos seus cultivadores. Qué mellor xeito de conxurar a perda duns valores que estilizalos nunha idade dourada que nunca existira. A recreación do amor vasalático ou da cabalería altruísta, defensora esta segunda dos débiles e da relixión, estaba condenada dende un principio á nostalxia. F. Cardini[9] expresa á perfección esta melancolía cando afirma que a cabalería naceu morta sobre o cadáver de Roldán. A consecuencia inmediata de establecer como modelo a un cabaleiro que vivira trescentos anos antes, foi que, dende o punto de vista do século XII, o comportamento virtuoso converteuse en algo pretérito, polo que se sentía nostalxia dende o momento mesmo do xurdimento da literatura de corte. Sen embargo, os laios polas virtudes de noutrora, que xa se perderon, non constitúe un *topos* exclusivo das narracións cabaleirescas, pois non é difícil apreciar como a poesía cortés tamén o utiliza ata a trivialización, aplicándoo, no terreo sentimental, ás virtudes morais que acompañaban o amor verdadeiro. E, nun sentido máis amplo, abarcaría a concepción mesma do mundo, o cal, segundo os contemporáneos, alcanzara xa daquela a vellez e iniciara un proceso de decadencia[10]. Deste modo, a dexeneración afectaría ós costumes en xeral e non só a comportamentos concretos, identificables coas aspiracións dun estamento específico.

Ó mesmo tempo, a sensibilización espiritual da época tamén afectou á dulcificación dos costumes cabaleirescos. Como reacción ó período de violencia que presidiu a segunda idade feudal, a Igrexa tomou a responsabilidade de salvagardar os débiles, é dicir, todos aqueles que, á marxe da clase combatente, estaban desprotexidos dos ataques entre faccións rivais. É entón cando se establecen as interdiccións da Paz de Deus e a Tregua de Deus[11]. A primeira consa-

---

[8] Unha das obras fundamentais para seguir o nacemento e desenvolvemento da literatura cortés é a de R. R. Bezzola, *Les origines et la formation de la littérature courtoise en Occident (500 - 1200)*, Honoré Champion, París, 1967, 3 vols.

[9] F. Cardini, "El guerrero y el caballero", en J. Le Goff (ed.), *El hombre medieval*, Alianza Editorial, Madrid,1991 (1ª ed., 1990), p. 119.

[10] G. Constable, "Renewal and Reform in Religious Life. Concepts and Realities", en Benson, Constable e Lanham, *Renaissance and Renewal*, pp. 61 e *The Reformation*, p. 162.

[11] G. Duby, "Les laïcs et la paix de Dieu", en *I laici nella "Societas christiana" dei secoli XI e XII. Atti della terza settimana internazionale di studio. Mendola, 21-27 agosto 1965*, Miscellanea del Centro di Studi Medioevali, Milán, 1968, pp. 448, 457 e 460; M. Parisse, "La conscience chrétienne des nobles aux XI^{e} et XII^{e} siècles", en *La Cristianità dei secoli XI e XII in Occidente: coscienza e strutture di una società. Atti della ottava Settimana Internazionale di Studio. Mendola, 30 giugno - 5 luglio 1980*, Miscellanea del Centro di Studi Medioevali, Milán, 1983, pp. 259-280; Cardini, "El guerrero", p. 88.

graba os establecementos relixiosos como lugares de refuxio inviolable ante calquera tipo de ataque; en canto á segunda, obrigaba ó cesamento de toda actividade armada nun período de tempo que ía dende a tarde do xoves ata a tarde do domingo. A excomuñón foi a pena que se estableceu polo incumprimento destas normas. A influencia dos círculos eclesiásticos, sen embargo, non se detivo aí e os séculos posteriores contemplaron, non xa o aumento da paréntese de tregua, senón a condena, polo demais infructuosa, do deporte do torneo[12]. A primeira interdicción partiu do papa Inocencio II, durante a celebración, en 1130, do Concilio de Clermont. Que esta medida non resultou efectiva o proba a nova condena do II Concilio de Letrán, nove anos despois, así como as sucesivas que lle seguiron, ata que en 1316 Xoán XXII levantou calquera tipo de prohibición.

Maiores consecuencias tivo a cristianización dos valores da clase combatente, de tal maneira que os guerreiros de noutrora se converteron en cabaleiros e, os máis perfectos, en cabaleiros cristiáns. O código de conducta da cabalería non se librou desta presión eclesiástica, como exemplifica a ritualización do acto de investidura, cerimonia en principio de carácter laico que se foi revestindo de valores cristiáns. Claro que onde máis evidente se fixo este compoñente relixioso-humanístico foi nas ficcións corteses, alí onde, ademais de expresarse os anceios de toda unha clase social, se promovía a descrición interesadamente favorable da actividade cabaleiresca, como maneira de xustificar un modo de vida. Así, a Igrexa irrumpiu no desenvolvemento da literatura cortés, do que é testemuño palpable a cristianización do ciclo do Graal, convertido en expresión da espiritualidade cisterciense. Con todo, a pegada é anterior a esta intervención explícita e transparéntase na esencia mesma da narrativa cabaleiresca, impregnada toda ela dos ideais de San Bernardo[13].

Xunto a este panorama xeral da época en que xorde a literatura cortés, as narracións de tema artúrico, que forman parte desta, merecen un comentario específico. E é que o que hoxe en día se coñece como materia de Bretaña era nos seus comezos un concepto máis amplo que abarcaba as historias sobre o rei Artur e a súa corte, pero tamén outras narracións que, como as de Tristán e Isolda ou as que María de Francia recreou nos seus *Lais*, estaban unidas pola súa procedencia celta ou, como daquela se dicía, bretona[14]. Do mesmo modo que os moldes artúricos se desbordan en canto nos achegamos ó nacemento da materia

[12] M. Keen, *La caballería*, Ariel, Barcelona, 1986, p. 116; Cardini, "El guerrero", pp. 107 e 111.

[13] Cardini, "El guerrero", p. 99-101.

[14] J. Frappier, "La matière de Bretagne: ses origines et son développement", en *Grundriss der romanische Literaturen des Mittelalters*, vol. IV/1, *Le roman en prose jusqu'à la fin du XIII^e siècle*, Karl Winter Verlag, Heidelberg, 1978, p. 184.

bretona, así tamén as súas orixes anteceden á literatura cortesá e funden as súas raíces nas dos pobos das Illas Británicas. Así pois, as peculiaridades que este tipo de narracións presentan responden ás especificidades culturais e históricas desa zona do Occidente medieval.

A crítica adoita considerar como a obra fundacional da materia de Bretaña a *Historia Regum Britanniae*, crónica imaxinaria dos reis celtas que gobernaron en terra británica antes da chegada saxona. Non quere isto dicir que a crónica de Monmouth fose a primeira obra na que aparecía o rei Artur. A literatura producida en Gran Bretaña, tanto en lingua latina como en galés, narraba, dende séculos antes da composición da *Historia*, as aventuras deste mítico personaxe, adalid da resistencia celta contra os invasores xermanos[15]. Así, por exemplo, o poema *Y Gododdin*, datado posiblemente no século IX, no que se contan as loitas dos celtas septentrionais contra os xermánicos, equipara a ferocidade dun guerreiro de nome Gwawrddur coa de Artur. Pola súa banda, a *Historia Brittonum*, que se adoita atribuír a Nennio e que foi composta no século X, enumera as doce batallas nas que Artur, caracterizado co título de *dux bellorum*, derrotou os saxóns. En canto a *Preiddeu Annwf*, poema galés datado entre 850 e 1150, narra unha expedición de Artur e os seus guerreiros ó Alén en busca dos Tesouros da illa de Bretaña. Por último, o *mabinogi* de *Kulhwch e Olwen*, escrito ca. 1100, relata as aventuras emprendidas por Artur para facer posible a voda do seu sobriño Kulhwch con Olwen, filla do xigante Yspadadden Penkawr, entre elas a caza do xabarín Twrch Trwyth.

Como estes, outros testemuños anteriores a Monmouth descobren a vitalidade das tradicións artúricas anteriores á aparición da *Historia Regum Britanniae*. A importancia da crónica galfridiana radica, daquela, non tanto na precedencia cronolóxica como en organizar boa parte destes materiais e en facilitar a súa difusión máis aló do restrinxido ámbito británico. Sen embargo, o grande éxito da *Historia*, que, polo demais, lle asegurou a inmortalidade a Artur, non se produciu pola importancia concedida a este mítico monarca bretón, senón

[15] De todas formas, as tradicións sobre Artur son, dentro do devir histórico dos pobos celtas insulares, relativamente serodias, pois, como demostra *Y Gododdin*, a súa primeira mención conservada non remonta máis aló do século IX. Ademáis a verdadeira eclosión de Artur como figura heroica non se produciría ata os séculos X e XI (H. Jackson, "The Arthur of the History", en Loomis, *Arthurian Literature in the Middle Ages*, pp. 1-11 e "Arthur in Early Welsh Verse", en *Ídem ibídem*, pp. 12-19; Th. Jones, "The Early Evolution of the Legend of Arthur", *Nottigham Medieval Studies*, VIII (1964), pp. 3-21; Th. Charles-Edwards, "The Arthur of History", en R. Bromwich - A. O. H. Jarman e B. F. Roberts, *The Arthur of the Welsh*, University of Wales Perss, Cardiff, 1991, pp. 15-32; G. Torres Asensio, *La "materia de Bretaña" en la literatura latina medieval. La leyenda artírica en la hagiografía celtolatina medieval*, Tese de doutoramento, Universitat de Barcelona, Barcelona, 1997, pp. 1061-1079).

pola habilidade do seu autor en satisfacer as necesidades do florecente xénero historiográfico anglonormando, que carecía de fontes adecuadas sobre o período máis remoto do pasado da illa. Esta capacidade por parte do autor para adecuarse ó horizonte de expectativas dos seus contemporáneos ofrece non menos interese que o estudio das fontes nas que se baseou Monmouth para elaborar o seu relato fabuloso ou o tratamento dispensado ós anos do reinado artúrico.

Este será o proposito do presente estudio, é dicir, analizar as relacións que se establecen entre a *Historia Regum Britanniae* e o contexto histórico e cultural no que esta apareceu: o da Inglaterra anglonormanda, sumida na anarquía trala morte de Henrique I Beauclerc, e o do Occidente medieval europeo, que despertaba no florecer da civilización feudal. Esta dualidade, que non é senón a dobre cara dunha mesma realidade, atopa adecuada expresión no noso traballo. A primeira parte analiza a evolución política de Gran Bretaña, dende a desaparición do poder romano e a invasión saxona ata os anos centrais do século XII, nos que viviu Monmouth. En liñas xerais, esta sección aborda as relacións problemáticas establecidas entre os tres pobos que foron ocupando sucesivamente o chan británico: celtas, saxóns e normandos, así como o reflexo destas relacións no labor historiográfico, dende Xildas, no século VI, a Monmouth, pasando por Beda, a *Crónica Anglosaxona*, e os historiadores anglonormandos. A segunda parte estudia a resposta que a *Historia Regum Britanniae* ofreceu a moitas das cuestións suscitadas nesta primeira parte: a súa postura ante o conflicto entre galeses e normandos, a formulación do *espoir breton*, a posible celtofilia do seu autor, os reflexos da política do seu tempo nas páxinas da crónica, con especial atención ás relacións exteriores do réxime anglonormando e a guerra civil entre Esteban I e a emperatriz Matilde.

Como se poderá observar pola lectura destes primeiros capítulos, a figura fundamental para desentrañar boa parte das claves interpretativas da *Historia* é o profeta Merlín, portavoz da caída do poder saxón e dun confuso rexurdimento bretón, protector da liñaxe de Bruto e artífice da chegada ó trono do rei Artur. Este personaxe, que Geoffrey deseñou a partir de tradicións galesas sobre o profeta Myrddin e sobre Ambrosio, o neno sen pai da *Historia Brittonum*, eríxese na figura máis importante dos capítulos centrais da súa crónica e, moi posiblemente, na máis salientable de todo o libro. A súa condición profética facía del un personaxe polémico, parte activa da Historia a través das súas palabras e eixe sobre o que xira o período de esplendor da monarquía británica.

Pero Merlín non só se revela fundamental para interpretar as calculadas ambigüidades da *Historia* no eido da política inglesa. O profeta encarna boa parte dos intereses e inquedanzas culturais do seu autor, un crego dotado dunha considerable formación na tradición latina, posuidor dun espírito curioso e afec-

cionado ós relatos paradoxográficos derivados de Plinio, Solino ou Isidoro de Sevilla. A derradeira parte do traballo estará dedicada, xa que logo, ó estudio das actuacións merlinianas á marxe das *Prophetiae Merlini*, é dicir, dos vaticinios que lanzara ante o rei Vortigern sobre o futuro da illa de Bretaña. Nestes episodios revélanse, ademais dunha novelización do carácter merliniano, «novas et inauditas artes» que van dende á maxia natural á astroloxía ou á construcción de artefactos mecánicos. Sen embargo, o presente estudio non pretende centrarse na figura de Merlín, senón tomala como punto de partida para pescudar nas clases interpretativas da crónica galfridiana, entendida esta, ademáis, como paradigma artístico e cultural dunha época. Por esta razón son continuas as referencias a outros personaxes da *Historia* -como Bladud, Pellito ou os magos de Vortigern-, así como a outras obras e ás estructuras de pensamento contemporáneas[16].

Os resultados obtidos a través deste dobre enfoque que se acaba de desglosar axudan, segundo cremos, á comprensión das circunstancias que arrodearon non só a composición da *Historia Regum Britanniae*, senón a eclosión, na segunda metade do século XII, da materia de Bretaña.

Este traballo é froito das investigacións levadas a cabo entre os anos 1997 e 2000, nos que formei parte, en calidade de bolseiro, do Proxecto de PROSA LITERARIA GALEGA MEDIEVAL, que se está a desenvolver no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

[16] Unha vez expostos os obxectivos e a metodoloxía seguida, só queda por engadir unha breve precisión terminolóxica. Os termos 'bretón' e 'británico' refírense sempre ó pobo celta que ocupou Gran Bretaña antes da chegada saxona, agás cando ten un valor xeográfico, que daquela se referirá á devandita illa. Esta, pola súa banda, recibirá os nomes de Gran Bretaña ou Bretaña, en tanto que o territorio ocupado polos celtas armoricanos se denominará Armórica ou Pequena Bretaña. O pobo xermánico que chegou á illa no século V será sempre o saxón, mentres que o termo 'inglés' quedará reservado para referencias posteriores á batalla de Hastings (1066). 'Anglonormando' referirase ós anos que median entre a subida ó trono de Guillerme I o Conquistador e Henrique II Plantegênet, co que a dinastía anxevina accede en 1154 ó trono de Inglaterra. Deste xeito, o termo 'anxevino' aplicarase, antes desta data, ó ducado de Anjou, situado en territorio francés, e, posteriormente, ó conxunto das posesións dos reis ingleses. O termo 'normando' en fin, terá un sentido máis difuso, pois se referirá ó pobo de orixe escandinavo que se asentou no norte de Francia (Normandía) e rematou por conquistar Inglaterra, Gales e Irlanda, pero sen restriccións de tipo cronolóxico.

CAPÍTULO I

Da chegada saxona á monarquía anxevina

O renacemento do século XII viviuse en Gran Bretaña baixo unha serie de condicionantes que lle outorgan a esta etapa histórica da illa un carácter peculiar. O trazo diferenciador máis evidente foi, sen lugar a dúbidas, a sacudida que, en 1066, se produciu coa chegada normanda. Sen embargo, para comprender a complexa situación política de Gran Bretaña trala victoria de Guillerme I, hai que remontarse seiscentos anos, xusto cando os primeiros continxentes de poboación saxona se asentaban na illa. Xa durante o último período de dominación romana o seu litoral suroriental sufría as continuas incursións dos piratas xermanos, a penas expedicións de saqueo que lles outorgaron a aquelas rexións a denominación de Costa dos Saxóns. Mais, a mediados do século IV, unha vez que o poderío de Roma desapareceu, os asentamentos estranxeiros fixéronse permanentes e comezou unha verdadeira colonización. Durante máis dun século, o avance saxón foi ocupando de vagar o sur e o centro da illa, ata o punto de arrecunchar os celtas nos extremos norte (Escocia) e occidental (Gales e Cornualles) do país.

Durante o período de conquista, a inestabilidade política do novo pobo, unida á escasez de fontes fiables, dificultan unha reconstrucción daqueles anos turbulentos, ós que se lles dá o nome de *Dark Ages*. O acontecemento máis importante constitúeo, sen lugar a dúbidas, a conversión ó cristianismo dos xermanos pagáns. En 597 Gregorio o Grande enviou unha misión evanxélica, que, ó mando do monxe Agostiño, integrou os reinos ingleses na comunidade de crentes con cabeza en Roma. As implicacións deste feito trascenden, como era de esperar, o ámbito espiritual; máis se se ten en conta a autonomía de que gozaba a Igrexa celta respecto á Santa Sé. Esta última resultaría co tempo a máis prexudicada, pois o seu illamento favorecera a desviación dos dictados romanos en aspectos litúrxicos e organizativos. A presencia dunha Igrexa rival exerceu unha eficaz presión sobre o seu sistema de organización, que culminou na celebración en 663 do sínodo de Whitby, no que o reino de Northumbria adoptou os costumes impostos dende Roma, entre eles o sistema de cómputo para establecer a data da Pascua. Dende que a Igrexa inglesa estivo consolidada como institución, tendeu a someter baixo a súa xurisdicción os territorios célticos. Nestas zonas, o centro eclesiástico-administrativo non o constituía o bispado senón o mosteiro, de maneira que carecían dunha cabeza rectora. Por esta razón, Canterbury, designada sé arcebispal en 668, aspiraba a constituírse en centro espiritual de toda Gran Bretaña, tal e como demostrou Teodoro de Tarso, o seu primeiro arcebispo, coa convocatoria, en 672, do concilio de Hertford. Os intentos de asimilación eclesiástica, tan ligados sempre á expansión política, continuaron coa chegada normanda, a pesar de que a reorganización administrativa que se levou a

cabo despois de 1066 provocou unha enconada disputa pola primacía entre as diferentes sés anglonormandas.

A medida que os saxóns consolidaban o seu poderío na illa, foron xurdindo unha serie de reinos máis ou menos fugaces que se alternaban en sucesivas situacións de preeminencia, sempre en disputa uns cos outros, e que, entre os séculos VII e VIII, constituíron o que se denominou a Heptarquía. A inestabilidade do mapa político saxón provocaba a expansión dun reino a costa dos seus veciños; a un período de esplendor efímero -normalmente ligado á figura dun monarca de cualidades destacadas- seguía o subseguinte declinar, que deixaba paso ó xurdimento dun novo poder en auxe. Os principados máis destacados da Inglaterra saxona foron Kent, Essex, Wessex, Sussex, Estanglia, Lindsey, Mercia, Deira e Bernicia. Esta multiciplidade, sen embargo, tendeu a se aglutinar e configurar un número menor de entidades que ofrecesen maior solidez; de tal maneira que, cara ó ano 700, sobresaían tres grandes reinos: Northumbria, Mercia e Wessex.

Kent, situado no cabo suroriental, fora o primeiro en gozar de certa preeminencia sobre os demais. A súa decadencia veu coincidir co despertar de Northumbria, que xurdiu da unión de Bernicia e Deira na persoa do rei Ethelfrith (593-617). Un dos seus sucesores, Oswiu (641-670), incluso foi recoñecido polos demais soberanos da illa -incluíndo bretóns, escotos e pictos- como rei supremo nunha unificación efímera e nominal, aínda que cargada de significación simbólica. O título que Oswiu recibía era o de *Bretwalda*, termo que podería traducirse por 'Señor de Bretaña' -de Bretaña, non de Inglaterra- e que equivalería en latín a *rex Britanniae*. Antes que Oswiu, outros seis monarcas ingleses -de Sussex, Kent, Eastanglia e Northumbria- recibiron a devandita denominación, que designaba un monarca supremo arredor do que se agrupaba a confederación de varios reis saxóns. A miudo, as súas pretensións de dominio sobre toda a illa eran pouco máis que unha imaxe ideal, por canto o seu poder se limitou non poucas veces á Inglaterra ó sur do río Humber.

Pero a aspiración a reunificar toda Bretaña sobreviviu ós *Bretwaldas* e constituíu unha tendencia cada vez máis acentuada co paso dos anos. Xa no século VIII, e trala decadencia de Northumbria, Offa de Mercia (757-796) conseguiu unificar todo o centro de Inglaterra, se ben unha trintena de anos despois da súa morte Mercia descompúxose e foi absorbido por Wessex. Salvo o interregno protagonizado por Cnut I, Wessex mantería a súa hexemonía ata a chegada normanda. Con todo, o seu momento de maior esplendor acadouno baixo o mandado de Alfredo o Grande (971-899), que, émulo de Carlomagno, promoveu os estudios e as artes e reorganizou administrativamente o reino, ó tempo que detivo o avance dos invasores escandinavos.

As incursións dos homes do norte resultarían co tempo de suma trascendencia no devir do país. O primeiro ataque produciuse en 793, cando foi saqueado o mosteiro de Lindisfarne, na costa oriental de Northumbria. A partir de 835 as incursións escandinavas arreciaron e, trinta anos despois, tivo lugar a primeira invasión sistemática con intencións de estabilidade. Os arquipélagos das Orcadas, as Feroe e as Shetlands, así como case toda a metade norte de Gran Bretaña, quedaron baixo o seu dominio. En 878 Alfredo de Wessex e o monarca danés Guthrum asinaron o tratado de Werdmore, polo que se repartían as súas respectivas áreas de influencia na illa. Unha liña que ía dende a desembocadura do río Dee, no oeste, ata a desembocadura do Támesis, no este, fixaría o límite entre a zona controlada polos saxóns e o denominado Danelaw, o territorio en poder dos daneses. Sen embargo, durante o século X, os sucesores de Alfredo iniciaron a reconquista dos asentamentos escandinavos, de tal xeito que Edgard (959-975) adoptou o título de rei de Inglaterra. Á súa morte, o debilitamento da monarquía inglesa propiciou a recuperación dinamarquesa. O rei Sven invadiu Gran Bretaña e venceu a Aethelred II (978-1016). O seu sucesor, Cnut I o Grande (1016-1035), proclamouse rei de Inglaterra e incorporouna ó seu imperio escandinavo, formado por Dinamarca e Noruega. Para afianzar as súas posesións insulares, Cnut tomou por esposa a Emma, irmá do duque Ricardo II de Normandía, que en 1002 casara con Aethelred e do que enviuvara en 1016.

Tras esta paréntese de dominio danés, que se clausurou co breve reinado de Harthacnut (1040-1042), fillo de Cnut e Emma, a coroa volveu á dinastía saxona na persoa de Eduardo o Confesor (1042-1066), fillo daquela e de Aelthelred. Eduardo morreu sen descendencia directa, aínda que previamente recoñecera como sucesor a Guillerme de Normandía, chamado tamén o Bastardo. Ambos eran curmáns segundos, xa que o normando era neto do duque Ricardo II de Normandía, tío do Confesor. O seu contrincante no trono inglés era Harold Godwinson, fillo do conde Godwin, o personaxe máis poderoso da Inglaterra da época. O auxe da súa familia remontábase ós tempos de Cnut, en que seu pai recibira o goberno de Wessex e emparentara coa liña dinástica de Cnut ó tomar por muller a unha danesa de nome Gytha. Deste xeito converteuse en concuñado do emperador, xa que Ulf, o irmán de Gytha, casara cunha irmá de Cnut, de nome Estrith.

Coa extinción da dinastía dinamarquesa, Godwin mantivo a súa situación de privilexio, como reflicte o feito de que súa filla Edith casase co rei Eduardo. Ó morrer en 1055, seu fillo Harold pasou ó primeiro plano da política saxona. A súa posición fortalecíase a medida que aumentaban as posibilidades de que Eduardo morrese sen descendencia directa, pois esta circunstancia colocábao na carreira sucesoria. Sen embargo, os proxectos do Confesor buscaban, sobre todo, impedir a ascensión da familia Godwin. Segundo a historiografía normanda, o

rei santo enviara unha embaixada a Normandía para recoñecer a Guillerme como herdeiro, ó tempo que facía que Harold lle xurase fidelidade ó novo rei. O compromiso reforzaríase cunha segunda promesa que o saxón lle fixera en persoa ó Conquistador durante unha estancia no continente.

A tendencia saxona ás monarquías electivas, unida ós lazos de parentesco que o unían á dinastía Wessex -polo demais, tan febles como os que podía aducir Guillerme- xustificaban a coroacion de Harold como rei de Inglaterra. Nas reclamacións sucesorias, ademais, había que ter en conta un terceiro personaxe: o noruegués Harald Hardrada, que reclamaba o trono en virtude dun acordo asinado entre Harthacnut, á sazón rei de Inglaterra e Dinamarca, e Magnus de Noruega, sobriño de Harald. Cando Harthacnut morreu sen descendencia, Magnus reclamara as súas posesións e, en vista do baleiro de poder creado trala morte de Eduardo, Harald retomou as reivindicacións. En 1066 partiu cunha flota rumbo ás costas inglesas, desembarcou en Northumbria e conquistou York. O 25 de setembro Harold Godwison, que xa fora coroado, presentoulle batalla en Stamford Bridge e derrotouno. Dous días despois producíase o desembarco de Guillerme. Harold marchou precipitadamente cara ó sur e o 14 de outubro encontrouse co exército normando en Hastings.

Ós cinco anos da morte de Harold, toda Inglaterra estaba baixo o control da nova dinastía. A pesar de que os territorios que acababa de conquistar triplicaban as súas posesións continentais, Guillerme seguiu sendo ante todo duque de Normandía. O seu primoxénito, Robert Corthouse, recibiu en herdanza o ducado, mentres que Guillerme II Rufus (1087-1100) obtivo a coroa de Inglaterra. Deste modo, a unidade política non volveu a ambas beiras da Canle da Mancha ata o reinado do terceiro fillo do Conquistador, Henrique I Beuclerc (1100-1135). Este accedeu ó trono tras Guillerme II, que faleceu sen descendencia directa. Sen embargo, as reclamacións de Robert atraeron ó seu bando a unha parte da nobreza inglesa, o que deu lugar a unha guerra fratricida na que o primoxénito levou a peor parte. A súa derrota na batalla de Tinchebrai (1106), celebrada en solo francés, permitiulle a Henrique reunificar as posesións de seu pai.

Precisamente o ascenso ó trono inglés da dinastía Plantagênet foi unha consecuencia das manobras de Henrique I para asegurar a súa posición no norte de Francia. Primeiro intentouno co casamento de Guillerme, seu fillo primoxénito, e a filla do conde de Anjou. Pero os seus proxectos frustráronse en 1120 coa morte de Guillerme no naufraxio da White Ship. Sete anos despois, Henrique restableceu a alianza matrimonial coa casa de Anjou. Esta vez foi súa filla Matilde, quen quedara viúva do seu primeiro esposo, o emperador Henrique V de Alemaña, a que contraeu nupcias con Geoffroi, fillo herdeiro do conde. Ó morrer o monarca inglés, unha parte da nobreza anglonormanda negouse a reco-

ñecer os dereitos de Matilde sobre a coroa inglesa, pois non desexaba que Geoffroi extendese á illa o poder anxevino, inimigo secular dos normandos. A situación foi aproveitada por Esteban de Blois -ou de Boulogne-, fillo do conde de Blois, chamado coma el Esteban, e dunha filla de Guillerme o Conquistador, de nome Adela. A súa ascendencia materna, polo tanto, convertíao en sobriño de Henrique Beauclerc. Só a audacia de se facer coroar con maior premura que os outros pretendentes ó trono lexitimaba a Esteban. O novo monarca nin sequera respectou o xuramento de fidelidade a Matilde, que lle obrigara a contraer o difunto Henrique.

Ademais de Matilde, había outro rival con dereitos máis sólidos para aspirar ó cetro inglés: William Clito, o fillo do primoxénito do Conquistador, Robert Corthouse. A morte do primoxénito de Henrique deixara a Clito como herdeiro directo ó trono. Para evitar o seu ascenso, o monarca chamou a súa filla Matilde e nomeouna a súa sucesora. Na disputa sucesoria, iniciada xa antes do pasamento de Henrique I, Clito obtivo o apoio de Luís VI de Francia, que pretendía deste modo debilitar a ameaza duns vasalos tan poderosos como eran os soberanos anglonormandos. A súa voda con Xoana, media irmá de Adelaida, raíña de Francia, e o seu recoñecemento en 1127 como conde de Flandres -gracias á súa condición de neto de Matilde de Flandres, muller de Guillerme I e filla do conde Balduíno V- foron outras tantas manobras tendentes a fortalecer a súa posición fronte ó monarca inglés. Un ano despois, a morte de Clito, o 27 de xullo de 1128, axudou a clarificar a cuestión sucesoria, pois se definiron dous bandos en conflicto: o da emperatriz Matilde e o de Esteban de Blois. Aínda que a desaparición de Clito non rematou co foco de desestabilización que supoñían os seus seguidores, desposuídos por Henrique das súas terras, as consecuencias en política exterior foron inmediatas, xa que veu trastocar os plans do monarca francés; este, temeroso dunha unión de Normandía e Anjou, apoiou a partir de entón a Esteban.

O reinado de Esteban, estivo marcado polas loitas e a anarquía. A pesar de que conseguiu afianzarse no trono e reinar durante dezanove anos, a súa posición sempre foi precaria, de tal xeito que a paz só se conseguiu un ano antes do seu falecemento. A herdeira lexítima, pola súa banda, asegurárase o socorro de sectores nada despreciables da nobreza, entre eles, o de seu medio irmán Robert, conde de Gloucester, que nun primeiro momento tomara partido polo rei. A morte, en 1151, de Geoffroi de Anjou, reduciu a disputa a un asunto entre Esteban e Matilde e favoreceu a posibilidade dun entendemento. Así, en 1153, ambos bandos chegaron a un acordo e asinaron o tratado de Winchester, segundo o cal Henrique, o fillo de Matilde, foi acollido como fillo adoptivo de Esteban e nomeado o seu herdeiro -Eustaquio, primoxénito de Esteban e o seu futuro sucesor, morrera en 1153-. En 1154, co pasamento do soberano, converteuse en

Henrique II. As súas posesións incluían Normandía e Inglaterra, por parte de súa nai, Anjou, por herdanza paterna, e Aquitania, polo seu matrimonio en 1153 coa duquesa Leonor[17].

A resistencia celta fronte a saxóns e normandos

Pola súa banda, a historia de Gales, dende que Roma renunciou ás súas posesións británicas ata finais do século XIII, pode considerarse un longo proceso de resistencia, primeiro contra os saxóns e, máis tarde, contra os normandos. A fin do período romano deu paso ó xurdimento de novas entidades políticas das que se descoñece en moitos aspectos a súa historia máis remota. Segundo parece, os primeiros reinos estiveron sometidos á influencia tanto dos celtas de Irlanda como dos *Gwyr y Gogledd*, os Homes do Norte, procedentes do reino de Goddodin, en Escocia. Así, por exemplo, Dyfet e Cederigion, no sudoeste e oeste do país, respectivamente, foron colonizados por irlandeses, en tanto que Gwynedd, no norte, sería fundado por Cunedda, un personaxe lendario procedente do septentrión.

A semellanza do que sucedeu na Inglaterra saxona, os anos da *Dark Ages* caracterizáronse polo xurdimento e a desaparición de sucesivos reinos máis ou menos fugaces, sometidos a continuas disputas cos seus viciños. Entre os séculos VI e VIII, sen embargo, é posible falar xa duhna serie de reinos consolidados. Xunto ós tres xa citados, Gwynedd, Dyfet e Ceredigion, pódense mencionar Morgannwg ou Glamorgan, ó sudeste, xurdido da unificación dos antigos reinos de Gwent, Erging e Glywysing, e que tomou o nome de Morgan ap Athrwys, que reinou a mediados do século VII. Así mesmo no sur encontrábanse Brycheiniog e Ystrad Tywi. Este segundo uniríase con Ceredigion para formar o reino de Seisyllwg. Por último, na rexión central, cara ó interior, destacaban Buellt, Gwrtheyrnion e Powys.

Especial atención merece este último reino, porque, segundo a tradición, un dos seus primeiros reis foi Vortigern (Gwrtheyrn), que ocuparía o trono aló polo século V, xusto despois da desaparición do poder romano e na mesma época en que comezaba a expansión saxona. Polo título que lle outorga Xildas -quen o denomina *superbus tyrannus*- pódese deducir que o seu poder sobrepasou ó dos demais monarcas británicos da época. De feito, a *Historia Brittonum* móstrao mandando sobre outros soberanos de menor entidade, como o Guoyrancgon ó que desposúe do reino de Kent. Dende a súa primeira aparición en *De excidio et*

[17] Bezzola, Les origines, 2ª parte, t. II, pp. 429-430; E. L. Woodward, *Historia de Inglaterra*, Alianza Editorial, Madrid, 1984 (1ª ed. 1974), pp. 40-41; R. H. C. Davies, *King Stephen*, Logman, Londres, 1990, pp. 1-11; Cingolani, "Filologia e miti storiografici", p. 823.

conquestu Britanniae a súa figura estivo adornada de aspectos negativos, xa que se lle fixo culpable de facilitar a chegada a Bretaña dos invasores saxóns, o que o converteu en figura especialmente infausta para a historiografía galesa[18].

A presión saxona comeza a facerse notar en Gales entre a segunda metade do século VI e comezos do VII. Dous fitos fundamentais marcan a expansión xermánica cara ó oeste. En 577 a batalla de Dyrham permítelles acadar as costas da Canle de Bristol e illar os cornualleses e galeses, en tanto que a derrota británica en Catterick (ca. 595) supuxo a fin dos reinos goidélicos do noroeste e a súa conquista por parte de Northumbria. Pouco despois do año 600 o reino inglés de Mercia ocupaba o val do Severn e arrebatáballe a Powys os seus territorios máis orientais. Un século máis tarde os ingleses iniciaron a construcción de parapetos que lles servisen para delimitar a fronteira entre Mercia e Gales. Primeiro, o dique de Wat, levantado por orde de Aethebald na primeira metade do século VIII, e, xa na segunda metade, o dique de Offa, que mandou erixir o rei saxón que lle deu nome.

A partir do século IX apréciase unha acentuada tendencia a unificar os reinos galeses, en parte propiciada polos frecuentes matrimonios entre curmáns das diferentes casas reais. A concentración de forzas resultante, qué dúbida cabe, serviu para ofrecer unha máis eficaz resistencia ó inimigo exterior. O primeiro en conseguilo será Rhodri ap Merfyn, quen, gracias ós lazos de parentesco que unían as diferentes dinastías, accedeu ó trono de Gwynedd en 844, ó de Powys en 855 e ó de Seisyllwg en 871. O seu reinado extendeuse ata o ano 877 e, en vista do seu poder, os cronistas posteriores déronlle o calificativo de Rhodri Mawr (Rhodri o Grande), a semellanza doutros dous contemporáneos seus, o franco Carlomagno e o saxón Alfredo de Wessex. Rhodri alentou o cultivo da literatura como medio de afianzar as súas aspiracións nacionais. Entre os froitos máis detacados deste impulso cóntanse as compilacións do *Libro de Aneurin* -onde se inclúe o poema titulado *Y Gododdin*-, e a que se coñece co nome de *Historia Brittonum*. Pero este pulo cultural sobrepasou o reinado do monarca de Gwynedd e prolongouse durante boa parte do século seguinte. Deste modo, en 930 compúxose *Armes Prydein Vawr*, o grande poema de afirmación nacional galesa. Polo demais, o interese de Rhodri dirixiuse tamén cara ás indagacións históricas acerca da Idade Heroica dos séculos V-VI, a través das cales buscaba afirmar a vinculación dos galeses cos *Gwyr y Gogledd*. Dentro desta tendencia

[18] H. M. Chadwick, "The End of Roman Britain", en H. M. Chadwick - N. K. Chadwick - K. Jackson - R. Bromwich - P. Hunter Blair e O. Chadwick, *Studies in Early British History*, Cambridge University Press, Cambridge, 1954, pp. 15-20 e "Vortigern", en *Ídem ibídem*, pp. 21-33; N. K. Chadwick, "A Note on the Name Vortigern", en *Ídem ibídem*, pp. 34-46.

incluiríase a figura de Myrddin -o futuro Merlín-, que aparece como profeta en *Armes Prydein* e que posiblemente sexa de orixe septentrional[19].

Despois da morte de Rhodri o reino volveu dividirse e os seus sucesores deberon acollerse á protección de Alfredo o Grande. Sen embargo, as alianzas matrimoniais permitiron anos máis tarde a reunificación de boa parte de Gales. Quen levou a iniciativa esta vez foi Hywel ap Cadell, coñecido como Hywell Dda (o Bo), neto de Rhodri Mawr e monarca de Seisyllwg. Ó morrer o seu cuñado Llywarch ap Hyfaidd, rei de Dyfet, unificou ámbolos dous reinos e constituiu, cara ó ano 904, o reino de Deheubarth. Arredor de 930 anexionouse Brycheiniog, xa que o soberano deste reino, Tewdwr ap Griffi, falecera sen descendencia, e, en 942, sumou ás súas posesións as doutro neto de Rhodri, Idwal ap Anarawd, que gobernaba sobre Gwynedd e Powys. Deste modo, excepto Morganwg, todo Gales encontrouse unido baixo unha soa coroa.

Hywel mantívose firme frónte ós seus inimigos -ingleses e escandinavos- gracias á diplomacia e a unha hábil política de contemporización. O seu reinado coincidiu cos dos sucesores de Alfredo o Grande, Eduardo I o Vello (899-925) e Aethelstan de Wessex (924-930), que procuraron exercer a súa hexemonía sobre toda Bretaña. A superioridade inglesa fíxose máis palpable durante o reinado de Aethelstan, que recoñeceu a Hywell como *subregulus* de Gales a cambio de impoñerlle unha verdadeira vasalaxe. A súa negativa a participar na alianza entre escoceses e escandinavos contra o monarca inglés, ademais de salvalo da derrota de Brunanburh (937), é expoñente da prudencia coa que o galés levaba os asuntos de política exterior.

Coa desaparición de Hywel Dda en 950, as súas posesións foron divididas en dous: o reino unido de Gwynedd e Powys e o de Deheubarth. O seu neto Maredudd ab Owain, rei de Deheubarth, reunificounos entre 986 e 999 e o mesmo faría, anos máis tarde, o neto de Maredudd, Gruffudd ap Llywelyn. Este monarca foi o primeiro en poñer baixo unha soa coroa a totalidade de Gales. En 1039 accedeu ó trono de Gwynedd e Powys, en 1055 conseguiu o de Deheubarth e pouco despois, arredor do ano 1057, derrocou ó soberano de Glamorgan, Cadwgan ap Meurig. O seu falecemento en 1063 puxo fin a esta efímera unión. Gruffudd aproveitou a debilidade interna do reino de Wessex para interferir nos asuntos ingleses e dirixir contra os seus adversarios varios ataques victoriosos.

[19] N. Chadwick, "Early Culture and Learning in North Wales", en N. K. Chadwick - K. Hughes - Ch. Brooke e K. Jackson, *Studies in the Early British Church*, Cambridge University Press, Cambridge, 1958, pp. 77-93; J. Davies, *A History of Wales*, p. 81; Hanning, *The Vision of History*, pp. 94-95 e 211, nota 16; D. N. Dumville, "Britany and *Armes Prydein Vawr*", en *Britons and Anglo-Saxon in the Early Middle Ages*, Variorum, Aldershot (Hampshire), 1993, pp. 145-158.

A sorte abandonouno en 1063, cando un contraataque dirixido por Harold Godwinson, daquela conde de Wessex, penetrou en Gales e derrotou e matou a Gruffudd. Trala victoria de Harold, Gales foi de novo desmembrado, esta vez en catro reinos: Deheubarth, Gwynedd-Powys, Glamorgan e Gwent-Gwynllwg.

As liortas entre as diferentes casas reinantes coincidiron co ascenso en Inglaterra da dinastía normanda. O máis probable é que Guillerme o Conquistador, ocupado como estaba na consolidación das súas novas posesións, non tivese en mente a conquista de Gales. Si que procuraría, en cambio, o sometemento de tan problemáticos viciños, ou cando menos, o seu control. Neste sentido influiría sobremaneira o recordo das incursións de Gruffudd ap Llywelyn, segundo permite deducir a liña de castelos que guarnecía a fronteira entre Inglaterra e o principado. Sexa como for, o control das terras fronteirizas quedou nas mans de nobres normandos, que non tardaron en mostrarse inusitadamente hostiles cara ós galeses. En 1086 conquistaron Gwent e boa parte de Powys. En 1088 ocuparon Brycheiniog e atacaron Deheubarth. O monarca deste segundo reino morreu en 1093, mentres combatía os invasores, e pouco despois os normandos ocuparon Ceredigion e Dyfet, onde ergueron os castelos de Cardigan e Pembroke. Ó mesmo tempo que caía Deheubarth facíao Glamorgan.

A contraofensiva galesa non tardou en producirse, en parte facilitada pola posición dos ocupantes, que era certamente precaria en moitas bisbarras, e en parte pola falta de apoios da coroa inglesa a unha empresa que era case en exclusiva iniciativa señorial. Os normandos foron expulsados do norte e o oeste do país, de tal modo que o seu dominio se reduciu á costa meridional -Glamorgan e o sur de Dyfet- e zonas do interior, en Brycheiniog e Powys. É neste intre cando xorde a distinción entre *Pura Wallia*, territorio controlado polas dinastías nativas, e *Marchia Wallia*, sometida á influencia e dominación normandas. Entre tanto, na zona controlada polos galeses, Gruffudd ap Cynan consolidou a súa posición como soberano de Gwynedd, aínda que non puido evitar que Powys pasase ós dominios de Cadwgan ap Bleddyn, quen recuperou parte do reino de Deheubarth.

Dende este momento, as alternativas de poder que se producisen en Gales ían depender en boa medida dos vaivéns da política inglesa[20]. Así, os períodos de estabilidade en Inglaterra supoñían unha presión máis intensa sobre os territorios libres do poder normando, mentres que nos momentos de inestabilidade

[20] W. Davies, "Property rights and property claims in Welsh *Vitae* of the eleventh century", en *Hagiographie, cultures et sociétés, IV^e - XII^e siècles. Actes du Colloque organisé à Nanterre et à Paris (2 - 5 mai 1979)*, Études Augustiniennes, París, 1981, p. 516; R. R. Davies, *The Age of Conquest*, pp. 46-55.

os reis galeses recuperaban a iniciativa. Esta situación comezou a manifestarse coa subida ó trono de Henrique Beauclerc, quen se propuxo consolidar o control da coroa sobre os baróns da fronteira. A diferencia destes, o rei inglés, como pretenderan outros predecesores seus, arrogábase a soberanía sobre todo Gales, de aí que se involucrase directamente na política galesa. Así, ademais de recurtar o poder dos baróns da marca occidental, ocupou Ceredigion no ano 1100. En cambio, os anos de anarquía que seguiron á súa morte en 1135 permitiron a reorganización galesa.

A guerra civil entre Esteban e Matilde foi aproveitada tanto polo rei de Gwynedd Owain ap Gruffudd -tamén coñecido como Owain Gwynedd-, fillo de Gruffudd ap Cynan e membro da casa de Aberffraw, como polo rei de Deheubarth, Rhys ap Gruffud, pertencente á casa de Dinefwr. Owain incluso utilizou o título de *princeps Wallensius*, o que reflectiría as súas pretensións de ser recoñecido como príncipe de todo Gales. Sen embargo, tanto el como Rhys víronse na obriga de renderlle homenaxe a Henrique II Plantagênet. A morte de Owain en 1170 e a de Rhys en 1197 supuxeron, unha vez máis, a aparición de loitas intestinas entre os seus descendentes, a división dos seus reinos e o afianzamento das posesións inglesas, esta vez personificadas en Xoán I sen Terra, fillo de Henrique II.

O último monarca capaz de ofrecerlle certa resistencia ó poder inglés foi Llywelyn ap Owain, tamén coñecido como Llywelyn o Grande, rei de Gwynedd dende 1200. As disputas internas en Inglaterra durante o reinado de Xoán I, así como a debilidade manifesta do seu sucesor, Henrique III, ofrecéronlle a oportunidade para extender os dominios do seu reino, someter a vasalaxe ós demais príncipes e combater con éxito os exércitos ingleses que pretendían a súa suxección. A súa morte en 1240 devolveulle unha vez máis a iniciativa a Inglaterra. Henrique III impúxolle as súas condicións ó novo monarca de Gwynedd, Dafydd ap Llywelyn, e de nada serviu que anos máis tarde o sucesor de Dafydd, Llywelyn ap Gruffud, se aliase con Simon de Monfort contra Henrique. En canto este dobregou o seu vasalo rebelde, Llywelyn veuse na obriga de se someter a Henrique por medio do tratado de Montgomery (1267).

As condicións pactadas en Montgomery eran, con todo, bastante favorables a Llywelyn. Conservaba boa parte das súas conquistas, o que deixaba baixo o seu poder a case totalidade de *Pura Walia*, recibiría a homenaxe dos demais señores e reis galeses e recoñeceríaselle o dereito a chamarse Príncipe de Gales. A cambio, estaba obrigado a prestar homenaxe a Henrique e a pagar un tributo anual de vintecinco mil marcos. A sólida situación de Llywelyn comezou a se socavar a medida que se deterioraba a súa relación co novo monarca inglés, Eduardo I. O galés negouse a recoñecer a soberanía do novo rei sobre os seus

dominios e Eduardo declarou non válido o acordo de 1267. En 1277 un exército inglés invadía o principado, conseguía o sometemento de tódolos señores galeses e penetraba en Gwynedd. Llywelyn veuse forzado a pactar en condicións moito menos favorables que dez anos antes. O tratado de Aberconwy reducía os seus dominios á parte máis occidental do seu reino -Gwynedd Uwch Conwy-, se ben conseguiu manter o título honorífico de Príncipe de Gales.

Despois de 1277 Gales quedou *de facto* en poder da coroa inglesa. As duras condicións impostas na paz de Aberconwy deixaban ós señores galeses unha marxe de manobra mínima e permitíanlle exercer a Eduardo un control asfixiante, disposto como estaba a impedir o rexurdimento dun poder forte na zona. A ocasión de someter definitivamente o país apareceu coa revolta de 1282-1283. Iniciada nas terras do noreste, entre os seus promotores encontrábase Dafyd ap Gruffudd, irmán de Llywelyn e señor de Hope, en Powys Fadog, e dos *cantrefi* de Dyffryn Clwyd e Rhufoniog, en Gwynedd Is Conwy. Llywelyn só se involucrou unha vez que o levantamento se extendera a todo o principado. A victoria galesa en Menai Straits (6 de novembro de 1282) non foi suficiente para impedir a reacción de Eduardo. Llywelyn morrreu cinco días despois nun combate xunto ó río Irfon e Dafydd corría a mesma sorte un ano máis tarde (outubro de 1283). En 1284 Eduardo celebraba a súa victoria coa convocatoria en Nefyn dunha asemblea a imitación das que celebraba o rei Artur, Mesa Redonda incluída. Novas revoltas habían de se producir na irredenta Gales, algunha mesmo antes de rematar o século XIII, pero dende 1284 a sumisión á coroa inglesa era xa irreversible.

A formación da Inglaterra anglonormanda

Que a historia das illas cambiou como consecuencia da batalla de Hastings, resulta a todas luces unha obviedade. Pero xa non o é tanto sopesar algunhas das secuelas que trouxo a nova orde. Unha delas foi a apertura das vías de comunicación entre a cultura insular e a continental máis cercana, isto é, a francesa. A partir do asentamento dos romanizados normandos, o latín deixou de ser o único medio de expresión común entre unha e outra beiras da Canle da Mancha e o francés coñeceu o florecer das linguas vernáculas mentres servía de vehiculo de expresión cultural tanto en Inglaterra como en Francia[21]. A pesar da imposición

[21] De tal maneira que Barlow fala da Inglaterra normanda coma unha ponte cultural entre as dúas grandes culturas europeas, a románica e a xermánica (F. Barlow, "William I and the Norman Conquest", en *The Norman Conquest and Beyond*, The Wimbledon Press, Londres, 1983). A enorme importancia que a chegada normanda tivo sobre o inglés compróbase no feito de que o ano 1066 é a fronteira convencional entre o *Old* e o *Middle English* (A. Baugh e T. Cable, *A History of the English Language*, Routledge & Kegan Paul, Londres, 1976 (1ª ed. 1935), pp.

dun novo idioma, o *Brut* de Layamon demostra que a literatura en inglés mantiña unha respectable vitalidade, ata o punto de demandar a traducción de obras que foran escritas en francés e aínda antes en latín. En efecto, a obra de Layamon, que se compuxo entre 1189 e 1199 durante o reinado de Ricardo I, fillo de Henrique II Plantagênet, non é senón a traducción da *Historia* de Monmouth, realizada a partir dunha versión intermedia en francés, o *Roman de Brut* de Robert Wace. Sen embargo, é innegable que o francés ocupaba un posto privilexiado na corte normanda. Ata tal punto chegou o desprazamento do inglés dos círculos áulicos, que durante tres séculos, ata a Guerra dos Cen Anos, ningún monarca inglés foi quen de falalo con fluidez[22]. Loxicamente, esta situación lingüística favoreceu o paso ás linguas románicas dunha materia literaria que, como a artúrica, era por definición británica, así como a súa posterior expansión continental[23].

O paradigma desta situación de ponte cultural represéntao Wace, o escritor normando que acabamos de mencionar, quen en 1155 rematara o labor de verter ó francés a *Historia Regum Britanniae*. Wace pertencía ós círculos áulicos da dinastía anxenvina e a súa pluma estaba ó servicio destes monarcas. Non en van, segundo o testemuño de Layamon, o *Brut* de Wace foille presentado a Leonor, muller de Henrique II[24]. Outra das súas obras, o *Roman de Rou*, posuía, se cabe, un maior valor propagandístico, pois relata a historia de Rollon, o escandinavo que, asentado no norte de Francia cara ó ano 911, fundou o ducado de Normandía. Neste caso é posible que esteamos ante un encargo persoal do rei, sen duda afagado polo *Brut*. Sen embargo, e aínda que se sabe que Wace come-

27-49 e 150-188; T. Pyles e J. Alged, *The Origins and Development of the English Language*, Brace and I. Harcourt, 1982, 3ª ed. (1ª ed. 1964), pp. 136-139; B. Strang, *A History of English*, Methuen, Londres / Nova York, 1986 (1ª ed. 1970), pp. 215-219 e 84; A. Williams, *The English and the Norman Conquest*, Boydell & Brewer, Woodbridge (Suffolk), 1997 (1ª ed. 1995), pp. 211-219).

[22] J. Davies, *A History of Wales*, Peguin Books, Londres, 1994 (1ª ed. 1990), p. 103.

[23] Non estará de máis lembrar as dúas teorías que se postulan para a difusión da materia bretona polo continente. A tese continental sostén que os *conteors* da Bretaña armoricana, moitos deles bilingües, actuaron como intermediarios entre a literatura producida en Gran Bretaña e as cortes señoriais francesas, en tanto que a teoría insular defende un intercambio cultural directo entre ambas beiras da Canle, gracias ó papel desenvolvido polos anglonormandos. Para este aspecto véxase, sobre todo, R. S. Loomis, "The Oral Diffusion of the Arthurian Legand", en Loomis, *Arthurian Literature in the Middle Ages*, pp. 52-63; J. Marx, *La légende arthurienne et le graal*, P.U.F., París, 1952 pp. 53-62 e *Nouvelles recherches sur la littérature arthurienne*, Klinsieck, París, 1965, pp. 10, 31-32 e 77-85).

[24] A pesar desta circunstancia, o poema non conserva dedicatoria (Tatlock, *The Legendary History of Britain*, pp. 503 e 530; Ch. Foulon, "Wace", en Loomis, *Arthurian Literature in the Middle Ages*, pp. 94-95).

zara o seu labor arredor de 1160, en 1174 o monarca encargoulle a súa conclusión a un tal Maistre Beneeit[25].

Pero as consecuencias políticas, como foi a desaparición do réxime anglosaxón, resultaron máis evidente ós ollos dos contemporáneos. Os paralelos coa caída que cinco siglos antes protagonizara a Bretaña celta eran obvios a todas luces. Deste modo, a decadencia duns réximes e a implantación doutros novos dotados de maior vitalidade reafirmou a visión da Historia coma un proceso cíclico no que toda civilización protagonizaba unha etapa de ascenso, á que seguían outras de esplendor, declive e desaparición[26]. A pesar de que hoxe en día se discute a utilización interesada por parte da monarquía normanda da materia artúrica[27], é incuestionable que o período saxón quedou coma unha especie de paréntese dentro das tres épocas en que se pode descompoñer a historia medieval das Illas. Igualmente evidentes eran as coincidencias entre bretóns e normandos, xa que ambos pobos estaban establecidos ás dúas beiras da Canle e, de feito, os bretóns armoricanas, herdeiros da grandeza dos seus irmáns insulares, axudaron a Guillerme o Conquistador na ocupación de Inglaterra[28].

Por contra, a postura a longo prazo dos novos ocupantes mostrouse, unha vez sometido o reino saxón, máis en consonancia con este pobo que cuns celtas en permanente hostilidade. Ben é verdade que os primeiros anos de dominio tiveron o carácter de ocupación militar, que a nobreza anglosaxona foi decimada e humillada, despoxada como quedou de todo tipo de poder e prebendas[29]. Igualmente, a cultura inglesa, que chegara a ser florecente, ficou moi quebrantada. Con todo, se algo caracterizaba ós emigrantes de orixe escandinava -e esta é unha particularidade que se corrobora ó analizar a evolución doutros asentamentos, coma os do sur de Italia-, era a súa ductilidade, é dicir, a facilidade que tiñan para perder a súa identidade e adaptarse ó novo medio. Xa os duques de Normandía, antes de que se cumprise un século da súa chegada a Neustria, perderan a conciencia de seren nórdicos e denominábanse a si mesmos, non nor-

[25] R. Wace, *Le Roman de Rou*, ed. de A. J. Holden, S.A.T.F., París, 1970-1973, 3 vols. Vid. Foulon, "Wace", p. 95.

[26] R. W. Hanning, *The Vision of History in Early Britain from Gildas to Geoffrey of Monmouth*, Columbia University Press, Nova York, 1966, p. 126.

[27] S. M. Cingolani, "Filologia e miti storiografici: Enrico II, la corte plantageneta e la letteratura", *Studi Medievali*, 3ª serie, XXXII, fasc. ii, (1991), pp. 815-832.

[28] Zumthor, *Merlin le prophète. Un thème de la littérature polémique de l'historiographie et des romans*, Slatkine, Xenebra, 1973, p. 23; E. K. Chambers, *Arthur of Britain*, Speculum Historiale / Barnes & Noble, Cambridge / Nova York, 1964 (1ª ed. 1927), p. 110; F. Stenton, *Anglo-Saxon England*, Oxford University Press, Oxford, 1989 (1º ed. 1943), p. 585.

[29] Barlow, "William I", pp. 133-136.

mandos, senón franceses[30]. A identificación coa terra que acababan de conquistar sairía á luz no momento mesmo da batalla de Hastings. Segundo o testemuño de William de Malmesbury, á arenga de Guillerme ás súas tropas, seguiulle o recitado da *Chanson de Roland*[31] como medio para enardecer os combatentes. Incluso en plena contenda oiríase, xunto ó berro de guerra normando, o francés *Montjoie*. Maior identificación co pasado lendario e heroico francés é imposible. Esta tendencia condenábaos, máis tarde ou máis cedo, a recuperar e asimilar a cultura á que acababan de suplantar en Inglaterra.

Mesmo a postura que distingue, segundo a actitude dos monarcas normandos, unha fase inicial de represión e unha posterior predisposición á integración de ámbalas dúas culturas, pode revelarse, a pouco que se indaga, excesivamente simplista. A. Williams[32], por exemplo, relativiza a idea dunha sublevación inglesa co propósito de devolver o poder á desposuída dinastía Wessex. A revolta, que prendeu con especial forza no norte do país -especialmente en Northumbria, onde exercía o seu poder a casa de Bamburgh-, serviu para que os magnates do norte retomasen vellas reivindicacións, que xa se manifestaran nos tempos anteriores ó cambio de réxime e que obrigaran ós soberanos saxóns a recoñecer boa parte dos privilexios daqueles condados. As singularidades daquela rexión derivaban do seu pasado escandinavo, que o mantivera á marxe do poder saxón centralizado en Londres, pois non en van, estiveran incluídas na zona do Danelaw. Así mesmo, a peculiar posición da Inglaterra septentrional reflectíase tanto no propio tecido social, onde saxóns, daneses e celtas compoñían un mapa humano de grande complexidade, como no ámbito legal, onde o código emanado da dominación escandinava mantiña o seu vigor e acentuaba a súa singularidade.

En vista do anterior, non é estraño que Edgar de Wessex se vese na obriga de aceptar o réxime especial de tales rexións e que, medio século despois,

---

[30] Bezzola, *Les origines*, 2ª parte, t. II, pp. 319-392; Barlow, "William I", pp. 136-137.

[31] «Tunc cantilena Rollandi inchoata, ut martium viri exemplum pugnaturos accenderet, inclamatoque Dei auxilio, praelium consertum, bellatumque acriter, neutris in multam diei horam cedentibus.» (*Willelmi Malmesbiriensis Monachi De Gestis Regum Anglorum*, libro III, cap. 242, ed. de W. Stubbs, en *Rerum Britannicarum Medii Aevi Scriptores*, Rolls Series, London, 1889, t. II, pp. 302-303; «Entonaron entón a canción de Roldán, para que o exemplo de homes belicosos acendese os que ían loitar; e, tras encomendarse a Deus, os dous bandos trabaron ardentemente o combate e a batalla, sen que cedese ningún dos dous en boa parte do día»). A importancia dos normandos na recepción e transmisión da *Chanson de Roland* ten un claro expoñente na versión de Oxford, transcrita por Turoldus, nombre que, polo demais, delata a pertenza do escriba ó devandito pobo.

[32] Williams, *The English and the Norman*, pp. 24-44.

Eduardo o Confesor optase por manter as prerrogativas, en vista da resistencia dos nativos a perder as súas peculiaridades legais. A chegada dun novo poder, descoñecedor dos devanditos privilexios, provocou a resposta case inmediata. Que a influencia danesa non foi allea ás reivindicacións que enfrontaron a estes territorios coa monarquía normanda quedou en evidencia na revolta de 1068-1070, durante a que os sublevados recibiron a colaboración dos reis nórdicos. De feito, as reclamacións dos daneses sobre territorio británico, especialmente sobre o antigo reino dinamarqués de York, mantivéronse ata que, en 1193, Cnut VI cedeulle os seus dereitos ó monarca francés Filipe Augusto.

Fronte a todo isto, o intento dos fillos de Harold por restablecer a liña real saxona fracasou pola total falta de apoios dentro da illa; de tal maneira que o seu desembarco na costa de Devon -é dicir, no oeste de Inglaterra, onde a revolta tamén se manifestaba con forza-, se saldou cunha incursión de saqueo e unha obrigada volta ás súas bases irlandesas[33]. A situación de irreversibilidade provocada pola victoria normanda en Hastings viuse corroborada pola falta de rebelións prosaxonas cun mínimo de respaldo social. Ós poucos anos, a volta á situación anterior a 1066 era impensable, en boa medida porque non existía unha forza coa solidez suficiente como para intentar unha restauración. Só unha parte da aristocracia, a que se puxo do lado de Harold, podería ter mantido viva a insurxencia, e xusto esta foi a que máis decimada resultou coa chegada normanda.

O resultado máis permanente da revolta inglesa, segundo Williams[34], foi o endurecemento da postura de Guillerme o Conquistador. Se antes dos sucesos de 1068 se perciben indicios dunha posible síntese anglonormanda, a semellanza da que se producira entre saxóns e daneses en tempos do rei Cnut, unha vez sufocado o levantamento obsérvase, por primeira vez, a aplicación dunha política de represión e de substitución sistemática de saxóns por normandos. A nova actitude contrasta coa postura que seguira á batalla de Hastings, segundo a cal, só eran desposuídos aqueles nobres e altos cargos que se decantaran polo partido do derrotado Harold.

A pesar destes contratempos, o proceso de anglización[35] dos normandos comeza a apreciarse moi pronto. Segundo sinala Barlow, xa en 1067, continxentes ingleses se integraran no exército que Guillerme I organizou para defender os seus territorios en Francia[36]. Sen embargo esta circunstancia só serve para

[33] Barlow, "The Effects", p. 157; Williams, *The English and the Norman*, p. 35.

[34] Williams, *The English and the Norman*, p. 44.

[35] Expresión utilizada por S. M. Cingolani, "Filologia e miti storiografici", p. 830.

[36] Barlow, "The Effects", p. 174.

amosar que á hora de establecer lazos de fidelidade cunha monarquía eran máis importantes os compromisos persoais derivados da relación feudal entre un vasalo e o seu señor que un posible criterio racial. Máis interesante para o caso que nos ocupa resulta outra circunstancia. Durante a guerra entre Robert Curthose, primoxénito do Conquistador e duque de Normandía, e o seu irmán Guillerme II Rufus, rei de Inglaterra, os termos "normando" e "francés" reservaronse para designar os partidarios do duque, mentres que "inglés" se aplicou ós defensores do monarca inglés, con independencia da súa orixe[37].

Pero o xesto máis rechamante produciuse durante o reinado de Henrique I Beauclerc. Este monarca casou con Eadgyth (Edith), filla do rei de Escocia Malcolm III (1058-1093) e de Margarita, descendiente da dinastía Wessex e sobriña neta de Eduardo o Confesor. Tal matrimonio reflectía o desexo do soberano de unir na súa descendencia os compoñentes saxón e normando e, indirectamente, apuntaba a idea de que, baixo o seu punto de vista, tanto normandos como saxóns eran súbditos de igual consideración. Polo demáis, resulta a todas luces obvio que as nupcias, que tiveron un marcado carácter político, constituían un eficaz medio de lexitimación, xa que unía as casas reais inglesa e normanda[38]. Hai que ter en conta que, nun plano máis concreto, á marxe de toda manobra dinástica, o matrimonio dun normando cunha herdeira saxona se converteu nun costume moi extendido nos anos seguintes á conquista, pois para os novos ocupantes era a mellor maneira de lexitimar a posesión de terras[39]. Sen embargo, a inclusión de sangue saxón na liña dinástica normanda non foi do agrado de tódolos súbditos de orixe nórdica de Henrique. Efectivamente, estes, en sinal de desprecio, alcumaron á parella real cos nomes xermánicos de Godric e Godgifu. Nun intento de contrarrestar esta corrente de animadversión, o monarca fixo que Edith adoptase o nome francés de Maud (Matilde).

En fin, un segundo aspecto non menos revelador dos intentos de fundar unha monarquía verdadeiramente anglonormanda é a continuidade que Henrique procurou establecer entre a súa figura e a de Eduardo o Confesor, o rei santo por antonomasia dos saxóns. A Eduardo atribuíanselle dons taumatúrxicos, pero non como consecuencia das súas cualidades espirituais, senón pola súa condición de rei. Hai que ter en conta que os pobos xermánicos concibían a realeza como un estatuto case divino, razón pola cal consideraban lóxico que un monarca se vese adornado con este tipo de dons. É o que sucedía, por exemplo, cos soberanos

[37] G. H. Gerould, "King Arthur and Politics", *Speculum*, II (1927), p. 42.

[38] Williams, *The English and the Norman*, pp. 200-201.

[39] Woodward, *Historia de Inglaterra*, pp. 39-40 e 293, nota 3; Bezzola, *Les* origines, 2ªparte, t. II, p. 419.

francos e, posteriormente, cos seus sucesores carolinxios e capetos, ós que se lles atribuía o don de curar a escrófula. En 1124 William de Malmesbury expoñía perfectamente a situación. Eduardo curaba «non ex sanctitate, sed ex regalis prosapiae hereditate»[40]. Non deixa de ser significativo que o proceso de santificación se iniciase coa dinastía normanda xa consolidada no trono de Inglaterra, durante o período comprendido entre os anos 1085 e 1117. O máis significativo a este respecto é que, ademais de impulsar a canonización deste monarca, labor retomado por Esteban I, Henrique Beauclerc se arrogou as mesmas cualidades taumatúrxicas que adornaban ó seu antecesor saxón, con especial insistencia no don divino de curar a escrófula[41].

A distinción normando - inglés perdeu definitivamente todo sentido durante o período anxevino[42]. Así, o proceso de asimilación acentuose a partir da chegada ó trono de Henrique II, quen promoveu, non xa a identificación cuns posibles antergos bretóns, senón a asimilación do pasado saxón en aras dunha memoria nacional común. É máis, a resistencia anglosaxona apagárase cara a 1071, é dicir, só cinco anos despois da batalla de Hastings[43]. A partir de entón, á falta de contestación xermánica uniuse outro factor que ía favorecer a asimilación da bagaxe político-cultural anterior a 1066 por parte dos conquistadores. A diferencia doutras conquistas escandinavas, a de Inglaterra estaba fundamentada en argumentos que pretendían mostrar o dereito lexítimo que asistía a Guillerme I como herdeiro de Eduardo o Confesor e que vían ó saxón Harold como un simple usurpador. Polo tanto, a actitude que asumiu a monarquía normanda fronte ós nativos insulares mostrouse continuadora da que adoptaran os reis saxóns. Isto traduciuse nunha política expansionista, que presionou sobre galeses e escoceses ata conseguir o seu sometemento. Como puidemos comprobar máis arriba, a conquista de Gales non se produciu ata finais do século XIII baixo o reinado de Eduardo, aínda que os primeiros ataques contra o principado remontan ós anos que seguiron a Hastings. Pola súa banda, a unión con Escocia chegou doce anos despois, en 1296, e a ocupación de Irlanda tivo lugar a comezos do século XIII, se ben os primeiros plans de invasión da illa remotan ó reinado de Guillerme I. Neste caso, como sucedera nun primeiro momento en Gales, a

---

40 *Gesta regum Anglorum*, II, cap. 222, p. 273.

41 Gerolud, "King Arthur", pp. 43-44; Barlow, "The Effects", p. 179. Para a taumaturxia dos reis saxóns e normandos, vid. M. Bloch, *Les rois thaumaturges. Étude sur le caractère surnaturel atribuée à la puissance royale particulièrement en France et en Angleterre*, Librairie Istra / Oxford University Press, Estrasburgo / París / Oxford, 1929, pp. 41-86; F. Barlow, "The Holy Crown: Medieval Kingship", en *The Norman Conquest and Beyond*, pp. 1-10.

42 Barlow, "The Effects", p. 158.

43 Barlow, "William I", pp. 131-132.

empresa non partiu da coroa, senón que foi unha iniciativa señorial[44]. Esta tendencia cara ó control de todo o arquipélago habería que vela, segundo Barlow[45], non coma parte da loita entre saxóns e normandos, senón coma unha continuación da política agresiva dos saxóns cara ós bretóns.

A propaganda anxevina e o retorno de Artur

Este cúmulo de circunstancias incide sobre a materia que tratamos de dúas maneiras. Primeiro, tende a relativizar o labor propagandístico que terían emprendido os soberanos normandos e anxevinos para xustificar a súa irrupción en Inglaterra. Por unha parte, a escasa resistencia saxona reduciría as urxencias á hora de coordinar unha campaña de propaganda, posto que practicamente non existía contestación. Por outra, os dereitos adquiridos por medio da herdanza do Confesor eran un reclamo á vez suficientemente poderoso e próximo como para non ter que recorrer a antergos que, coma os bretóns, se remontaban, cando menos, a cincocentos anos atrás. A consolidación desta situación produciríase con Henrique II Plantagênet, á súa vez "conquistador" do trono inglés e fundador da monarquía anxevina. No seu caso, a adquisición da supremacía ante outros pretendentes foi así mesmo rápida e minimizou a necesidade de despregar unha campaña propagandística. Incluso, cando nalgún momento se valeu dese medio de lexitimación, os aspectos sobre os que insistiu foron os lazos familiares que o unían co seu abó Henrique I, é dicir, cos seus ascendentes anglonormandos, en detrimento dos seus antergos anxevinos. Por último, e como dixemos máis arriba, a súa política orientouse máis cara á creación dunha conciencia nacional que incluíse o compoñente saxón, con vistas a insertarse na liña sucesoria do trono de Inglaterra, da que se pretendía último descendente[46].

O segundo factor a ter en conta sería a escasa identificación dos normandos cos celtas. Se nun primeiro momento a caída saxona puido alentar as esperanzas nativas, moi pronto toda perspectiva favorable veuse abaixo. A continuidade na política agresiva dos conquistadores respecto ó poder que viñan substituír demostrase ó comprobar a celeridade coa que se produciron os primeiros choques cos bretóns. A vaga normanda chega a Gales en 1070, é dicir, ós catro anos do desembarco e cando aínda se están producindo insurreccións en territorio inglés. Probablemente, e como xa apuntamos máis arriba, nun principio a intención normanda se dirixiría, máis que a anexión do principado, cara á protección de Inglaterra. Sen embargo, no hai que esquecer que a aspiración a uni-

[44] Chambers, *Arthur of Britain*, p. 26; Tatlock, *The Legendary History*, p. 310.

[45] Barlow, "William I", p. 131.

[46] Cingolani, "Filologia e miti storiografici", pp. 824 e 827.

ficar tódolos reinos de Gran Bretaña estaba presente dende os tempos en que comezaron a xurdir reinos saxóns con capacidade para sobrepoñerse ós seus viciños e influír na política de toda a illa. Basta con recordar a significación do título de *Bretwalda*, así como a pretensión de Oswiu de Northumbria de ser recoñecido como *rex ex tota Britannia*. Sexa como for, ós poucos anos do desembarco normando, máis da metade do principado estaba nas súas mans e manifestárase dabondo o seu desexo de conquista. O que veñen demostrar as guerras contra os galeses é que o *espoir breton*, se é que renaceu a consecuencia de Hastings, tivo pouco tempo de vida. De feito, xa arredor de 1094, xusto nos anos en que se xesta a rebelión galesa, Rhigyfarch, bispo da diócese galesa de Saint David e autor da *Vita Sancti Dewi*, compuxo a súa *Lamentación* pola destrucción que os conquistadores estaban a producir en Gales[47].

Todo o anterior explica que nin na documentación nin na historiografía producidas en Inglaterra ata o reinado de Henrique II se aduzan uns posibles dereitos emanados do pobo bretón. Máis ben pode sacarse a conclusión contraria, é dicir, que as manobras do Plantagênet se dirixiron a desmontar as esperanzas que os pobos celtas, os únicos que, logo da súa entronización, podían inquedarlles os seus dominios insulares, tiñan postas no regreso de Artur. Tal é, por exemplo, o que, segundo Cingolani[48], se deduce da lectura do *Draco Normannicus*, poema que Étienne de Rouen compuxo ca. 1160 co propósito de exaltar a figura de Henrique II. Nunha sección da citada obra, o monarca anxevino mantén unha correspondencia co rei Artur, na que o ton dun e doutro interlocutor, máis que familiaridade, trasluce unha rivalidade evidente. O propósito de Étienne sería presentar Henrique coma un novo Artur, pero non por compartir unha ascendencia común -e, polo tanto, uns mesmos dereitos sobre a terra británica-, circunstancia esta que en ningún momento se menciona. O *Draco*, polo contrario, relaciona a Henrique e Artur mostrando ó anxevino como herdeiro e detentador da

---

[47] Rhigyfarch compuxo a súa *Lamentación* entre 1093, data do ataque normando, e 1099, ano da súa morte. A data máis probable tal vez sexa 1094. A súa outra grande obra, a *Vita Sancti Dewi* -ou *Vida de San David*- é a primeira vida de santo da literatura galesa e serviulle de modelo a toda a haxiografía posterior do principado. Con ela pretendeu proporcionarlles un santo ós seus compatriotas, unha advocación baixo a que se puidesen amparar, así como salvagardar a independencia da Igrexa galesa das pretensións expansionistas de Canterbury. Para esto último buscou o apoio de Guillerme O Conquistador, que pouco antes peregrinara ó templo de San David. A datación da *Vita* sitúase, así mesmo, nos derradeiros anos da súa vida (N. K. Chadwick, "Intellectual Life in West Wales in the Last Days of the Celtic Church", en N. K. Chadwick - K. Hughes - C. Brooke e K. Jackson, *Studies in the Early British Church*, pp. 169-176; R. R. Davies, *The Age of Conquest*, pp. 88; W. Davies, "Properties rights", p. 518).

[48] Cingolani, "Filologia e miti storiografici", pp. 824-825.

grandeza, que, supoñíase, acadara o mítico rei celta. De feito, o intercambio epistolar non remata coa aquiescencia ou a beizón do bretón ó inglés, senón coa victoria, aínda que só fose dialéctica, do segundo sobre o primeiro[49].

Polo demais, o motivo da disputa que ambos monarcas protagonizan no poema de Étienne non ten nada que ver cos dereitos sobre o trono de Inglaterra, senón que afectan á política anxevina na Bretaña armoricana. A intervención normanda nos asuntos armoricanos remonta ó reinado de Guillerme o Conquistador, quen casou unha filla súa, de nome Constanza, co duque Alain IV Fergent. Xa no século XII, Geoffroi, conde de Anjou e irmán de Henrique II, iniciou unha serie de reivindicacións sobre o ducado, daquela gobernado por Conan IV, que se materializaron na ocupación de Nantes. Á morte de Geoffroi en 1158, Henrique, convertido xa en conde de Anjou, intensificou a presión sobre os bretóns. En 1166 esixiu o recoñecemento vasalático e a man de Constanza, filla de Conan, que casaría co seu fillo Geoffroi. A resistencia armoricana prolongouse ata 1181, data en que Conan aceptou os termos propostos por Henrique e accedeu a que as vodas se celebrasen. De resultas, Conan veuse na obriga de abdicar en favor do fillo de Henrique, aínda que, ó ser menor de idade, as súas posesións foron parar en realidade ó soberano inglés.

Como se pode apreciar, o *Draco* foi composto ó tempo que as reclamacións do Plantagênet cerraban o cerco sobre o ducado de Bretaña. Do matrimonio entre Geoffroi e Constanza naceu un fillo, que non por casualidade se chamou Artur. Segundo parece, os bretóns continentais esperaban o retorno mesiánico do rei Artur, de aí o nome que recibiu o neto do rei inglés. A desgracia había de se ensañar con este vástago da dinastía anxevina en quen parecían confluír tódolos soños de gloria da súa liñaxe, pois foi asasinado en 1203 por orde de Xoán sen Terra[50].

Unha intención máis clara de botar por terra a esperanza bretona trasluciríase no achado da pretendida tumba de Artur e Xenebra en Glastonbury no año 1191; sempre e cando, claro está, que a coroa tomase parte na artimaña e esta non fose urdida só polos monxes da abadía. De todas formas, e á vista do beneficiosa que para ambas partes -Igrexa e monarquía- resultou a manobra, é perfectamente factible considerar a posibilidade de que detrás do descubrimento estivese a figura de Henrique II, quen morrera moi pouco antes[51].

---

[49] Chambers, *Arthur of Britain*, pp. 110-113.

[50] Torrres Asensio, *La "Materia de Bretaña"*, p. 24.

[51] W. A. Nitze, "The Exhumation of King Arthur at Glastonbury", *Speculum*, XI (1934), p. 356; *Le Haut Livre du Graal. Perlesvaus*, (ed. de W. Nitze), Phaeton Press, Nova York, 1972, t. II,

Por enriba destas circunstancias, a identificación da abadía coa mítica illa de Avalón, onde segundo a tradición Artur convalecía das súas feridas, foi cuestión de tempo e incluiríase nun proceso de racionalización que, ademais de pechar o camiño ás ensoñacións bretonas, buscaba eliminar todo o compoñente sobrenatural da lenda artúrica[52]. O proceso comezara moito antes, segundo reflicten as falsas etimoloxías de Glastonbury, topónimo que se facía derivar do bretón Ynys Gutrin, en latín Insula Vitrea; é dicir, a Illa de Vidro do Alén celta, concepto este representado pola illa de Avalón. Esta derivación aparece recollida, por exemplo, na *Vita Gildae* que Caradoc de Llancarfan compuxo a inicios do século XII.

O certo é que a tendencia xeral das crónicas compostas na segunda metade do XII e comezos do XIII será a de equiparar ambas paraxes, relacionándoas, ademais, co lugar onde repousaban os restos de Artur. De modo paralelo, entre 1190 e 1200, os *romans* artúricos incorporaban a crenza, segundo a cal a abadía estaba emprazada sobre a mítica illa. Por esas datas o *Joseph d'Arimathie* de Robert de Boron aludía a *les vaus d'Avaron* (ou *Avalon*) coma o lugar onde se estableceron Xosé de Arimatea, evanxelizador de Gran Bretaña, e os seus discípulos ó termo da súa peregrinación cara a occidente, tradición esta que tamén se aplicaba á famosa abadía[53].

Polo demais, o achado de 1191 permitiu desmontar a expectativa no retorno mesiánico de Artur. O mítico monarca deixaba de ser unha esperanza de redención nacional para se converter nun simple home de carne e óso, de tal modo que os seus restos certificaban a caída sen remedio da Bretaña celta. Ademais, dende o momento en que a súa figura foi asimilada pola cultura inglesa, para os galeses acentuou as diferencias entre ser bretón e ser galés[54]. De feito, e tal e como comprobaremos ó analizar a obra de Geoffrey de Monmouth, a asunción por parte dos ingleses do pasado británico non implicaba necesariamente a inclusión de Gales. Este último aspecto, sen embargo, apunta xa cara a un terceiro obxectivo: o de integrar o pasado remoto celta como parte da nova nación, última etapa na construcción dunha memoria histórica colectiva.

pp. 59-61; Chambers, *Arthur of Britain*, pp. 112-127; R. Barber, *King Arthur in Legend and History*, Cardinal, Londres, 1973 (1ª ed. 1961), pp. 57-67.

[52] Para as diferentes crónicas que, a partir do século XII, identifican Avalón e Glastonbury como lugar onde repousaba Artur, vid. Nizte, *Perlesvaus*, t. II, pp. 62-72. Polo que respecta ás relacións da lenda artúrica e Glastonbury, vid. G. Ashe, *King Arthur's Avalon. The Story of Glastonbury*, Londres, 1973 (1ª ed. 1973).

[53] Robert de Boron, *Le roman de l'Estoire dou Graal*, ed. de W. Nitze, C. F. M. A., París, 1927, p. 109, vv. 3123-3126 e p. 112, vv. 3219-3221.

[54] J. Davies, *A History of Wales*, p. 133.

Explícase así a exhumación dos restos de Artur precisamente en Glastonbury, mosteiro protexido pola coroa, do que se chegou a dicir que intentara converterse no equivalente inglés do que Saint-Denis era para a dinastía capeta, é dicir, en panteón real e quintaesencia de espiritualidade patriótica[55].

A vinculación da famosa abadía coa coroa inglesa remonta ó período saxón, cando gozara da protección dos monarcas da casa Wessex, especialmente, durante o século X, do rei Edgar. Varios soberanos saxóns recibiron sepultura na denominada Igrexa Vella da abadía, constituíndo, deste modo, unha especie de panteón real. As súas pretensións, entre as que figuraba a de ser considerada a igrexa máis antiga de Inglaterra, favoreceron, xa por entón, a creación de lendas sobre unhas supostas orixes antiquísimas, así como a invención de reliquias e documentos que acreditasen tales reclamacións. A decadencia de Glastonbury comezou na primeira metade do século XI, debido a unha desacertada xestión por parte dos seus abades, e acentuouse nos anos que seguiron á conquista normanda. Á enaxenación de gran parte das súas posesións houbo que sumar as presións do bispado de Wells, que puxeron en serio perigo a independencia da abadía. Cando en 1126 Henry de Blois tomou posesión do seu cargo como abade, non encontrou senón ruínas. O labor de Henry encamiñouse cara á recuperación do esplendor perdido, así como a facer fronte á disputa iniciada coa sé de Wells. A mellor maneira de refacer o prestixio da casa de relixión foi, unha vez máis, o florecemento de historias lendarias, acompañado da exhumación de reliquias e a composición de documentos, vidas de santos e crónicas que outorgasen credibilidade a ditas fabulacións.

Neste marco insértanse a composición da *Vita Gildae* de Caradoc de Llancarfan ou *De Antiquitate Glastoniensis ecclesiae* de William de Malmesbury, pero tamén podería incluírse o descubrimento dos corpos de Artur e Xenebra. Non en van, Glastonbury mantiña estreitas relacións con Gales, pois posuíra terras en Glamorgan e recibira protección de varios príncipes galeses. Ademais, segundo as tradicións cultivadas na propia abadía, xunto ós restos do galés San Xildas, no mosteiro custodiábase o corpo de San Dewi, o santo patrono da Igrexa de Gales. Non é de estrañar, polo tanto, que en 1191 se sumase ó panteón rexio a tumba de Artur. Nin sequera importaba que Glastonbury fose un establecemento inglés, xa que a súa relación co sur do Principado lle daba certo ascendente sobre os territorios nos que florecía a lenda artúrica. Así, a conxunción de elementos celtas, saxóns e normandos na historia da abadía convertíaa

[55] F. Lot, "Glastonbury et Avalon", *Romania*, XXVII (1898), p. 544; Faral, *La légende arthurienne*, t. II, p. 402-409; Marx, *La légende arthurienne*, pp. 299-315; *Nouvelles recherches*, pp. 19-21 e 40; G. Ashe, *King Arthur's Avalon. The Story of Glastonbury*, Glasgow, 1990, *passim*; Torres Asensio, *La "materia de Bretaña"*, pp. 672-684.

en paradigma da asimilación do pasado da illa por parte da monarquía establecida en Londres.

O resultado da estrataxema de 1191 resultou a longo prazo eficaz e a identificación da materia bretona por parte dos ingleses é un paradoxo que non podían nin sospeitar os creadores da argucia e, menos aínda, os que magnificaran a Artur para satisfacer as súas arelas frustradas de independencia[56]. As probas da implicación da monarquía son moi temperás e documéntanse arredor do ano 1200. Así, o cronista real Giraldus Cambrensis racionaliza a lenda de Avalón, lugar este que sitúa en Glastonbury, ó tempo que humaniza a Artur e a Morgana:

> «A que agora chaman Glastonia, os antigos denominábana illa de Avalón. En realidade é como unha illa toda rodeada por paúis, polo que en bretón denomínase Inis Avallon, é dicir, illa abondosa en froitos. Pois, a verdade, o devandito lugar era daquela rico en froitos, que en lingua bretona se chaman *aval*. De alí era Morgana, nobre dama, señora e protectora daquelas terras, e parente de sangue do rei Artur; esta, despois da batalla de Kemelen, levou consigo a Artur, para sanase das súas feridas, á illa que agora se chama Glastonia. Noutrora tamén se chamara en bretón Inis Gutrin, isto é, illa de Vidro; de este vocábulo os saxóns, que chegaron máis tarde, nombraban aquel lugar Glastingeburi. Pois *glas* na súa lingua significa vidro e *buri* fortaleza, cidade»[57].

A pasaxe amosa á perfección a unión dos pasados bretón e saxón, considerados coma un todo e ó servicio dunha realidade nacional inglesa, neste caso, a abadía de Glastonbury e as súas tumbas reais. No terreo da literatura, a asimilación sería máis doada gracias ó desembarco da materia bretona no continente e ó afastamento de Francia respecto á realidade insular. A perda de perspectiva que

---

[56] Para a asimilación de Artur ó pasado nacional inglés, vid. R. S. Loomis, "Edward I, Arthurian Enthusiast", *Speculum*, XXVIII (1953), pp. 126-127; Chambers, *Arthur of Britain*, pp. 127-132.

[57] «Quae nunc autem Glastonia dicitur, antiquitus insula Avallonis dicebatur. Est enim quasi insula tota paludibus obsita, unde dicta est Britanice Inis Avallon, id est, insula pomifera. Pomis enim, quae aval Britannica lingua dicuntur, locus ille quondam abundabat. Unde et Morganis, nobilis matrona et partium illarum dominatrix atque patrona, necnon et Arthuro regi sanguine propinqua, post bellum de Kemelem Arthurum ad sanandum ejusdem vulnera in insulam quae nunc Glastonia dicitur deportavit. Dicta quoque quondam Britannice Inis Gutrin fuerat, hoc est, insula vitrea; ex quo vocabulo supervenientes postea saxones locum illum Glastingeburi vocitabant. Glas enim lingua eorum vitrum sonat, et buri castrum, civitas appellatur» (G. Cambrensis, *Liber de Principis instructione*. Distinctio I, cap. 20, en J. S. Brewer - J. F. Dimock e G. F. Warner (eds.), *Giraldi Cambrensis Opera*, Rolls Series, Londres, 1861-91, vol. III, p. 128).

a literatura artúrica sufriu en terras de *oil*, percíbese xa no *Lancelot en prose*, onde Merlín, o profeta do *espoir breton*, se converteu en portavoz dos ingleses:

> «... e todo foi establecido nos tempos de Merlín, o profeta dos ingleses, que soubo toda a sabencia que dos diabos se pode obter»[58].

E máis adiante, o *Tristan en prose* mostra como esta terxiversación se perpetuaba a mediados do século XIII:

> «Certo é que a Táboa Redonda foi moito máis marabillosa do que se podería pensar ou contar e non houbo marabilla da que Merlín, o sabio profeta dos ingleses, non fose a orixe ou a profetizase...»[59].

Historia e historiografía no século XII inglés: celtas, saxóns e normandos

Sexa como for, a eclosión da materia bretona só puido ter lugar baixo o dominio da dinastía normanda pola sinxela razón de que a exaltación do pobo celta, que está na base da citada literatura, era impensable mentres os saxóns estivesen no poder. Para corroborar esta afirmación abonda con observar a escasa relevancia que os nativos insulares teñen na historiografía do período xermánico. É máis, o baleiro que se extende entre a obra de Beda o Venerable (672-735), escrita a comezos do século VIII, e a *Historia Brittonum*, composta douscentos anos máis tarde, é un argumento de peso suficiente para comprobar as penurias propagandísticas británicas frónte ó poder establecido. Esta sensación acentúase se analizamos a natureza e os móbiles de cada un dos fitos que delimitan a citada paréntese.

O termo *a quo* constitúeno os libros de carácter historiográfico de Beda, isto é, as crónicas *Liber de Temporibus* (703), *De Temporum Ratione* (725) e a *Historia ecclesiastica gentis Anglorum* (731 ou 732). Nun sentido estricto, a *Historia* é a única obra historiográfica, pois o carácter das dúas primeiras é máis ben esexético, aínda que con elementos propios da historiografía[60]. Tal vez por esta razón, estes dous libros conceden moi escasa atención ó período celta da

---

[58] «... et tout fu establi au tans Merlin le prophete as Englois qui sot toute la sapience qui des dyables puet deschendre» (*Lancelot, roman en prose du XIII^e siècle*, ed. de A. Micha, Droz, Xenebra, 1978-1983, t. VII, cap. VIa, i, p. 38).

[59] «Verités fu que la Table Reonde fu assés plus merveilleuse que on ne porroit penser ne dire, ne il n'i ot nule merveille dont Merlins, li sages prophetes des Anglois, en fust commenchemens et prophetisans...» (*Tristan en prose*, ed. de G. Roussineau, Droz, Xenebra, t. III, 1991, cap. 272, p. 293).

[60] P. H. Blair, "The Historical Writings of Bede", en *La storiografia altomedievale. Settimane di Studio del Centro Italiano di Studi sull'Alto Medioevo. 10 - 16 aprile 1969*, XVII, Panetto & Petrelli, Spoletto, 1970, p. 198; J. Campbell, "Bede I", en J. Campbell, *Essays in Anglo-Saxon*

historia insular. Sen embargo, o terceiro, a *Historia*, mostra unha pintura que, máis que desfavorable, é hostil e deixa ben clara a ascendencia xermánica do Venerable[61]. En efecto, o que en *De excidio et conquestu Britanniae* de Xildas, a súa principal fonte, eran laios e admonicións pola impiedade e o vicio que se apoderaran dos seus compatriotas, na *Historia ecclesiastica* convertéronse nun ataque ensañado contra a dexeneración e os crimes bretóns.

A acusación máis grave de todas é, por paradoxal que poida parecer, a que xustifica o paganismo dos invasores a costa da indolencia e a falta de celo evanxélico dos nativos. Hai que ter en conta que, baixo o punto de vista de Beda, a conversión ó cristianismo é, polo seu carácter exemplificador, o acontecemento máis importante do pasado do pobo saxón, máis incluso que a propia invasión de Gran Bretaña. De feito a *Historia ecclesiastica* pode moi ben considerarse a historia da conversión dun pobo pagán, mellor que a crónica duns avatares políticos. Pois ben, os seus compatriotas neste aspecto non só non recibiron axuda dos bretóns, senón que ademais estes eran un exemplo negativo. As Igrexas celtas -especialmente a galesa- merecen as maiores condenas de Beda, tanto por non aceptar o camiño marcado dende Roma, como pola difusión que entre elas tivo a herexía pelaxianista[62].

A interpretación de Xildas, segundo a cal a perda da illa de Bretaña por parte dos celtas fora manifestación dun castigo de Deus ante a dexeneración deste pobo, adquire así unha lectura novidosa. Con todo, apréciase un cambio de talante entre o bretón Xildas e o saxón Beda, que se condensa no propósito de cada unha das súas respectivas obras. *De excidio* pretende ser unha denuncia dirixida ós propios celtas, unha chamada de atención ás súas conciencias para que, ó recapacitar polo desastrado destino que Deus lles reservou, rectifiquen os seus costumes. Sen embargo, a *Historia ecclesiastica* proponse, non denunciar a dexeneración bretona, senón presentar o saxón como o novo pobo elixido por Deus; claro que esta exaltación se realiza a costa da nación conquistada. Xildas séntese sentimentalmente atado ó pasado romano e mesmo é posible que, aínda que de orixe celta, se considerase cidadán do Imperio. Para el Roma, en tanto que pobo civilizador, é o modelo de conducta, oposto á tendencia innata dos británicos a dexe-

History, Claredon Press, Londres / Ronceverte, 1986, pp. 1-2. Para o labor de Beda coma historiador, vid. A. H. Thompson, *Bede, his Life, Times and Writings*, Clarendon Press, Oxford, 1935; C. W. Jones, "Bede as Early Medieval Historian", *Medievalia et Humanistica*, IV (1986), pp. 26-36; A. Gransden, *Historical Writing in England c. 550 to c. 1307*, Routledge & Kegan Paul, Londres, 1974, pp. 15-16).

[61] Vid., en sentido contrario, as observacións de Faral, que pondera a súa imparcialidade, ó tempo que xustifica a súa postura (Faral, *La légende arthurienne*, t. I, pp. 41 e 50-53).

[62] Blair, "The Historical Writings", pp. 199, 201 e 211-212.

nerar e deixarse arrastrar polos vicios e a barbarie[63]. Beda en cambio, non utiliza un pobo estraño como referente, xa que aplica unha visión providencialista á conquista e ó asentamento xermanos en Gran Bretaña. Incluso, cando ataca ós saxóns, sempre hai algún aspecto que matiza a dureza dos seus xuízos. Unhas veces é a condición pagá -responsabilidade, como acabamos de ver, que fai recaer sobre os bretóns- e que os saxóns non tardarán en superar. Noutras ocasións os errros atribúense ós monarcas, de tal maneira que non se ve menoscabada a condición de pobo predestinado que adxudica ós seus compatriotas, especie de novo Israel que tería Bretaña por terra prometida[64].

En canto á *Historia Brittonum*, a súa composición é un mecanismo de defensa, que só se comprende no marco do rexurdimento nacional celta que presenciou o norte de Gales no século IX. Nesta zona, e dende o abandono da illa por parte de Roma, o liderazgo cultural exercérao a Igrexa. O poder eclesiástico propúxose preservar as tradicións nacionais, entre elas, claro está, as peculiaridades do cristianismo celta, fronte á uniformización con respecto á ortodoxia romana, que representaban os saxóns. A citada época foi moi fecunda dende o punto de vista cultural, con contactos dos galeses cos irlandeses e armoricanos, pero tamén, como demostran as victorias de Rhodri Mawr sobre os xermánicos, dende o punto de vista político. É neste contexto cando se promove, entre outros medios de afirmación nacional, a indagación nas orixes do pobo bretón, combinada coa creación de epónimos, así como a formulación da esperanza bretona. Dentro da obra que consideramos, o primeiro recurso deu orixe á ascendencia troiana dos celtas insulares e á derivación do nome da illa a partir do do seu mítico colonizador, Bruto. Polo que respecta ó *espoir*, reflíctese na historia de Vortigern e Ambrosio, que culmina co combate dos dous dragóns subterráneos, simbolos da victoria británica e da expulsión saxona[65]. Ambrosio explica nestos termos o final da opresión xermánica:

> «Velaí que me foi revelado este misterio e eu volo explicarei. A tenda é a imaxe do teu reino; os dous vermes son dous dragóns; o verme vermello é o teu dragón e o lago é a imaxe deste mundo. Sen embargo, o branco é o dragón da nación que ocupou os pobos e a meirande parte das rexións de Bretaña e que case a dominará dun mar a outro. Pero o noso pobo rexurdirá despois e valentemente botará os anglos ó mar»[66].

---

[63] Faral, *La légende arthurienne*, t. I, pp. 34-35; Hanning, *The Vision of History*, p. 45 e 52.

[64] Faral, *La légende arthurienne*, t. I, pp. 51-52; Hanning, *The Vision of History*, p. 70.

[65] *Historia Britonum*, en Faral, *La légende arthurienne*, t. III, caps. 40-42, pp. 30-33.

[66] «En revelatum est mihi hoc mysterium, et ego vobis propalabo. Regni tui figura tentorium est; duo vermes duo dracones sunt; vermis rufus draco tuus est; et stagnum figura hujus mundi est.

De todas formas, a orixe da esperanza bretona antecede no tempo a este rexurdir nacional galés, pois xa aparece expresada en *De excidio et conquestu*. Neste caso, Xildas cifraba a dominación bretona en trescentos anos, ós que habería que engadirlles outros cento cincuenta de devastación:

> «Daquela apareceu unha manda de cans dende a guarida da bárbara leona entres cyulis, segundo se di na súa lingua, e que na nosa son naves de guerra. Con veas favorables e cos auspicios e agoiros foilles vaticinado por medio dun seguro presaxio que habitarían trescentos anos na terra á que dirixían as proas e que cento cincuenta máis, é dicir, metade do tempo, a devastarían repetidamente...»[67].

O termo do seu cumprimento, segundo se pode apreciar, coincide coa época en que a *Historia Brittonum* reformulaba o motivo do *espoir breton*. Agora ben, cabe a posibilidade, apuntada por Faral[68], de que a profecía atribuída a Xildas fose posterior á composición da *Historia*. Segundo a súa interpretación, a pasaxe de *De excidio* sería unha interpolación levada a cabo na época en que a dinastía danesa de Cnut o Grande accedeu ó trono de Inglaterra. Esta hipótese fundaméntase en dúas probas: por unha parte, as similitudes entre os prazos dados pola profecía atribuída a Xildas e a cronoloxía da dominación escandinava dende os seus primeiros asentamentos; e por outra, a evidencia textual de que ningún dos manuscritos que conteñen o vaticinio remonta máis aló do século XI. Deste modo, reafirmaríase a novidade da mensaxe mesiánica contida na *Historia*. Dun modo ou doutro, e independentemente da datación exacta da pasaxe en cuestión, a esperanza na recuperación nacional celta non atopa un medio de expresión adecuado senón a partir do século IX, tal e como demostra a composición de *Armes Prydein Vawr*.

Das obras consideradas, polo tanto, dúas delas -*De excidio* e a *Historia ecclesiastica*- ratifican a situación adversa, dende o punto de vista historiográfico, con que se enfrotaban os bretóns. O único intento de compoñer unha crónica segundo a visión nativa constituíuno esa obra de exaltación nacional que é a

---

At ille albus draco illius gentis, quae occupavit gentes et regiones plurimas in Brittannia, et paene a mari usque ad mare tenebunt, et postea gens nostra surget, et gentem Anglorum trans mare viriliter dejiciet» (*Historia Brittonum*, cap. 42, p. 32)

[67] «Tum erumpens grex catulorum de cubidi leaenae barbarae, tribus, ut lingua eius exprimitur, cyulis, nostra longis navibus, secundis velis omine angurüsque, quibus vaticinabatur, certo apud eum praesagio, quod ter centum annis patrian, cui proras librabat, insideret, centum vero quinquaginta, hoc est dimidio temporis, saepius vastaret» (Gildas, *The Ruin of Britain and other documents*, ed. e trad. de M. Winterbottom, en J. Morris (ed.), *History from the Sources*, vol. 7, Phillimore, Chichester, 1978, cap. 23, p. 97).

[68] Faral, *La légende arthurienne*, t. I, p. 17, n. 2.

Historia Brittonum, elaborada nunha situación periférica que é fiel reflexo da posición en que se encontraba este pobo respecto á hexemonía saxona. A súa recepción non debeu de ser nunca o suficientemente ampla como para alterar as opinións formadas a partir das condenas de Xildas e Beda. De feito, a persistencia desta visión negativa do pobo británico perpetúase alomenos ata os tempos da monarquía anglonormanda, pois segundo o testemuño de William de Malmesbury, o historiador máis importante do século XII inglés, os bretóns eran coñecidos como pobo gracias a Xildas, autor dos lamentos e reproches que estaban na orixe dunha celebridade ben triste: «Gildas... cui Britanni debent si quid notitiae inter ceteras gentes habent»[69]. Sen embargo, e a pesar da verbas de Malmesbury, a difusión de *De excidio* foi bastante limitada e boa parte da influencia de Xildas levouse a cabo a través da visión, hostil respecto ós británicos, de Beda o Venerable[70].

A imaxe desfavorable que a historiografía transmitía dos bretóns resultaba aínda máis elocuente se temos presente o despegue cultural que contemplou a Inglaterra saxona. E é que o século IX foi tamén fecundo para os xermanos establecidos en Gran Bretaña, pois eses anos presencian o chamado "renacemento anglosaxón", auspiciado pola personalidade de Alfredo o Grande. O despertar das letras inglesas baixo a iniciativa do citado monarca, se ben non se pode equiparar co que presenciou o Sacro Imperio baixo o mandado de Carlomagno -a quen o rei de Wessex pretendía emular-, si que superou todo impulso cultural que con anterioridade se desenvolvese na illa. Incluso ó que, un século antes, se producira en Northumbria, arredor de centros como York ou o mosteiro de Jarrow. Neste último, e dentro do devandito movemento civilizador, encádrase a personalidade de Beda[71].

A obra de Alfredo pretendía, entre os seus obxectivos, dotar a tódalas persoas cunha educación, sequera fose elemental, para o que creou unha escola palatina e promoveu a traducción de obras ó anglosaxón. Esta última disposi-

---

[69] *Gesta regum Anglorum*, I, cap. 20, p. 24.

[70] R. William Leckie, *The Passage of Dominion: Geoffrey of Monmouth and the Periodization of Insular History in the Twelfth Century*, University of Toronto Press, Toronto/Londrés1981, p. 16.

[71] Stenton, *Anglo-Saxon England*, pp. 269-276; Gransden, *Historical Writing*, pp. 33-34; C. Orcástegui e E. Sarasa, *La Historia en la Edad Media*, Cátedra, Madrid, 1991, p 99-101; Ch. N. L. Brooke, *The Saxon and Norman Kings*, Barnes & Noble, Nova York, 1963, pp. 126-129 "Historical Writing in England Between 850 and 1150", en *Settimane di Studio del Centro di Studi sull'Alto Medioevo. La storiografia altomedievale. 10 - 16 aprile 1969*, Panetto & Petrelli, Spoletto, 1970, pp. 224-225. Para o "renacemento de Northumbria" e o seu lugar no desenvolvemento da cultura e a literatura inglesas, vid. Stenton, *Anglo-Saxon England*, pp. 177-200.

ción, claro está, incluía un compoñente de exaltación política e cultural do poder xermano, desexoso de rivalizar coas monarquías continentais. Neste marco, incentivouse a producción literaria máis variada, entre a que se inclúe, por suposto, a historiografía. A grande obra que, neste campo, legou o renacemento anglosaxón á posteridade foi a *Crónica anglosaxona*, redactada na súa versión máis antiga arredor do ano 891.

De todas formas, á hora de falar deste desenvolvemento cultural, fanse precisas algunhas puntualizacións. Así por exemplo, a ambición de Alfredo parece que sobrepasaba a capacidade dos seus súbditos, xa que tivo que recorrer a estranxeiros para levar a cabo os seus proxectos: John de Saxonia, Grimbald da Galia, e mesmo o galés Asser. De feito, non deixa de ser curioso que a producción historiográfica saxona, dende os tempos de Alfredo ata a conquista normanda, sexa obra, na súa case totalidade, de estranxeiros. Asser compuxo a *Vida do rei Alfredo*, mentres que as vidas de Cnut o Grande e Eduardo o Confesor, así como o *Encomium Emme,* saíron das plumas de escritores flamencos hoxe descoñecidos. A excepción é a *Crónica* que, a finais do século X, escribiu Aethelweard[72]. Ademais, a pesar do esforzo que en conxunto supuxo o reinado de Alfredo, a producción historiográfica saxona produce unha impresión de grande escasez e pobreza. Excepción feita das obras citadas e do labor de Beda, pouco máis poden aducir neste campo as letras saxonas. A sensación de penuria compartíana os historiadores anglonormandos, de aí que, dunha maneira ou doutra, todos eles sentisen a necesidade de encher os amplos baleiros de historia nacional que non foran cubertos durante os séculos de predominio xermano[73].

O conflicto entre saxóns e normandos na historiografía da época

O panorama que se acaba de trazar, polo tanto, revela, durante o período de dominación xermana, as dificultades dunha posible historiografía bretona, así como o peso que exerceu a tradición de Xildas, habilmente aproveitada pola cultura saxona para os seus propios fins. Pero é que trala batalla de Hastings non se produciu unha recuperación do pasado celta de maneira deliberada e promovida pola nova monarquía normanda. Antes ó contrario, na suplantación dos invasores de noutrora pola última vaga de conquistadores, os pobos celtas só percibiron a continuación dunha hostilidade secular que mesmo se volveu máis opresi-

[72] Stenton, *Anglo-Saxon England*, p. 461; Orcástegui e Sarasa, *La Historia*, p. 101; Brooke, "Historical Writings in England", pp. 225-226 e 237-238; A. Grandsen, *Historical writing*, p. 42; J. Campbell, "Some Twelfth-Century Views of the Anglo-Saxon Past", en Campbell, *Essays in Anglo-Saxon History*, pp. 216-217.

[73] Campbell, "Some Twelfth-Century Views", pp. 215-217.

va. Habería que esperar a Geoffrey de Monmouth para que se escribise unha crónica encomiástica dos bretóns.

Agora ben, tamén os propósitos do historiador galés, ó compoñer unha obra desas características, merecen algunha consideración. A opinión máis común tende a realzar o compoñente bretón de Monmouth e o ton eloxioso da súa *Historia Regum Britanniae*. Deste talante infírese que o obxectivo da crónica era a exaltación dos celtas e o alento en aras da recuperación da independencia nacional[74]. Non obstante, estas conclusións, ás que se pode chegar perfectamente a partir da lectura do libro, perden a súa rotundidade cando se inserta a citada obra no contexto político-cultural da época.

O século XII contempla en Inglaterra un florecemento da historiografía, non só no que á cantidade de obras se refire, senón tamén na renovación dos modos de escritura e na superación dos modelos tradicionais, que consagrara o maxisterio de Beda. O de Jarrow contemplábase como autor de coñecemento obrigado e mestre insuperable da verdade histórica, fronte ó cal os cronistas da época víanse inferiores. Como paradoxal resultado destas consideracións, a *Historia ecclesiastica* non foi imitada de maneira directa ata que se traspasou o ano 1100 e os novos historiadores se sentiron émulos capaces do monxe de Northumbria. O primero deles que se viu quen de igualarse con Beda foi William de Malmesbury[75], tal vez o mellor historiador inglés da época e paradigma da renovación nos modos do facer historiográfico. Cos novos tempos abandónase, ou alomenos relégase a un segundo plano, a idea da Historia como proceso gobernado pola vontade divina. Fronte á Providencia, o destino, a fortuna ou a simple vontade humana, gañan terreo e convértense nas novas forzas motrices que guían a vida dos homes e dos pobos[76]. A finalidade destes escritos deixa de ser, de maneira exclusiva, a instrucción e dase cabida a outros móbiles, entre eles o *delectare*. A habilidade literaria que despregan os escritores deste período permite, relacionada co anterior, a variedade de rexistros -por exemplo, o estilo directo e os diálogos-, o cal volve

---

[74] A postura contraria, é dicir, a composición da *Historia* como un medio de exaltar os monarcas normandos, foi defendida, entre outros, por J. M. Bruce, *The Evolution of Arthurian Romance from the Beginnings down to the Year 1300*, Peter Smith, Glocester (Mass.), 1958, t. I, p. 23 e Gerould, "King Arthur", pp. 38-39. Algunhas puntualizacións ás teses de Gerould en W. A. Nitze, "Geoffrey of Monmouth's King Arthur", *Speculum*, II (1927), pp. 317-321. Nykrog limítase a observar que os normandos aproveitaron no seu favor a figura de Artur (P. Nykrog, "The Rise of Literary Fiction", en Benson - Constable e Lanham, *Renaissance and Renewal*, p. 595).

[75] Brooke, "Historical Writings in England", pp. 223-224; Williams, *The English and the Norman*, p. 135.

[76] Hanning, *The Vision of History*, pp. 125-126.

sumamente fráxil a liña que afasta a realidade da ficción. Neste sentido, Monmouth insértase nas correntes literarias da súa época[77].

No florecemento inglés, qué dúbida cabe, as convulsións políticas desempeñaron un papel igual de importante que a renovación cultural do século XII. Non por casualidade, Classen sinala tres grandes acontecementos que impulsan o cultivo da historiografía na Europa daquela época: as cruzadas, o xurdimento do *comune* en Italia e a fundación do estado anglonormando[78]. Pero sería erróneo pensar que o cultivo do xénero historiográfico en Inglaterra se debe só á promoción interesada por parte da monarquía. Ás obxeccións que Cingolani aducía para o reinado de Henrique Plantagênet pódenselles engadir outras apreciacións. Así, Bezzola fala dunha historiografía oficial para Guillerme o Conquistador, entre a que inclúe a Guillaume de Jumièges, autor da *Historia Normannorum*, a Guillaume de Poitiers, que escribiu as *Gesta Willelmi Conquistoris*, a Gui d'Amiens, quen compuxo o *Carmen de Hastingae proelio*, e ó autor anónimo do poema *De rege Willelmo*[79]. En cambio, os seus sucesores, Guillerme II Rufus e Henrique I Beauclerc non se preocuparon por promover unha empresa similar á do seu pai[80]. É dicir, a dinastía normanda, en liñas xerais, non mantivo un esforzo propagandístico continuado, se exceptuamos os anos que seguiron a 1066.

Neste caso, os motivos eran excepcionais e estaban máis que xustificados, xa que cumpría reforzar a lexitimidade do Conquistador. Se a clave da sucesión radicaba no posible perxurio cometido polo pretendente da dinastía Wessex, os cronistas pronormandos porán o acento nas circunstancias que arrodearon a estancia deste en Normandía. É por iso, por exemplo, polo que Jumièges e Guillaume de Poitiers deixaban ben claro que a viaxe de Harold fora unha iniciativa de Eduardo o Confesor para que o saxón xurase fidelidade a Guillerme. Da mesma maneira, os historiadores saxóns daban a súa visión particular dos acontecementos e, ou ben ignoraban a estancia continental de Harold ou ben presentábana coma un intento para recuperar a membros da súa familia, que o normando tiña en calidade de reféns. O primeiro é o que fai a reelaboración da *Crónica anglosaxona* datada a

---

[77] Brooke, "Historical Writings", pp. 243-247 e "Geoffrey of Monmouth as a Historian", en C. N. L. Brooke - D. E. Luscombe - G. H. Martin e D. Owen, *Church and Government in the Middle Ages. Essays Presented to C. R. Cheney on His 70th Birthday*, Cambrige University Press, Cambrigde, 1976, p. 78; V. I. J. Flint, "The *Historia Regum Britanniae* of Geoffrey of Monmouth: parody and Its Purpose. A Suggestion", *Speculum*, LIV (1979), 448-449; Campbell, "Some Twelfth-Century Views", pp. 211-212.

[78] P. Classen, "*Res Gestae*, Universal History, Apocalipse. Visions of Past and Future", en Benson - Constable e Lanham, *Renaissance and Renewal*, pp. 387-388.

[79] Bezzola, *Les origines*, 2ª parte, t. II, pp. 398-400.

[80] *Ibíd.*, pp. 409- 416.

finais do século XI, en tanto que o segundo correspóndese coa a versión que ofrece Eadmer de Canterbury na súa *Historia novorum*[81].

Tampouco hai que esquecer a peculiar posición de John de Worcester, quen mantiña viva a historiografía anglosaxona aínda baixo o reinado de Henrique I. Este autor retomou o labor cronístico que levara a cabo San Wulfstan e na primera metade do século XII completou o *Chronicon ex chroniquis*, elaborado polo bispo de Worcester, cos feitos posteriores á conquista. Agora ben, Harold erixírase no grande benefactor da casa de relixión á que pertencían San Wulsftan e John, de aí que os textos alí redactados transmitan unha imaxe especialmente favorable do derradeiro rei xermánico[82]. Deste modo, John non só omite calquera referencia á viaxe de Harold a Normandía, senón que se desfai en eloxios ó monarca derrotado e, unha vez que se produciu a caída do réxime saxón, reduce ó máximo as noticias acerca da nova dinastía. En cambio, si que se recrea na insurrección do fillo primoxénito de Guillerme, Robert Corthouse[83].

A pesar do panorama que acabamos de trazar, Brooke[84] relativiza a distinción neta entre unha historiografía de talante pronormanda e outra prosaxona. Así por exemplo, a descrición que dos eventos do ano 1066 realiza o tapiz de Bayeux non deixa de ser ambigua, aínda cando dito tapiz foi elaborado a instancias de Odo, bispo de Bayeux e medio irmán do Conquistador. Polo contrario, a *Historia Novorum*, a pesar do que comentabamos máis arriba, non está exenta de ecuanimidade. Ben é certo que a impresión que transmite tal obra é a de que sinte a caída da monarquía saxona, da mesma maneira que o seu autor deplora a discriminación que, baixo o novo réxime, sufrían os saxóns. Pero esto non é óbice para que considere a Harold un perxuro que non respectou o acatamento que lle fixera a Guillerme[85].

O talante dos historiadores de mediados do século XII é ben diferente. A pesar de que, segundo se desprende das anteriores consideracións, a imparcialidade absoluta é practicamente imposible, os testemuños dos historiadores máis importantes da época reflicten, por un lado, o orgullo que sinten pola súa patria e, por outro, a mágoa ante a postergación á que os conquistadores someteran ós saxóns. Mais por enriba de calquera consideración, e sen que isto implique a pretensión de lexitimar

[81] Brooke, "Historical Writings", p. 239.

[82] Williams, *The English and the Norman*, pp. 168-169.

[83] Bezzola, *Les origines*, 2ª parte, t. II, p. 417, quen atribúe estas pasaxes a outro monxe de Worcester, chamado Florence, que axudou a John no seu labor historiográfico. John de Worcester é un dos historiadores que omiten a viaxe de Harold a Normandía e, por suposto, o xuramento prestado a Guillerme.

[84] Brooke, "Historical Writings", pp. 239-243.

[85] Eadmer, *Historia Novorum in Anglia*, ed. de M. Rule, Rolls Series, Londres, 1884, pp. 8-9 e 224.

o que xa estaba consolidado, todos eles parten da súa adhesión á nova monarquía.[86]. As loitas entre os descendentes do Conquistador podían dividir o reino en faccións enfrontadas, pero a volta do poder saxón era xa impensable.

En cambio, si que se perciben os esforzos de asimilación que protagonizou Henrique I. E isto, non como parte activa dunha manobra real, senón como unha tendencia que, segundo sinalamos máis arriba, se acentuou baixo o pulo do citado soberano e que deu inicio á construcción dunha identidade nacional que incluíse o legado saxón. Esta nova concepción da nación inglesa, na que se integrase por igual a saxóns e normandos, compartiríana os historiadores da época, segundo se desprende da lectura da *Historia Regum Anglorum* de Henry de Huntingon. Así se comprenden os seus laios pola sorte que correron os saxóns nos anos que seguiron á batalla de Hastings, a pesar de que o seu protector fose Robert de Gloucester, un dos grandes magnates do novo réxime[87]. Pero é que mesmo John de Worcester, que, acabamos de ver, seguía vinculado ós modos de facer da historiografía saxona, contemplaba a súa nación como a unión do pobo saxón e do normando[88].

O resultado deste proceso de construcción nacional foi un renovado interese pola indagación do pasado, a cal incluía, por suposto, os séculos anteriores á chegada normanda. Indicativas do sentir dos contemporáneos son as palabras de Malmesbury, nas que declara que é unha desgracia non saber nada da patria á que un pertence[89]. Pero outro factor, de compoñente máis administrativo que dinástico, contribuíu, xa no reinado de Henrique II, a esta tarefa indagadora e, en xeral, ó cultivo da historiografía. As reformas económicas e da administración que emprendeu dito monarca obrigaron á conservación de documentos do pasado, así como ó establecemento de arquivos e rexistros que, obviamente, despertaron o interese polos tempos pretéritos[90].

Agora ben, sería erróneo buscar causas particulares para un fenómeno, como o interese polo pasado -e en consecuencia, o florecemento historiográfico, que sobrepasa ó ámbito inglés e que é xeral a todo o Occidente medieval. Deste modo, Benton[91] considera que a investigación histórica é unha consecuencia do

---

[86] Grandsen, *Historical Writing*, pp. 153, 173 e 196; Williams, *The Norman and the Conquest*, pp. 173-176 e 178.

[87] *Henrici archidiaconi Huntendunensis Anglorum Historia*, ed. de T. Arnold, Rolls Series, Londres, 1889, pp. 262-264.

[88] Williams, *The English and the Norman*, p. 179.

[89] William of Malmesbury, *Willelmi Malmesbiriensis Monachi de Gestis Pontificum Anglorum Libri Quinque*, ed. de N. E. S. A. Hamilton, Rolls Series, Londres, 1870, p. 4.

[90] Orcástegui e Sarasa, *La Historia*, p. 174.

[91] Benton, "Conciousness of Self and Perceptions of Individuality", p. 284.

desenvolvemento da conciencia individual que ten lugar ó longo do século XII. En tanto que evolución das mentalidades, os seus froitos poden apreciarse tanto nas concepcións acerca do pasado e o tempo, como no desexo por indagar noutras ramas do saber. Non será unha casualidade, polo tanto, o notable pulo que neses mesmos anos reciben as indagacións teolóxicas.

Os historiadores do século XII e a rememoración do pasado

A integración que de ambas culturas se estaba a producir na Inglaterra daqueles anos reflíctese nas personalidades de William de Malmesbury, Henry de Huntingdon e Orderico Vitale. O primeiro era fillo de nai inglesa e pai normado[92]; o segundo, como revela o seu nome, tamén sería de orixe normanda, posiblemente por liña materna[93]; Vitale, pola súa parte, era francés por ascendencia paterna e pasara parte da súa vida en Normandía, no mosteiro de Saint-Evroul[94]. Os tres, sen embargo, considerábanse ingleses e vían a dinastía normanda como a lexítima herdeira dos anglosaxóns, pero isto non lles impedía mostrarse ecuánimes á hora de criticar as inxustizas dos reis anglonormandos[95]. Mesmo dende o lado oposto compártese o signo dos novos tempos. Os ataques á monarquía do xa mencionado Eadmer de Canterbury non proveñen da súa orixe saxona, senón que son resposta á política eclesiástica da coroa, contraria ós intereses do seu protector San Anselmo. Por iso critica con dureza a Guillerme II Rufus, mentres que louva o labor de Guillerme I ou o de Lanfranc de Bec, antecesor de Anselmo no arcebispado de Canterbury, pero sostén e colaborador da dinastía invasora[96]. O cambio nas mentalidades podía dar lugar a situacións que, cando menos, parecen paradoxais, como a que protagoniza Geoffroi Gaimar, que escribiu na década de 1140 a *Estoire des Engleis*. Este autor, á hora de relatar as revoltas de 1067-1070, critica a política de Guillerme I, ó tempo que defende as reivindicacións dos ingleses sublevados; e isto a pesar de que era de orixe normanda e de que compoñía a súa obra en francés, a lingua da corte normanda[97].

---

92 Bezzola, *Les origines*, 2ª parte, t. II, p. 443; Classen, "*Res Gestae*", p. 390; Orcástegui e Sarasa, *La Historia*, p. 176; Williams, *The English and the Norman*, p. 171.

93 Bezzola, *Les origines*, 2ª parte, t. II, p. 418; Orcástegui e Sarasa, *La Historia*, p. 182; Williams, *The English and the Norman*, p. 178.

94 Classen, "*Res Gestae*", p. 388; Orcástegui e Sarasa, *La Historia*, p. 150; Williams, *The English and the Norman*, p. 174.

95 Bezzola, *Les origines*, 2ª parte, t. II, pp. 417-481.

96 Bezzola, *Les origines*, 2ª parte, t. II, p. 418, nota 1; Orcástegui e Sarasa, *La Historia*, p. 175-176.

97 G. Gaimar, *L'Estoire des Engleis*, ed. de A. Bell, Anglo-Norman Text Society, Oxford, 1960, pp. 228-229, vv. 5375-5403.

O tratamento que autores como Malmesbury ou Huntingdon dan ó período de dominación anglosaxona desvela ese propósito de concibir o pasado da illa como un todo homoxéneo. O primeiro destes autores foi, como xa sinalamos, o primeiro historiador anglonormando que se sentiu capaz de superar o labor de Beda, en parte empurrado pola necesidade de encher os baleiros que presentaba a tradición historiográfica inglesa[98]. A súa obra máis importante foron as *Gesta regum Anglorum* compostas cara a 1125 -aínda que revisadas en 1135 e 1140-, onde relata a historia de Gran Bretaña dende a chegada saxona ata o ano en que se publicou. Dúas décadas despois elaborou a *Historia Novella*, rematada en 1143, que retomaba a narración alí onde se detiña a súa primeira crónica e a prolongaba ata 1142[99]. Igualmente, foi autor de obras históricas de carácter eclesiástico, como a xa mencionada *De antiquitate Glastoniensis Ecclesiae* (1129-1139) e *De gestis pontificorum Anglorum*. Esta última, rematada en 1125, sería complementaria da visión que ofrecían as *Gesta regum* e a *Historia novella*, pois xuntas ofrecen un panorama global do pasado ingles, dende unha dobre perspectiva laica e eclesiástica.

O título de *Gesta regum Anglorum* é dabondo significativo, posto que, sen solución de continuidade, cubre os períodos saxón e normando, englobados baixo unha misma etiqueta. A este respecto, resulta significativa unha declaración contida nas *Gesta*, onde se explica que o seu desexo é narrar «continua Anglorum historia»[100]. É máis, posto que a lexitimidade normanda se basea nos dereitos adquiridos polos saxóns -e non no que asistía ós bretóns-, a pintura que ofrece dos xermanos é bastante máis favorable que a que se podía atopar na *Historia Brittonum*. Así, estes arrebatan a illa ós celtas co consentimento de Deus[101], en tanto que a traizón por medio da que aqueles masacraban ós británicos aparece como responsabilidade persoal do xefe saxón Hengist.

O labor de Henry de Huntingdon, con ser importante, está ata certo punto eclipsado pola personalidade de Malmesbury. A súa obra máis destacada é a *Historia Anglorum*, na que empezaría a traballar entre 1129 e 1133 e que estaría rematada na súa primeira redacción cara a 1135, a expensas de revisións e enga-

---

98 Classen, *"Res Gestae"*, p. 390.

99 Para un repaso ó conxunto da producción de Malmesbury, vid. H. Farmer, "Williams of Malmesbury's Life and Works", *Journal of Ecclesiastical History*, XIII (1962), pp. 39-54 e Gransden, *Historical Writing*, pp. 166-185.

100 *Gesta regum Anglorum*, t. I, p. 2 e t. II, p. 518.

101 «... per totam se insulam extendere, simul Dei non adversante consilio in cujus manu est omnium imperiorum mutatio» (*Gesta regum Anglorum*, t. I, cap. 8, p. 12).

didos posteriores, o derradeiro do ano 1154[102]. Nela segue de preto a concepción das *Gesta regum Anglorum*, xa que abrangue dende os tempos de César ata a época contemporánea (1154). A composición da *Historia* foille suxerida por Alexander de Blois, bispo de Lincoln, a quen lle dedicou a crónica así como a famosa epístola *De contemptu mundi*. Segundo declara na introducción, a súa intención foi escribir «regni gesta et nostrae gentis origines»[103] e este pobo que menciona non é outro que o inglés. Mesmo nun apartado final do libro -titulado *De miraculis*-, engade unha colección de milagres atribuídos a santos ingleses[104].

Contra o que puidera parecer, a postura destes dous historiadores non é hostil cara ó pobo bretón. Ben é verdade que boa parte das súas fontes son de procedencia anglosaxona -Beda, por suposto, pero tamén a tradición historiográfica de Worcester-; con todo, case máis decisivo que a lectura de obras saxonas foi, no caso de Malmesbury, o influxo recibido durante a súa estancia en Glastonbury, a abadía institucional por antonomasia. O froito deses anos, segundo citabamos máis arriba, foi *De Antiquitate Glastoniensis ecclesiae*, historia de carácter propagandístico dedicada a demostrar a antigüidade do Saint Denis inglés. Así pois, obsérvase que estes dous historiadores expresan á perfección a asimilación das culturas saxona e normanda que se estaba levando a cabo na Inglaterra do século XII[105].

Se non hai hostilidade cara ós celtas, si que se aprecia un certo menosprecio que leva a considerar bárbaros ós descendentes dos británicos, os galeses. Pero tal actitude non é froito de rivalidade política, senón dunha conciencia de superioridade cultural[106]. Precisamente un dos trazos que caracterizaba ós pobos bárbaros era a carencia de historia propia, o que descubre que, se os anos de dominio británico merecen unha atención moi secundaria na historiografía inglesa, se debe a unha simple cuestión de escasez de fontes. Ademais de Xildas e a *Historia Brittonum*, a outra grande obra que se preocupara por consignar a época anterior á chegada saxona era a de Beda. O resto formaba un conxunto heteroxéneo de lendas e contos, sen ningunha base histórica, que magnificaban ou deformaban os feitos de personaxes fabulosos como Artur. Moi posiblemente estas narracións, sobre as que caen os xuízos máis irónicos, fosen do estilo das

[102] N. F. Partner, *Serious Entertainments. The Writing of History in Twelfth-Century England*, The University of Chicago Press, Chicago / Londres, 1977, pp. 17-18.

[103] *Historia Anglorum*, p. 3.

[104] *Historia Anglorum*, pp. xxiv-xxx.

[105] Para a formación da conciencia común inglesa, vid. Williams, *The English and the Normans*, pp. 4-5 e 186.

[106] J. Gillingham, "The Context and Purposes of Geoffrey of Monmouth's *History of the King of Britain*", *Anglo-Norman Studies*, XIII (1991), pp. 105-110.

que recollen a *Vita Sancti Cadoci*, a *Vita Sancti Paterni* ou a *Vita Sancti Carantoci*[107]. Historias desa natureza inspiraron os famosos xuízos de Malmesbury a cerca de Artur:

> «Este é Artur, de quen hoxe en día din tantos desatinos as fábulas bretonas. Digno é, certamente, non de que o soñen fabuladores mentireiros, senón de que o exalten historiadores veraces, como lle corresponde a quen hai tempo sostivo a súa patria en ruínas e incitou os quebrantados ánimos dos seus compatriotas para que loitasen...»[108].

Certamente, esta pasaxe das *Gesta regum Anglorum* non reflicte senón admiración por un guerreiro -que non rei-, como fora Artur; e, se algo provoca o rexeitamento de William, é a fantasía delirante de certas *nugae* que desvirtuaban os feitos históricos. Pero non é Artur o único bretón ó que ensalza Malmesbury. Tamén o rei Wortemer (Vortimer), fillo de Vortigern e un dos monarcas celtas que con máis enerxía se opuxo ós invasores xermánicos, merece acendidos eloxios do historiador inglés, así como unhas lamentacións con ocasión da súa morte prematura[109]. Polo demais, a distinción que establece entre relatos históricos verídicos e fábulas mentireiras revela os criterios seguidos por Malmesbury para non extenderse máis nos feitos que se lle atribuían a Artur, así como as dificultades para encontrar fontes que lle resultasen fiables[110].

Con posterioridade ás crónicas de Malmesbury e Huntingdon, entre os anos que van de 1135 a 1138, compón Geoffrey de Monmouth a súa *Historia regum Britanniae*. A liberdade con que o escritor galés trata o pasado da illa levou á conclusión de que estamos ante unha reconstrucción novelada da época bretona, máis que ante unha obra de carácter histórico. Por este motivo, hoxe en día téndese a ver a *Historia* máis coma unha obra de ficción que como unha crónica historiográfica, de tal maneira que as análises que se lle dedican tenden a destacar os seus valores literarios por enriba dos documentais[111]. Un deles sería o ton iró-

---

[107] As tres foron editadas por W. J. Rees, *Lifes of the Cambro British Saints*, 1853 e por A. W. Wade-Evans, *Vitae Sanctorum Britanniae et Genealogia*, Cardiff, 1944. Os resumos de todas elas atópanse en Faral, *La légende arthurienne*, t. I, pp. 236-244 e Bezzola, *Les origines*, 2ª parte, t. II, pp. 532-535. Un estudio más amplio en Torres Asensio, *La "materia de Bretaña"*, pp. 228 - 649.

[108] «Hic est Artur de quo Britonum nugae hodieque delirant; dignus plane quem non fallaces somniarent fabulae, sed veraces praedicarent historiae, quippe qui labantem patriam diu sustinuerit, infractasque civium mentes ad bellum acuerit...» (*Gesta regum*, I, cap. 8, p. 11).

[109] *Gesta regum*, I, caps. 4-7, p. 7-11. En cambio, seu pai, Vortigern, merece os máis duros calificativos.

[110] Leckie, *The Passage of Dominion*, p. 62.

[111] Vid. a este respecto, entre outros, Brooke, "Geoffrey of Monmouth", p. 78; Hanning, *The Vision of History*, p. 223, n. 11; Flint, "The *Historia Regum Britanniae*", p. 449.

nico dalgunhas das súas páxinas. Que Monmouth se baseou nos historiadores da súa época, a miúdo con fins paródicos, parece evidente. Así por exemplo, para Flint, Monmouth parodia na súa crónica pasaxes extraídas das obras doutros autores -como Malmesbury ou Huntingdon-; outras veces terxiversa os datos das súas fontes ou adopta o *topos* da modestia para deixar en evidencia a autogabanza dalgún dos seus contemporáneos -Huntingdon sen ir más lonxe, que tan pagado estaba da súa arte literaria[112]-. As críticas, sen embargo, non serían persoais, senón que irían dirixidas contra a literatura monástica latina da Inglaterra contemporánea, especialmente contra a historiografía adscrita a algún centro monástico, e contra o labor de propaganda que esta desenvolvía. Dun modo máis xenérico, a súa crítica apuntaría contra a presión que as ordes monásticas exercían na vida do reino anglonormando. Explícase así o ton secularizante da *Historia*, a exaltación de modos de vida que a literatura monástica rexeitaba, o papel destacado que Monmouth lle concede na súa obra ás mulleres ou as omisións interesadas da abadía de Glastonbury ou da sé metropolitana de Canterbury[113]. Aínda cando a análise de Flint peque por exceso, é certo que os autores contemporáneos lle proporcionaron a Geoffrey parte da información que el emprega, aínda que convenientemente alterada; da mesma maneira que se pode apreciar unha innegable ironía á hora de reelaborar estes materiais.

De todas formas, a *Historia Regum Britanniae* descubre outras claves cando a enfrontamos coa evolución política e historiográfica da súa época. O feito de que Geoffrey se deteña xusto na caída da illa en mans saxonas, alí onde os relatos dos outros cronistas gañaban en riqueza e detallismo, indica que concibiu o seu libro como un complemento das historias de Inglaterra compostas nos anos precedentes[114]. Esta hipótese adquire solidez ó ler o último párrafo da súa obra:

> «Déixolle ó meu contemporáneo, Caradoc de Llancarfan, o labor de escribir sobre os seus reis, que dende entón se sucederon en Gales; e a William de Malmesbury e a Henry of Huntingdon o de compoñer sobre os monarcas saxóns. E pídolles que garden silencio sobre os reis bretóns, xa que non posúen o libro en lingua bretona, que Walter, arquidiácono de Oxford, trouxo de Bretaña e que conta verazmente a historia dos devanditos príncipes, ós que decidín honrar tomando o traballo de traducilo ó latín»[115].

[112] Partner, *Serious Entertaiments*, p. 18.

[113] Flint, "The *Historia Regum Britanniae*", pp. 447-468.

[114] Bezzola, *Les origines*, 2ª parte, t. II, p. 444.

[115] «Reges autem eorum qui ab illo tempore in Gualiis successerunt Karadoco Lancarbenensi contemporaneo meo in materia scribendi permitto, reges uero Saxonum Willelmo Malmesberiensi

Nestas liñas divide Monmouth o campo de acción de cada un dos historiadores do momento, asignándose el, en exclusiva, a autoridade nos anos da hexemonía bretona. De aquí despréndense dúas ideas que resultan fundamentais para a comprensión de parte das súas intencións. Por un lado, a complementariedade da obra de cada un dos cronistas no reparto da historiografía da época; por outro, a visión global da reconstrucción do pasado da illa. Xunto á historia dos saxóns aparece, en igualdade de condicións e como formando parte do pasado común de Inglaterra, a dos celtas, de quen el sería o historiador. E engadida a estas, a dos galeses escrita en galés, representada por Caradoc de Llancarfan[116].

Nótese, ademais, que Geoffrey concede a Malmesbury a autoridade na historia do pobo saxón, en tanto que a obra deste se titulaba *Gesta Regum Anglorum*. Máis aínda, William sentíase orgulloso de pertencer á *Gens Anglorum*[117], onde había que incluír o novo compoñente normando. Ó limitar o campo de acción de Malmesbury, máis que quitarlle protagonismo ou autoridade, Geoffrey estaría diferenciando o que para el serían os saxóns, o pobo que gobernaba Inglaterra antes do encontro de Senlac Hill e respecto ós que non demostra excesiva simpatía, e os ingleses, que serían os habitantes da nova nación que empeza a construírse a partir de 1066. Esta diferenciación indicaría que a visión que da súa patria facía Geoffrey se baseaba na suma dos diversos pobos que ocuparan a illa de maneira sucesiva, sendo o normando o resultado de asimilar tódolos aportes previos.

Polo demais, o ámbito xeográfico que abrangue a pasaxe galfridiana coincide coas aspiracións territoriais máis inmediatas da monarquía normanda. Dito doutra maneira, os pobos que enumera Monmouth como integrantes da historia inglesa correspóndense coa extensión xeográfica da Inglaterra da época. Recordemos que boa parte do País de Gales estaba baixo mans inglesas; ben, pois de modo paralelo, a antiga Bretaña que describa Geoffrey incluirá ese principado. En canto a Escocia, a *Historia* vacila á hora de asimilala ó reino bretón -pois dende os tempos dos romanos estará habitada por pictos e escotos- e,

et Henrico Huntendonensi; quos de regibus Britonum tacere iubeo cum non habeant librum illum Britannici sermonis quem Gualterus Oxenefordensis archidiaconus ex Britannia aduexit, quem de hystoria eorum ueraciter editum, in honore predictorum principum hoc modo in Latinum sermonem transferre curaui» (*HRB*, cap. 208, p. 147)

[116] Caradoc de Llancarfan é un escritor galés, autor dunha *Vita Sancti Gildae*, reelaborador da *Vita Sancti Cadoci* e a quen se atribúe parte do *Brut y Tywysogion* -ou *Crónica dos Príncipes*- a crónica dos reies de Gales escrita en galés (Vid. J. S. P. Tatlock, "Caradoc of Llancarfan", *Speculum*, XIII (1938), pp. 139-152).

[117] Cambell, "Some Twelfth-Century Views", p. 219.

segundo reflicte a pasaxe que analizamos, tampouco a inclúe entre os reinos que conforman a nova nación. Quizás porque, tal e como recolle J. Davies,

> «...the attitude of the Normans to the rulers of Scotland was not the same as their attitude to the rulers of Wales. (...) To the Normans, Scotland appeared to be a kingdom deserving recognition, with rights and borders that could be respected...»[118].

Polo tanto, Geoffrey insértase na ampla visión que desenvolvera a monarquía normanda e que aspiraba a unificar a illa, non só dende un punto de vista xeográfico, senón tamén cronolóxico. A referencia, de igual a igual, ós pasados saxón e galés indícao claramente. Moi poucos anos máis tarde, cara a 1140, aparecía o continuo que faltara ata a aparición da *Historia* galfridiana. Arredor dese ano, Geoffroi Gaimar daba á luz a súa *Estoire des Engleis*, que incorporaba a época prexermánica á narración dos dominios anglosaxón e normando, ata os días de Guillerme II Rufus[119]. O conxunto da súa obra era moito máis ambicioso do que permite supoñer o que de ela nos chegou. Geoffroi concibíraa como unha trilogía, na que a *Estoire des Engleis* debía ocupar o lugar central. A primera peza do tríptico foi unha *Estoire des Bretons* da que non se conservou ningún exemplar, mentres que a última sección, que debía glosar os acontecementos máis inmediatos vividos baixo a dinastía normanda, nunca chegou a comporse.

Pero os intentos de construír un pasado común inglés rastréxanse incluso antes. Huntingdon chega ó coñecemento da *Historia Regum Britanniae* cando, camiño de Roma, pasa a Normandía en 1139 e se detén na abadía de Bec. Alí encontrábase Robert de Torigny, quen, sabedor de que Henry intentaba elaborar unha xenealogía dos soberanos que reinaran en Gran Bretaña e de que a súa maior dificultade era a falta de documentación, lle ofreceu o libro do galés[120]. Sen embargo, a primeira reacción de Huntingdon ante tan inesperada fonte de información é de perplexidade[121].

---

[118] J. Davies, *A History of Wales*, p. 103.

[119] Para a incerta datación da *Estoire des Engleis*, vid., entre outros, Williams (*The English and the Norman*, p. 181), que dá a data de 1136-1137; Bezzola (*Les origines*, 2ª parte, t. II, p. 454), que a sitúa entre 1147 e 1151; Foulon ("Wace", p. 94), que dá década de 1140; ou Loomis ("The Legend of Arthur's Survival", p. 64) e Chambers (*Arthur of Britain*, p. 54), quen propoñen os anos arredor de 1150. Vid. A. Bell, "Maistre Geoffrei Gaimar", *Medium Aevum*, VII (1938), pp. 183-198 e *The Legendary History*, p. 451-456.

[120] J.-G. Gouttebroze, "Robert de Gloucester et l'écriture de l´histoire", en D. Buschinger (coord.), *Histoire et littérature au Moyen Âge. Actes du Colloque du Centre d'Études Médiévales de lÚniversité de Picardie (Amiens 20 - 24 mars 1985)*, Kümmerle Verlag, Göppingen, 1991, p. 154.

[121] Con todo, as protestas pola superchería que representaba a *Historia Regum Britanniae* foron mínimas fronte ó grao de aceptación acadado (Arnold, *Historia Anglorum*, pp. xx-xxiii;

Non é para menos, pois a actitude de Monmouth de inventar aquilo para o que non se coñecían fontes escritas[122] contrastaba coas penurias con que o seu colega se enfrontaba á hora de escribir a súa obra. Pero, para os nosos propósitos, máis importante que a honradez profesional do historiador inglés, é o seu propósito de incluír a dinastía británica na historia da súa patria. Por este motivo, no ano 1147 revisou a crónica e engadiulle un resumo do relato contido na *Historia Regum Britanniae*[123]. Nun primeiro momento, estes materiais integrábanse na epístola que Henry enviara ó seu amigo Warin o Bretón. Sen embargo, na terceira revisión ampliou o libro VIII da crónica e engadiulle a devandita epístola[124]. Parecida á actitude de Huntingdon, todo hai que dicilo, sería a de Robert de Torigny cando, para axudarlle na elaboración da *Historia*, lle ofreceu un libro que relataba o período celta da historia de Gran Bretaña.

En canto ó libro de Gaimar, mencionado anteriormente, supón un paso máis na evolución literaria do século XII por outros factores. A prosa foi substituída aquí pola rima en pareados octosílabos, a forma predilecta do *roman courtois* en verso[125]. En consoancia co anterior, a novelización dos materiais achega esta obra ó campo da narrativa cortés, aínda que sen abandonar o da historiografía. Ademais, o idioma empregado non é xa o latín, senón o francés, é dicir, a lingua de cultura que se utilizaba na corte normanda[126]. Máis concretamente, a *Estoire des Engleis* é a primeira crónica escrita en vulgar que aparece no reinado de Henrique II. Este último factor, en fin, é decisivo para comprender a rápida asimilación da historia dos bretóns por parte da nova dinastía, xa que tras ela cobrou corpo, na corte do soberano anxevino, toda unha corrente historiográfica en vulgar. Ademais de Robert Wace, autor dos xa mencionados *Roman de Brut* e *Roman de Rou*, outros escritores destacaron na corte do Plantagênet polo cultivo do xénero historiográfico, entre eles Benoît de Saint-Maure, que compuxo a *Chronique des ducs de Normandie*, Ambrosio, autor da *Estoire de la Guerre*

Chambers, *Arthur of Britain*, pp. 106-108; Gransden, *Historical Writing*, p. 200; Brooke, "Geoffrey of Monmouth", p. 78). As diatribas máis contundentes débense a William de Newburg a finais do século XII (*Willelmi Parvi canonici de Novoburgo Historia rerum Anglicarum*, ed. de R. Howlett, en *Chroniques of the Reigns of the Stephen, Henry II and Richard I*, Rolls Series, Londres, 1885, I, p. 11). Vid. Partner, *Serious Entertaiments*, pp. 62-65.

[122] Algúns dos recursos empregados por Monmouth en Brooke, "Geoffrey of Monmouth as Historian", pp. 79-80 e Flint, "The *Historia Regum Britanniae*", pp. 452-457.

[123] Gransden, *Historical Writings*, p. 194.

[124] Partner, *Serious Entertaiments*, pp. 17.

[125] P. Zumthor, "Genèse et évolution du genre", en *Grundriss der romanischen Literaturen des Mittelalters*, IV/1, *Le roman jusqu'à la fin du XIII^e siècle*, pp. 60-65.

[126] Para a situación lingüística de Gran Bretaña a raíz da imposición do francés, vid. Williams, *The English and the Norman*, pp. 211-219.

Sainte, e Jordan Fantosme, a quen se debe a *Chronique de la Guerre entre les Anglois et les Ecossois*[127].

Por desgracia, ó non conservarse a sección inicial da crónica de Gaimar, a desaparecida *Estoire des Bretons*, que era a que relataba o período celta, resulta imposible apreciar de qué maneira reelaborou a crónica de Monmouth, que lle servira de modelo. A *Estoire des Bretons* foi substituída pola reelaboración que da *Historia Regum Britanniae* levou a cabo anos despois Wace, acaso debido á superior calidade literaria desta nova versión[128]. O *Roman de Brut*[129], polo demais, segue formalmente o exemplo de Gaimar, xa que está composto en pareados octosíbalos en francés. Agora ben, conxecturar cómo debeu ser a crónica perdida de Gaimar a partir da versión de Wace non deixa de ser un exercicio totalmente gratuíto, que se complica cando se teñen en conta as dificultades textuais que suscita a relación entre as obras de Monmouth e Wace. En efecto, o manuscrito da *Historia* sobre o que traballou o autor anglonormando non pertence á versión *vulgata* da crónica galfridiana, senón a unha variante textual integrada por unha familia duns catorce manuscritos. Pero dunha maneira ou doutra, e á marxe destas salvedades, todo o anterior corrobora a rápida aceptación que tivo na corte anxevina o relato sobre os anos máis remotos do pasado de Gran Bretaña.

---

[127] Grandsen, *Historical Writing*, pp. 219-220 e 237-238. Para a influencia literaria da corte de Enrique Plantagênet, vid. C. H. Haskins, "Henry II as a Patron of Literature", en *Essays in Medieval History presented to T. F. Tout*, Manchester, 1925, pp. 71-77.

[128] Foulon, "Wace", p. 94; Frappier**,** "La matière de Bretagne", p. 195; A. Micha**,** *Étude sur le "Merlin" de Robert de Boron, roman du XIII^e siècle*, Droz, Xenebra, 1980, pp. 32-34.

[129] Para a transmisión da obra de Monmouth, a versión utilizada por Wace e os problemas textuais que xorden entre ambas obras, vid. I. Arnold, "Wace et l'*Historia Regum Britanniae* de Geoffrey de Monmouth", *Romania*, LVII (1931), pp. 1-12; R. A. Caldwell, "Wace's *Roman de Brut* and the *Variant Version* of Geoffrey of Monmouth's *Historia regum Britanniae*", *Speculum*, XXXI (1956), pp. 675-682; P. Gallais, "La *Variant Version* de l'*Historia regum Britanniae* et le *Brut* de Wace", *Romania*, LXXXVII (1966), pp. 1-32; H. E. Keller, "Wace et Geoffrey de Monmouth: problème de la chronologie des sources", *Romania*, XCVIII (1977), pp. 1-14.

CAPÍTULO II

Irredentismo e dignificación dos bretóns

Os datos proporcionados no capítulo anterior permiten deducir que Geoffrey de Monmouth non compuxo a súa crónica pensando en enfrontarse á historiografía oficial da época. Antes ó contrario, entrou na dinámica de reconstruír os tempos pretéritos da nacente Inglaterra, aportando xusto o que ata o de entón ninguén conseguira. Por suposto que para isto se valeu da súa orixe bretona, da que el mesmo se gababa, gracias á cal tería achado a clave que desvelaba aqueles anos de tebras, isto é, un misterioso libro en lingua británica que narraba as grandezas da súa terra e que constituiría a base da súa crónica. De aquí proviría o asombro de Henry de Huntingdon, ó que nos referimos máis arriba, quen debeu sentirse desconcertado ó atopar na obra do galés a información que unhas fontes documentais inexistentes non lle puideran ofrecer. Fronte a Huntingdon, Monmouth ben podía presumir do exclusivo das súas fontes, toda vez que o *liber vetustissimus* que, segundo declara na *Historia*, lle proporcionara o arquidiácono de Oxford, Walter Calenio, nunca sería encontrado por outro historiador. A pesar de que a existencia do citado libro está aínda hoxe en día suxeita a discusión, o máis probable é que a súa alusión non sexa senón un recurso retórico co que, a través do envío a unha *auctoritas* fantasmal, Geoffrey conseguiu credibilidade[1].

Outra conclusión podemos sacar do visto ata o de agora. Monmouth inserta a historia bretona no pasado común inglés, pero non o fai nin para despertar a conciencia dos seus connacionais, nin para lexitimar o poderío normando a través do pasado remoto. Unha manobra como esta era, non só innecesaria no contexto da monarquía normanda, senón imposible, segundo fixemos notar, pola inmediata ruptura de hostilidades entre os novos invasores e os celtas. A proba máis incontestable de que Geoffrey non identificaba os normandos cos liberadores da nación británica procede, non de indicios ou conxecturas exteriores -de sobras é coñecido que os bretóns do século XII, a pesar do poder normando, seguían esperando que Artur os liberase-, senón da lectura da mesma *Historia Regum Britanniae*. As *Prophetiae Merlini*, insertas no libro V da *Historia*, non se contentan con prognosticar a caída saxona e o rexurdimento celta, senón que fan un repaso, máis ou menos velado, á política do seu tempo. Entre as peripecias que se "vaticinan" está, por suposto, o trunfo normando sobre a monarquía xermánica, narrada nos seguintes termos:

[1] Brooke, "Geoffrey of Monmouth", p. 82. Sobre a existencia ou non do libro en galés que lle tería proporcionado Walter Calenio, vid. Zumthor, *Merlin*, pp. 17-18; Chambers, *Arthur*, pp. 34-45; Tatlock, *The Legendary History*, pp. 422-424; Parry e Caldwell, "Geoffrey of Monmouth", p. 81; Frappier, "La matière de Bretagne", p. 187; Brooke, "Geoffrey of Monmouth", p. 83.

«Entón se erguerá contra el o aquilón e arrincará as flores que enxendrou o céfiro. Os templos volveranse de ouro e o fío da espada non terá descanso. O verme xermánico a penas conseguirá chegar ás súas cavernas, xa que a vinganza caerá sobre el pola súa traizón. Pero a súa forza non lle durará moito tempo, porque o danará unha mortandade de Neustria. Chegará de súpeto unha raza en madeira e en túnicas de ferro para castigar a súa iniquidade. Devolveralle as súas casas ós antigos habitantes e farase evidente a ruína dos estranxeiros. O xermolo do dragón branco será arrincado dos nosos campos e os restos da súa raza decimados. Levarán o xugo da perpetua escravitude e ferirán a súa propia nai con arados e sachos»[2].

Certo é que, a esta altura do relato, Merlín fala dunha restauración dos primitivos habitantes de Bretaña («Restaurabit pristinis incolis mansiones»), pero sería erróneo ver nesa sucinta pasaxe a volta da estirpe de Bruto e a recuperación da libertade perdida. Estas circunstancias descríbense un pouco máis abaixo, iso si en termos tan crípticos que a duras penas se poden contextualizar. Isto débese a que Monmouth as sitúa, con toda lóxica, no futuro respecto ós días que lle tocaran vivir. O estudio das profecías merlinianas séguese con relativa facilidade ata o final do reinado de Henrique I. A partir de entón, posto que se adentra no que todavía non sucedeu, ten que escurecer as palabras do seu profeta e refuxiarse na ambigüidade. Só a conquista de Irlanda se destaca con suficiente claridade, aínda que neste caso, como sinalan Caldwell e Parry, Geoffrey simplemente estaría aventurando un final esperable para un acontecemento que se vía vir[3]. Inmediatamente cóntase, esta vez si, a volta do poder bretón:

«Por ela Neustria perderá ambas illas e será desposuída da súa antiga dignidade. Despois volverán á illa os seus cidadáns, xa que xurdirá unha liorta entre os estranxeiros (...) Cadvaladro chamará a Conan e aceptará aliarase con Albania. Daquela producirase o exterminio dos estranxeiros; daquela os ríos manarán sangue; daquela entrarán en erupción as montañas de Armórica e serán coroadas coa diadema de Bruto. Cambria encherase outra vez de ledicia e reverdecerán os carballos de Cornubia. A illa volverá a cha-

[2] «Tunc exurget in illum aquilo et flores quos zephirus procreauit eripiet. Erit deauratio in templis nec acumen gladiorum cessabit. Uix obtinebit cauernas suas Germanicus draco quia ultio proditionis eius superueniet. Uigebit tamen paulisper set decimatio Neustrie nocebit. Populus namque in ligno et ferreis tunicis superueniet, qui uindictam de nequitia ipsius sumet. Restaurabit pristinis incolis mansiones et ruina alienigaenarum patebit. Germen albi draconis ex ortulis nostris abradetur et reliquiae generationis eius decimabuntur. Iugum perpetue seruitutis ferent matremque suam ligonibus et aratris uulnerabunt.» (*HRB*, cap. 112, p. 74).

[3] Caldwell e Parry, "Geoffrey of Monmouth", p. 78.

marse polo nome de Bruto e esquecerase a denominación que lle deran os estranxeiros»[4].

Tarefa gratuíta sería intentar a identificación dos eventos que seguen. Con todo, deles despréndese que o retorno de Cadwalladro non supón, nin moito menos, a paz definitiva para a súa patria. En cambio, é igual de interesante comprobar como a victoria de Guillerme o Conquistador e a derrota saxona non equivalen á restitución da dignidade perdida para os nativos. Na liña desta interpretación, Faral vai máis lonxe, pois ademais de non equiparar o rexurdir bretón coa chegada normanda, observa que, segundo as palabras de Merlín, a volta da gloria celta traerá aparellada a ruína da nova monarquía[5]. De todas formas, a escuridade en que está envolta esta parte do relato impide a identificación exacta das circunstancias en que esta habería de chegar.

Este hermetismo, de todas formas, é extensible ó conxunto das *Prophetiae*, polo cal admiten sen dificultades interpretacións opostas. Autores como Faral creron ver nelas unha apoloxía da ruína normanda e a volta do poderío celta, en tanto que outros, como Gerould, as descifraban coma se fosen unha defensa da monarquía inglesa contra os seus rivais políticos no continente -Francia e o Imperio Xermánico-[6]. As dúbidas acerca do seu verdadeiro significado nin sequera se disipan ó analizalas tomando como punto de referencia o contexto que ofrece a *Historia*, posto que a crónica é en si mesma ambigua.

A escuridade dos vaticinios converteuse nun recurso de grande utilidade para os propósitos de Geoffrey. A este respecto, Caldwell e Parry, dividen as profecías en tres partes: as que se refiren a feitos pasados, segundo o punto de vista de Monmouth, e que chegarían ata o reinado de Henrique I; as relativas a acontecementos autenticamente futuribles; e un colofón apocalíptico, que califican de *astrological nightmare*. Pois ben, como era de esperar, a primeira e a segunda seccións, onde se concentran as predicción de carácter político, diferéncianse polo seu grao de intelixibilidade, maior na primeira e menor na segunda. Como é lóxico, a Monmouth interesáballe que os seus contemporáneos recoñe-

[4] «Per illam enim utramque insulam amittet Neustria et pristina dignitate spoliabitur. Deinde reuertentur ciues in insulam: nam discidium alienigenarum orietur. (...) Cadualadrus uocabit Conanum et Albaniam in societatem accipiet. Tunc erit strages alienigenarum, tunc flumina sanguine manabunt. Tunc erumpent Armorici montes et diademate Bruti coronabitur. Replebitur Kambria letitia et robora Cornubie uirescent. Nomine Bruti uocabitur insula et nuncupatio extraneorum peribit.» (*HRB*, cap. 115, p. 77).

[5] Faral. *La légende arthurienne*, t. II, p. 58.

[6] Para as diversas interpretacións vid. Bruce, *The Evolution*, t. I, p. 23; Gerould, "King Arhur", p. 38; Nitze, "Geoffrey of Monmouth's", p. 318; Zumthor, *Merlin*, pp. 22-23; Caldwell e Parry, "Geoffrey of Monmouth", p. 86; Brooke, "Geoffrey of Monmouth", p. 88.

cesen os sucesos anteriores a 1135 que glosaban as *Prophetiae*, pois así adquiría Merlín sona de oráculo infalible. En cambio, na segunda sección, ante o compromiso de anunciar o que había acaecer e ante o risco de aventurar predicciónsfalsas, Geoffrey optou por escurecer as imaxes[7].

Pero ademais, a calculada ininteligibilidade de boa parte das profecías serviulle, así mesmo, para facer máis aceptable ós ollos dos normandos unha predicción como a do *espoir breton*. Ante un vaticinio de tanta trascendencia optou por unha formulación ambigua, que fose interpretable de moi diversas maneiras. Era lóxico que Monmouth se fixese eco do mesianismo celta, xa que estaba contando a historia dese pobo, pero iso non implicaba que se adherise necesariamente a tal doutrina. E é que entre unha opción -a de facer dos normandos os libertadores dos bretóns- e a contraria -alentar as aspiracións á independencia dos seus connacionais- queda a que, segundo tódolos indicios, animaría ó cronista galés a compoñer o seu relato.

Geoffrey sentíase orgulloso dos seus ancestros bretóns, tal e como parece confirmalo, á marxe do seu libro, o costume de antepor ó seu apelido o nome de Artur. A súa sinatura en varios documentos aparece como «Galfridus Arthurus», o cal, máis que dous nomes dunha mesma persoa, viría significar "Geoffrey, fillo de Artur". De feito, as crónicas galesas do século XVI seguirán denominándoo «Gruffydd ap Arthur» -é dicir, Gruffyd, fillo de Arthur-[8]. Sexa como for, o certo é que outros historiadores do século XII, por exemplo, cando o citan nas súas obras chámanlle «Galfridus Arthurus»; e algún, con non pouca ironía, como William de Newburgh, aproveita esta circunstancia para dirixirlle novos ataques pola súa condición de falso historiador[9]. Mesmo nunha das versións da *Historia*, a conservada no ms. lat. 6233 da Bibliothèque Nationale Française, na pasaxe na que se explica a xénese das *Prophetiae Merlini* declárase explicitamente a nacionalidade bretona do autor:

---

[7] Faral, *La légende arthurienne*, t. II, pp. 53-65, especialmente as pp. 57-58; Chambers, *Arthur of Britain*, pp. 25-26; Caldwel e Parry, "Geoffrey of Monmouth", pp. 77-78.

[8] H. E. Salter, "Geoffrey of Monmouth and Oxford", *English Historical Review*, XXXIV (1919), p. 382; Faral, *La légende arthurienne*, t. II, pp. 2-3; Chambers, *Arthur of Britain*, p. 23; Parry e Caldwell, "Geoffrey of Monmouth", p. 72; Clarke, *The Life of Merlin*, p. 26.

[9] «Gaufridus hic dictus est, agnomen habens Arturi, pro eo quod fabulas de Arturo, ex priscis Britonum figmentis sumptas» (*Historia regum Anglicarum*, I, p. 11; «Chámase Gaufrido e ten por alcume Artur, a causa das historias de Artur, tomadas das vellas fábulas dos bretóns»).

«... xa que de boa gana móstrome, como bretón avergonzado e inhábil para cantar; e o que Merlín cantou en británico con máis dozura e medida, en calquera modo puiden cantalo en latín, aínda que sen xeito»[10].

Compréndese, entón, o seu afán por erguer os bretóns ó mesmo nivel que conseguiran saxóns e normandos nas súas historiografías respectivas. O esperable, nun caso así, é a imaxe tan desmesurada que dá do seu pobo na *Historia*, aínda que debemos ter presente que niso non hai reivindicación nin ruptura, senón emulación. Isto é o que se desprende da lectura das primeiras liñas da obra:

> «Moitas veces teño matinado á hora de escribir, que ó decidirme a compoñer a historia dos reis de Bretaña, fiquei abraiado, porque, agás a mención que deles fan Xildas e Beda nos seus elocuentes tratados, non atopei nada sobre os monarcas que habitaron Bretaña antes da Encarnación de Cristo, nin tampouco sobre Artur e sobre moitos outros que o sucederon despois da Encarnación. A pesar de que as súas fazañas sexan dignas de louvanza eterna e merecesen que se transmitisen, de memoria e por escrito, a moitos pobos diferentes»[11].

As dedicatorias da Historia e a celtofilia de Monmouth

A partir das diferentes dedicatorias que encabezaron as primeiras edicións da crónica galfridiana, Bezzola tentou reforzar a imaxe dun Monmouth dirixíndose a personaxes contemporáneos, que, dende a orde normanda, se sentisen afagados polas glorias bretonas. É obvio que, consciente como era da súa ascendencia céltica, evitase dedicar a crónica a personaxes vinculados co período saxón. A obra mesma impedíalle un acto así, pois a pintura que desta nación se fai é bastante desfavorable. Se de alguén podía esperar favores era de persoeiros interesados por unha crónica como a súa, a primeira que achegaba ós ingleses do século XII as brétemas da Idade Escura insular (ou, se usamos as palabras do propio Monmouth, «nihil de regibus qui ante incarnationem Christi inhabitave-

[10] «... quia libenter pareo et, pudibundus Brito, non doctus canere, quod in britannico Merlinus dulciter et metrice cecinit, utcumque potui, licet immoderate, tamen latine persono» (Tomado de Faral, *La légende arthurienne*, t. II, p. 26).

[11] «Cum mecum multa et de multis sepius animo reuoluens, in hystoriam regum Britannie inciderem, in mirum contuli quod infra mentionem quam de eis Gildas et Beda luculento tractatu fecerant nichil de regibus qui ante incarnationem Christi inhabitauerant, nichil etiam de Arturo ceterisque compluribus qui post incarnationem successerunt repperissem, cum et gesta eorum digna eternitate laudis constarent et a multis populis quasi inscripta iocunde et memoriter praedicarentur.» (*HRB*, cap. 1, p. 1).

rant»). Claro que buscar unha posible conexión entre as dedicatorias e unha manobra de lexitimación do dominio normando, que contemplaría favorablemente as fábulas de Geoffrey, parece que é chegar demasiado lonxe. De feito, Clarke descarta por simplista todo intento de descubrir as intencións que subxacen trala composición da *Historia* que se fundamente na análise das dedicatorias[12]. Sen embargo, dende o noso punto de vista, a devandita análise si que permite desbotar algunhas posibilidades, entre elas a da filiación procelta.

Tamén merece certas matizacións a afirmación de Bezzola, segundo a cal o autor galés buscaba o amparo de descendentes dos celtas. As dedicatorias da *Historia Regum Britanniae* non son senón un reflexo da convulsa situación política de Gran Bretaña na primeira metade do século XII. A primeira versión da crónica ía dirixida a Robert de Caen, conde de Gloucester, fillo bastardo de Henrique I Beauclerc e medio irmán de Matilde, a herdeira lexítima ó trono inglés[13]:

> «Roberto, duque de Gloucester, acolle este libriño meu que eu che dedico, para que así, baixo o teu saber e o teu consello, sexa corrixida. Deste xeito todos dirán, ó ser publicada, non que xurdiu da mísera fonte de Geoffrey de Monmouth, senón que a sazonou o sal da túa Minerva e a corrixiches ti, a quen enxendrou Henrique, o ilustre rei dos Anglos, a quen Filosofía formou nas artes liberais, a quen as innatas virtudes militares puxeron á fronte dos nosos exércitos; por isto a illa de Bretaña comprácese nestes tempos contigo e dáche o seu sincero afecto, como se foses un novo Henrique»[14].

O conde de Gloucester descendía da dinastía galesa de Dinefwr, pois era fillo de Nesta, que á súa vez era irmá de Gruffud ap Rhys e filla de Rhys ap Tewdwr, ámbolos dous reis de Deheubarth. Segundo Bezzola[15], unha das razóns polas que Monmouth dedicaría a *Historia* a Robert era esta ascendencia galesa. Sen embargo, como teremos ocasión de comprobar máis adiante, as diatribas que Geoffrey dirixe ós galeses invalidan esta suposición. Non deixa de resultar

---

[12] Clarke, *The Life of Merlin*, p. 28.

[13] Gerould, "King Arthur", p. 39; Bezzola, *Les origines*, 2ª parte, t. II, pp. 449-450; Gouttebroze, "Robert de Gloucester", pp. 144-147.

[14] «Opusculo igitur meo, Roberte, dux Claudiocestriae, faveas, ut sic, te doctore, te monitore, corrigatur, quod non ex Gaufridi Monemutensis fonticulo censeatur exortum, sed, sale Minervae tuae conditum, illius dicatur editio, quem Henricus, illustrius rex Anglorum, generavit, quem Philosophia liberalibus artibus erudivit, quem innata probitas in militia militibus praefecit: unde Britannia insula tibi nunc, temporibus nostris, ac si alterum Henricum adepta, interno congratulatur affectu.» (*HRB*, cap. 3, p. 72).

[15] Bezzola, *Les origines*, 2ª parte, t. II, pp. 447-450.

rechamante, en cambio, que a dedicatoria careza de calquera tipo de referencia ós ascendentes bretóns de Robert e si, en cambio, ós anglos, de quen foi rei seu pai Henrique. Deste, nin sequera se lembran as súas posibles orixes francesas, e, menos aínda, escandinavas. Ó contrario, o que se deduce destas liñas é que o normando era monarca dos ingleses e que é ó fillo dun soberano inglés a quen se lle dirixen eses ditirambos.

A segunda edición, case inmediata á primeira, engade, no prólogo, un segundo destinatario, Waleran, conde de Meulan:

> «Tamén ti, Galerán, conde de Meulan, a outra columna do noso reino, dedícame a túa atención para que coa dirección de ámbolos dous, este libro que publico brille con máis fermosura. En efecto, a ti, que naciches da estirpe daquel celebérrimo Carlomagno, a nai Filosofía acolleute no seu seo, aprendeuche as sutilidades das súas ciencias e, despois, para que lucises nos exercicios militares, conduciute ós campamentos dos soberanos, onde superaches con audacia ós teus compañeiros, te mostraches como o terror dos inimigos e te consagraches como protección dos teus, baixo os auspicios paternos»[16].

Waleran de Meulan era descendente da dinastía carolinxia por parte de súa nai, Isabelle de Crépi, a cal era filla de Hugues o Grande -e, polo tanto, sobriña de Filipe I de Francia- e de Adèle de Vermandois. En ambos casos, os seus abós maternos remontaban a Bernardo de Italia, neto de Carlomagno. O pai de Waleran (morto en 1118) fora Robert I de Beaumont, conde de Leicester e de Meulan, conselleiro e amigo íntimo de Henrique I. Este Robert era fillo, pola súa banda, de Roger de Beaumont, a quen Guillerme o Conquistador confiara o goberno de Normandía durante a súa aventura inglesa[17]. Segundo o razoamento de Faral, para que o nome de Waleran compartise o encabezado dunha obra con Robert de Gloucester, ambos debían estar en boas relacións. Esta deducción servíalle para datar a aparición da *Historia*, xa que un e outro alternaron períodos de relacións cordiais con outros de desavinzas[18].

---

[16] «Tu quoque, Galeranne, consul Mellenti, altera regni nostri columna, operam adhibeas tuam, ut utriusque moderatione communicata editio in medium producta pulchris elucescat. Te etenim, ex illius celeberrimi regis stirpe Karoli progenitum, mater Philosophia in gremio excepit, scientiarumque subtilitatem suarum edocuit, ac deinde, ut in militaribus clareres exercitatiis, as castra regum direxit, ubi, commilitones tuos audacter supergressus, et terror hostium existere et protectio tuorum esse paternis auspiciis addicisti.» (*HRB*, cap. 4, p. 72).

[17] Bezzola, *Les origines*, 2ª parte, t. II, pp. 450-451; R. H. C. Davies, *King Stephen*, pp. 27-30 e 154-156.

[18] Faral, *La légende arthurienne*, t. II, pp. 15-17.

A amizade entre ambos é moi anterior á morte de Henrique Beauclerc, xa que remonta ós seus anos de infancia, educados como foron polo soberano, e prolongouse ata 1123, momento en que Waleran, aliado co fillo de Robert Corthouse, William Clito, se rebelou contra o rei[19]. Con todo, e despois de cinco anos de cativerio, recuperou o favor real. Esta situación durou ata o pasamento de Henrique, en 1135, e permitíalle a Faral ubicar neste ano a aparición da *Historia*. A partir de aquí, a política separou por segunda vez a Robert de Gloucester e Waleran.

Coa subida ó trono de Esteban I, Waleran converteuse nun dos personaxes máis poderosos da corte e a súa familia, que comezou a acumular cargos e honras, pasou a ser unha das máis influíntes do reino. Nos dous primeiros anos do reinado de Esteban, Waleran conseguiu os castelos do val do Risle, o mando das forzas reais en Normandía e o ducado de Worcester. Pero trala batalla de Lincoln veuse na obriga de cambiar de actitude. En 1141 comezou a quedar claro que, se ben Esteban conservaba a súa posición en Inglaterra con certa solidez, non ocurría o mesmo cos territorios continentais, expostos á ameaza anxevina. A casa de Beaumont mantiña posesións a ambas beiras da Canle, correspondendo as de Normandía a Waleran e as de Inglaterra a seu irmán Robert, conde de Leicester. En vista de que nin Esteban nin Luís VII de Francia estaban en condicións de prestarlle o seu apoio contra Geoffroi de Anjou, ese mesmo ano Waleran pactou con este e abandonou o partido de Esteban. Dende entón adoptou unha postura o menos belixerante posible, para non ter que enfrontarse ó seu antigo señor nin a seu irmán Robert, que permanecera ó lado do monarca inglés[20].

A evolución de Robert de Gloucester -él mesmo pretendente ó trono, por ser fillo de Henrique Beauclerc-, reflicte maiores oscilacións. Trala coroación de Esteban, mantivo unha postura ambigua, decantándose lixeiramente do lado da súa media irmá Matilde. Ós tres meses de se iniciar o conflicto prestou xuramento ó novo soberano, a pesar de que a fórmula de fidelidade incluía certas condicións. A súa actitude durante a campaña de Normandía non tardou en revelar que o apoio a Esteban era circunstancial, de tal maneira que en 1138 rompeu o vínculo co rei e pasou a encabezar o partido de Matilde. O ano anterior, sen embargo, cando a alianza entre ambos aínda estaba vixente, Esteban tentara capturar a Robert, pero a traizón foi descuberta. Ata o momento da súa morte, o 31 de outubro de 1147, mantívose fiel á emperatriz. Como se pode apreciar, practicamente dende comezos de 1136 ata 1141 Robert e Waleran atopáronse en ban-

[19] R. H. C. Davies, *King Stephen*, pp. 6 e 28.

[20] G. H. White, "The Career of Waleran Count of Meulan and Earl of Worcester (1104-1166)", *Transactions of the Royal Historical Society*, 4th series, XVII (1934), pp. 19-48; R. H. C. Davies, *King Stephen*, pp. 65 e 154-156.

dos opostos[21]. Agora ben, hai que ter en conta que a oposición no plano político non constituía un impedimento absoluto para que dous personaxes aparecesen como destinatarios dunha mesma obra[22], o que permitiría postular unha datación máis tardía para tal versión. Que ambos dedicatarios pertencesen a facciións enfrontadas, cando Geoffrey decidiu unir os seus nomes ó inicio da *Historia*, redundaría na idea deste como un personaxe que desexaba protección, ata o punto de buscar amparo en dous campos rivais.

As louvanzas que a dedicatoria da *Historia* lle dirixe a Waleran insisten na súa ascendencia carolinxia, é certo, pero de igual maneira na súa vinculación coa monarquía inglesa, pois o que recorda Monmouth é a súa educación «as castra regum», así como a súa ascendencia paterna de normando. O epíteto «altera regni nostri columna» é bastante acertado, posto que o de Meulan, xunto a Robert, ocuparon postos de privilexio nos últimos anos do reinado de Henrique Beauclerc. Ambos, incluso, encontrábanse co monarca no momento do seu pasamento, o 1 de decembro de 1135, segundo mostra o testemuño da *Historia Ecclesiastica* de Orderico Vitale[23]:

> «Acudiron alí tódolos condes, Roberto de Gloucester, Guillermo de Guarenna, Rotro de Mauritania, Walleran de Meulan e Roberto de Leicester, así como outros nobres e aristócratas da cidade, ós que chamaron o arcebispo Hugo e o arcebispo de York, Audino, para que custodiasen o corpo do seu señor...»[24].

Un terceiro dedicatario da crónica que analizamos é o propio Esteban I, quen ocupa o lugar de Waleran no ms. 568 da Burgerbibliothek de Berna, aínda que, como rei, despraza a Robert ó segundo lugar:

> «Así pois, Esteban, rei de Inglaterra, acolle esta obriña, para que así, baixo o teu saber e o teu consello, sexa corrixida. Deste xeito todos dirán, ó ser publicada, non que xurdiu da mísera fonte de Geoffrey de Monmouth, senón que a sazonou o sal da túa Minerva e a corrixiches ti, de quen Henrique, o ilustre rei dos Anglos, manifesta ser o teu tío, a quen Filosofía

[21] R. H. C. Davies, *King Stephen*, pp. 21 e 34-35; J. Campbell, "What Happened in Stephen's Reign, 1135-54", en *Essays in Anglo-Saxon History*, p. 194.

[22] Tatlock, *The Legendary History*, p. 437; Torres Asensio, *La "materia de Bretaña"*, p. 892.

[23] Vid. R. H. C. Davies, *King Stephen*, p. 14; Gouttebroze, "Robert de Gloucester", p. 154.

[24] «Affuerunt ibi quisque comites, Rodbertus de Gloucestra, Guillelmus de Guuarenna, Rotro de Mauritania, Gualerannus de Mellento et Rodbertus de Legrecestre, aliique proceres et tribuni, nobilesque oppideni, quos omnes coniurauit Hugo archiepiscopus cum Audino Ebroicensi episcopo, ne corpus domini sui relinquerent...» (*The Ecclesiastical History of Orderic Vitalis*, ed. e trad. de M. Chibnall, Clarendon Press, Oxford, 1978, libro XIII, cap. 19, p. 448).

formou nas artes liberais, a quen as innatas virtudes militares puxeron á fronte dos nosos exércitos; por isto a illa de Bretaña comprácese nestes tempos contigo e dáche o seu sincero afecto, como se foses un novo Henrique»[25].

Segundo a secuencia cronolóxica establecida para as distintas versións, esta dedicatoria ó rei Esteban sería posterior á que se lle dirixía a Waleran[26]. Para Faral e Gerould, a datación, xa que une o de Gloucester e o rei Esteban, debería ser anterior a 1138, data na que, lembremos, o soberano atacou os castelos de Robert, aproveitando que este se encontraba en Normandía, e ambos romperon relacións de manera definitiva[27]. Sen embargo, tal suposición baséase na imposibilidade de unir nunha mesma dedicatoria a dous rivais políticos, argumento este que, como acabamos de ver, non é de necesario cumprimento. De todas formas, e por enriba dos límites temporais en que se sucederon, o que salta á vista é a capacidade de adaptación da que debería ser a crónica da exaltación bretona e da lexitimación normanda. O seu autor aparécese como un escritor que busca un protector poderoso ó que agradar co seu libro e os seus afagos, máis que coma un apóstolo da nacionalidade celta. A proba é que as alternancias no encabezado do libro seguen as vicisitudes políticas da época.

Os eloxios a Robert revelarían unha toma de posición en favor do partido de Matilde, a sucesora lexítima de Henrique I[28]. Pero é que, mentres que a herdeira estaba inimizada co seu pai, o de Gloucester ocupaba un posto preeminente na corte, integrado nos círculos íntimos do monarca. Trala coroación de Esteban I engadiríase a dedicatoria a Waleran, defensor da causa do novo soberano, xa que o primeiro dedicatario, Robert, abandonou o círculo real coa súa toma de postura en favor de Matilde. Así, a *Historia* buscará amparo nos dous

[25] «Opusculo igitur meo, Stephane rex Anglia, faueas ut sic te doctore te monitore corrigatur quod non ex Gaufridi Monemutensis fonticulo censeatur exortum set sale minerue tue conditum illius dicatur editio cuius Henricus illustris rex Anglorum awnculus extitit, quem philosophia liberalibus artibus erudiuit, quem innata probitas in milicia milicibus prefecit: unde Britannia insula tibi nunc temporibus nostris acsi alterum Henricum adepta interno congratulatur affectu» (*HRB*, cap. 3, p. 1)

[26] Vid., ademais da análise de Faral, ratificada por Gerould (Faral, *La légende arthurienne*, pp. 16-28; Gerould, "King Stephen", p. 47), as opinións contrarias de Griscom ("The Date of Composition of Geoffrey of Monmouth's *Historia*", *Speculum*, I (1926), pp. 129-156) e Chambers (*Arthur of Britain*, pp. 41-44) e N. Wright (*The 'Historia Regum Britanniae' of Geoffrey of Monmouth*, Cambridge, 1994, pp. xii-xvi).

[27] Faral, *La légende arthurienne*, t. II, p. 14; Gerould, "King Arthur", pp. 47-48; Chambers, *Arthur of Britain*, pp. 42-43; R. H. C. Davies, *King Stephen*, pp. 35-36.

[28] Tatlock, *The Legendary History*, pp. 286-288; Flint, "The *Historia Regum Britanniae*", p. 468.

bandos que se enfrontan polo trono de Inglaterra. Por último, en vista de que a posición de Esteban no trono se afianzara, Waleran foi substituído polo soberano, posiblemente arredor do ano 1138. Tanto Faral como Caldwell e Parry aventuran unha circunstancia propicia para este cambio, abril de 1136, data na que se celebrou unha entrevista entre o monarca e o conde de Gloucester na cidade de Oxford, xusto onde residía Monmouth. Con todo, esta posibilidade non deixa de ser unha hipótese, polo de agora indemostrable[29], que, ademais, depende para a súa verificabilidade da datación da crónica que propuxeron, entre outros, Griscom, Gerould e Faral e que está suxeita a serias dúbidas.

O que converte a opción de finais de 1138 como a máis probable é o descoñecemento que da *Historia* tiña ata a súa viaxe a Normandía Henry de Huntingdon, que, en teoría, se relacionaba cos mesmos círculos que Geoffrey e que, daquela, debería ter noticia pouco menos que inmediata da aparición da crónica dos bretóns. Os case que tres anos que transcorren entre comezos de 1136 e finais de 1138 constitúen un baleiro demasiado amplo como para que Huntingdon ignorase a publicación da *Historia*[30]. Ademais, moitas pasaxes da obra que se explican a partir situacións vividas tralo pasamento de Henrique I -apoios implícitos ó bando de Matilde, lamentos pola destrucción das guerras ou desexo dun monarca forte e pacificador- retrasarían a data de composición eses tres anos durante os que a guerra pola sucesión levaría a ruína a Inglaterra.

A lectura mesma da obra ofrece outros recursos a través dos cales, de maneira implícita, buscou Geoffrey a compracencia dos magnates normandos. O personaxe de Eldol de Gloucester, por exemplo, estaría concibido para agradar a Robert, que era conde de aquela cidade. Pola súa parte, nos varios retratos de raíñas capaces e xusticieiras que salpican todo o libro quíxose ver un afago á figura da emperatriz Matilde[31]. De seren certas tales interpretacións, reafirmaríase como opinión máis acertada a que destaca os desexos de Monmouth de agradar ós personaxes preeminentes de cada momento, sen importarlle en qué bando se aliñaba cada un. A súa ambición por medrar, entón, estaría por enriba dun posible compromiso político[32].

En canto á posible celtofilia dos tres dedicatarios, resulta difícil de soster. Segundo as argumentacións aportadas por Bezzola, as dedicatorias que con máis

[29] Caldwell e Parry, "Geoffrey of Monmouth", pp. 80-81; Faral, *La légende arthurienne*, t. II, p. 27.

[30] Tatlock, *The Legendary History*, p. 434; Gillingham, "The Context and Purposes", p. 100; Torres Asensio, *La "Materia de Bretaña"*, p. 892.

[31] Caldwell e Parry,"Geoffrey of Monmouth", p. 86.

[32] Gerould, "King Arthur", pp. 39-40; Brooke, "Geoffrey of Monmouth", p. 83.

dificultades apoian esta hipótese son as dirixidas a Waleran e Esteban, posto que nestes casos non hai nada que os vincule ó pasado celta de Gran Bretaña. Maiores indicios podemos atopar na dirixida ó conde de Gloucester, pero, mesmo neste caso, as probas que cimentan as simpatías de Robert polos nativos da illa -a súa ascendencia galesa por parte de nai- están suxeitas a serias dúbidas. A este respecto, Gouttebroze chama a atención acerca de que as novas que nos informan de que Robert era fillo de Henrique Beuclerc e descendente de Rhys ap Tewdwr a través de Nesta Dinefwr, proceden dunha xenealoxía do século XVII, que, por serodia, é digna de pouco creto. En contra álzase, ademáis, o silencio de Giraldus Cambrensis (h. 1146-1223). Este escritor da corte de Henrique II era fillo de William de Barry e Angharad, sendo esta, á súa vez, froito do matrimonio entre Nesta e Gerald de Windsor. Pois ben, aínda cando nunha das súas obras Giraldus describe a liñaxe da que procede, en ningún momento menciona que era sobriño dun persoeiro tan importante como fora o conde de Gloucester[33].

Outro feito chama a atención na dedicatoria que lle dirixe Monmouth: a mención ós ingleses, e concretamente a un rei inglés, Henrique I, ó que se presenta con dito título como continuador da estirpe de Eduardo o Confesor. Como era de esperar, polo demais, esta circunstancia repítese nas liñas laudatorias que buscan o favor de Esteban I. En ningún dos dous casos, nada lembra que o trono tamén procedía dos bretóns. Ó fío do anterior, Gouttebroze insiste ó longo do seu traballo en que Robert se serviu da historiografía para favorecer os seus intereses proanxevinos e prestixiar o seu goberno en terras galesas por medio dunha exaltación dos seus novos vasalos. Ben é verdade que a exactitude de tales afirmacións pode estar suxeita a reserva; especialmente a segunda de elas, en vista do tratamento que os galeses reciben na *Historia*. Mais, sexa dun xeito ou doutro, a proposta de base redunda na idea de que Mounmouth non apelaba ó sentimentalismo de Robert en favor dun utilitarismo político. Non hai que esquecer que o de Gloucester participaba na presión que os nobres normandos exercían sobre o País de Gales. O seu matrimonio, en 1105, con Mabel, filla herdeira de Robet Fitzhammo, convertérao en señor de Glamorgan, ó sureste do principado[34]. Nada fai pensar que a súa actitude cara ós galeses fose diferente da dos outros señores normandos da fronteira, dispostos a establecer, chegado o caso, alianzas circunstanciais cos señores de Gales, pero, sobre todo, a dominar a maior parte posible do principado. Concretamente, nos anos en que viu a luz a

[33] Gouttebroze, "Robert de Gloucester", pp. 156-157). Vid. Giraldus Cambrensis, *De Rebus a se gestis*, en *Giraldi Cambrensis Opera*, ed. de J. S. Brewer - J. F. Dimock e G. F. Warner, Rolls Series, Londres, 1861-1891, t. I, pp. 58-60.

[34] Davies, *A History of Wales*, p. 112.

Historia Robert asinara un acordo cos galeses, o que lle permitiu empregar tropas de aquel país na guerra civil inglesa. Esta manobra, de tódolos xeitos, foi utilizada por outros señores normandos da fronteira, como o conde Ranuf de Chester[35], e significaba menos unha predisposición a colaborar cos galeses que unha solución de urxencia dictada polas necesidades do conflicto entre Esteban e Matilde. En efecto, a debilidade dos condes normandos durante a guerra civil foi aproveitada polos príncipes celtas para recuperar parte das posicións perdidas dende 1066, establecer alianzas favorables ós seus intereses e, incluso, intervir na guerra entre ingleses.

Un novo dato, en fin, a dedicatoria das *Gesta regum Anglorum*, viría rebatir a crenza nuhna posible celtofilia de Robert de Gloucester, basaeda na súa condición de destinatario da *Historia Regum Britanniae*. En efecto, o fillo de Henrique I tamén fora o destinatario da crónica de Malmesbury, autor este nada sospeitoso de veleidades probretonas. É dicir, que dedicar unha obra ó conde de Gloucester non implicaba, nin moito menos, unha toma de postura en favor dos indíxenas celtas. Tódalas observacións anteriores, en definitiva, tenden a descartar ese dobre xogo Normandía - Bretaña que creía ver Bezzola nas dedicatorias da *Historia*.

As dedicatorias das súas outras dúas obras, as *Prophetiae Merlini* e a *Vita Merlini*, contribúen a dar unha imaxe máis exacta de Geoffrey e do contexto no que situaba os seus libros. No primeiro buscaba o amparo de Alexander, bispo de Lincoln e superior seu na xerarquía eclesiástica, de quen recibira a suxestión de insertar os vaticinios no marco da *Historia Regum Britanniae*:

> «Aínda non chegara a este punto da historia, cando, a causa dos rumores que se divulgaran sobre Merlín, contemporáneos meus de moitos lugares puxéronme na obriga de publicar as súas profecías. O máis insistente foi Alexander, bispo de Lincoln, home da máis profundas relixiosidade e sabiduría. Non había ninguén, nin entre o clero nin entre o pobo, a quen servisen tantos nobres, ós que atraía coa dozura da súa piedade e a súa liberalidade. Así, para satisfacer a súa curiosidade, traducín as profecías e envieillas cunha carta redactada nestes termos»[36].

[35] R. R. Davies, *The Age of the Conquest*, p. 47.

[36] «Nondum autem ad hunc locum historie perueneram, cum de Merlino diuulgato rumore compellebant undique contemporanei mei prophetias ipsius edere: maxime autem Alexander Lincolniensis episcopus, uir summe religionis et prudentie. Non erat alter in clero siue in populo cui tot nobiles famularentur quos mansueta pietas ipsius et benigna largitas in obsequium suum alliciebat. Cui cum satisfacere preelegissem, prophetias transtuli et eidem cum huiusmodi litteris direxi» (*HRB*, cap. 109, p. 73).

Alexander era partidario de Matilde, polo que perdeu influencia na corte tan pronto como Esteban afianzou a súa posición. Esta circunstancia produciríase arredor do ano 1139[37] e atopa o seu reflexo nunha versión tardía da *Historia* (ms. da Bibliothèque Nationale Française lat. 6233), no que, tal vez polo xiro que tomara para entón a política inglesa, foron suprimidas tódalas dedicatorias, incluída a carta laudatoria que encabezaba as profecías merlinianas e que ía dirixida ó bispo de Lincoln[38]. A pesar de todo, Monmouth non foi o único que buscou amparo na figura de Alexander, pois Henry de Huntingdon lle dedicara en 1129 a súa *Historia Anglorum*.

A dedicatoria da *Vita Merlini* mostra os cambios que doce anos despois sobreviñeran na escena política inglesa. Continuaba a disputa entre Esteban e Matilde pola herdanza de Henrique Beauclerc; mais, a pesar das alternativas, a situación preponderante daquel permitiríalle cumplir o decimosegundo ano do seu reinado. Para entón, os mentores da *Historia* perderan xa o protagonismo que posuían na década anterior. Robert de Gloucester, por exemplo, comprometérase na causa da súa media irmá Matilde e, enfrontado co soberano inglés, morrera en 1147. Moi parecida era a situación de Alexander, pois, tras caer en desgracia, faleceu en 1148. Non deixará de ser curioso, a este respecto, que o ascenso de Geoffrey na corte coincida coa morte do seu antigo protector[39].

Na busca do favor real, Monmouth dirixe a *Vita* ó novo bispo de Lincoln, Robert de Chesney, personaxe cercano a Esteban e do que un dos seus irmáns era home de confianza do monarca:

> «Polo tanto, favorece os meus esforzos e protexe ó poeta
> con mellor vontade da que o faría o outro
> ó que sucedes ó ser promovido ó honor que merecías.
> Así o esixían os teus costumes, a túa vida laboriosa, a túa liñaxe,
> o proveito do lugar, o seu clero e o seu pobo.
> Deste xeito a feliz Lincoln é elevada ata ceo»[40].

Nótese como a dedicatoria inclúe un reproche a Alexander e ó pouco eco que nel encontraron as súplicas do autor. Da mesma maneira que podemos estar

---

[37] Caldwell e Parry, "Geoffrey of Monmouth", pp. 73-74.

[38] Faral, *La légende arthurienne*, t. II, pp. 24-26.

[39] Chambers, *Arthur of Britain*, p. 51; Clarke, *Life of Melin*, p. 36-37.

[40] «Ergo meis coeptis faveas vatemque tueri / Auspicio meliore velis quam fecerit alter, / Cui modo succedis, merito promotus honori. / Sic etenim mores, sic vita probata genusque / Utilitasque loci, clerus populusque petebant: / Unde modo felix Lincolnia fertur ad astra» (Geoffrey de Monmouth, *Life of Merlin. Vita Merlini*, ed. de B. Clarke, University of Wales Press, Cardiff, 1973, vv. 7-12).

ante un simple recurso laudatorio, que pondera ó de Chesney por enriba do seu antecesor, podemos encontrarnos ante un intento por parte de Geoffrey de desleigarse dunha vinculación que non resultara afortunada. Na elección de Robert como protector, volve coincidir Geoffrey con Henry de Huntingdon, non porque este lle dedicase obra algunha, senón polos eloxios que lle dirige cada vez que ten ocasión. É o que ocurre na súa *Epistola de contemptu mundi*[41], así como na cuarta edición da *Historia Anglorum*, que aparecera en 1148[42].

O achegamento á órbita de Esteban gracias á intermediación de Robert de Chesney non tardou en dar froitos. Despois dun período no que perdera os contactos na corte, e no que, polo tanto, a súa carreira quedara estancada, Monmouth foi promovido ó bispado de Saint Asaph no ano 1152[43]. A sé que lle tocou en sorte, todo hai que dicilo, non era un cargo de moita importancia. Era un bispado de recente creación -1143- e o seu primeiro titular fora un normando de nome Gilbert. Pola súa ubicación no noreste de Gales, estaba sometido ás correrías de Owain Gwynedd, que naqueles momentos reconducía a resposta galesa contra a conquista normanda, de tal maneira que a Geoffrey lle foi imposible visitalo e aínda menos trasladarse a alí. Saint Asaph era, ademais, unha sé moi pobre, segundo se recolle nos testemuños de Giraldus Cambrensis. No *Itinerarium Kambriae* describe o seu paso por aquelas terras nestes termos: «ad paupercula m sedis Laneluensis ecclesiam... transivimus». E con idéntico adxectivo referirase ó lugar na *Descriptio Kambriae*: «... in eadem paupercula cathedra»[44].

Como se pode comprobar, se a vinculación co mundo bretón dos dedicatarios da *Historia* resultaba demasiado feble como para postular unha intención por parte de Monmouth de agradar a estes coa exaltación dos seus antepasados celtas, tal hipótese termina por se esvaecer ó determonos nas das *Prophetiae* e a *Vita Merlini*. En cambio, o que o resulta máis evidente é a labilidade de

[41] *Epistola ad Walterum de Contemptu Mundi*, en *Historia Anglorum*, p. 299. Se nos atemos á aparición de Robert de Chesney na *Epistola* de Huntingdon, non podía ser máis adecuada a dedicatoria da *Vita Merlini*, xa que a doutrina que defende o poema galfridiano é a do desprecio das cousas mundanas.

[42] Faral, *La légende arthurienne*, t. II, p. 30.

[43] Para unha discusión acerca da data en que Monmouth foi promovido á sé episcopal, vid. Faral, *La légende arthurienne*, t. II, p. 27; Chambers, *Arthur of Britain*, pp. 51-52; Caldwell e Parry, "Geoffrey of Monmouth", p. 74; Clarke, *Life of Merlin*, pp. 33-35; L. Thorpe, "The Last Years of Geoffrey of Monmouth", en *Mélanges de langue et littérature françaises du Moyen Âge offerts à Pierre Jonin*. *Senefiance*, VII (1979), Publications du CUERMA, Aix-en-Provence, pp. 662-672).

[44] Giraldus Cambrensis, *Iinterarium Kambriae*, en *Giraldi Cambrensis Opera*, t. VI, II, cap. X, p. 137; Giraldus Cambrensis, *Descriptio Kambriae, en Ídem, ibídem*, libro I, cap. IV, p. 170.

Geoffrey, sempre na procura dos favores reais, ben directamente, ben pola intercesión de personaxes áulicos influíntes.

O *espoir breton* na *Historia Regum Britanniae*

O repaso realizado precedentemente ó contexto histórico e á historiografía do século XII inglés recibe novas luces cando na análise se inclúe a figura de Merlín. Este asume un papel tan político como novelesco, equidistante das literaturas polémica e de ficción, polo que o citado personaxe se presenta como indispensable para comprender o significado que Monmouth quixo dar á súa crónica. E, posto que Merlín se presenta como profeta da esperanza bretona, será bo, igualmente, deterse no tratamento que o autor dispensa a este motivo.

O *espoir breton* convértese nuhna das claves que desvela o significado da *Historia Regum Britanniae*. Se fose verdade que Geoffrey pretendía que a súa obra resultase un acicate para a independencia dos seus compatriotas, o normal sería que esta incitación se reflectise na formulación da citada esperanza. O motivo, segundo diciamos máis arriba, fora froito do renacer nacional bretón que presenciara o norte de Gales no século IX. A primeira obra que, xurdida de tal movemento, se faría eco desta profecía era a *Historia Brittonum*, onde o vaticinio se incluía no episodio da torre de Vortigern e estaba posto en boca de Ambrosio, o neno sen pai, antecedente directo do Merlín galfridiano.

Segundo conta a *Historia Brittonum*, dende que chegaron a Bretaña, acollidos polo rei Vortigern, os saxóns foron afianzando a súa posición ata se converter nunha forza poderosa que poñía en perigo a situación do mesmo monarca. Cheo de temor, Vortigern convocou os seus sabios, que lle aconsellaron a construcción dunha fortaleza nos montes Hereri. Segundo as súas indicacións, Vortigern dispúxose a levantar unha torre naquela paraxe, pero tódalas noites desaparecían os materiais cos que debía construírse. Os magos indicáronlle entón que para erixir a fortaleza debería esparexer o lugar co sangue dun neno sen pai. O monarca enviou mensaxeiros por todo o país e estes atoparon o que buscaban no sur, na rexión de Glewissing. Unha vez en presencia de Vortigern, o neno, chamado Ambrosio, desvelou a verdadeira explicación do misterio. Baixo o subsolo había un lago, que, unha vez baleirado, descubriu dúas vasillas e, entre ambos, unha tenda pregada. Dentro da tenda habitaban dous dragóns -*vermes*-, un de cor vermella e outro de cor branca, que eran os causantes das desaparicións. Ó seren descobertos ámbolos dous réptiles comezaron a pelexar, ata que o vermello se impuxo sobre o branco. O neno explica a continuación o significado de tal prodixio:

«E o neno dirixiuse ós magos: "¿Que significa este sinal marabilloso que tivo lugar na tenda?". E eles responderon: "Non o sabemos". O neno replicou: "Velaí que me foi revelado este misterio e eu volo explicarei. A tenda é a imaxe do teu reino; os dous vermes son dous dragóns; o verme vermello é o teu dragón e o lago é a imaxe deste mundo. Sen embargo, o branco é o dragón da nación que ocupou os pobos e a meirande parte das rexións de Bretaña e que case a dominará dun mar a outro. Pero o noso pobo rexurdirá despois e valentemente botará os anglos ó mar"»[45].

A localización xeográfica do episodio da torre de Vortigern estaría en consoancia con ese espertar celta que presenciou o norte de Gales. Fronte á ubicación dos outros episodios en que Vortigern é protagonista, que se situarían en Dyfet, ó sur do país, o de Ambrosio está ligado cos montes Hereri (en inglés denominados Snowdon), que se erguen na rexión de Gwynedd. Alí asociaríase a un motivo topográfico: o das ruínas da fortaleza de Dinas Emreis (ou Fortaleza de Ambrosio), topónimo que se intentou explicar por medio dunha etimoloxía epónima que remontase ó nome do misterioso neno sen pai. Por outra parte, as contradiccións respecto a outras seccións da *Historia Brittonum*, que poñen de manifesto o carácter misceláneo desta obra, afectan ó carácter de Vortigern ou ó espírito mesmo que alenta a redacción de cada capítulo. Así, a depravación moral que demostra o monarca bretón nos capítulos sobre a predicación de San Xermán (*HB*, caps. 47-48, pp. 34-35), non atopa paralelo no relato da torre e os dragóns. Igualmente o ton moralizante do primeiro episodio contrasta co aire patriótico do segundo. Tódolos indicios, pois, apuntan cara á posibilidade de que a historia da torre circulase en principio como relato independente, ata que foi interpolada no conxunto da crónica no século IX[46].

De todas formas, e independentemente da antigüidade do marco narrativo en que se inserta o motivo do *espoir breton*, a predicción da volta ó dominio celta non era orixinal da *Historia Brittonum* , pois, como xa tivemos ocasión de ver, remontaba ó vaticinio que Xildas incorporaba en *De excidio*. Alí anticipaba,

[45] «Et puer ad magos refert: «Quid significat mirabile hoc signum quod factum in tentorio?» Et illi proferunt: «Nescimus». Et puer respondit: «En revelatum est mihi hoc mysterium, et ego vobis propalabo. Regni tui figura tentorium est; duo vermes duo dracones sunt; vermis rufus draco tuus est; et stagnum figura hujus mundi est. At ille albus draco illius gentis, quae occupavit gentes et regiones plurimas in Britannia, et paene a mari usque ad mare tenebunt, et postea gens nostra surget, et gentem Anglorum trans mare viriliter dejiciet.» (*Historia Britonum*, cap. 42, p. 32).

[46] Faral, *La légende arthurienne*, t. I, pp. 113-115; Chambers, *Arthur of Britain*, p. 11; Hanning, *The Vision of History*, pp. 101 e 217, n. 85; G. Torres Asensio, *Historia del Pueblo Bretón (atribuida a Nenio)*, PPU, Barcelona, 1989, p. 51.

lembremos, que o xugo xermánico ía traer trescentos anos de dominación e cento cincuenta de devastación.

Gracias á súa fértil imaxinación, Geoffrey converteu as breves referencias de *De excidio* e da *Historia Brittonum* nun opúsculo independente, as *Prophetiae Merlini*, que deu á luz con anterioridade á publicación da súa crónica dos reis bretóns. Claro que as diferencias entre as obras de Xildas e Nennio e a de Monmouth non son de simple extensión. A máis importante tal vez sexa que, mentres que en aquelas dúas a formulación era bastante vaga, na do historiador galés personalízase o retorno das glorias bretonas nun soberano de carácter mesiánico. E aquí cómpre introducirse no esvaradizo eido das tradicións pregalfridianas sobre Artur, pois parece que, xa antes da *Historia Regum Britanniae*, os bretóns esperaban o retorno liberador do mítico rey. O proceso por medio do cal o *dux bellorum* de Nennio se converteu en monarca e en mesías desborda as marxes do noso estudio. Sen embargo, si que se fai necesario un breve repaso polo motivo da esperanza bretona que o mítico monarca encarnaba, así como o da súa suposta inmortalidade.

O relato da *Historia Brittonum* demostra como, cara ó século IX, Artur non personalizaba a volta da grandeza bretona. Este dato vén corroboralo anos máis tarde *Armes Prydein Vawr*, onde a alianza pancéltica que había expulsar os saxóns estaba encabezada por outros dous reis da Idade Heroica, Cadwalladro e Cynan, e, de maneira indirecta, polos *Annales Cambriae*, nos que se especificaba que Artur e Medraut (Mordred) morreran no ano 537 na batalla de Camlann.

Sen embargo, aló polo ano 1100, o *mabinogi* de *Kulhwch e Olwen* testemuña o engrandecemento da súa personalidade -agora descríbese como un monarca poderoso, conquistador dun grande imperio- e, posiblemente, a súa conversión nunha figura inmortal. O certo é que, ó falar da batalla de Camlann, *Kulhuwch e Olwen* especifica que foi unha matanza xeralizada, na que só sobreviviron tres guerreiros. En cambio, nada se di da morte de Artur, antes ben, fálase da súa desaparición nuns termos sospeitosamente imprecisos, dos que só se extrae a conclusión de que ese día foi o último que se lle viu con vida: «Kynnwyl Sant, un dos tres homes que escapou de Kamlan (foi o último en separarse de Artur no seu cabalo Hengroen)...»[47].

Un dos factores que axudaron na formación da lenda da inmortalidade de Artur foi que en ningunha tradición anterior a 1191 se mencionase a tumba do mítico rei e moitas delas nin sequera explicitasen que morrera[48]. O contraste

[47] Traducido de *Kulhwch y Olwen*, en *Mabinogion*, ed. de V. Cirlot, Siruela, Madrid, 1988, pp. 106-107.

[48] Chambers, *Arthur of Britain*, p. 18.

faise máis evidente cando a *Historia Brittonum* mencionaba, entre as marabillas da illa de Bretaña, a tumba do seu propio fillo Amr (*HB*, cap. 73, p. 61). Unha circunstancia como esta deixaba aberto o camiño a todo tipo de lucubracións, entre elas a de que non existía tumba porque realmente Artur non morrera. A importancia deste aspecto na formación do mesianismo artúrico revélase nunha pasaxe das *Gesta regum* de Malmesbury, na que se consigna o descubrimento do sepulcro de Galván, sobriño do rei:

> «Daquela, na provincia de Gales que chaman Ros, descubriuse o sepulcro de Walwen, que foi digno sobriño de Artur por parte de súa irmá... Pero o sepulcro de Artur nunca foi visto, polo que vellas fábulas contan que aínda volverá»[49].

Por último, segundo amosa o poema galés coñecido como *Englynion y Beddau* (*As estrofas das tumbas*), a crenza de que a tumba de Artur non se encontraría nunca estaba consolidada cara ó ano 1200: «Unha tumba para March, unha tumba para Guythur, unha tumba para Gugaun o da Espada Vermella ; oculta ata o día do Xuízo, a tumba de Artur»[50]. Como se pode apreciar pola data desta referencia, a manobra urdida en Glastonbury arredor dos supostos restos de Artur tardaría aínda en callar por igual en tódolos recantos do irredento Gales.

Paralela á anterior é a cuestión de por qué foi Artur o elixido para protagonizar o renacer do seu pobo, cando, acabamos de ver, cara ó século X, esa mesma tradición a encarnaban outros personaxes. A diferencia de Cadwalladro e Cynan, os últimos reis de Bretaña, Artur personificaba un momento triunfal na loita contra os saxóns. As doce victorias que enumera a *Historia Brittonum* , extendidas por toda a xeografía bretona, son expoñente non só da identificación dos anos artúricos cunha época de gloria, senón da expansión da súa fama por tódolos currunchos da illa. A escasez de testemuños fai moi difícil reconstruír o proceso a través do que acadou a dignidade real, pero o certo é que *Kulhwch e Olwen* demostra que ese cambio se producira xa no ano 1100.

Un testemuño contemporáneo ó do citado *mabinogi* constitúeno as vidas de santos galesas[51]. A *Vita Sancti Cadoci* adxudícalle o apelativo de *rex illustrissimus Britanniae*, mentres que a *Vita Gildae* e a *Vita Sancti Cadoci* califícano de *tyrannus*. En canto á *Vita Sancti Carantoci*, descríbeo como monarca, xunto a un

---

[49] «Tunc in provincia Walarum, quae Ros vocatur, inventum est sepulchrum Walwen, qui fuit haud degener Arturis ex sorore nepos... Sed Arturis sepulchrum nusquam visitur, unde antiquitas naeniarum eum venturum fabulatur» (*Gesta regum*, III, cap. 287, p. 342).

[50] Tomado de R. S. Loomis, "The Legend of Arthur Survival", en Loomis, *Arthurian Literature in the Middle Ages*, p. 64.

[51] Bezzola, *Les origines*, 2ª parte, t. II, pp. 533-534; Faral, *La légende arthurienne*, t. I, pp. 238 e 240, e t. II, p. 411.

tal Cato, na rexión de Dindraithov: «Cato et Arthur regnabant in ista patria, habitantes in Dindraithov»[52]. Respecto ós datos proporcionados por *Kulhwhch e Olwen*, as *vitae* galesas presentan a Artur como un rei, sendo difícil estimar se os seus dominios se extenden por toda a illa ou se se limitan a Gales. A clave a este respecto radicaría no significado que as diferentes *vitae* lle outorgan ó termo *Britannia*, pois o certo é que ás veces se refire só á parte occidental de Bretaña[53]. Nalgunha ocasión, sen embargo, as súas posesións están restrinxidas a un territorio moi concreto -como mostra a *Vita Sancti Carantoci*-, mentres que noutras aparece enfrontado con outros monarcas viciños e rivais seus. Deste modo, o título de "o rei máis ilustre de Bretaña" indicaría, por un lado, que comeza a destacar por enriba doutros monarcas das tradicións insulares e, por outro, que, aínda que hai soberanos que intentan facerlle sombra, a súa figura sobresae sobre todos eles. De todos modos, lonxe quedan as esaxeracións disparatadas de *Kulhwch e Olwen*, o que permite aventurar que as tradicións consignadas nas *vitae* reflicten un estadio anterior da lenda ó recollido polo *mabinogi*.

Sexa como for, o máis interesante para o estudio que nos ocupa é comprobar como, a inicios do século XII, os bretóns esperaban o seu regreso e defendían tal crenza con toda a vehemencia que lles era posible. É, por exemplo, o que narra Herman de Tournai nos *Miracula Sanctae Mariae Laudunensis*[54]. Despois de que a igrexa de Santa María de Laon quedase destruída por un incendio, en 1112, nove coengos do capítulo decidiron emprender un periplo, coas reliquias da igrexa, para recoller fondos que permitisen a reconstrucción do templo. Durante a súa estancia en Cornualles mostróuselles a cadeira e o forno de Artur, que se custodiaban en Bodmin. Herman fala destas antigüidades como «illius famosi secundum fabulas Britannorum regis Arthuri»[55]. Nesa localidade presenciaron unha liorta entre un enfermo, que acudira en busca de curación, e un dos servintes dos coengos. O motivo da disputa era que un destes puxera en dúbida que o rei Artur seguise con vida. Herman, ademais, engade que tal tipo de enfrontamentos eran habituais entre bretóns e franceses: «Britones solent jurgari cum Francis pro rege Arturo»[56]. A distinción que Herman facía entre

[52] *Vita Prima Sancti Carantoci*, en *Vitae Sanctorum Britanniae et Genealogiae*, ed. de A. W. Wade-Evans, 1944, cap. 5, p. 145.

[53] Torres Asensio, *La "Materia de Bretaña"*, pp. 1062-1063.

[54] *Miracula Sanctae Mariae Laudunensis*, en Migne, *Patrologia Latina*, CLVI, cols. 961-1018. Vid. Faral, *La légende arthurienne*, t. I, p. 226.

[55] *Miracula*, col. 983. A pasaxe engade a continuación que os nativos consideraban aquel territorio posesión de Artur: «... ipsamque terram ejusdem Arthuri esse dicebant».

[56] *Ídem, ibídem*. A célebre anécdota aparece contada en numerosas obras. Véxanse os testemuños dados por Faral, *La légende arthurienne*, t. I, p. 225-227; Chambers, *Arthur of Britain*, p. 18;

Britanni -os bretóns insulares- e *Britones* -os continentais- permite situar as crenzas sobre Artur a ambas marxes da Canle da Mancha.

Se a expectativa no retorno triunfal do rei celta estaban arraigadas dende antes de que Monmouth compuxese a *Historia*, sorprende sobremaneira o xiro que dá á formulación da esperanza bretona. E é que o galés non vincula o rexurdir da súa patria coa resurrección de Artur, senón que establece, como condición indispensable, a traslación dos restos de Cadwalladro, o derradeiro dos monarcas que sostivo a independencia británica (*HRB*, caps. 202-206, pp. 144-147). Este personaxe -que, segundo declaración do propio Geoffrey[57]-, aparecía xa na *Historia ecclesiastica* de Beda co nome de Caedwalla-, en vez de embarcar o seu pobo en guerras de conquista, gobernou pacificamente os seus dominios e só causas superiores lle impediron traer máis paz e prosperidade a Bretaña. Primeiro, unha doenza, que debilitou a súa posición no trono e que foi aproveitada por pretendentes ambiciosos para desencadear unha guerra civil; máis adiante, é unha peste a que masacra a poboación e obriga ós celtas a abandonar a illa. Como un novo Bruto, asentarase en Armórica, mentras soña con reconquistar a súa patria, que outra vez caera en mans saxonas. Pero os plans de guerra vense desbaratados cando unha voz celestial lle aconsella que peregrine a Roma. Alí morrerá en olor de santidade e alí quedarán depositados os seus restos. A mesma voz revélalle que, gracias á súa piedade, a illa de Bretaña volverá algún día ós seus antigos posuidores. Este carácter redentor, que se deriva do estro de marabilla cristiá que arrodea tódolos seus feitos, era impensable nun guerreiro coma Artur. A condición que impón Monmouth para a recuperación bretona é a seguinte:

> «Dicía tamén que o pobo bretón, gracias á súa fe, conseguiría nun futuro a illa, unha vez que chegase o momento sinalado; nunca antes de que os bretóns se apoderasen das súas reliquias e as levasen dende Roma a Bretaña. Só entón, e tras expoñer as reliquias dos outros santos, que foran agochadas pola invasión dos paganos, recobrarían o reino»[58].

Bezzola, *Les origines*, 2ª parte, t. II, p. 535-536; Loomis, "The Oral Diffusion" pp. 53-54; Paddle, "The Nature of Arthur", *Cambrian Medieval Celtic Studies*, XXVII, (Summer 1994), pp. 4-6; J. S. P. Tatlock, "The English Journey of the Laon Canons" *Speculum*, VIII (1933), pp. 454-465.

[57] «Suscepit itaque regni gubernaculum Cadvalladrus, filius suus, quem Beda Chedwaldam juvenem vocat...» (*HRB*, cap. 202, p. 299; «Tomou a dirección do reino seu fillo Cadvalladro, ó que Beda chama Caedwalla o Mozo»). Vid. Beda, *Historia Ecclesiastica*, libro V, cap. 7, t. II, pp. 224-228.

[58] «Dicebat etiam populum Britonum per meritum fidei ipsius insulam in futuro adepturum postquam fatale tempus superueniret. Nec id tamen prius futurum quam Britones reliquiis eius potiti, illas ex Roma in Britanniam asportarent. Tunc demum reuelatis etiam caeterorum sanctorum reliquiis, quae propter paganorum inuasionem abscondite fuerant amissum regnum recuperarent» (*HRB*, cap. 205, p. 146).

Dende logo que un cambio de tal magnitude na concepción do *espoir breton* non podía ser do agrado dos celtas, que sostiñan, incluso por medio da violencia, a volta do seu rei. Como máis arriba sinalabamos brevemente, xa antes de Monmouth, o mesianismo celta fixárase nas figuras de Cadwalladro e Cynan (en Monmouth, Conan) para expresar as súas arelas de independencia do dominio xermano[59]. Esta predicción pode remontarse a 930, ano en que se data a composición de *Armes Prydein*. Esta considérase a mención máis antiga de ambos personaxes como representantes do mesianismo celta, aínda que todo leva a pensar que a relación entre un e outro sexa anterior. Probablemente máis serodia que a de *Armes Prydein* sexa a súa aparición como liberadores de Gales nas dúas últimas estrofas de *Affallennau*, considerado o máis antigo dos poemas galeses sobre Myrddin e que podería datarse entre 850 e 1050[60]. De todas formas, e aínda que *Affallennau* demostra que a tradición xurdida arredor de Cadwalladro gozou de continuidade, a súa figura non callou como mesías da independencia.

Si que o fixo, en cambio, en calidade de santo, pois deu orixe ó Kadwalaudyr Vendigeit (Cadwalladro o Bieito) das xenealoxías de santos galeses[61]. Deste modo compréndese mellor o tratamento que o personaxe recibe na *Historia*, pois, non hai que esquecer que *Armes Prydein* ou *Affallennau* o describían como un guerreiro victorioso que restablecería o poderío celta masacrando ó inimigo saxón. Non é casualidade, entón, que o relato que Monmouth fai das peripecias de Cadwalladro ofreza significativas similitudes co que se conta de San Dewi, un dos patriarcas da Igrexa galesa. Segundo relata Rhygyfarch na *Vita Sancti Dewi*, este santo peregrinou a Roma seguindo os dictados dun anxo. O paralelismo coa *Historia Regum Britanniae* refórzase ó comprobrar que unha pasaxe de *Armes Prydein* menciona cómo San Dewi se convertiría en líder dos *cymry* -os galeses- na futura loita de liberación contra os saxóns[62].

Aínda cando vemos que Geoffrey non foi totalmente orixinal na súa formulación da esperanza bretona e que toda unha tradición estaba detrás da súa

---

[59] Caldwell e Parry, "Geoffrey of Monmouth", p. 76; W. Davies, *Wales in the Early Middle Ages*, Leicester University Press, Londres / Nova York, 1996 (1ª ed. 1982), p. 211; Dumville, "Brittany", p. 152 e 156). Para unha contextualización das expectativas creadas arredor do regreso destes dous personaxes e outros similares, vid. M. E. Griffiths, *Early Vaticination in Welsh, with English parallels*, T. Gwynn Jones Ed., Cardiff, 1937, p. 146 e ss.

[60] A. H. J. Jarman, "The Welsh Myrddin Poems", en Loomis, *Arthurian Literature in the Middle Ages*, p. 28.

[61] Tatlock, *The Legendary History*, p. 253.

[62] Chadwick, "Intellectual Life", pp. 133 e 138.

pluma, non cabe a menor dúbida de que as expectativas que podía levantar Cadwalladro eran moito menores que as que suscitaba Artur. É lóxico pensar, polo tanto, que, ó optar por Cadwalladro en detrimento de Artur, contrariase a non poucos bretóns, que confiaban neste último para recuperar o esplendor de noutrora. Ademais o tratamento que Geoffrey lle dá á reconquista que ía protagonizar Cadwalladro, polo demais, traía aparelladas unha serie de consecuencias que ían máis aló do cambio de protagonista.

As circunstancias que arrodean o falecemento de Cadwalladro resultan máis verosímiles que as que acontecían na desaparición -que non morte- de Artur. O compoñente feérico que traslucía a viaxe a Avalón foi desprazado en favor do sobrenatural cristián, que é a base da viaxe a Roma. Entre un e outro paraíso, está claro que o cristián ten tódalas de gañar. Pero é que, como sinala Faral, os datos que sobre Cadwalladro aporta Monmouth corresponden non ó Caedwalla bretón, senón a un monarca homónimo da *Historia ecclesiastica*, denominado Caedwalla o Novo, que reinou entre os saxóns occidentais -os gewiseos-. Os xermanos consideraban a este segundo o primeiro rei saxón que acudira a Roma en peregrinación[63]. É dicir, que o galés, non contento con exaltar a súa patria, arrebata ós xermánicos a gloria que lles correspondía. Más aínda, o santo bretón sobre o que descansaban as posibilidades de recuperación nacional sería unha figura pantasma, posto que nin era celta nin os seus restos se conservaban en Roma. Dito con outras palabras, que esperar por Cadwalladro era aprazar *sine die* a esperanza da expulsión dos estranxeiros que habitaban en Bretaña. Por último, ó concretar o factor desencadeante que debía permitir a independencia celta, cortábase de raíz a atmosfera de mesianismo que, segundo comprobou Herman de Laon, se apoderara dos contemporáneos daquel pobo.

Este aspecto non é en absoluto despreciable, xa que o de Monmouth parece un primeiro paso para desmontar as expectativas creadas arredor de Artur. Só que o galés non se atreveu a desacreditar directamente a lenda da súa inmortalidade e preferiu presentar como auténtica outra que resultase máis creíble, aínda que así mesmo de improbable cumprimento. A obra de Geoffrey, polo tanto, inscribiríase na liña doutras manobras semellantes -tales como o descubrimento dos corpos de Artur e Xenebra en Glastonbury, así como a identificación desta abadía coa illa de Avalón-, que habían de fraguarse ó longo do século XII e que, ó final, resultarían máis certeiras que a ambigua *Historia Regum Britanniae*.

Neste sentido, a pluma galfridiana estaría a prestar un servicio á monarquía anglonormanda, reconducindo o foco de desestabilización que podía supoñer o mesianismo artúrico. A *Historia* proporciona indicios, non menos sutiles que o

[63] Faral, *La légende arthurienne*, t. II, pp. 339-340.

anterior, que apuntan nesta dirección. Así, J. Davies[64] chama a atención sobre unha pasaxe da crónica na que se estaría defendendo a supremacía de Inglaterra sobre os demais reinos da illa (*HRB*, cap. 23, p. 15). Á morte de Bruto, fundador do reino de Bretaña, seus tres fillos repártense as posesións paternas: Locrino, o primoxénito, obtivo Logres -isto é, Inglaterra-, ó segundoxénito, Cambro, correspondeulle Gales -tamén chamado Cambria-, mentres que o menor Albanacto, recibiu Albania -Escocia-. Deste modo, estaríase insinuando unha posible lexitimidade das pretensións normandas de someter o conxunto da illa, incluíndo Escocia, á autoridade do poder emanado de Londres. Ó mesmo tempo, Monmouth estaría asumindo o punto de vista dos galeses que, a través deste proceso integrador, pretendían promocionarse dentro do novo réxime.

As manobras proinglesas de Geoffrey terían continuación uns anos despois na *Vita Merlini*. Segundo afirma Clarke[65], unha das máis interesantes consistiu en converter o mesianismo nacionalista galés nun asunto de toda Bretaña. Aínda que tal afirmación parece obviar o movemento pancéltico de *Armes Prydein*, así como o arraigo da esperanza bretona entre cornualleses e armoricanos, rexistrado por Hermann de Laon, as observacións de Clarke non deixan de ser interesantes. Este autor observa como o chamamento de tódolos pobos de Bretaña con vistas á recuperación da illa, tal e como a formula a *Historia Regum Britanniae*, agocha un proceso de anglización que se acentúa na *Vita Merlini*. Nesta obra, Ganieda, a irmán de Merlín, pecha o seu discurso profético con estas palabras:

> «Ouh, qué terrible fame sobrevén, que hincha os ventres
> e baleira das súas forzas os membros dos homes.
> Comeza en Cambria, atravesa o reino ata os seus extremos
> e obriga a cruzar o mar ás míseras xentes.
> Foxen os tenreiros afeitos a vivir do leite
> das vacas de Escocia, que sucumbiron en criminal desastre.
> Marchade, neustrenses. Deixade de facer guerra
> continua nun reino libre!
> Nada queda con que saciedes a vosa gula»[66].

[64] J. Davies, *A History of Wales*, pp. 122-123.

[65] Clarke, *Life of Merlin*, pp. 17-18.

[66] «Heu, quam dira fames incumbit ut arceas alvos / evacuatque suos populorum viribus artus. / Incipit a Kambris peragratque cacumina regni, / et miseras gentes equor transire cohercet. / Diffugiunt vituli consueti vivere lacte / vaccarum Scotie morientum clade nephanda. / Iteque Neustrenses, cessate diutius arma / ferre per ingenuum violento milite regnum! / Non est unde gulam valeatis pascere vestram» (*VM*, vv. 1505-1513).

O que escondería esta pasaxe é unha chamada á unidade contra os normandos, pero estes non son xa os descendentes dos que chegaron con Guillerme o Conquistador, senón os defensores da emperatriz Matilde, que, lembremos, tiñan a súa base de operacións máis importante no Continente -Normandía e Anjou-. Dito con outras palabras, a perspectiva que nos ofrece o conxunto da obra de Monmouth mostra unha desceltización -e en consecuencia, unha desideoloxización- dun dos focos de inestabilidade que podía afectarlle á monarquía normanda. Este cambio de postura podería estar motivado, dende unha perspectiva inmediata, por unha circunstancia lóxica: nos anos en que Geoffrey compón a *Vita*, o despertar dos principados galeses non era a única preocupación para a nacente Inglaterra, xa que a guerra civil e a anarquía asolaban o país dende a morte de Henrique Beauclerc. Por esta razón, xunto á anglización do *espoir breton*, os versos da *Vita* conterían unha implicación en dito conflicto dinástico e, segundo afirma Clarke, unha clara toma de postura en favor de Esteban.

Galeses e bretóns na crónica de Monmouth

Estas mensaxes intencionadas dirixidas contra o mesianismo celta que revela a lectura da *Historia* non deben sorprender o máis mínimo. Durante os primeiros anos do século XII, Gales constituíu unha continua ameaza para a monarquía inglesa. Precisamente nos dous anos que seguiron á aparición da *Historia*, os galeses non só recuperaron o control sobre boa parte do principado, senón que romperon a liña defensiva da *Marchia Walliae* e levaron a guerra ás fronteiras inglesas[67]. É xusto a estes galeses irredentos ós que Geoffrey lles dedica epítetos moi duros no penúltimo capítulo do seu libro:

> «Sumíronse na barbarie e xa non se chamaban bretóns, senón galeses, termo que procede ben do seu caudillo Galón, ben da raíña Galaes, ben da súa barbarie. En cambio os saxóns actuaron con máis sabiduría e mantiveron a paz e a concordia entre eles, cultivaron os campos e reedificaron as cidades e as fortalezas. Destruído deste xeito o poder bretón, dominaron todo Logres baixo o seu xefe Adelstan, que foi o primeiro en cinguir coroa. Os galeses, indignos da nobreza dos bretóns, nunca máis recuperaron a monarquía da illa e déronse a inútiles loitas cos saxóns e entre si, involucrados en sucesivas desgracias externas e internas »[68].

[67] R. R. Davies, *The Age of Conquest*, pp. 45-46.

[68] «Barbariae etiam irrepente iam non uocabantur Britones sed Gualenses, uocabulum siue a Gualone duce eorum siue a Galaes regina siue a barbarie trahentes. At Saxones sapientius agentes, pacem et concordiam inter se habentes, agros colentes, ciuitates et opida aedificantes et sic abiecto dominio Britonum, iam toti Loegriae imperauerant duce Adelstano qui primus inter eos

O que vén demostrar a citada pasaxe é que para Monmouth, os galeses, aínda que proceden da liñaxe dos bretóns, non se poden identificar exactamente con estes segundos. Como reflicte a evolución das palabras *Cymry* (galeses) e *Brythoniaid* (bretóns), a distinción entre ambos pobos non sería anterior á batalla de Dirham (577). O primeiro termo pasou de significar 'paisano', 'compatriota' a denominar os habitantes dun país concreto e, posteriormente, ó propio país (*Cymru*). O seu abundante emprego en *Armes Prydein* indica a consolidación do termo, que por aquel entón aínda confluiría con *Brythoniaid*. Aínda nos tempos de Geoffrey, a miudo os galeses chamábanse a si mesmos 'bretóns', da mesma maneira que mantiñan aceso o recordo dunha Bretaña reunificada. De todas formas, *Brythoniaid* caería en desuso ó longo do século XII[69].

Segundo o punto de vista de Monmouth, os galeses descenden dos bretóns; afástaos deles, sen embargo, unha progresiva dexeneración que os converteu nun pobo salvaxe. Ademais deste proceso dexenerativo, dúas rupturas na historia de Bretaña marcan as distancias entre unha e outra nación. A primeira prodúcese como consecuencia da expedición continental de Maximiano, para a que este tirano recrutou e levou consigo os mellores homes de armas que había na illa. Toda unha xeración de guerreros abandonou a súa patria para non regresar nunca, xa que, cando Maximiano foi asasinado en Roma, moitos seguiron a sorte do seu caudillo e os sobrevivintes encontraron refuxio entre os celtas armoricanos (*HRB*, cap. 88, pp. 57-58). O motivo non é creación de Geoffrey, antes ben remonta ó discurso patriótico da *Historia Brittonum*. O reelaborador desta sección da crónica atribuída a Nennio, que se baseaba en datos procedentes de Zosimo e, indirectamente, tal vez de Apolodoro[70], atopou así unha eficaz excusa coa que explicar o terror en que ficou sumida Bretaña trala marcha dos romanos[71]. Outra medida do propio Maximiano agravou a situación dos bretóns, pois para a fundación do reino de Armórica fixo conducir civís coa fin de repoboar

diadema portauit. Degenerati autem a Britannica nobilitate Gualenses nunquam postea monarchiam insulae recuperauerunt; immo nunc sibi, interdum Saxonibus ingrati consurgentes externas ac domesticas clades incessanter agebant» (*HRB*, cap. 207, p. 147).

[69] J. Davies, *A History of Wales*, p. 71; R. R. Davies, *The Age of the Conquest*, p. 16.

[70] Leckie, *The Passage of Dominion*, p. 34.

[71] «Septimus imperator regnavit in Brittannia Maximianus. Ipse perrexit cum onmibus militibus Brittonum a Brittannia, et ocidit Gratianum, regem Romanorum, et imperium tenuit totius Europae, et noluit Brittonum a dimittere milites, qui perrexerunt cum eo, ad Brittanniam, ad uxores suas et ad filios suos et ad possessiones suas, sed dedit illis multas regiones a stagno quod est super verticem Montis Jovis usque ad civitatem quae vocatur Cant Guic, et usque ad cumulum occidentalem, id est cruc Ochidient. Hi sunt Brittones Armorici, et nunquam reversi sunt hac usque in hodiernum diem. Propter hoc Brittannia occupata est ab extraneis gentibus et cives expulsi sunt, usque dum Deus auxilium dederit illis.» (*HB*, cap. 27, pp. 19-21; «O séptimo empe-

os novos territorios. A desprotección en que queda Gran Bretaña a causa da baixeza dos seus habitantes encóntrase expresada en varias pasaxes. A primeira vén xustificar a facilidade con que os pobos bárbaros se ensañan cunha nación en teoría tan valerosa:

> «Daquela Guanio e Melga, impíos caudillos dos pictos e dos hunos que defendían a causa de Graciano e Valentiniano, souberon que tódolos homes de armas marcharan da illa de Bretaña, dirixíronse cara a aló con toda rapidez, aliáronse cos habitantes das illas veciñas e desembarcaron en Albania. Unha vez reunido o exército, invadiron o reino, que carecía de xefes e defensores, e masacraron ó pobo desprevenido. Como xa se dixo anteriormente, Maximiano levara consigo tódolos guerreiros novos que puido atopar e deixou inerme os ignorantes campesiños»[72].

Un pouco máis abaixo, os romanos renuncian a defender a illa dos ataques dun inimigo ó que califican de «imbelles et erraticos latrunculos» e repróchanlles ós habitantes de Bretaña a ineptitude para defender a súa patria. A admonición que Güetelino, arcebispo de Londres, dirixe á moitedume reunida insiste na baixa calidade moral dos seus compatriotas:

> «... lamento a orfandade e febleza nas que nos atopamos, despois de que Maximiano despoxase este reino de todo o seu exército e de toda a súa mocidade. Vós sodes o que queda, unha plebe ignorante dos asuntos da guerra e que se dedica a outros oficios, como o cultivo dos campos e as actividades comerciais»[73].

---

rador que reinou en Bretaña foi Maximiano. Este partiu de Bretaña con tódolos soldados da illa e matou a Graciano, rei dos romanos; e tivo baixo o seu poder a toda Europa e non permitiu que os soldados que marcharon con el volvesen onda as súas mulleres, os seus fillos e as súas posesións, senón que lles deu moitas terras, dende o lago que está no cumio do Mont-Jou ata a cidade chamada Quentowic e o cúmulo occidental, é dicir, Cruc Ochidient. Estes son os bretóns de Armórica, que nunca regresaron a aquí ata o día de hoxe. Por este motivo os pobos estranxeiros ocuparon Bretaña e expulsaron os seus habitantes, ata que Deus os auxiliase.»).

[72] «Tunc nefandi Pictorum et Hunorum duces Wanius et Melga qui parti Gratiani et Ualentiniani fauebant, cum didicissent insulam Britannie ab omni armato milite uacuatam, iter festinatum uersus illam direxerunt associatisque sibi collateralibus insulis in Albaniam applicuerunt. Agmine igitur facto inuaserunt regnum quod rectore et defensore carebat uulgus irrationabile cedentes. Abduxerat enim secum Maximianus, ut predictum est, omnes bellicosos iuuenes qui repperiri potuerunt; inermes colonos atque inconsultos reliquerat» (*HRB*, cap. 88, p. 57-58).

[73] «... miseret enim me orphanitatis et debilitatis que nobis accessit postquam Maximianus regnum istud omni milite omnique iuuentute spoliauit. Uos autem reliquie eratis, plebs usus belli ignara, que ceteris negotiis ut in terris colendis diuersisque commercii machinationibus intendebant» (*HRB*, cap. 90, p. 59).

Por último, unha vez que as lexións imperiais abandonan Bretaña e se produce a temida invasión, velaí que xorden de novo os lamentos polos que se foron:

> «¡Ouh, vinganza divina polos crimes do pasado! ¡Ouh, tantos feros guerreiros ausentes pola tolemia de Maximiano! (...) Así sucede cando a defensa dun reino recae en rústicos (...) Igual que o año o é polo lobo, así a deplorable plebe é esnaquizada polos inimigos»[74].

A insistencia de Monmouth acerca da orixe da debilidade bretona deixa ben claro que, por un lado, esta se produce porque os novos gobernantes proceden do baixo pobo e carecen das cualidades necesarias para dirixir un reino; e, por outro, que a tal situación se chega por culpa da dominación do Imperio e da ambición desmedida dun tirano como Maximiano, á vez de sangue celta e romano.

A segunda ruptura producirase cando a estrela bretona comezou xa a declinar. Trala paréntese que supoñen os reinados de Constantino e Constante e a época de esplendor de Aurelio Ambrosio, Úter Pendragón e Artur, os británicos volven sumirse nun período de decadencia. As guerras intestinas e a presión dos estranxeiros debilitan a posición dos nativos; e a situación vólvese dramática cando se propaga unha epidemia de peste:

> «Acaeceu un novo mal, xa que unha terrible e longamente lembrada fame afrixiu o embrutecido pobo, ata o punto de que o país carecía de calquera alimento, agás o que proporcionaba a arte da caza. Trala fame veu unha mortífera peste que, en pouco tempo, decimou tanto a poboación, que non había vivos para enterrar os mortos»[75].

A obrigación de practicar a caza supón unha evidente regresión cultural[76], lonxe dos fastos e a pompa cortesá de noutrora. Geoffrey busca nestas liñas un contraste co período de gloria que representou o reinado artúrico. A este respecto, o cumio da historia bretona parecen representalo, pola súa magnificencia, a coroación de Artur en Caerleon e as festas que se celebraron para conmemorala.

---

[74] «O diuinam ob preterita scelera ultionem! O tot bellicosorum militum per uesaniam Maximiani absentiam! (...) Sic est cum regnum tutamini rusticorum deseritur. (...) Et sicut agni a lupis, ita deflenda plebs ab inimicis decerpitur» (*HRB*, cap. 91, p. 60).

[75] «Accessit aetiam aliud infortonium quia fames dira ac famosissima insipienti populo adhesit ita ut totius cibi sustentaculo quaeque uacuaretur prouincia excepto uenatoriae artis solatio. Quam uero famem pestifera lues mortis consecuta est quae in breui tantam populi multitudinem strauit quantam non poterant uiui humare» (*HRB*, cap. 203, p. 145).

[76] Para a caza como regresión cultural, dende o punto de vista da sociedade cortés, vid. J. Le Goff "Esbozo de análisis de una novela de caballería. Lévis-Strauss en Brocèliande", en *Lo maravilloso y lo cotidiano en el Occidente medieval*, Gedisa, Barcelona, 1991, pp. 86-95).

Non en van, esta efeméride merece a descrición máis prolixa de toda a *Historia* (*HRB*, caps. 156-157, pp. 109-112). Como remate, a mortandade ocasionada pola epidemia provoca un colapso demográfico que remite a unha situación moi semellante á dos tempos que seguiron á morte de Maximiano. Mentres que a gran maioría dos bretóns perece víctima da pestilencia, un grupo numeroso atravesa a Canle e establécese en Armórica. Os que quedan serán os antepasados dos galeses que coñeceu Monmouth:

> «Durante once anos Bretaña quedou despoboada, agás por uns poucos habitantes ós que a morte respectara en terras de Gales. Os propios bretóns abominaban da súa antiga patria e ós saxóns consideraban que a illa era un lugar insalubre, xa que nela morrían a cotío»[77].

O miserable da súa condición reflíctese no feito de sobrevivir a unha situación tan adversa, embrutecidos na espesura dos bosques de Gales (*HRB*, cap. 204, pp. 145-146), nun momento en que mesmo os saxóns abominaban da fértil Bretaña de antano.

Estas dúas fracturas afastaban a gloriosa estirpe de Bruto dos habitantes de Gales e dificultaban a identificación deste últimos coas proezas relatadas nas páxinas precedentes da *Historia* e coa exaltación que dos británicos leva a cabo Geoffrey. Sutil maneira de tranquilizar os ánimos dos magnates anglonormandos ós que ía dirixida a crónica. Claro que situar os tempos de Artur entre una e outra crise implicaba, a primeira vista, unha certa contradicción. Ou ben hai que supoñer unha recuperación moral dos ineptos labregos que permaneceron trala campaña de Maximiano ou ben o reinado deste non constituía o auténtico apoxeo do pobo bretón. Non pode pasar desapercibido, por exemplo, que Artur non consegue chegar a Roma, proeza que si lograran Belino, Constantino ou o mesmo Maximiano. A expedición de Artur, en cambio, queda a medio camiño da capital do Imperio. Nesta circunstancia quíxose ver o comezo da decadencia do pobo bretón, que disfrutaría do seu apoxeo antes do reinado artúrico. Este, que suporía un período de madurez, oporíase ós anos de vigor representados polos tres gobernantes citados. Esta explicación encontraría o seu correlato na visión cíclica da Historia que aplica Monmouth na súa crónica[78].

---

[77] «Britannia ergo cunctis ciuibus exceptis paucis quibus in Gualiarum partibus mors pepercerat desolata per .xi. annos Britonibus horrenda fuit; Saxonibus quoque eadem tempestate ingrata qui in illa sine intermissione moriebantur» (*HRB*, cap. 204, p. 145).

[78] Hanning, *The Vision of History*, pp. 148; R. W. Leckie, *The Passage of Dominion. Geoffrey of Monmouth and the Periodization of Insular History in the Twelfth Century*, Toronto University Press, Toronto / Londres, 1981; C. E. Harding, *Merlin and Legendary Romance*, Garland Publishing, Nova York / Londres, 1988, pp. 63-64.

A explicación para esta aparente contradicción estaría en non confundir o pobo baixo con toda a nación celta. Unha vez que marcharon os *bellatores*, os que fican en Bretaña para facer fronte ós pictos son as capas populares da sociedade, é dicir, os *laboratores*[79]. Pero isto non implica que nos tempos artúricos dexenerase a raza bretona, a cal contaba co recurso dun novo e florecente reino na costa do continente. De feito, os británicos estarán a mercede dos bárbaros ata o momento en que os armoricanos lles prestan auxilio e lles envían, xunto a un reducido exército -de a penas dous mil homes-, un caudillo enérxico e capaz, Constantino, irmán do rei de Bretaña a Menor, Aldroeno. Este será o pai de Aurelio Ambrosio e Úter Pendragón e o abó de Artur. Así mesmo, hai que recordar que este último, para levar a cabo as súas empresas, contou co apoio constante do seu curmán, Hoel de Armórica, quen o axudou a vencer ós saxóns e a conquistar o seu imperio.

Que Geoffrey sentía unha profunda simpatía polos bretóns continentais é algo que se puxo de manifiesto repetidamente á vista do destacado papel que estes desempeñan tanto na *Historia* como na *Vita*. As explicacións para esta circunstancia foron de natureza moi diversa. Unhas baséanse en aspectos políticos, de tal maneira que Geoffrey non estaría senón reflectindo a admiración que sentía polos armoricanos, que mantiñan, aínda no século XII, un reino capaz de facer fronte a veciños máis poderosos, como eran franceses e normandos. Outras buscarían un motivo máis persoal, de aí que algunhas hipóteses chegasen a aventurar que o autor galés era de ascendencia armoricana[80].

Polo demais, a situación que provoca a dexeneración galesa é distinta da que provocou a caída bretona. Por unha parte, non se insiste na ineptitude dunha clase social determinada para levar as rendas da nación, senón na regresión cultural dunha sociedade. Gillingham[81] chama a atención sobre o espallamento do concepto de barbarie que ten lugar durante o século XII. Este estudioso amosa que, mentres que a historiografía de séculos precedentes consideraba bárbaros ós pobos pagáns, na época de Monmouth a relación civilización - barbarie establecíase, posiblemente debido á recuperación do mundo clásico que tiña lugar daquela, en termos económicos e culturais, de tal xeito que unha sociedade pastoril como a galesa foi víctima de tal prexuízo por parte da historiografía ingle-

[79] A literatura secular do século XII retoma o antigo concepto da sociedade trifuncional indoeuropea e feudal (G. Duby, *Los tres órdenes o lo imaginario del feudalismo*, Taurus, Madrid, 1992, pp. 353-397 e "The Culture of the Knightly Class. Audience and Patronage", en Benson - Constable e Lanham (eds.), *Renaissance and Renewal*, p. 250).

[80] Tatlock, *The Legendary History*, pp. 396-400; Caldwell e Parry, "Geoffrey of Monmouth", p. 73; Clarke, *Life of Merlin*, p. 168; Hanning, *The Visions of History*, p. 167; Harding, *Merlin*, p. 56.

[81] Gillingham, "The Context and Purposes", pp. 105-110.

sa. Para Gillingham a composición da *Historia* pretendía ser unha resposta a esta visión desfavorable dos galeses, pois nela se describe unha civilización digna de competir coa saxona e normanda; o mesmo tempo, Geoffrey aspiraba a invalidar unha declaración de Henry de Huntingdon que igualaba os homes que descoñecían a súa propia historia coas bestas[82].

Agora ben, a crónica de Monmouth podía servir para demostrar que os galeses tiñan historia, pero mal se comprende que buscase contradicir a visión de pobo bárbaro cunha declaración como a que pecha a *Historia*. Non é de estrañar que os galeses se identificasen co pasado bretón descrito por Geoffrey; os antigos británicos eran, á fin e ó cabo, os antergos dos galeses e un pasado glorioso como o da *Historia* era xusto o que necesitaba unha nación que se sabía á defensiva. Outra cousa é que realmente Monmouth buscase a equiparación dos galeses cos bretóns. Sostén Gillingham[83] que criticar a xeración contemporánea dun pobo por dexenerar nos costumes dos antepasados era un tópico demasiado extendido como para tomar ó pé da letra as diatribas da *Historia* contra os galeses. Pero o certo é que Monmouth non se dirixe, alomenos explicitamente, ós contemporáneos, senón que está illando unha causa que explique unha situación actual. Os bretóns perderon a illa por calamidades naturais -fame e peste- e polos dictados celestiais transmitidos a Cadwalladro, pero encarnáronse nun pobo cheo de dignidade coma os armoricanos. En cambio os galeses, despois da regresión cultural, non conseguiron recuperarse e, como demostra a situación do século XII, seguían sumidos dende daquela nunha continua postración que lles impedía sacudirse o dominio inglés e reconquistar a illa. É posible que Monmouth contemplase a contraofensiva galesa deses anos como un despertar decisivo que habería cambiar as relacións entre o Principado e Inglaterra. Sen embargo, non hai por qué pensar que a recuperación galesa trala morte de Enrique Beuclerc suscitase maiores expectativas que outras situacións semellantes que se produciran anos atrás. Lembremos que só cincuenta anos antes Gruffud ap Llewelyn tamén derrotara ós ingleses e que iso non foi impedimento para que en pouco tempo case que a metade do principado caese en mans normandas. A lectura máis obvia, e a que debía impoñerse ós lectores da época, é que Geoffrey atribuía ós galeses a mesma condición bárbara que outros historiadores anglonormandos lles adxudicaban. Neste sentido, o futuro bispo de Saint Asaph compartiría os prexuízos da cultura dominante na illa e reafirmaría a convicción de que só a través da influencia inglesa poderían os galeses recuperar a dignidade que tiveron nos tempos da monarquía británica.

[82] *Historia regum Anglorum*, pp. 2-3.

[83] Gillingham, "The Context and Purposes", p. 104.

A todo isto debemos engadirlle unha última circunstancia que dificulta a posible recuperación dos descendentes dos bretóns. A diferencia do que sucedera cando marcharon os romanos, os armoricanos non acoden en axuda dos galeses cando os xermanos se apoderan definitivamente da illa. Gillingham[84] sinala novamente ó respecto o paralelo que existe entre esta pasaxe e a etapa de vida silvestre na que caeran os troianos durante a guerra cos gregos (*HRB*, cap. 8, p. 3-4), de tal maneira que a *Historia* se abriría e pecharía con dous episodios similares. A conclusión que extrae é que, se os troianos puideron recuperarse e acadar a gloria, nada obsta para que os galeses protagonicen un rexurdimento similar. Agora ben, como se pode apreciar, o ton dunha pasaxe e doutra é dispar. Mentres que os galeses se ven obrigados a vivir nos bosques, os troianos escollen tal tipo de vida antes que perder a súa liberdade («prefería levar a vida das feras, é dicir, comendo carne e herbas...», *HRB*, cap. 8, p. 4)[85]; igualmente, no episodio que relata a etapa silvestre dos troianos non hai indicios de regresión cultural, en tanto que Monmouth chega a suxerir que o termo 'galés' xurdiu como froito da barbarie do pobo bretón («vocabulum... a barbarie trahentes»).

Ademais, para postular a expectativa dun rexurdimento galés habería que ter en conta varios factores contrarios. Un, o proceso de inevitable decadencia que viven os bretóns e que dificultaría o seu rexurdimento. Se é certo que a nación celta esgotou os ciclos de ascenso e de esplendor, a semellanza doutros imperios da Antigüidade que nunca volveron, a Geoffrey resultaríalle aventurado vaticinar un renacemento bretón, mesmo encabezado polos galeses. Daquela, habería que disociar os galeses dos antigos británicos e concibir aqueles coma unha nova nación que aínda esperaba o momento de apoxeo. Claro que entón non se pode aducir un renacer galés trala postración, ó xeito do que levaron a cabo os troianos, toda vez que troianos e galeses se revelan como dous pobos diferentes. Pero isto último poñería en dúbida a capacidade de recuperación galesa, baseada no exemplo dos seus antergos. Como se pode apreciar, dun modo ou doutro, o futuro galés amosaríase suxeito a moi serias reservas. Un novo factor redunda nesta visión negativa e este non é outro que a revelación divina a Cadwalladro, que establece unha condición de difícil cumprimento para que a illa volva estar unificada baixo mandado celta. Esta sentenciaría ós celtas occidentais a viviren condenados a sufrir *sine die* a opresión saxona e confirmaría que eran indignos de encabezar a recuperación de Bretaña.

Entre os defectos que lastran o futuro dos galeses está a pertinacia en guerrear, non xa entre si -o grande erro dos británicos, segundo a *Vita Merlini*-,

[84] *Ibíd.*, p. 110.

[85] «Preferebat namque ferino ritu, carnibus uidelicet et herbis...» (*HRB*, cap. 8, p. 4).

senón cos seus viciños. Casualmente estes non son outros que os saxóns, a nación denostada durante toda a crónica, que, ó final, sabe adaptarse ó cambio dos tempos e se dedica a procurar a súa prosperidade en paz. Se os xermanos son inferiores ós británicos, son, en cambio, moi superiores ós galeses. Para calibrar a parcialidade da pasaxe arriba reproducida e o inxusto do xuízo de Geoffrey, bastará con reflexionar acerca do grande defecto que se atribúe ós bretóns, causa, en fin, da súa perdición. Monmouth buscaba a exaltación dos seus antepasados, polo que a orixe da perda da independencia bretona deixa de fundamentarse nos factores que lles atribuíra Xildas.

A degradación moral que describía *De excidio* está practicamente ausente na *Historia Regum Britanniae* e, caso de que apareza, farao encarnada en gobernantes concretos, allea polo tanto á condición do resto da nación. Esta explicación, unha vez máis, non é orixinal de Monmouth, senón que remonta á *Historia Brittonum*. Así, nesta obra a covardía bretona, que en Xildas era un dos desencadeantes da caída da illa, foi substituída pola perniciosa intervención de Roma -véxase, por exemplo a expedición de Máximo, o Maximiano de Geoffrey-. Na *Historia Regum Britanniae* a situación respecto a Xildas cambiou xa completamente: é o exceso de ambición e bravura o que empurra ós soberanos bretóns a conquistas exteriores que, co tempo, debilitan a súa propia patria. Máis que degradación moral, o que hai é unha virtude que, empregada en exceso, se converte en defecto.

Como é fácil supoñer, a dexeneración dos británicos mostrábase xa moi matizada na crónica atribuída a Nennio. Con todo, a variedade de fontes e relatos -a miúdo contradictorios- que conforman esta obra impiden chegar a unha conclusión única a este respecto. É por esta razón que Hanning[86], ante a inexistencia dun espírito unitario, tan pronto disocia a perversión dos reis da condición moral dos seus súbditos -é o que sucede no episodio da torre de Vortigern-, como asimila a depravación duns e outros -por exemplo, na matanza que segue á traizón de Hengist-. De ambas posibilidades, Monmouth escollerá, obviamente, a primeira, que resulta máis favorable para os británicos.

As consideracións anteriores resúmense no tratamento que Nennio e Geoffrey dispensan a Vortigern, incluíndo as contradiccións internas da *Historia Brittonum*. Máis arriba sinalabamos como os varios episodios que nela protagonizaba este tirano reflectían dous puntos de vista diferentes: o da predicación de San Xermán insistía na súa personalidade pervertida, mentres que a pasaxe da torre e os dragóns, ó describilo como un personaxe de carácter débil, se centraba nas consecuencias negativas que tal circunstancia acarreaba para a política de Bretaña. Sen embargo, incluso neste segundo caso é posible encontrar indicios

[86] Hanning, *The Vision of History*, pp. 112-113 e 118.

que agochan faltas de tipo espiritual. Así, Zumthor[87] chamou a atención acerca da dimensión moral virtuosa de Ambrosio, o neno sen pai que revela o misterio dos dous dragóns, de tal maneira que o diálogo que ambos manteñen hai que interpretalo como un enfrontamento implícito, onde Ambrosio sae triunfador. Non en van, o episodio remata co 'trunfo' deste, de aí que Vortigern se retire ó norte da illa e lle ceda ó seu opoñente toda a parte occidental, xusto a que, nos anos en que se compuxo a *Historia Brittonum*, resistía aínda a presión saxona. Polo tanto, é posible deducir que, se Ambrosio se caracteriza pola súa virtude -así por exemplo, non naceu do pecado e ten dons proféticos-, Vortigern faino pola súa perversión.

De todas formas, hai que insistir en que, a pesar das apreciacións anteriores, a actitude cando menos fluctuante da *Historia Brittonum* supón un cambio de talante respecto ó discurso abertamente condenatorio de *De excido et conquestu Britanniae*. De feito, o contraste entre o relato da torre e o da predicación de San Xermán, como diciamos máis arriba, non deixa de ser evidente. Como tamén o é a actitude do narrador cando describe o momento en que Vortigern se namora da irmá do saxón Hengist. A sensación de horror que lle produce a atracción que o rei bretón sinte por unha pagá exprésase nestes termos: «mentres bebían, entrou Satanás no corazón de Vortigern»[88].

En cambio, a falta que a crónica galfridiana lle adxudica a este monarca de infausta memoria é de natureza estrictamente política, posto que é el quen, coa súa covardía e debilidade, propicia o establecemento dos saxóns[89]. Este, a debilidade, era o outro gran demérito que, dende sempre, caera sobre os británicos. A descrición que deles nos ofrece Monmouth insistirá xusto en todo o contrario. A ambición dos gobernantes, combinada coa ferocidade do seu pobo, convertera a historia da nación celta nunha sucesión de guerras, tanto fratricidas como de conquista, só interrumpida por ocasionais períodos de paz. Este será o principal defecto que Geoffrey lle adxudique ós seus connacionais e que, como expoñente do seu salvaxismo, fai extensivo ós galeses do século XII.

Claro que, en tanto que historiador, era imposible que ignorase que, a pesar do esplendor que, en certos aspectos, alcanzara Inglaterra baixo o dominio saxón, a unidade foi un proceso lento que tardou séculos en conseguirse. En moitos puntos, a historia da Inglaterra saxona e a de Gales foron semellantes, por canto no principado existiu así mesmo a tendencia a unificar os diferentes reinos. Claro que á diferencia dos ingleses, os galeses concibiron a unificación

[87] Zumthor, *Merlin le prophète*, pp. 14-16.

[88] «illis autem bibentibus, intravit Satanas in corde Guorthigirni» (*HB*, cap. 38, p. 29).

[89] Faral, *La légende arthurienne*, t. II, p. 216.

coma algo circunstancial que non sobrevivía ó monarca que a conseguía, xa que a conciencia de pertenceren a unha mesma nación non implicaba a unidade política nin desbotaba a posibilidade de guerras entre os distintos reinos[90]. Noutras palabras, que o que o comentario final da *Historia* se propón mostrar é que así como a persistencia en manter estériles guerras internas afasta os gloriosos bretóns e os irredentos galeses, habería en cambio continuidade entre os descendentes dos saxóns e a nova monarquía, ambos garantes da paz e a prosperidade para unha illa como era Bretaña, que, como amosa a descrición con que se inicia a crónica, tan privilexiada fora por Deus[91]. É xusto na continuidade co pasado saxón no que insistira a manobra lexitimizadora normanda. A causa desta postura de Geoffrey tal vez estea no recrudecemento das hostilidades na fronteira galesa, pero o máis probable é que agoche os desexos dunha monarquía forte que restableza a paz perdida trala morte de Henrique Beauclerc e dea fin á anarquía que dende daquela se apoderara de Bretaña. Non sería casual, a este respecto, que, segundo a *Historia*, os momentos de gloria para Bretaña veñan da man de reis enérxicos (Bruto, Belino, Artur), en tanto que a ruína coincida con líderes débiles (Constante ou Vortigern). Esta circunstancia deu lugar a interpretacións que, como a que sostén Flint[92], relaciona a exaltación das virtudes seculares por parte de Monmouth coa crítica ás ordes monásticas. Tamén é posible relacionalo coa emerxencia da conciencia individual no século XII[93], aínda que quizais pesase máis a situación de inseguridade de Inglaterra nesa época. A aspiración dun soberano poderoso e sólido, ó estilo de Henrique I, estaría detrás do prototipo de monarca que a través da *Historia* propón Monmouth. Este monarca debía exercer un liderazgo o suficientemente forte como para manter unificado o reino[94]. Este último aspecto, o reino unificado, sería a estructura política ideal propugnada polo escritor galés. Anos máis tarde, na *Vita Merlini*, Geoffrey incluirá dito argumento entre as lamentacións pola ruína da súa patria.

---

[90] R. R. Davies, *The Age of the Conquest*, p. 14.

[91] A descrición de Bretaña que ofrece Monmouth baséase na *laus Britanniae* con que Xildas abría *De excidio et conquestu Britanniae* (cap. III, pp. 89-90). O tópico fora retomado tamén por Beda (*Historia Ecclesiastica*, libro I, cap. I, t. I, pp. 10-20) e, xa no século XII, por Henry de Huntingdon, un dos historiadores que máis influíron na composición da *Historia Regum Britanniae* (*Historia regum Anglorum*, I, caps. 1-3, pp. 5-7).

[92] Flint, "The *Historia Regum Britanniae*", pp. 643-464.

[93] Hanning, *The Visions of History*, p. 143.

[94] Vid. Leckie, *The Passage of Dominion*, *passim*.

A política normanda no continente: a cuestión do Imperio

A postura adoptada por Monmouth é, como se pode observar, de interesado apoio á dinastía normanda. Tal apreciación vese corroborada ó analizar o tratamento que dispensa ó outro grande centro de interese da nova monarquía, a política no continente. Neste punto, a *Historia* insiste en mostrar que a continuidade da dominación do norte de Francia, cando non de toda a Galia, dende a outra beira da Canle foi unha constante ó longo do tempo. O certo é que ese territorio constituíra dende sempre a área de expansión natural británica e que, polo mesmo, aparecía vinculado por fondas raíces ós acontecementos de Gran Bretaña. O primeiro contacto dos bretóns coa Galia producírase cando aínda non acadaran o seu asentamento definitivo e se denominaban troianos. Da breve estancia de Bruto en Aquitania ficara, ademais da lembranza das súas victorias, a fundación da cidade de Tours, segundo demostraba unha autoridade incontestable, como era Homero (*HRB*, cap. 19, p. 12). O seguinte monarca británico en derrotar os galos sería Ebrauco e tras el viría unha lista de trunfos máis ou menos efímeros, que culminarían na colonización de Armórica por parte de Máximo e Conan (*HRB*, cap. 84, pp. 159-160) e na conquista da Galia por Artur, quen repartiu as novas posesións entre os seus súbditos (*HRB*, cap. 155, p. 242).

A vinculación entre o continente e a illa non se limitaría ás relacións derivadas da guerra, senón que tamén estaban fundamentadas nas alianzas matrimoniais. A máis antiga remontaba a Cordelia, filla de Lear, que casara con Aganipo, rei dos francos. A axuda de Cordelia e Aganipo sería fundamental para que o soberano bretón recuperase o trono que lle arrebataran os seus outros dous xenros, os reis de Cornubia e Albania. Á súa morte, a mesma Cordelia levaría o cetro bretón durante cinco anos, conseguindo unha momentánea unificación das dúas beiras da Canle (*HRB*, caps. 31-32, pp. 19-23). As circunstancias que arrodean a recuperación de Lear son de sumo interese, por canto evocan as da chegada normanda. Estariamos deste modo ante una xustificación solapada da empresa encabezada por Guillerme o Conquistador, posto que en ambos casos unha expedición proxectada dende un principado continental restablecía a rama lexítima no gobierno da illa. Sen embargo, e a pesar das evidentes similitudes, o máis probable é que o episodio de Cordelia atope o seu adecuado paralelo na política contemporánea a Monmouth. Este personaxe sería un trasunto da emperatriz Matilde, filla de Henrique Beauclerc e herdeira lexítima ó trono de Inglaterra, da mesma maneira que Aganipo o sería de Geoffroi de Anjou. O episodio en cuestión agocharía daquela unha dobre lectura, pois ó tempo que lexitimaba o control inglés sobre os territorios do continente, significaba unha toma de postura por parte de Monmouth na guerra civil entre Esteban e Matilde.

Non menos esclarecedor resulta o tratamento que a *Historia* dispensa ás conquistas artúricas. Ó analizar esta pasaxe, destacouse, como factor de axuda á política normanda, a coincidencia dos territorios que Artur condece ós seus homes de confianza coas terras que ambicionaba o poder normando ou que, dalgunha maneira, estaban vinculadas a el:

> «Pasaron, entre tanto, nove anos, nos que someteu tódalas rexións da Galia, e Artur volveu a París e celebrou alí cortes. Nelas reuniu o clero e o pobo e confirmou a paz e o a lei no reino. Daquela concedeulle Neustria, que agora se chama Normandía, ó seu copeiro Bedevere, a provincia dos andegavensios ó seu senescal Kai e deulles en recompensa ós nobres varóns que o serviran moitas outras provincias. Despois de pacificar tódalas cidades e pobos, regresou a Bretaña ó comenzar a primavera»[95].

Como ben glosa o propio Monmouth, Etrusia (tamén Neustria) corresponde ó ducado de Normandía. En canto á «Audegauensium provinciam», trátase da provincia dos anxevinos, ou sexa Anjou. A reivindicación deste ducado para un monarca inglés cobrou sentido a partir de 1128, ano en que tiveron lugar as nupcias entre Matilde e Geoffroi. Esta voda, sen embargo, non supuxo unha avenencia inmediata entre ingleses e anxevinos. O de Anjou era inimigo de Inglaterra e non dubidou en combater o seu sogro, de aí que a relación entre Henrique I e súa filla se degradase. Os intereses de Geoffroi non coincidían cos que Monmouth sostiña na súa crónica, xa que tres anos despois da morte de Henrique, en 1139, ambos cónxuxes pactaron un reparto das posesións inglesas, nese momento en poder de Esteban: a emperatriz faríase cos territorios insulares, mentres que o conde se apropiaría de Normandía[96].

Igualmente rechamante, pola súa hostilidade, é tratamento dispensado ó Imperio Romano. Nada que ver coa rendida admiración que profesaba Xildas á cultura e ó poder latinos[97]. En cambio, como puidemos apreciar máis arriba, a *Historia Brittonum*, que buscaba unha causa esóxena que explicase a ruina de Bretaña, volvérase en contra de Roma, a quen culpaba de que o seu dominio

---

[95] «Emensis interim .ix. annis, cum totius Gallie partes potestati sue summisisset, uenit iterum Arturus Parisius tenuitque ibidem curiam, ubi conuocato clero et populo statum regni pace et lege confirmauit. Tunc largitus est Beduero pincerne suo Etrusiam, quae nunc Normannia dicitur, Kaioque dapifero Audegauensium prouinciam, plures quoque alias prouincias nobilibus uiris qui in obsequio eius fuerant. Deinde pacificatis quibusque ciuitatibus et populis incipiente uere in Britanniam reuersus est» (*HRB*, cap. 155, p. 109).

[96] Brooke, *The Saxon and Norman Kings*, pp. 201-202; R. H. C. Davies, *King Stephen*, p. 13; W. L. Warren, *Henry II*, Berkeley - Los Angeles, 1973, p. 12; Cingolani, "Filologia e miti storiografici", p. 824.

[97] Vid. Faral, *Le légende arthurienne*, t. I, p. 34-35. Vid. supra, p. 26, nota 54.

sobre a illa só lle producira desgracias ós celtas. Pero os ataques de Monmouth son doutro cariz, posto que as loitas entre bretóns e romanos trascenden o ámbito da illa. O seu non é tanto un axuste de contas cos dominadores da súa patria, senón máis ben o reflexo dunha inimizade irreprimible cara a unha potencia rival. En tal sentido, a diferencia fronte á crónica atribuída a Nennio é manifesta. Esta en ningún momento pretendía a equiparación entre os bretóns e os romanos, simplemente facía unha pintura desfavorable destes, como páxinas máis adiante fará cos saxóns. Pero os intereses de Monmouth empúrrano a dar outro paso adiante; xa non será o rexeitamento ante un pobo invasor, senón o intento de presentar a superioridade moral e militar dos británicos sobre Roma coma unha constante ó longo da Historia. Para que a revalorización da súa nación sexa total, o galés invéntase un imperio que faga sombra ó máis famoso da Antigüidade, o cal non será outro que o de Artur.

A primeira victoria de Bretaña sobre Roma remonta ós tempos de Belino e Brenio. Tras conquistar a Galia, ambos irmáns estenden a guerra a Xermania e a Italia; é dicir, que, invertidos os termos respecto ó que nos contaba a *Historia Brittonum*, son os celtas os atacantes. Mais, a pesar de non mediar agresión por parte romana, o carácter deste pobo móstrase, dende o primeiro momento, cheo de dobrez e covardía. Unha vez que comproban que o apuxón das tropas de Belino e Brenio é irresistible, os cónsules Gabio e Porsena, aconsellados polo Senado, saen ó encontro dos invasores e, co ofrecemento dun tributo anual, piden a paz sen nin sequera presentar combate. Cando a ameaza bretona se afasta camiño de Xermania, xorde o espírito traizeiro e rompen o tratado de non agresión. O retrato infamante continúa, pois a reacción céltica colle por sorpresa ás tropas romanas, que «inermes et sine ordine processerant» (*HRB*, cap. 43, p. 29). Ante o ataque bretón, as lexións foxen aterrorizadas, mentres son acoiteladas sen opoñer resistencia. Por último, noutro acto indigno, os defensores da capital, antes que abrir as portas da cidade, deixarán aforcar os seus concidadáns, que foran entregados como reféns cando se asinou o tratado de paz. A campaña péchase coa conquista de Roma e o dominio de Brenio sobre o noutrora poderoso Imperio.

As continuas mostras de covardía dos romanos durante a campaña insisten na situación de inferioridade destes respecto ós bretóns, ó tempo que imputan ós primeros un defecto que Xildas lles atribuía ós seus compatriotas. Deste modo, a *Historia* invertiu a situación proposta por *De excidio et conquestu Britanniae*. Mentres que a obra de Xildas (*De excidio*, caps. 19-20, p. 95) nos presentaba unha desesperada petición de socorro ós romanos por parte dos celtas, quen, incapaces de se defender, eran masacrados polos pictos e os escotos, agora son as tropas do Imperio as que se deixan matar impunemente. Non estará de máis observar que, no que atinxe ó ataque de pictos e escotos, a *Historia Brittonum*

mostraba unha postura máis matizada, a medio camiño de Xildas e Monmouth, onde a petición de axuda non é unha mostra de covardía infame por parte dos británicos. Estes piden axuda a Roma fronte á invasión bárbara, pero unha vez que conseguen a paz e que comproban a tiranía do xugo romano, terán a enerxía suficiente como para rebelarse ós novos ocupantes (*HB*, cap. 30, pp. 18).

A peripecia da guerra protagonizada por Belino e Brenio marca a pauta acerca do tratamiento que dispensa Geoffrey ós romanos. Ben é verdade que a deslealdade e a covardía son atributos que tamén lles adxudica ós outros grandes rivais dos seus compatriotas, os saxóns. Pero o sorprendente é, precisamente, que a súa hostilidade se dirixa por igual a uns e a outros. Máis se temos en conta a importancia concedida á orixe grega dos británicos, vínculo que aparece en momentos trascendentais. Un deles, que axuda a botar luz sobre as intencións de Monmouth, é o instante en que Xulio César, o emperador que abre o período de dominación romana sobre Bretaña, toma contacto coa illa:

> «¡Por Hércules! Os bretóns e nós, os romanos, procedemos da mesma estirpe, xa que descendemos da nación troiana. Despois da destrucción de Troia, Eneas foi o noso primeiro pai; e o deles, Bruto, a quen enxendrou Silvio, fillo de Ascanio, fillo de Eneas. Pero, se non me engano, moito dexeneraron respecto a nós, que no medio do oceano, fóra dos límites do mundo, non deben de ter cambiado o modo de loitar. Resultará doado obrigalos a que nos paguen tributo e a que rindan obediencia perpetua á dignidade de Roma. Pero antes, e en vista de que ata o de agora ficaron inaccesibles ó pobo romano e libres, cómpre enviarlles recado para que, como as demais nacións, paguen tributo e se sometan ó Senado, por se acaso ofendemos a antiga nobreza do noso pai Príamo ó derramar o sangue dos nosos parentes»[98].

O discurso de Xulio César desvela novos aspectos da relación entre Bretaña e o Imperio Romano, tal e como a concibe Geoffrey. Por unha parte, queda en evidencia a altiveza do latino, confiado na superioridade do seu pobo fronte ós celtas polo simple feito de que estes habitan nunha illa. Polo illamento xeográfico, presupón que terían dexenerado e que non coñecerían a arte da guerra, apreciación esta que se converte nun sarcasmo, se temos en conta a insistencia do

[98] «'Hercle! Ex eadem prosapia nos Romani et Britones orti sumus quia ex Troiana processimus gente. Nobis Eneas post destructionem Troiae primus pater fuit; illis autem Brutus quem Siluius Ascanii filii Enee filius progenuit. Sed, ni fallor, ualde degenerati sunt a nobis nec quid sit militia nouerunt cum infra occeanum extra orbem commaneant; leuiter cogendi erunt tributum nobis dare et continuum obsequium Romane dignitati prestare. Prius tamen mandandum est eis ut inaccessi a Romano populo et intacti uectigal reddant et ut ceteri etiam gentes subiectionem senatui faciant ne nos ipsorum cognatorum nostrorum sanguinem fundentes antiquam nobilitatem patris nostri Priami offendamus'» (*HRB*, cap. 54, p. 35).

autor na belicosidade e bravura dos seus connacionais. Pero é que a soberbia de César cégao ata o punto de ignorar a humillación que a súa patria sufrira a mans de Belino e Brenio, a cal, de tomala en conta, modificaría bastante os seus xuízos despectivos sobre a incapacidade guerreira dos bretóns. Por outro lado, xorde o peso da ascendencia común, pois, ó final, é o motivo que move ó romano a pedir a sumisión de forma amistosa como alternativa previa a un desencadeamento das hotilidades. E isto, non tanto por clemencia ou xenerosidade, como por temor á cólera dos antepasados.

Despois de que a primeira expedición resultase un desastre, Xulio César desembarca en Bretaña por segunda vez. A superioridade bretona volve manifestarse nesta nova campaña, pois Casibelauno, o caudillo celta, derrótao nunha segunda batalla. Como non podía ser doutro xeito, a victoria imperial virá causada por unha traizón nas ringleiras adversarias. A disputa entre os sobriños de Casibelauno e o duque Androgeo desemboca nunha confrontación civil que empurra ó duque a romper co seu señor e, traicionando a súa patria, colaborar cos invasores. Que a claudicación de Bretaña é consecuencia de disputas internas e non da pericia militar dos romanos, queda en evidencia cando, vencido Casibelauno e satisfeitos os desexos de vinganza de Androgeo, este ameace a Xulio César con volver as armas contra el de non aceptar a rendición que lle pide o rei bretón; e o romano, temeroso dos bretóns, unha vez que conseguiron a unidade, aceptará as condicións que lle impoñen (*HRB*, cap. 59, p. 37 - cap. 63, p. 42).

Á vista do custosa que se revela a conquista de Britania para as lexións imperiais, a conclusión que se pode sacar é que ambos pobos están equiparados en dignidade por unha mesma orixe. Sen embargo, e a pesar do momentáneo sometemento bretón, os celtas superan ós seus irmáns meridionais pola súa nobreza de espírito, a súa afouteza e, sobre todo, por confiar nas súas posibilidades e non no peso da tradición, arma de dobre fío que, para os romanos, é máis un lastre que unha axuda. A visión resultante é contraposta. Estes son unha nación en declive, refuxiada no prestixio do pasado e que apura a época de esplendor antes de iniciar a decadencia; aqueles son un pobo emerxente, á espera de vivir os seus momentos de maior gloria. De tal maneira, descúbresenos a visión da Historia coma un proceso cíclico, no que as nacións van sucedéndose unhas ás outras nos períodos de apoxeo. A todo movemento ascendente, que leva a un pobo á súa etapa de esplendor, séguelle unha traxectoria descendente, froito do esgotamento, durante a que se produce o trasvase do poder cara a outra nación emerxente. Esta, á súa vez, seguirá a mesma evolución. Esta concepción cíclica verase apoiada, ademais, pola importancia concedida ós avatares do destino -en detrimento dos dictados da Providencia-, que atopa como expresión

máis característica a imaxe da roda da Fortuna, deusa caprichosa e voluble, sempre inestable e propicia ós cambios[99].

Segundo Hanning[100], esta concepción da *Historia* como unha sucesión de ciclos tomaríaa Monmouth de Henry de Huntingdon. De acordo con esta visión o devir de Bretaña estaría marcado polas sucesivas dominacións de romanos, pictos e escotos, saxóns, daneses e normandos[101]. En tódolos casos, agás neste último, a un período de apoxeo seguíronlles as inevitables decadencia e caída. Baixo esta perspectiva, o vaticinio do *espoir breton* viría inscribirse no devandito proceso cíclico, pois poría punto final ó dominio normando e daría paso a unha nova etapa de preponderancia bretona. Nada impide pensar que, con boa lóxica, esta visión se reflicta nas enigmáticas palabras das *Prophetiae Merlini*. De todas formas, sería erróneo crer que tales concepcións as tomou Geoffrey dun autor concreto. O motivo da Fortuna como motor dos cambios históricos estaba moi difundido nas mentalidades do século XII, segundo se pode apreciar nas obras doutros historiadores contemporáneos, coma Orderico Vitale, o propio Huntingdon ou o autor anónimo da *Gesta Stephani*[102]. Así mesmo, o tempo como causante de cambios -e como tal, sentido como ameaza- forma parte das concepcións da época, entre as sobresaían pola súa importancia a crenza na vellez e na decadencia do mundo, así como nun final dos tempos cada vez máis próximo. Neste sentido, o devir cronolóxico do mundo terreal era continua mutación e opoñíase á estabilidade da Eternidade.

Xunto ó declinar romano e ó apoxeo bretón, outro aspecto, a orixe común de ambos pobos, é decisivo para que a relación entre uns e outros deba desenvolverse nun plano de igualdade. O erro dos romanos é non comprendelo así e, empurrados pola ambición -un dos defectos que, así mesmo, propiciarán a perdición de Bretaña-, lánzanse a dominar os seus iguais. Casibelauno traza, na resposta que lle dirixe a Xulio César, o que debería ser o comportamento correcto dunha nación para con outra:

---

[99] De maneira ilustrativa, Hanning, que estudiou esta concepción na historiografía británica ata Monmouth, titula o capítulo dedicado á crónica galfridiana como "Geoffrey of Monmouth's *Historia regum Britanniae*: Great Men on a Great Wheel" (*The Vision of History*, p. 121). En parecidos termos exprésase E. Mason, "Magnates, Curiales and the Wheel of Fortune: 1066-1154", *Anglo-Norman Studies*, II (1979), pp. 118-140.

[100] Hanning, *The Vision of History*, pp. 139-140.

[101] *Historia Anglorum*, libro I, cap. 4, p. 8.

[102] Orderico Vitale, *Historia Ecclesiastica*, vol. III, libro VIII, cap. 24, p. 416; Henry de Huntingdon, *Historia Anglorum*, libro VIII, cap. 12, p. 267; *Gesta Stephani*, ed., introd. e trad. de K. R. Potter - R. A. B. Mynors e A. L. Poole, Nelson's Medieval Texts, Londres, 1955, p. 62. Vid. a este respecto H.-R. Patch, *The Goddess Fortune in Medieval Literature*, Harvard

> «É unha deshonra para ti, César, agredirnos, xa que a mesma nobreza de Eneas flúe polas veas de bretóns e romanos e un lazo de parentesco brilla nunha sóa cadea que debería unirnos nunha firme amizade. Iso é o que nos deberías pedir e non a servidume, pois aprendimos mellor a ofrecer amizade que non a levar o xugo da servidume»[103].

A partir da conquista da illa, queda claro que a relación dominante - dominado vai ser moi difícil que se cumpra en Bretaña. Xa á rendición de Casibelauno seguíanlle o intercambio de regalos con César e a aclaración de que ámbolos dous reis quedaron como amigos. Dende entón, a política de Roma verase case tan influenciada polos avatares da súa provincia noroccidental, como esta por formar parte do Imperio. Así, os sucesores de Casibelauno non tardan en emparentar coa estirpe dos césares. Claudio, por exemplo, concerta o matrimonio da súa filla Gewisa con Arvirago, co que se reafirma a consanguinidade de romanos e bretóns, de tal modo que os descendentes de Arvirago (Mario, Coilo, Lucio) serán a partes iguais latinos e celtas. Posteriormente estreitaranse aínda máis os lazos, xa que Basiano será fillo dun senador, Severo, e dunha bretona. E, tras un período de alternativas e revoltas polo control do reino, volverá darse unha situación similar, cando outro senador, Constancio, someta o rebelde Coel e case con Helena, filla do monarca deposto. O fillo de ambos, Constantino, chegará a conseguir «monarchia totius mundi» (*HRB*, cap. 79, p. 51), posto que, lexitimado polo seu sangue romano, conquista a capital e depón o usurpador Maxencio. Con el tres bretóns, Joelino, Trahern e Mario, tíos de Helena, conseguirán o rango de senadores.

Á morte de Octavio, sucesor de Constantino, darase unha circunstancia significativa. O rei bretón só deixara unha filla como herdeira directa, así que os nobres do reino se reúnen para preparar a sucesión. Volve xurdir neste caso o paralelo cunha situación contemporánea á composición da *Historia*, xa que a sucesión de Constantino lembra á de Henrique Beauclerc, na que a herdeira directa era Matilde, casada con dous príncipes estranxeiros, un deles, ademais, emperador do Imperio Romano Xermánico. Mais, á marxe de tales coincidencias, o que nos interesa agora desta pasaxe é comprobar como, dende o punto de vista británico, as alternativas máis sólidas para resolver a cuestión sucesoria se basean na busca do parentesco cos romanos. Ó final, a solución escollida é ofre-

---

University Press, Cambridge, Massachussets, 1927; J. Frappier, *Étude su la Mort le Roi Artu, Roman du XIII^e^ Siècle, Dernière Partie du Lancelot en Prose*, Droz / Minard, Xenebra / París, 1961, pp. 258-288; Gransden, *Historical Writing*, pp. 159-160, 183, 193 e 199.

[103] «'Obprobium itaque tibi petiuisti, Cesar, cum communis nobilitatis uena Britonibus et Romanis ab Enea defluat et eiusden cognationis una et eadem catena prefulgeat qua in firmam amicitiam

cer en matrimonio a Helena, a filla de Octavio, e con ela a coroa de Bretaña, ó senador Maximiano, de quen se resalta que era á vez británico e romano:

> «Mentres entre eles discutían tales cuestións, chegou Caradoc, duque de Cornubia, e aconsellou que se invitase ó senador Maximiano e que se lle ofrecesen a filla do rei e o goberno da illa, para que así disfrutasen de paz perpetua. Este era bretón por liña paterna, xa que era fillo de Joelin, tío de Constantino, de quen xa se fixo mención anteriormente. Por liña materna e por nacemento era, en cambio, romano e levaba sangue real por ambos lados. Isto prometía unha paz sólida, xa que Caradoc sabía que Maximiano era da liñaxe dos emperadores e de orixe bretona polo que tería dereito a gobernar Bretaña»[104].

Tal circunstancia resulta dobremente significativa, por canto antes desbotárase a posibilidade de darlle o cetro a un bretón como Conan Meriadoc, sobriño do rei defunto. Este Maximiano, émulo de Belino e Constantino, tamén vencerá ós emperadores de Roma, agora Valentiniano e Graciano, e farase co trono imperial.

Un último parentesco establecerase entre a monarquía bretona e Roma. A aventura de Maximiano desprotexera a illa e deixáraa a mercede dos pobos bárbaros. Incluso os romanos renuncian a dominar os bretóns e, eximíndoos de pagar o tributo anual, abandónanos á súa sorte. Só o rei de Armórica, Aldroeno, se apiada deles e lles envía un exército ó mando de seu irmán Constantino, quen será promovido á dignidade real. Unha carta de Aldroeno a seus irmáns do outro lado da Canle explicita o perniciosa que resultara para Bretaña a inxerencia romana nos asuntos británicos:

> «Sobre tódolos males, a dominación romana tanto nos prexudicou, que baixo ela ninguén era quen de manter o poder de maneira estable sen que renunciase á liberdade e soportase o xugo da servidume»[105].

O irmán de Aldroeno, en cambio, casará cunha moza de estirpe romana, o que quere dicir que Monmouth condena, non a relación de igual a igual entre Roma e

---

coniungi deberent. Illa a nobis petenda esset non seruitus, quia eam potius largiri didicimus quam seruitutis iugum deferre» (*HRB*, cap. 55, p. 35).

[104] «Dum hec inter ipsos gererentur, accessit Caradocus dux Cornubie consiliumque dedit ut Maximianum senatorem inuitarent filiamque ei cum regno donarent et sic perpetua pace fruerentur. Erat autem patre Britannus quia Ioelinus, auunculus Constantini, de quo superius mencionem feceram, ipsum generauerat. Matre uero et nacione Romanus ex utroque sanguine regalem ferebat procreationem. Iccirgo igitur stabilitatem pacis promittebat quia sciebat illum et ex genere imperatorum et ex origine Britonum ius in Britanniam habere» (*HRB*, cap. 81, p. 52).

[105] «Super omnia uero mala potestas Romanorum in tantum nocuit ita ut nemo stabilem dignitatem infra illam habere queat quin iugo seruitutis oneratus libertatem amittat» (*HRB*, cap. 92, p. 61).

Bretaña, senón o afán de conquista por parte do Imperio. Á unión dunha estirpe romana e outra armoricana débenlles os británicos os seus días de maior gloria, protagonizados por Aurelio Ambrosio e Úter Pendragón, fillos de Constantino. A tendencia a renovar os vínculos que unen ós descendentes de Bruto cos de Eneas prolóngase co fillo de Úter, Artur, o último bretón que humilla as lexións do Imperio, quen toma por muller a una moza de estirpe romana de nome Xenebra.

O repaso ás relacións entre Bretaña e Roma demostra que Monmouth non se resigna a constreñir a política dun pobo con outro nos termos de simple dominio. De aí a sucesión de alternativas e a constante entrada de sangue romano no trono bretón. Pódese falar dun "axuste de contas" do escritor galés cos pobos que, segundo mostraba a Historia, foran inimigos do seu. Entenderíase así a extensión das conquistas de Artur, que vence ós saxóns e impón o xugo bretón a escoceses, irlandeses, franceses, escandinavos e romanos. A *Historia* non é novidosa a este respecto, pois xa mencionamos que unha obra anterior, o *mabinogi* de *Kulhwch e Olwen*, concibía ó monarca británico como posuidor dun grande imperio[106]. Neste relato, a enumeración das terras nas que loitou Artur, así como as súas conquistas, é aínda máis extravagante que a que se pode encontrar na crónica de Geoffrey: Escandinavia, Córcega, Grecia, África, a India...

A orixinalidade da *Historia* radica na nova interpretación que ofrece desta fantástica expansión territorial. Monmouth concibiuna coma unha revancha por parte da súa nación, segundo se desprende dunha pasaxe na que se explicita a necesidade de derrotar a Roma e ó Imperio Xermánico. Xusto antes da campaña contra os romanos, Artur reúnese cos seus homes de confianza para decidir unha resposta ó desafío lanzado polos legados imperiais. Angusel, rei de Albania, toma a palabra para expresarse nestes termos:

> «De nada serven as pasadas guerras, nas que coido que loitamos contra tantos e tan grandes reis, mentres que romanos e xermanos permanezan a salvo e non vinguemos valerosamente neles a derrota que noutrora nos inflixiron. Agora que temos a ocasión de enfrontarnos, síntome exultante de ledicia e ardo en desexos de que nos atopemos, estou sedento do seu sangue, como o estaría da auga dunha fonte despois de estar tres días sen beber. Ouh, se chego a ver a luz dese día, qué doces serán as feridas que reciba ou que inflixa, cando trabemos combate corpo a corpo! A miña propia morte serame doce se con ela vingo os nosos antergos, protexo a nosa liberdade e exalto o noso monarca»[107].

[106] *Kulhwch y Olwen*, p. 103. Vid. a este respecto, Caldwell e Parry, "Geoffrey of Monmouth", pp. 84-85.

[107] «Nichil enim in transactis debellationibus quas tot et tantis regibus intulimus egisse uidemur dum Romani et Germani illesi permaneant nec in illos clades quas olim nostratibus ingesserunt uiriliter uindicemus. At nunc, quoniam nobis licentia agrediendi promittitur, gaudens admonum

Este parlamento explicita os propósitos de Monmouth de demostrar a superioridade dos britanos sobre os grandes rivais da monarquía normanda. Coñecida é a tradición antiimperial dos normandos, baseada na imposibilidade de optar ó liderazgo político-espiritual que posuían os descendentes de Carlomagno[108]. Esta tendencia, sen embargo, enlaza con outras similares que se manifestaran séculos atrás en Gran Bretaña, antes mesmo da batalla de Hastings. Bastará con recordar as críticas a Roma, que, segundo vimos máis arriba, vertían algúns episodios da *Historia Brittonum*. Tampouco a vontade de emular a grandeza imperial era privativa dos normandos, antes ben sitúase nun marco máis amplo, que desborda o contexto británico. Sen abandonar o ámbito insular, a política cultural de Alfredo o Grande, por medio da cal o monarca saxón pretendeu equipararse á figura de Carlomagno, demostra que tampouco dende un punto de vista cronolóxico este aspecto é exclusivo da nova monarquía. Mesmo se pode aducir un exemplo anterior ó fortalecemento da dinastía Wessex que protagonizou Alfredo, segundo demostra a rivalidade, cercana á hostilidade, que co monarca dos francos mantivo Offa, rei de Mercia (757-796)[109].

Que dúbida cabe que a aspiración a equipararse cos sucesores de Carlomagno recibe en Gran Bretaña un novo impulso trala chegada dos normandos. Este pobo, constituído como tal dende había pouco, buscou lexitimarse por medio do expansionismo imperialista, tal e como demostran a conquista de Inglaterra e a posterior presión sobre os celtas insulares -galeses, escoceses e irlandeses-, así como a súa política en territorio francés[110]. Neste sentido, a *Historia Regum Britanniae* ofrecía ó poder normando os dous factores dos que carecera ata o de entón para se lexitimar como nación: uns antergos remotos e gloriosos -os troianos- e unhas posesións amplísimas, refrendadas por unha conquista igualmente antiga. Que a *Historia* ten un marcado carácter imperialista demóstrao a profecía de Diana a Bruto, onde augura que os descendentes do fillo de Eneas dominarán o mundo enteiro (*HRB*, cap. 16, p. 9-10).

---

gaudeo et desiderio diei quo conueniemus exestuans sicio cruorem illorum quemadmodum fontem si triduo prohiberer ne biberem. O si illam lucem uidebo quam dultia erunt uulnera que uel recipiam uel inferam quando dextras conseremus. Ipsa etiam mors dulcis erit dum eam in uindicando patres nostros, in tuendo libertatem nostram, in exaltando regem nostrum perpessus fuero» (*HRB*, cap. 161, pp. 115).

[108] A este respecto, véxase Bezzola, *Les origines*, 2ª parte, t. II, p. 391.

[109] Brooke, *The Saxon and Norman Kings*, p. 112 e 126, e "Historical Writing", p. 225; Stenton, *Anglo-Saxon England*, pp. 220-221.

[110] Tatlock, *The Legendary History*, pp. 305-320; F. Ingledew, "The Book of Troy and the Genealogical Construction of History: The Case of Geoffrey of Monmouth's *Historia regum Britanniae*", *Speculum*, LXIX (1994), pp. 665-704, especialmente 677-682.

Dentro desta tradición antiimperial habería que incluír a inimizade normanda coa monarquía francesa, a cal consevaba a aureola gloriosa dos tempos de Carlomagno, a pesar de que o trono estaba ocupado dende o século X por unha nova dinastía. A posible utilización por parte dos Capetos da simboloxía e prestixio derivados da dinastía carolinxia, á que virían suplantar, é un asunto sometido a non pouca controversia. Así, certos autores negan que a nova casa real francesa asumise a herdanza ideolóxica de Carlomagno e insisten en que o recordo da estirpe carolinxia foi unha arma que os inimigos da nova dinastía esgrimiron para lembrarlles os novos soberanos a súa condición de intrusos. En cambio Gerould sostén que os descendentes de Hugo Capeto si que buscarían establecer unha continuidade cos seus predecesores, o cal daría ocasión ós anglonormandos para intentar unha manobra de equiparación con vistas a neutralizar a asunción por parte da veciña Francia do pasado imperial, se non a través do título si alomenos do seu prestixio, do que se sentían herdeiros[111].

Se aceptamos esta última posibilidade, habería que engadir, entón, que Monmouth dirixe os seus ataques ó poder romano, non tanto por seren os dominadores de Bretaña, senón pola súa condición de autoridade imperial. Por idéntico motivo menciónanse as guerras de Belino e Brenio e de Maximiano contra o emperador xermánico, emparentado cos saxóns, si, pero, sobre todo, herdeiro do título sacro dos césares e de Carlomagno. A *Historia* non aclara se durante a campaña en Alemaña, posterior á conquista de Roma, ambos irmáns derrotaron os xermanos, aínda que cabe supoñer que foi así, xa que regresaron a Bretaña triunfantes (*Historia*, cap. 43, p. 29-30). En cambio, a victoria que anos máis tarde conseguiu Maximiano, que ó final acabaría sendo emperador romano, si que se explicita:

> «El mesmo partiu cara á Galia ulterior coas demais tropas, someteuna despois de manter durísimos combates, así como toda Xermania, contando as súas batallas por victorias. Estableceu a capital do seu imperio en Treveris e atacou con furia os dous emperadores, Graciano e Valentiniano, matando o primeiro e obrigando o segundo a fuxir a Roma»[112].

[111] Gerolud, "King Arthur", pp. 40-45; W. A. Nitze, "Geoffrey of Monmouth's King Arthur", *Speculum*, II (1927), p. 317; Caldwell e Parry, "Geoffrey of Monmouth", p. 86). Igualmente problemática é a posible equiparación de Artur con Carlomagno (Gerould, "King Arthur", p. 45; Nitze, "Geoffrey of Monmouth", p. 317-319; W. T. H. Jackson, *The Literature of the Middle Ages*, Columbia University Press, Nova York, 1961, p. 83; Brooke, *The Saxon and Norman Kings*, p. 209).

[112] «Ipse uero cum ceteris commilitonibus suis ulteriorem Galliam adiuit grauissimisque preliis illatis subiugauit eam necnon et totam Germaniam in omni prelio uictoria potitus. Thronum

Como se pode apreciar, independentemente de cara a onde se orienten as campañas exteriores británicas -Francia, Alemaña-, todas elas teñen por obxectivo final a humillación do Imperio, daquela aínda en poder de Roma.

Todo o anterior demostra que as conquistas continentais dos bretóns se adaptarían ó que ós normandos -ou ós ingleses- lles gustaría escoitar. Bezzola[113] chega máis lonxe e sostén que a única razón pola que Artur non consegue entrar en Roma, completando así a sumisión de todo o Occidente medieval, non está relacionada cun posible prurito de verosimilitude que lle impedise a Geoffrey culminar o seu hiperbólico disparate, senón co desexo implícito por parte do autor de renunciar á idea imperial. Segundo este punto de vista, Artur sería o monarca máis glorioso da historia de Occidente sen necesidade de coroarse emperador e equipararíase a Alexandre, o gran soberano de Oriente, que tampouco cinxira a púrpura do Imperio.

A este respecto, os dereitos de expansión anglonormandos por terras da antiga Galia basearíanse na superioridade de Artur. E, á súa vez, esta -e, máis aínda, a de tódolos reis bretóns que antes que el se impuxeron ós romanos- fundamentaríase, como sinalan Caldwell e Parry[114], na precedencia cronolóxica, que daba ás súas conquistas fabulosas lexitimidade sobre as aspiracións territoriais dos seus viciños franceses e alemáns, que baseaban os seus argumentos expansionistas nas vinculacións con Roma e na teoría da *translatio Imperii*. Se as ambicións de supremacía política por parte dos normandos se vían freadas pola superior autoridade do título imperial, nada mellor que ofrecerlles non só o relato das victorias patrias sobre os antepasados deses emperadores rivais, senón incluso un "emperador" británico, dominador de todo o norte e o occidente europeos e superior, ata o desdén, ó Imperio por antonomasia, isto é, Roma.

Ó fío destas consideracións, non deixa de ter importancia o tratamento que Monmouth dispensa na súa crónica a Carlomagno. En efecto, na dedicatoria dirixida a Waleran de Meulan, a pesar de que recorda o parentesco que unía ó destinatario da *Historia* co emperador franco, furta a este a dignidade imperial e rebáixao á condición de rei: «Te etenim, ex illius celeberrimi regis stirpe Karoli progenitur»[115]. Pero en xeral, máis que unha rebaixa na dignidade debida a Carlomagno, o que se aprecia é un intento de equiparar a Artur co mítico empe-

autem imperii sui apud Treueros statuens ita debachatus est in duos imperatores, Gracianum et Ualentinianum, quod uno interempto alterum ex Roma fugauit» (*HRB*, cap. 86, p. 56).

[113] Bezzola, *Les origines*, 2ª parte, t. II, p. 537 e 544.

[114] Caldwell e Parry, "Geoffrey of Monmouth", p. 86.

[115] Faral, *Historia Regum Britanniae*, cap. 4, p. 72.

rador. Este propósito reflíctese, por exemplo, á hora de describir as conquistas do soberano bretón, que procurarían emular -cando non superar- as carolinxias.

Bezzola[116] mesmo ve similitudes entre a lenda alemana do Kyfhäuser, que prognostica unha volta do emperador franco, e a do retiro de Artur en Avalón. Tal coincidencia, sen embargo, non se encontra somentes nestas dúas figuras. A lenda do monarca durminte é de orixe oriental e foi adaptada en diversos lugares e circunstancias ó longo da Idade Media. Máis aló incluso de circunstancias políticas concretas, tal crenza recibiu unha interpretación escatolóxica, segundo a cal o rei durminte permanecería oculto nalgún lugar á espera de regresar para a redención da Cristiandade. Tal concepción derivaría no chamado "emperador escatolóxico" ou "emperador dos últimos días", que recollen os escritos proféticos sibilinos -especialmente da *Sibila Tiburtina*, atribuída por erro a Metodio de Patara-. Este gobernante protagonizaría o establecemento dunha Idade Dourada, previa á chegada do Anticristo e que sería o anuncio do final dos tempos[117].

Polo tanto, no tratamento que Monmouth lle dispensa a Carlomagno e na suposta confrontación deste con Artur, mestúrase o contencioso entre normandos e capetos pola supremacía no norte de Francia coa corrente antiimperial daqueles. Por esta razón Artur será a un tempo conquistador da Galia e antiemperador.

As profecías da illa de Bretaña

Tras este repaso á postura de Monmouth fronte á política do seu tempo e ós propósitos que o guiaron ó compoñer a súa famosa crónica, chega o momento de analizar a obra baixo as claves que proporciona a figura de Merlín. ¿E este, como sempre se dixo, o profeta da independencia bretona? Se, como vimos, Geoffrey reelabora o vaticinio da esperanza bretona e non se adhire a ela, o lóxico é pensar que o seu personaxe tampouco asume os presupostos da citada profecía. De feito, Merlín non é senón o portavoz da chegada de Cadwalladro como condición previa ó levantamento británico, e, por conseguinte, instrumento no desmantelamento da lenda tecida arredor do retorno de Artur.

A mesma amplitude das profecías merlinianas, contra o que puidera parecer, desvirtúa a predicción que a *Historia Brittonum* poñía en boca de Ambrosio. Nesta obra, o episodio da torre de Vortigern xiraba arredor da interpretación do combate dos dous dragóns; e, posto que tal prodixio era unha alegorización

[116] Bezzola, *Les origines*, 2ª parte, t. II, p. 537.

[117] J. Guadalajara Medina, *Las profecías del Anticristo en la Edad Media*, Gredos, Madrid, 1996, pp. 146-147.

da loita entre saxóns e británicos[118], coa previsión dunha victoria final por parte dos segundos, pódese afirmar que foi a formulación do *espoir breton* o único motivo que movera á inserción do citado episodio no conglomerado da crónica atribuída a Nennio. O carácter dos capítulos 40 ó 42, onde se desenvolve o episodio que tratamos, resulta máis rechamante, por canto son os únicos que sitúan nun lugar relevante as preocupacións nacionais, case por enriba dos xuízos de tipo moral e relixioso que impregnan o resto da historia do rei Vortigern.

En canto á reelaboración que leva a cabo a *Historia Regum Britanniae*, o que chama a atención respecto á versión que ofrecía o seu modelo é o desmesurado desenvolvemento do que neste era unha profecía concreta e certeira. Fronte ó carácter específico do agoiro da *Historia Brittonum*, o longo excurso insertado por Monmouth nútrese de elementos tomados da *Pharsalia* de Lucano, dos libros proféticos da *Biblia* -como *Isaías*, *Ezequiel*, *Daniel* ou a *Apocalipse*- e tradicións sibilinas[119]. Ben é verdade que o volume esaxerado dos agoiros de Merlín pode interpretarse no sentido dunha revalorización do papel desempeñado por estes na crónica; pero, polo que afecta ó anuncio da independencia bretona, este queda desvirtuado e relegado a un segundo termo por una morea de imaxes crípticas e de vaticinios que agochan acontecementos circunstanciais e moito menos trascendentes. E, a diferencia do que ocurría na versión orixinal, ó anuncio da derrota saxona nin sequera se lle reserva o posto final na enumeración merliniana, perdendo así parte da súa relevancia. Ó contrario, o renacemento bretón atópase inmerso nunha perspectiva máis ampla, que integra os avatares de Inglaterra ata os tempos de Henrique I, e, mesmo, os signos que precederán ó Xuízo Final. En definitiva, que se Geoffrey potencia o papel de Merlín como profeta, faino, paradoxalmente, a costa da profecía que xustificaba a súa figura.

Esta emancipación do personaxe galfridiano, que se aprecia na escena da torre e os dragóns, é extensible ó papel que desempeña no conxunto da crónica. Se Ambrosio, o neno sen pai de Nennio, só aparecía na predicción que lle dirixía a Vortigern, a *Historia Regum Britanniae* sobrepasa con moito o molde

[118] Para o motivo dos réptiles que loitan entre si, como imaxe de dous pobos rivais, vid. "The Fighting Snakes in the *Historia Britonum* of Nennius", *Revue Celtique*, XLIII (1926), pp. 124-131. En canto ó enterramento dos dragóns, remontaría á propia *Historia Brittonum* (Griffiths, *Early Vatication*, p. 80; *Trioedd Ynys Prydein. The Welsh Triads*, ed. de R. Bromwich, University of Wales Press, Cardiff, 1978, (1ª ed. 1961), pp. 93-95).

[119] Para a tradición da que se nutre a simboloxía das *Prophetiae Merlini*, vid. Faral, *La légende arthurienne*, t. II, pp. 49-54 e 66-67; Zumthor, *Merlin le prophète*, pp. 29-30; Tatlock, *The Legendary History*, pp. 405-409; Caldwell e Parry, "Geoffrey of Monmouth", p. 78; Clarke, *Life of Merlin*, pp. 17-18.

imposto por ese episodio e faino protagonista doutras peripecias que pouco teñen que ver coa liberación do xugo xermánico. Non sen razón, Frappier observa que o Merlín profeta de Geoffrey foi degradado pola súa faceta de encantador[120]. Dase incluso o paradoxo de que as actuacións de Merlín no relato da *Historia* se asocian, se quera sexa por cercanía, máis á caída bretona que á expulsión, cincocentos anos despois, dos saxóns. De feito, a intervención do personaxe na noite de Tintagel fai del algo máis que un simple portavoz dos tempos futuros. Se o profeta é quen propicia o nacemento de Artur, tódolos acontecementos que seguen ata a caída británica serán, en parte, responsabilidade súa. Como moi ben observa Hanning[121], a profecía consegue que a Historia domine a Merlín, pois non en van, a inspiración ilumínao sen que el poida dominala. Sen embargo, a maxia dalle control sobre esa mesma Historia e permítelle controlala. Nese momento convértese en creador de Historia, non porque poida cambiar o devir dos tempos, senón porque pode axudar a que este se cumpra.

Hai que partir da base de que, baixo o punto de vista de Monmouth, a perdición dos bretóns provén da súa belicosidade e ambición; polo cal, as empresas de conquista máis aló do ámbito insular, en tanto que manifestacións deses dous defectos, irán acompañadas de certa prevención. Ben é verdade que o dominio exterior é o signo do poderío do pobo británicos e o que lle proporciona gloria, pero non é menos certo que algunhas destas campañas son gratuítas e que, finalmente, se volven contra os propios británicos. Os dous exemplos máis evidentes volven ser as campañas de Maximiano e Artur. O primeiro someteu a Galia e fundou o reino de Armórica ou da Pequena Bretaña, motivo de orgullo para os celtas do século XII; pero, en contrapartida, desprotexeu Gran Bretaña e propiciou a invasión dos pobos bárbaros -pictos, escotos e saxóns-. No caso de Artur, as súas conquistas permitíronlle fundar un imperio émulo do romano e o carolinxio. Gracias a el, Bretaña venceu e humillou ós seus inimigos seculares -xermanos, escandinavos, romanos e franceses- e impuxo a hexemonía celta sobre o Occidente Europeo. Por contra, a expansión insaciable volveu provocar a desprotección de Gran Bretaña e facilitou a traizón fatal de ambiciosos como Mordred. É dicir, que, cando menos, as aventuras ultramarinas reciben da pluma de Geoffrey un tratamento ambivalente.

O xuízo vólvese máis severo se comprobamos que os monarcas dos que se ensalza a súa habilidade de gobernantes ou os froitos dos seus reinados aparecen asociados con períodos de paz e coa prosperidade subseguintes. Quizais a causa desta prevención cara ás guerras gratuítas en busca de gloria e, en contrapartida,

[120] Frappier, "La matière de Bretagne", p. 193.

[121] Hanning, *The Vision of History*, pp. 154 e 171.

a exaltación dos períodos de paz e prosperidade que traen gobernantes lexisladores e pacíficos, estaría reflectindo, en forma de inspiración idealizada, a inseguridade a que estaba sometida a Inglaterra do século XII. Dunvalón Molmucio, por exemplo, foi ante todo un lexislador e as únicas guerras que levou a cabo tiveron como obxectivo preservar a súa patria dos ataques de invasores. Por todo iso Geoffrey comenta a súa ascensión ó trono nos seguintes termos: «... apareceu un mozo de gran honradez, que se chamaba Dunvallo Molmucio»[122]. Seu fillo e sucesor, Belino, como bo soberano, mandou construír unha rede de estradas que cruzase toda Bretaña; en tanto que, unha vez culminada a victoria sobre os romanos, se destacan os seus desexos de manter a paz e a xustiza no reino: «Belino... gobernou a súa patria con tranquilidade o resto da súa vida»[123]. En consecuencia,

> «No seu tempo o pobo gozou de tanta prosperidade como nunca antes nin despois conseguiu igualar»[124].

Deste modo, Belino -e por extensión seu irmán Brenio-, ademais de conquistar a Galia e Roma, procuraron o progreso dos seus súbditos e non desatenderon os asuntos domésticos por culpa dun afán desmedido de gloria. Moi parecidos ós anteriores é o comentario que merece o reinado doutro monarca pacífico e constructor, chamado Gorboniano:

> «Naquel tempo non había ninguén que amase tanto a xustiza nin que tratase o pobo con máis dilixencia. Durante todo o seu reinado afluíu á illa tanta riqueza como non había en ningún dos países veciños. Animou ós labregos para que cultivasen os campos e defendeunos das inxustizas dos seus señores. Enriquecía os guerreiros novos con ouro e prata, de maneira que ningún deles tiña necesidade de atacar a ninguén»[125].

Basten estes exemplos para mostrar o tipo de monarca que Geoffrey consideraba idóneo, posto que pasaxes similares se encontran unha e otra vez ó longo da *Historia*. Deste xeito, que Merlín propicie, como fai na súa última actuación,

---

[122] «... suscitauit probitas quendam iuuenem qui Dunuallo Molmutius uocabatur» (*HRB*, cap. 34, p. 23).

[123] «Belinus... cum tranquillitate reliquis uite sue diebus patriam tractauit» (*HRB*, cap. 44, p. 30).

[124] «In diebus igitur eius tanta copia diuitiarum populum refecit quantam nec retro etas habuisse testatur nec subsequens consecuta fuisse» (*HRB*, cap. 44, p. 30).

[125] «Nullus ea tempestate iustior erat aut amantior equi nec qui populum maiori diligentia tractaret... Omnibus diebus uite sue tanta diuitiarum copia insula affluebat quantam nulle collaterales prouintie habebant. Quippe colonos ad agriculturam animabat ipsos ab iniuriis dominorum defendens. Bellatores quippe iuuenes auro et argento ditabat ita ut nulli opus esset iniuriam alteri facere» (*HRB*, cap. 49, p. 32).

a chegada ó trono de Artur, asóciao á caída definitiva que seguiu ó reinado deste e non á derrota dos saxóns polos normandos, acontecemento máis afastado e que só moi indirectamente chegaría como consecuencia da intervención do profeta.

Pero é que, ademais, outras actuacións protagonizadas polo profeta bretón, se ben redundan nunha posible gloria dos celtas, están xa desvinculadas do papel primixenio de portavoz do *espoir breton*. É o que ocorre coa axuda na concepción de Artur, que xa citamos, ou co traslado das pedras de Irlanda. A única función deste episodio sería explicar a procedencia dunha antigüidade arqueolóxica notable, que, ó mesmo tempo, se ofrecía ós ollos dos ingleses do século XII como testemuño da grandeza que chegou acadar o pobo que habitou a illa no pasado[126]. Neste sentido, actuaría como un factor máis de emulación, que exaltaría os seus connacionais ó nivel dos romanos, que deixaran pegadas como as murallas de Adriano e Severo ou os baños termais de Bath, e que permitía equiparalos ós saxóns, de quen ficaban numerosos recordos -catedrais, mosteiros...-.

Fiel ó seu labor de encomiasta da nación bretona, e liberado dos escrúpulos que podían atenazar a un historiador profesional, Monmouth, sen nengún rubor, adxudica moitas destas obras ós británicos. Os baños de Bath, por exemplo, atribúeos a un monarca chamado Bladud, antecedente, nalgúns aspectos, de Merlín, pois foi célebre no seu tempo pola súa afección ós prodixios e ás obras insólitas. Foi este quen:

> «... edificou a cidade de Kaerbad, que agora se chama Bad, e construíu nela unhas caldas de uso público. Púxoas baixo a advocación de Minerva e no seu altar dispuxo lumes inextinguibles, que nunca se consumían en cinzas, xa que éstas se convertían en bloques de pedra cando comezaban a esmorecer»[127].

En canto á muralla que protexía ós bretóns dos ataques dos pobos do norte, mentres que Xildas lle atribuía a súa construcción ós romanos, Geoffrey adxudícalla ós nativos, iso si, baixo a suxestión e supervisión romanas. En realidade,

---

[126] Zumthor, *Merlin le prophète*, p. 32. Sobre unha posible vinculación da lenda de Stonehengue ó personaxe de Merlín, vid. L. H. Loomis, "Geoffrey of Monmouth and Stonehenge", *Publications of the Modern Language Association*, XLV (1930), pp. 400-415 e "Arthurian Tombs and Megalithics Monuments", *Modern Language Review*, XXVI (1931), pp. 408-426 e S. Piggot, *Antiquity*, XV (1941), pp. 305-319, rebatidos por Tatlock, *The Legendary History*, pp. 40-42. Tamén Faral (*La légende arthurienne*, t. II, pp. 423-244) considera a lenda unha creación de Geoffrey.

[127] «... edificauit urbem Kaer Badum, que nunc Bado nuncupatur, fecitque in illa calida balnea ad usus mortalium apta. Quibus prefecit numen Minerue in cuius ede inextinguibiles posuit ignes qui nunquam deficiebent in fauillas. Sed ex quo tabescere inscipiebant in saxeos globos uertebantur» (*HRB*, cap. 30, p. 18).

Xildas relataba ata tres construccións sucesivas do muro, aínda que con leves variantes. Os británicos só interviran na primeira delas, se ben debido á súa impericia técnica a muralla bretona non resistiu a ofensiva de pictos e escotos e houbo que reedificala[128].

Deste modo, Monmouth configura unha rede de monumentos que serían o expoñente dun pasado glorioso, á altura das otras nacións que ocuparan a illa. É por iso polo que o noso autor mostra tanta insistencia nos recordos que cada soberano celta deixou ó final do seu reinado, con especial mención a tumbas e mausoleos. O expolio probritánico que recorre a *Historia Regum Britanniae*, en fin, vai máis aló das simples curiosidades arqueolóxicas ou arquitectónicas, pois, como viamos máis arriba, a personalidade que Geoffrey lle atribúe a Cadwalladro se baseaba, segundo o testemuño de Beda, na dun monarca saxón. A terxiversación adopta así mesmo a forma de leis ou institucións ficticias que, dícese, foron aproveitadas polos monarcas ingleses. É o caso das «leis que chaman Molmutinas... que están vixentes aínda hoxe entre os anglos»[129] ou da «lei que os bretóns chamaron Marciana. Esta traduciuna o rei Alfredo, xunto a outras, e lle deu o nome de *Merchenelage*»[130]. Nestes dous casos, esta herdanza bretona, que se prolonga ata a época contemporánea, actúa como fío de unión entre as diferentes etapas polas que pasou Gran Bretaña e colabora a presentar esa visión global do pasado inglés que domina na historiografía do século XII -Geoffrey incluído-.

A reelaboración de Monmouth é máis intencionada do que parece, se temos en conta varios aspectos da mentalidade da súa época, que concedían especial significación ós datos proporcionados pola *Historia*: a revisión do pasado e o interese que se esperta neses anos polas antigüidades da illa -ás que eran afeccionados, entre outros, Walter Calenio, William de Malmesbury e Henry de Huntingdon-; a reconstrucción de non poucas igrexas da época saxona, segundo os novos gustos arquitectónicos importados do continente; e, en fin, o ordeamento lexislativo emprendido polos soberanos anglonormandos, que trouxo aparellada unha revisión dos códigos lexislativos de épocas pasadas[131].

---

[128] *De excidio*, caps. 14-19, pp. 21-23.

[129] «leges que Molmutine dicebantur... que usque ad hoc tempus inter Anglos celebrantur» (*HRB*, cap. 34, p. 24).

[130] «legem quam Britones Marcianam appellauerunt. Hanc etiam Aluredus inter cetera transtulit et Saxonica lingua Merchenelage uocauit» (*HRB*, cap. 47, p. 31).

[131] Flint, "The *Historia Regum Britanniae*", pp. 450-542 e 456; Brooke, "Geoffrey of Monmouth", pp. 79-80 e 84; R. Gem, "The English Parish Church in the Eleventh and the Early Twelfth

En definitiva, que se Merlín consegue un lugar preeminente entre os personaxes da crónica de Monmouth, faino por medio da novelización do seu carácter e a trivialización da súa tarefa orixinal, tal e como a concibira a *Historia Brittonum*. Neste sentido, pódese falar dunha desideoloxización da figura do profeta, proceso esperable se consideramos que as circunstancias reivindicativas e de resistencia en que se forxaron a esperanza bretona e o episodio de Vortigern e Ambrosio, estaban ausentes, segundo puidemos comprobar, da mente de Geoffrey. É dicir, que o historiador galés matiza o mesianismo bretón de dúas maneiras. A primeira consistía en transferir a expectativa de retorno de Artur a Cadwalladro; a segunda, trala que non hai que ver necesariamente unha intención política, en desvirtuar o papel do profeta encargado de anunciar a independencia. En cambio, como demostra o episodio das pedras de Irlanda, o profeta formaría parte do labor de exaltación do pobo británico, que é o grande obxectivo da *Historia*. Se as expectativas que podía suscitar nos celtas un futuro cheo de gloria están máis que matizadas pola pluma de Geoffrey, non é así polo que atinxe á invención dun pasado de esplendor. Como peza clave na construcción da crónica de Monmouth, Merlín verase afectado por este enfoque; e, así, a medida que se debilita a súa faceta de profeta, poténciase como fito pretérito de quen quedan notables recordos en forma de vestixios arqueolóxicos.

A veracidade das profecías merlinianas

Ó fío destas consideracións, xorde a controversia acerca da veracidade e a certeza dos vaticinios merlinianos. Neste sentido, non deixaría de resultar paradoxal que a profecía, o trazo máis característico de Merlín, fose precisamente a facultade onde, de aceptar o relato ó pé da letra, menos seguro se amose o personaxe[132]. E é que, se ben o adiviño se gaña unha reputación de oráculo infalible, o relato de Monmouth demostra, a este propósito, algunhas inconsistencias. A máis destacada non forma parte das *Prophetiae*, senón que se produce con ocasión da morte de Aurelio Ambrosio na batalla de Salisbury. O acontecemento foi acompañado dun prodixio que non só daba conta do falecemento do rei, senón que anunciaba a subida ó trono do seu sucesor, Úter Pendragón, e a sorte da súa descendencia:

> «... apareceu unha estrela de asombroso tamaño e claridade que emitía un só raio. No cabo do raio había un gran globo de lume, estendido en forma de dragón, e da súa boca saían dous raios: un deles parecía estender a súa

Centuries: a Great Re-Building?", en J. Blair, *Minsters and Parish Churches: the Local Church in Transition, 950-1200*, Oxford, 1988, pp. 21-30; Williams, *The English and the Norman*, p. 156-159, 164 e 187-188.

[132] Harding, *Merlin*, p. 57.

lonxitude máis aló das rexións da Galia, en tanto que o outro remataba en sete raios menores que se inclinaban cara ó mar de Irlanda»[133].

Merlín explica esta estrela de lume a Úter Pendragón da seguinte maneira:

«En verdade, esta estrela alude a ti, o mesmo que o dragón de lume baixo a estrela. O raio que se estende cara á rexión gala anúnciache un futuro fillo poderosísimo, que co seu poder terá tódolos reinos que o raio cubre. En canto ó outro raio, significa unha filla e os seus fillos e netos, que posuirán sucesivamente o reino de Bretaña».[134]

O fillo do que fala o profeta é Artur, conquistador da Galia e vencedor dos romanos. A filla será Ana e o destino dos seus descendentes non se adecuará ó que Merlín vaticinara para ela. En efecto, Ana ten dous fillos, Galván e Mordred; o primeiro morre sen descendencia coñecida, mentres que o segundo terá dous fillos, que loitarán polo reino e serán asasinados por Constantino, fillo de Cador e neto de Igerna e Gorlois, duque de Cornualles (*HRB*, caps. 179-180, p. 132). Geoffrey atribúelle a Artur un terceiro sobriño, Hoel de Armórica, fillo de Budico e Ana (*HRB*, cap. 144, p. 102). Pero a confusión é evidente, pois esta xa estaba casada con Lot de Lodonesia e en ningún momento se di que contraxese segundas nupcias. Sexa como for, a sucesión de Artur continúase a través dun curmán, Constantino, e non a través dun sobriño[135].

Chegouse a pensar que Geoffrey xoga co lector ou que, aproveitando a natureza demoníaca do seu personaxe, introducía elementos que desmontasen as expectativas bretonas. Merlín adquiría de seu pai o íncubo un compoñente de maldade que o levaría a enganar ós que di protexer[136]. Igualmente, poderíase crer que, xa que é medio demo, os seus poderes proféticos son imperfectos e admiten unha marxe de erro. En efecto, a teoloxía cristiá sempre lle negou ós demos a facultade de coñecer o porvir. Se algunha vez se botaban a facer prognósticos era gracias á súa intelixencia, moito maior que a que posuían os homes,

[133] «... apparuit stella mire magnitudinis et claritudinis uno radio contenta. Ad radium uero erat globus igneus in similitudinem draconis extensus et ex ore eius procedebant duo radii; quorum unus longitudinem suam ultra Gallicana climata uidebatur extendere, alius uero uersus Hybernicum mare uergens in .vii. minores radios» (*HRB*, cap. 133, p. 94).

[134] «'Te etenim sydus istud significat et igneus draco sub sydere. Radius autem qui uersus Gallicanam plagam porrigitur portendit tibi futurum filium et potentissimum cuius potestas omnia regna que proteget habebit. Alter uero radius significat filiam, cuius filii et nepotes regnum Britannie succedenter habebunt» (*HRB*, cap. 133, p. 94).

[135] M. Blaess, "Arthur's Sister", *Bulletin Bibliographique de la Société Internationale Arthurienne*, VIII (1956), pp. 70-72.

[136] Harding, *Merlin*, pp. 59-60.

a cal lles permitía chegar a conclusións máis avanzadas que as que podía imaxinar un humano. Por esta razón, cando acertaban, os crédulos ou os ignorantes podían pensar que coñecían o futuro[137]. Resulta moi interesante, a este respecto, o testemuño de William de Newburg. Este historiador de finais do século XII e comezos do XIII, que segundo vimos, acusaba de mentirán a Monmouth, critica así mesmo as profecías de Merlín e, entre os argumentos que aduce para refutalas, expón a teoría cristiá sobre as falsas facultades clarividentes dos demos[138].

Con todo, se ben algúns trazos do profeta prefiguran o retrato que desenvolverá Robert de Boron, en Monmouth é en exceso aventurado falar dunha demonización do carácter merliniano ata eses extremos. É certo que algunhas circunstancias que arrodean o seu nacemento lembran xa ós de Xesús e o Anticristo: a intervención dunha forza sobrenatural, a concepción nunha muller de vida virtuosa e virxe... Pero tamén hai que ter en conta que moitos dos aspectos que atopamos en Merlín xorden pola súa condición de profeta de inspiración bíblica. Non debemos esquecer que boa parte da personalidade merliniana estaría baseada nos profetas veterotestamentarios, especialmente en Daniel -que vaticina o futuro político do reino caldeo- e en Elías -quen, como o personaxe de Monmouth, reúne na súa persoa a clarividencia e a maxia-. En fin, como sinala Zumthor, as similitudes poderían extenderse incluso á figura de Xesús, tanto o dos Evanxeos canónicos como o dos apócrifos[139].

A partir de aquí, e nun segundo momento, si que é posible a asociación co Anticristo, posto que este ser, ó fin e ó cabo, tamén se revestirá cos atributos proféticos. Non é casualidade que varios contemporáneos de Monmouth, como John de Salisbury, William de Newburg ou Pierre de Blois, destacasen o aspecto demoníaco de Merlín, ligado á súa suposta facultade de profetizar, e que precisamente a través desta circunstancia, o asociasen coa figura do Anticristo[140]. Pero todo isto non implica que Geoffrey se basease no Anticristo para construír o seu personaxe, especialmente por dúas razóns: porque o carácter de Merlín é benéfico e porque, a pesar dos erros do relato, as súas profecías se pretenden certeiras. Se os escritores anteriores asociaron o profeta bretón co Fillo de Iniquidade, foi porque non concedían creto ós vaticinios merlinianos, dos que se

---

[137] Santo Agostiño, *De Civitate Dei*, ed. de J. Morán, libro VIII, cap. 22, en *Obras completas de San Agustín*, t. XVI, Biblioteca de Autores Cristianos, Madrid, 1958, p. 558-559; San Isidoro, *Etimologías*, ed. de J. Oroz Reta e M. - A. Marcos Casquero, Biblioteca de Autores Cristianos, Madrid, 1982, libro VIII, cap. XI, 15-17, t. II, p. 720.

[138] *Historia Rerum Anglicarum*, I, 10.

[139] Zumthor, *Merlin le prophète*, pp. 26-28 e 30-33.

[140] Harding, *Merlin*, p. 53; Zumthor, *Merlin le prophète*, pp. 92-95.

burlaban. Nada mellor, daquela, que asocialos co profeta falso por antonomasia, é dicir, o Anticristo. Como sinala Zumthor[141], a partir dun texto de William de Newburg, a asociación cos profetas do Antigo Testamento tamén tiña vixencia:

> «Por qué se lle concede menos creto ó seu Merlín do que nós lle damos ó noso Isaías, alomenos na conocencia do futuro, agás que non ouse inserir os seus vaticinios: palabra de Deus - e enroxeceu ó introducir: palabra do Demo (xa que isto debe estar de acordo cun profeta, fillo dun demo íncubo)»[142].

Segundo se observa, nesta pasaxe aparece a relación cos profetas bíblicos e cos íncubos, pero non co Anticristo.

Polo demais, a mención ó íncubo, que achega perigosamente o personaxe ó mundo do demoníaco, revélase como un recurso a través do que Geoffrey explica a orixe do neno sen pai do que falaba a *Historia Brittonum*, obra onde a súa misteriosa ascendencia ficaba sen dilucidar. De todas formas, non nos parece correcta a opinión de Harding, para quen «the motif of the incubus daemonum furnishes a rich fund of speculation and development in later literature, but Geoffrey at first seems to make little of the incubus motif except as a solution to the riddle of the "boy without a father" posed by Vortigern's seers»[143]. Máis adiante comprobaremos como o recurso do íncubo non se limita a unha simple mención á que Geoffrey non lle sacou ningún partido.

A inclusión do íncubo habería que entendela, en primeiro lugar, como unha mostra do espírito curioso e racionalizador do autor[144]. Na mesma dirección inscribiríase a explicación científica que Maugancio, o sabio real, proporciona a Vortigern, coa mención dunha autoridade en demonoloxía como era Apuleio e o seu tratado *De deo Socratis*. Ben é verdade que, como sostén Faral, moi probablemente Monmouth no tería acceso directo a esta obra, de tal maneira que a referencia que contén a *Historia* se basearía nunha mención que aparecía en *De civitate Dei* de Santo Agostiño[145]. Pero, á marxe do coñecemento directo dunha obra concreta, o certo é que os escritos deste escritor latino se redescubren no século XI e dende entón comeza a extenderse o interese pola súa obra.

---

[141] Zumthor, *Merlin le prophète*, pp. 93-94.

[142] «Quid enim minus in praescientia dumtaxat futurorum tribuit suo Merlino quam nos nostro Esaiae, nisi quod ejus vaticiniis non audet inserere: Haec dicit Dominus - et erubuit inserere: Haec dicit Diabolus (quippe hoc debuit congruere vati incubi daemonis filio)» (*Historia Rerum Anglicarum*, I, 17).

[143] Harding, *Merlin*, p. 51.

[144] Faral, *La légende arthurienne*, t. II, p. 233.

[145] *Ibíd.*. Vid. Santo Agostiño, *De Civitate Dei*, libro VIII, cap. 14, pp. 542-544.

Moreschini[146] sostén a este respecto, que Apuleio exerceu unha grande influencia na Inglaterra do século XII, onde, ademais de a Geoffrey -que puido coñecer as súas *Metamorfoses*-, inspirou a Malmesbury, John de Salisbury, Giraldus Cambrensis ou Radulfus de Diceto. Sexa como for, o punto de vista adoptado por Monmouth en nada se asemella á perspectiva escatolóxica coa que se inicia o *Merlin* de Boron, onde unha asemblea de demos planea concibir un antiprofeta que contrarreste a acción benéfica que traera á Terra a Paixón de Xesús[147]. Unha vez dilucidada a procedencia do neno sen pai, a ascendencia demoníaca é un bo recurso para explicar os dons que exhibe o adiviño. Pero adquirir facultades dos demos inferiores -categoría entre a que se incluiría o íncubo- non implica supoñer un carácter maléfico para o personaxe.

Desbotado, pois, un compoñente de maldade diabólica na personalidade de Merlín, o motivo do incumprimento das profecías estaría máis ben na complexidade deste mesmo recurso, aumentada pola escuridade e pola buscada ambigüidade con que están expostas. Deste modo, é o propio escritor galés o que se trabuca ó redactar a crónica e non Merlín o que erra nos seus prognósticos. Non foi Geoffrey a única víctima da escuridade que rodeaba ós vaticinios merlinianos. As dificultades que a súa interpretación conlevaba reflíctense, así mesmo, no testemuño doutros escritores da época; entre eles, Wace, quen no *Roman de Brut* prescinde de transcribir o longuísimo parlamento de Merlín coa excusa de que é incapaz de comprendelo: «Ne vuil sun livre translater / Quant jo nel sai interpreter»[148]. Xa no século XIII, Ralf Higden utiliza un argumento semellante para obviar os vaticinios. O seu *Polychronicon* pasa por alto a historia da torre de Vortigern e o nacemento de Merlín, así como «de prophetia ejusdem tam obscura, in solo Britannico libro continentur, praesenti historiae addidissem, si ea veritate suffulta credidissem»[149]. Visto o anterior, compréndese por qué as incoherencias no relato da *Historia* se acumulan na segunda parte do libro, é dicir, a medida que se complicaba a trama narrativa e que o cumprimento dos vaticinios impoñía unha nova dificultade.

---

[146] C. Moreschini, "Sulla fama di Apuleio nel Medioevo e nel Rinascimento", en *Studi filologici, litterari e storici in memoria di Guido Favati*, Padua, 1977, vol. II, pp. 457-476, especialmente, p. 467.

[147] Robert de Boron, *Merlin, roman du XIII^e siècle*, ed. de A. Micha, Droz, Xenebra, 1979, cap. 1, pp. 18-23.

[148] Robert Wace, *Roman de Brut*, ed. de I. Arnold, Société de Anciens Textes Français, París, 1938, vv. 7539-7540.

[149] Ralf Hygden, *Polychronicon*, ed. de J. Rawson Lumby, Rolls Series, Londres, 1865-1886, V, 278.

Un repaso ós máis importantes bastará para comprobar como boa parte destes afectan a circunstancias de todo alleas ás palabras do adiviño, ou o que é o mesmo, escapan a toda posibilidade dunha interpretación interesada. Tralo derrocamento de Vortigern, sube ó trono seu fillo Vortimer, que loita con éxito contra os saxóns. Segundo Monmouth, que segue a narración da *Historia Brittonum*, Vortimer derrotaríaos en catro batallas:

> «Enfrontouse a eles en catro batallas e en todas venceunos: a primeira xunto ó río Derwent, a segunda no vao de Episford...; a terceira batalla tivo lugar na beira do mar, a onde os inimigos fuxiran para embarcar como mulleres e refuxiarse na illa de Thaneth»[150].

Sen embargo, a cuarta batalla no chega a celebrarse, xa que os saxóns, tras seren asediados por Vortimer, aproveitan unha tregua para fuxir de Bretaña. O esquecemento do terceiro encontro prodúcese neste caso porque Geoffrey segue moi de preto a súa fonte, a *Historia Brittonum*, e, inadvertidamente, reproduce o erro de esta:

> «Guorthemir sostivo contra eles catro batallas. A primeira xunto ó río Derguentid; a segunda no vao que na súa lingua se chama Episford e na nosa Rithergabail, e alí morreu Horsa, xunto a un fillo de Guorthigirn, de nome Categirn. A terceira batalla tivo lugar na chaira xunto a Stonar, na beira do mar da Galia; no enfrontamento resultou victorioso e os bárbaros foron derrotados e postos en fuga cara ás súas naves, nas que embarcaron como mulleres»[151].

A familia de Artur constitúe unha verdadeira trampa para Geoffrey, xa que os complexos lazos de parentesco o confunden unha e outra vez. Máis arriba sinalabamos como Hoel de Armórica se convertía, *contra natura*, no terceiro sobriño do monarca bretón. Mais, por outro lado, a *Historia* afirma que era fillo de Budico e unha irmá de Artur (*HRB*, cap. 144, p. 102). Segundo Blaess[152], o suposto pai de Budico -aínda que Geoffrey en ningún momento explicita o

---

[150] «Quattuor bella gessit cum eis et in omnibus superauit: primum super flumen Derwend; secundum super uadum Epiffordum...; tertium bellum super ripam maris quo naues muliebriter ingressi diffugierunt hostes et insulam Thaneth pro refugio adiuerunt» (*HRB*, cap. 101, p. 68).

[151] «Et Gourthemir contra illos quattuor bella avide gessit. Primum bellum super flumen Derguentid; secundum bellum super vadum quod dicitur in lingua eorum Episford, in nostra autem lingua Rithergabail, et ibi cecidit Hors cum filio Guorthigirni, cujus nomen erat Categirn; tertium bellum in campo juxta Lapidem tituli, qui est super ripam Gallici maris, commisit, et barbari victi sunt, et ille victor fuit, et ipsi in fugam versi usque ad ciulas suas mersi sunt in eas muliebriter intrantes» (*HB*, cap. 44, p. 33).

[152] Blaess, "Arthur's Sisters", pp. 71-72.

parentesco- sería Aldroeno, rei de Armórica; o irmán deste, Constantino, chega a rei de Bretaña e enxendra tres fillos: Constante, Aurelio Ambrosio e Úter Pendragón. De todas formas, e posto que Monmouth non di que Aldroeno e Budico son pai e fillo, esta relación non deixa de ser unha hipótese. O máis probable é que Hoel fose o fillo dunha tía de Artur, irmá de Úter Pendragón e Aurelio Ambrosio, aínda que entón existiría a sospeita de que o de Armórica era froito dunha relación incestuosa, que só se salvaría facendo á nai de Hoel media irmá de Artur e filla de Igerna e Gorlois. É dicir, que, dunha ou doutra forma, a relación entre curmáns debería substituír a de tío - sobriño; a non ser que, como sostén Faral[153], Ana tivese dous maridos, Budico e Hoel, cousa bastante improbable porque obrigaría a supor que Budico gozou dunha lonxevidade extraordinaria. A pesar de todos estes inconvenientes, a *Historia* insiste na incoherencia e repite ata tres veces o falso parentesco (*HRB*, cap. 144, p. 102, cap. 146, p. 103 e cap. 149, p. 105).

Pero é que as confusións afectan así mesmo ó cuñado de Artur, Lot de Lodonesia, e á data da súa voda con Ana:

> «E a Loth, que en tempos Aurelio Ambrosio casara coa propia irmá [de Artur] e tivera dela dous fillos, Galván e Mordred, restaurouno no ducado de Lodonesia e nas demais provincias viciñas que lle pertencían»[154].

Páxinas máis arriba, cando Geoffrey falaba da descendencia de Úter Pendragón, aclaraba como este rei dispuxera a voda de súa filla co duque de Leil:

> «Encargoulle o mando do exército de Bretaña a Loth de Lodonesia, coa orde de que mantivese afastado ó inimigo. Loth era duque de Leil e un guerreiro cheo de afouteza e maduro no saber e na idade. En vista da súa coñecida virtude, o rei déralle por esposa a súa filla Ana e o goberno do seu reino, mentres durase a súa doenza»[155].

---

[153] Faral, en cambio, supón que Ana tivo dous maridos: Budico e Hoel (Faral, *La légende arthurienne*, t. II, p. 263-264).

[154] «Loth autem qui tempore Aurelii Ambrosii sororem ipsius duxerat, ex qua Gwalguanum et Modredum genuerat, ad consulatum Lodonesie ceterarumque conprouinciarum que ei pertinebant reduxit» (*HRB*, cap. 152, p. 106).

[155] «Committitur itaque exercitus Britannie Loth de Lodonesia ut hostes longius arceret. Erat autem ille consul Leis, miles strenuissimus, sapientia et etate maturus. Probitate ergo ipsius acclamante dederat ei rex Annam filiam suam regnique sui cura, dum infirmitati subiaceret» (*HRB*, cap. 139, p. 99).

Se xa era difícil concibir un matrimonio anterior para Ana, que xustificase a Hoel como fillo seu, a confusión de Geoffrey, que situaba as súas nupcias en tempos aínda máis remotos, como eran os de Aurelio Ambrosio, facíao definitivamente imposible. A única opción, en vista dos condicionantes cronolóxicos, consistiría en supoñer a Hoel contemporáneo de Aurelio Ambrosio e Úter Pendragón, xa que estes se refuxiaban na corte do seu tío Budico para escapar das represalias de Vortigern. Agora ben, tanto Aurelio como Úter morren de forma violenta -é dicir, que non esgotan os seus días- e, cando Artur, fillo de Úter, accede ó trono ten quince anos. A pesar da evidente diferencia de idade, non sería improbable un matrimonio entre a moza Ana e o provecto Hoel.

Igualmente esvaradizo vólvese o manexo das cifras que salpican a *Historia*, moitas delas empregadas para conseguir un efecto de verosimilitude. Así, mentres que no ataque a traizón de Hengist caían asasinados catrocentos sesenta nobres bretóns, cando Eldol, duque de Gloucester, recorde a Aurelio Ambrosio a matanza, falará de catrocentos oitenta (*HRB*, cap. 104, p. 70 e cap. 122, p. 87). Por outra parte, ó rememorar Artur ante os embaixadores romanos as campañas de Belino e Brenio e as súas victorias fronte o Imperio, mencionará ós vinte nobres que ambos mandaron enforcar como pagamento polas deslealdades do inimigo. Pero é que no seu momento, Geoffrey mencionara vintecatro (*HRB*, cap. 159, p. 114 e cap. 43, p. 29). Por último, no momento de desglosar o exército artúrico que vai enfrontarse cos romanos, as contas volven traizoar a Monmouth[156]. Segundo os cálculos do autor, o continxente británico ascendía a cento oitenta e tres mil trescentos, pero a suma dos diferentes corpos do exército revela cento cincuenta e tres mil douscentos, cifra sensiblemente inferior (*HRB*, cap. 162, pp. 115-116). Menos mal que renuncia a darnos a cifra dos soldados de a pé, co gallo de que a afluencia destes era innumerable. A confusión convértese en caos á hora de describir o combate decisivo entre os bretóns e os romanos, onde, segundo amosa a análise que leva a cabo Faral acerca dos movementos de tropas durante a batalla, este confuso episodio se converte nun verdadeiro disparate.

En fin, outras incoherencias, sobre as que non nos deteremos, espállanse polo relato de Geoffrey. Se acaso mencionaremos, polo significativa que é, a mención á profecía que, sobre o rexurdimento bretón, pronunciaría Merlín ante Artur. Cando Cadwalladro prepara a expedición que lle ha devolver o control da illa, unha voz do ceo aconséllalle que pospoña o regreso a Bretaña:

> «Non quería Deus que os bretóns reinasen por máis tempo na illa, en tanto non chegase o momento que Merlín lle profetizara a Artur»[157].

[156] Faral, *La légende arthurienne*, t. II, pp. 291-295.

[157] «Nolebat enim Deus Britones in insulam Britannie diutius regnare antequam tempus illud uenisset quod Merlinus Arturo prophetauerat» (*HRB*, cap. 205, pp. 146).

Pois ben, sabido é que Merlín permanece activo con Vortigern, Aurelio Ambrosio e Úter Pendragón, pero que desaparece tras axudar a este último a concibir a Artur.

A conclusión á que conduce este repaso é que os erros que aparecen na crónica non poden ser interpretados como insercións conscientes introducidas por Geoffrey, debido á imperfección que, en xeral, desvela o fío narrativo da *Historia*. Polo que atinxe a este aspecto, o autor non estaría xogando coas expectativas bretonas sobre a volta dun rei mesiánico. A ironía maniféstase, en cambio, na calculada ambigüidade que mantén na súa postura respecto ó irredentismo bretón, xa que estaba obrigado a non despertar o receo dos magnates normandos e, á vez, a incluír, como un compoñente máis da historia dos celtas británicos, a esperanza na resurrección da súa patria. Así pois, Merlín será, a pesar dos descoidos de Monmouth, o profeta infalible de Bretaña e as súas palabras -as súas, non as do seu autor- merecen toda credibilidade.

CAPÍTULO III

A irrupción do marabilloso na literatura medieval

O tratamento que Geoffrey lle dispensa a Merlín conleva un debilitamento da dimensión profética respecto ó antecedente da *Historia Brittonum*; pero, a pesar disto, o personaxe é, por enriba de todo, profeta, polo que, se algún calificativo recibe, é o de *vates*, ó que acompañan o verbo *prophetare* e o sintagma *futura dicere*[1]. Claro que a proliferación de episodios nos que Merlín se ve involucrado obriga a dotalo con novas e inesperadas habilidades. Será a novelización, que estará na raíz desta novidosa concepción do adiviño, a que provoque unha despolitización da súa figura e a que diminúa a relevancia que, en orixe, tiñan os vaticinios políticos. Polo tanto, para comprender a dimensión exacta do personaxe merliniano, cómpre achegarse ás *novas artes et inauditae* que exhibe Geoffrey na *Historia*.

Coa expresión arriba mencionada explicaba Merlín a Úter Pendragón o procedemento mediante o que pensaba introducilo en Tintagel (*HRB*, cap. 137, p. 97), e, ata certo punto, non estaba falto de verdade. Entre as múltiples transformacións que contemplou o século XII inclúese unha actitude máis positiva cara ó progreso e as novidades, que se reflectiu na xeralización, na literatura da época, de termos que expresasen o concepto de novo, entre eles *novus* e *inauditus*[2]. Vinculado a este cambio nas mentalidades, produciuse unha verdadeira explosión do marabilloso. Non é que a mentalidade máxica que propicia a expresión do marabilloso[3] xurdise daquela, pero, certamente, a coxuntura do renacemento do século XII contribuíu ó seu desenvolvemento. Non en van a documentación das palabras que expresan o citado concepto indica que un cambio se produciu na civilización do occidente medieval. Así, por exemplo, o substantivo francés *merveille* aparece recollido por primeira vez no século XI, en tanto que o adxectivo correspondente, *merveilleux*, non se documenta ata a centuria seguinte[4].

A partir do século XI, co redescubrimento da cultura clásica, a herdanza grecorromana fíxose especialmente patente en certos ámbitos do mundo das marabillas, como o dos prodixios que ofrecía a natureza ou as propiedades que escondían os elementos naturais (animais, pedras, plantas). As vías de recuperación da cultura clásica foron moi variadas e entre elas destacou o contacto, cada

---

1 O termo *vates* aplícaselle nos caps. 128, p. 90 e 137, p. 97, en tanto que *prophetare* se utiliza no cap. 118, p. 84, cap. 135, p. 95 e cap. 205, p. 146 e *futura dicere* no cap. 128, p. 90.

2 Constable, "Past and Present", pp. 160-161; B. Smalley, "Ecclesiastical Attitudes to Novelty, c. 1100 - c. 1250", *Studies in Church History*, XII (1975), pp. 113-131.

3 Ph. Ménard, "Chrétien de Troyes et le merveilleux", *Europe*, DCXLII (octobre 1982), p. 60.

4 C. Lecouteux, "Introduction à l'étude du merveilleux médiéval", *Études Germaniques*, XXXVI/3, (1981), p. 273.

vez máis estreito, entre o Occidente cristián e a cultura árabe, depositaria do saber grecorromano. Os intercambios culturais con esta civilización iniciáranse na Península Ibérica durante o século X, se ben o 'descubrimento' do Oriente -musulmán e bizantino- se intensificou gracias ás Cruzadas, o que permitiu a chegada de novas doutrinas e concepcións científicas e filosóficas[5]. Todo isto tivo o seu correspondente reflexo na renovación do coñecemento do Occidente medieval, á que non foron alleos certos campos do saber, como a literatura médica, os lapidarios, herbarios e bestiarios, así como os repertorios paradoxográficos, ós que tanto partido sacaría Monmouth na composición da *Vita Merlini*. Este conxunto de *mirabilia* configurou o que Lecouteux denomina *merveilleux savant*, debido á súa procedencia clásica e ó modo eminentemente libresco no que se divulgou[6].

Segundo acabamos de apuntar, nesta época prodúcese a unión de dous compoñentes esenciais para a nova interpretación do concepto de 'marabilla', xa que a herdanza grecorromana se lle engade ás crenzas pagás que a cultura cristiá medieval fora asumindo a medida que entraba en contacto cos pobos da periferia europea e os asimilaba[7].

Baixo este calificativo, e xa que tratamos con narracións da *matière de Bretagne*, pódese incluír a civilización celta, cristianizada dende o século V, pero que mantivo parte das súas crenzas arraigadas tralo velo da nova relixión e das súas prácticas sincréticas. Polo demais, e tal e como demostra a influencia que sobre ela tivo o contacto co panteón grecorromano, a tendencia ó sincretismo manifestábase na relixión celta dende os tempos pagáns[8]. No seu contacto coa relixión cristiá, a capacidade da relixión céltica para adoptar conceptos de procedencia estraña deu como froito unha Igrexa chea de peculiaridades, que,

---

[5] Dentro da amplísima bibliografía que aborda estas cuestións, vid. L. Thorndike, *A History of Magic*, t. I, pp. 641-671 e 697-718 e t. II, pp. 66-98; "Magia, stregoneria, astrologia e alchimia", en Z. N. Brook - C. W. Previté - Orton e J. R. Tanner (eds.), *Storia del mondo medievale*, t. VII, *L'autunno del medioevo e la nascita del mondo moderno*, Garzanti, 1981, pp. 819-821; R. L. Wagner, *"Sorcier" et "magicien". Contribution à l'histoire du vocabulaire de la magie*, Droz, París, 1939, pp. 94-95 -quen minimiza o impacto das culturas orientais-; P. Zumthor, "Sorcier et magicien. — A propos d'un livre de R. L. Wagner", *Zeitschrift für romanische Philologie*, LXV (1949), pp. 447-450; F. Cardini, *Magia, brujería y superstición en el Occidente medieval*, Ediciones Península, Barcelona, 1982 (1ª ed. 1979), pp. 35-39; R. Kieckhefer, *La magia en la Edad Media*, Crítica, Barcelona, 1992, pp. 127-130.

[6] Lecouteux, "Introduction", pp. 288-289.

[7] C. Lecouteux, "Paganisme, christianisme et merveilleux", *Annales E.S.C.*, XXXVII (1982), p. 700.

[8] N. Chadwick, *The Celts*, Penguin Books, Londres, 1970, pp. 186-219; F. Marcos Simón, *Los celtas*, Historia 16, Madrid, 1990, pp. 162.

segundo vimos en capítulos precedentes, non tardou en enfrontarse coa ortodoxia romana.

Ben é certo que, cando se fala do século XII, non se pode pensar nunha mentalidade celta como tal, debido ó longo proceso de asimilación cultural que, dende a ocupación romana, protagonizara o citado pobo. Pero tampouco son desdeñables as particularidades que, xa baixo a órbita da Cristiandade, favoreceran a conservación de certas prácticas exclusivas. O debate entre o orixinal cristianismo celta e a ortodoxia de Roma, por exemplo, aparece moi vivo nas páxinas da historiografía británica, dende Beda á *Historia Brittonum* e, incluso, a Geoffrey de Monmouth.

Pero sería erróneo interpretar a concepción máxica da realidade como algo pertencente só á cultura pagá. O cristianismo participaba tamén desta visión, xa que partía do axioma de que todo era posible na omnipotencia de Deus. Os milagres, por exemplo, serían o paradigma de manifestación marabillosa de tipo cristián. A súa condición problemática, por situarse á marxe das reglas que rexían o mundo, atrouxo a atención dos esexetas dende os primeiros séculos. O primeiro intento serio de sistematización dos milagres é obra de Santo Agustiño, quen resolveu o conflicto entre a harmonía da natureza e este tipo de manifestacións extraordinarias establecendo tres niveis: os prodixios que Deus realizaba a diario no mundo e que, por seren cotiáns, só os sabios eran capaces de interpretar como milagrosos; os que non eran senón parte da orde natural e que os ignorantes crían que eran marabillosos; e os que de verdade eran milagres, operados por Deus, non por medio da alteración da orde do mundo -*contra naturam*-, senón por enriba da natureza -*propter* ou *supra naturam*-. O criterio agustiniano baseábase na impresión que a manifestación causaba no receptor, de aí que dese pé a numerosas interpretacións; en cambio, a clasificación de San Anselmo de Canterbury baseábase na orixe dos fenómenos. Estes podían ser causados por Deus directamente -os milagres-, por Deus a través da natureza -feitos naturais- e pola vontade dunha criatura -feitos voluntarios-[9].

Ben é verdade que, como ante outras moitas manifestacións do mundo sobrenatural, a postura da Igrexa se mostrou ambigua e oscilou segundo as épo-

[9] Santo Agostiño, *De utilitate Credendi*, ed. de V. T. Prieto - A. Centeno - S. Santamarta e H. Rodríguez, cap. XVI, 34 en *Obras de San Agustín*, t. IV, *Obras apologéticas*, Biblioteca de Autores Cristianos, Madrid, 1948, p. 801; Anselmo de Canterbury, *De conceptu Virginali*, en *Opera omnia*, ed. de F. S. Schmitt, Edimurgo, 1946-1961, II. 11. Para un resumo sobre a concepción do milagre e os seus conflictos coa harmonía da Creación, vid. R. M. Grant, *Miracle and Natural Law in Graeco-Roman and Early Christiam Thought*, Amsterdam, 1952, pp. 218-219; B. Ward, *Miracles and the Medieval Mind. Theory, Record and Events 1000-1215*, Scholar Press, Aldershot 1987 (1ª ed. 1982), pp. 3-19.

cas e os autores[10]. A partir do século III, a Patrística aplicouse a combater con enerxía este tipo de crenzas, consideradas un legado da tradición pagá latina. Tertuliano, Lactancio ou Arnobio de Sica, nos seus intentos por desacreditar a concepción marabillosa, optan ben pola burla, ben pola diatriba violenta. Outros, coma Fulxencio ou Santo Agostiño, prefiren aceptar os escritos clásicos, previa interpretación alegorizante[11]. Pero, en xeral, ata o século VI aproximadamente, pódese falar dunha represión eclesiástica respecto o marabilloso.

Claro que, se había represión, era porque a taumaturxia encontraba especial predicamento entre os fieis -tal vez demasiado, segundo o criterio das xerarquías eclesiásticas-. O certo é que nun primeiro momento a Igrexa fomentou os milagres como eficaz ferramenta do seu labor apostólico e evanxelizador. O clima espiritual da Baixa Latinidade favorecía este tipo de manifestacións, como demostra a intrepretación que dos feitos de Cristo e dos Apóstolos levaron a cabo os textos apócrifos. Sen embargo, o risco que conlevaba unha proliferación da taumarturxia non tardou en ser percibido pola mesma Igrexa, que observou como se esvaecían os límites entre a relixión verdadeira e as prácticas máxicas dos xentís. As acusacións que asociaban o cristianismo coa maxia non tardaron en se producir e chegaron tanto dende o paganismo -Celso- como dende o xudaísmo -Porfirio-. Así se explica a reacción de San Pablo, cando declara: «Porque os xudeus piden sinais e os gregos buscan a sabedoría, mentres que nós predicamos a Cristo crucificado»[12].

O curioso do caso é que non tódalas manifestacións taumatúrxicas foron reprimidas por igual. A natureza destes ataques, procedentes de relixións rivais, provocou que a resposta se centrase naqueles ámbitos que, dalgunha maneira, se relacionaban coa relixión ou a mitoloxía da cultura á que o Cristianismo substituirá[13], pois sabido é que, cando unha relixión substitúe a outra, a nova demoniza as crenzas e prácticas da que suplantou[14]. En cambio, outros aspectos, como o marabilloso xeográfico ou zoolóxico, non só foron aceptados, senón que, a

[10] Para a controversia dos milagres na Igrexa primitiva, vid. M. van Uytfanghe, "La controverse biblique et patristique autour du miracle, et ses répercussions sur l'hagiographie dans l'Antiquité tardive et le haut Moyen Âge latin", en *Hagiographie, cultures et société, IV^e - XII^e siècles. Actes du Colloque organisé à Nanterre et à Paris (2-5 mai 1979)*, Études Augustiniennes, París, 1981, pp. 205-231, especialmente, pp. 208-210.

[11] Lecouteux, "Paganisme", p. 701.

[12] «Quoniam et Iudaei signa petunt, et Graeci sapientiam quaerunt: nos autem praedicamus Christum crucificum» (*I Ad Corinthios*, 1, 22-23, *Biblia Sacra*, p. 1108).

[13] Lecouteux, "Paganisme", p. 701.

[14] S. Boesch Gajano, "Demoni e miracoli nei *Dialogi* di Gregorio Magno", en *Hagiographie, cultures et société, IV^e - XII^e siècles*, pp. 266-267.

veces, se adaptaron á mentalidade da nova teoloxía. Pensemos, sen ir máis lonxe, no *Physiologus*, obra atribuída a santos como Xerome ou Tomás, que interpretaba baixo a óptica trascendente cristiá, as manifestacións insólitas do mundo animal[15]. Así pois, o criterio de aceptación ou rexeitamento baseouse no perigo que tales crenzas podían traer á nova relixión, máis que nuhna doutrina que condenase a visión máxica da realidade[16].

Co tempo será a propia Igrexa a que se apropie do recurso e cree a súa rede de referencias marabillosas, primeiro baixo o veo da Omnipotencia divina -o que invalida o término 'marabilloso', posto que todo sería manifestación da vontade de Deus- e, nun segundo momento, de maneira máis autónoma e ó servicio de intereses máis terreais, postura esta que non deixa de ser continuadora da que no seu momento adoptaran as autoridades da Roma pagá[17]. De todas formas, o das forzas sobrenaturais -ou, polo menos, o da ruptura dos parámetros que rexían a vida cotiá- foi sempre un terreo esvaradizo, no que era necesario moverse con cautela e que nunca se librou do receo por parte de amplos sectores da Igrexa.

Como acabamos de ver, nin sequera a manifestación máis "cristiá" da marabilla, o milagre, escapou a esta postura contradictoria da Igrexa. Por un lado insistíase na súa utilidade como recurso para a evanxelización dos pobos pagáns. O milagre era a proba máis palpable do poder de Deus e, na medida en que viña a impoñer de maneira contundente e expresiva a superioridade da nova crenza sobre as prácticas idolátricas, insistía na efectividade das potencias divinas cristiás e no erro das vellas crenzas. Esta interpretación utilitarista influiu na valoración que dos milagres fixo a Igrexa oficial nos primeiros tempos. Esta actitude positiva cedeu unha vez que se atenuou o fervor evanxélico e o recurso ás manifestacións prodixiosas comezou a verse como algo máis molesto que útil. Entre os séculos II e III constátase un certo desprestixio deste xénero de fenómenos, mentres gaña adeptos a opinión de quen opinan que a época dos milagres é cousa pasada. A partir de entón comeza a insistirse na espiritualización e interiorización de tal tipo de manifestacións: qué mellor milagre que o abandono do mundo por parte dos fieis e a súa conversión á vida autenticamente cristiá[18].

---

[15] Vid. H. R. Jauss, "Rezeption und Poetisierung des Physiologus", en *Grundriss der romanischen Literaturen des Mittelalters*, VI/1, *La littérature didactique, allegorique et satirique*, Carl Winter Verlag, Heidelberg, 1968, pp. 170-181.

[16] Lecouteux, "Paganisme", p. 701.

[17] L. Cracco Ruggini, "Il miracolo nella cultura del tardo impero: concetto e funzione", en *Hagiographie, cultures et société, IV^e - XII^e siècles*, pp. 164-166; Lecouteux, "Paganisme", p. 702.

[18] Van Uytfanghe, "Bible et miracles", p. 210.

A anterior actitude conviviu cunha segunda, que entendía que os milagres entrañaban serios riscos, pois daban pé a confusións cos poderes que utilizaban os demos para tentar e confundir os homes ignorantes ou crédulos[19]. Que a asociación dos prodixios coas forzas malignas pesou sempre no ánimo da Igrexa, demóstrao a seguinte pasaxe de San Pablo sobre as argucias do Anticristo:

> «Entón manifestarase o inicuo, a quen o Señor Xesús matará co alento da súa boca, destruíndoo coa manifestación da súa vinda. A vinda do inicuo irá acompañada do poder de Satanás, de todo xénero de miragres, sinais e prodixios enganosos e de seduccións de iniquidade para os destinados á perdición por non recibir o amor da verdade que os salvaría. Por iso Deus envíalles un poder enganoso, para que crean na mentira e sexan condenados cantos, non crendo na verdade, se compracen na iniquidade»[20].

Por fin, un novo factor negativo a ter en conta era o temor a que un exceso de poder taumatúrxico en mans dun santo o inducise ó máis perigoso dos pecados, o orgullo, a semellanza do que, a nivel escatolóxico, sucedera con Satanás[21].

En xeral, a explosión do marabilloso non foi un feito illado que se reflectiu en ámbitos localizados da realidade, tales como a teoloxía ou a literatura. Se hemos de aternos ás fontes documentais, a encrucillada dos séculos XI e XII contemplou, así mesmo, un desenvolvemento espectacular da maxia ou, cando menos, da atención que as xerarquías eclesiástica e política empezaron a concederlle a este tipo de prácticas. Precisamente durante as dúas centurias que nos ocupan se produciría, segundo Cardini, unha eclipse da maxia tradicional, ligada ás antigas supersticións pagás[22]. Polo contrario, e como parte da renovación cultural e espiritual de Occidente, durante o século XIII rexurdiría con forza a maxia culta, a miudo ligada a fontes de orixe clásica. Pola súa parte, Lecouteux considera que a paréntese que vai dos séculos X ó XI consituíu un período de transición na actitude da Igrexa respecto ó marabilloso: pechouse daquela un

---

[19] Para a relación entre os demos e os milagres, vid. S. Boesch Gajano, "Demoni e miracoli" pp. 263-280.

[20] «Et tunc revelabitur ille iniquus, quem Dominus Iesus interficiet spiritu oris sui, et destruet illustratione adventus sui eum: cuius est adventus secundum operationem Satanae in omni virtute, et signis, et prodigiis mendacibus, et in omni seductione iniquitatis iis qui pereunt: eo quod charitatem veritatis non receperunt ut salvi fierent. Ideo mittet illis Deus operetionem erroris ut credant mendacio, ut iudicentur omnes qui non crediderunt veritati, sed consenserunt iniquitati» (*II Ad Thessalonicenses*, 2, 9-12, *Biblia Sacra*, p. 1147).

[21] Van Uytfanghe, "Bible et miracles", p. 213.

[22] Cardini, *Magia*, pp. 31-34.

longo período de represión, previo ó renacemento da marabilla que contemplou o século XII[23].

A actitude da Igrexa cara á maxia está intimamente relacionada coa postura adoptada por esta institución respecto ás manifestacións da marabilla, pois lembremos que a crenza nestas responde a unha visión máxica do mundo. A maxia, entendida como o conxunto de ritos que lle permiten ó home a intercesión e o aproveitamento de poderes sobrenaturais alleos ás potencias cristiás, foi unha constante, anterior incluso ós tempos da cultura Clásica. Non en van, a tendencia dos homes da Antigüidade, herdada polos medievais, consistiu en situar o nacemento das artes máxicas en culturas antiquísimas, como Exipto, Mesopotamia ou Persia[24]. Sexa como for, e se partimos do principio xa mencionado de que as novas relixións demonizan as prácticas que veñen substituír, boa parte da maxia contra a que debeu combater a Igrexa da Idade Media foi un legado da paganidade grecolatina.

Tamén neste caso, a estratexia adoptada pola Igrexa moveuse entre moi diversas posturas. Dende a máis aberta belixerancia, ata a asimilación sincrética, as actitudes variaron entre a intransixencia e certa comprensión. O certo é que, unha vez que o cristianismo se consolidou como forza hexemónica incontestable dentro do Imperio, a tensión fronte a este tipo de prácticas decreceu. En efecto, o declive da maxia tradicional coincidiu coa consolidación do cristianismo en Occidente. Unha vez que o paganismo e a súa interpretación máxica da realidade deixaron de seren unha ameaza, produciuse unha relaxación da tensión que, dende os primeiros séculos da nosa era, mantivera á Igrexa en alerta continua. O resultado foi o silencio documental dos séculos IX a XII, onde a ausencia de condenas eclesiásticas permiten deducir unha postergación das antigas prácticas[25]. A esta circunstancia puido axudar o feito de que nunca constituísen un corpus de doutrina organizado de maneira coherente, o que non aparecería senón a finais do XV. Neste aspecto coinciden tanto Wagner como Zumthor, que sinalan como fitos fundacionais a aparición do *Malleus maleficarum* de Jacob Sprenger, o *De lamiis et pithonicis mulieribus* de Ulrich Molitor, así como as edicións dos libros de Proclo e Michel Psellos levadas a cabo por Marsilio Ficino. Isto sucederá entre os anos 1487 e 1497. De todas formas, e sempre segundo a opinión de Wagner, o concepto de maxia xorde cara ó século XIII, é dicir, douscentos anos antes[26].

---

[23] Lecouteux, "Paganisme", p. 710.

[24] Un breve repaso ás concepcións máxicas das culturas anteriores a Roma en Thorndike, *A History of Magic*, pp. 1-35.

[25] Cardini, pp. 33-34; Wagner, *"Sorcier" et "magicien"*, pp. 57-58.

[26] Wagner, "*Sorcier" et "magicien"*, pp. 26-27; Zumthor, "Sorcier et magicien", p. 456.

Fronte á maxia que poderiamos denominar doutrinal, a da Alta Idade Media constituía unha serie de supersticións máis ou menos arraigadas na conciencia do pobo, rescaldo de vellas crenzas que supoñían unha desviación, pero que non entrañaban perigo. Incluso en non poucas ocasións se puxo en dúbida a efectividade de tales ritos, xa que se negaba ás potencias infernais -as únicas que podían situarse á marxe da xerarquía celestial- a posesión de poderes desa natureza ou a posibilidade de actuar sen o consentimento de Deus. O tópico que negaba efectividade á maxia e que consideraba os magos uns impostores foi unha constante da que se fixeron eco numerosos autores -Tertuliano, Rabano Mauro, Hugo de San Victor...- e que se prolongou ata a Baixa Idade Media. Xunto a esta postura, desenvolveuse unha segunda que aceptaba a eficacia das prácticas máxicas, pero a costa de negar o poder dos magos. Neste caso eran os demos quen interviñan e enganaban ós propios feiticeiros con falsos prodixios que os mortais non estaban en condicións de comprender[27].

A conclusión que se extrae deste panorama é que, máis ou menos ata o ano mil, e a pesar das condenacións oficiais, a pervivencia da maxia se considerou un mal menor, cando non se contemplou con certa condescendencia. A única excepción eran aquelas prácticas que buscaban o dano dun terceiro, entre as que se incluían as prácticas abortivas, ou as que arriscaban a vida de quen recurría a elas polo perigo que entrañaba levalas a cabo, como sucedía con certo tipo de maxia amorosa ou medicinal. A miúdo ata se perciben casos nos que a maxia era a excusa perfecta para neutralizar a carraxe do pobo, por exemplo ante a impericia dos médicos, ou como medio de dulcificar as penas que a sociedade civil impoñía ante certos delictos[28]. A mesma abundancia de condenas implica que este tipo de crenzas estaba demasiado arraigado en certas capas da sociedade, sobre todo entre os rústicos[29], pero, ó mesmo tempo, testemuña que a Igrexa non as combatía coa enerxía necesaria como para procurar a súa desaparición.

A situación cambia a partir do século XIII, cando empeza a recoñecerse a efectividade da maxia, vista agora coma froito dun trato diabólico, e, en correspondencia, se endurece a postura eclesiástica. O cambio de actitude tal vez estea relacionado co desenvolvemento, durante o século XII, dunha auténtica anxoloxía por parte da Igrexa. Estableceuse deste modo unha ríxida xerarquía entre as

---

[27] L. Thorndike, "Some Medieval Conceptions of Magic", *The Monist*, XXV (1915), pp. 111-112; V. I. J. Flint, *The Rise of Magic in Early Medieval Europe*, Clarendon Press, Oxford, 1991, p. 54.

[28] Para esta actitude vid. Flynt, *The Rise of Magic*, pp. 82, 238 e 291-296.

[29] Desta circunstancia toma o seu nome o tratado de San Martiño de Braga, *De correctione rusticorum* (Martiño de Braga, *Sermón contra las supersticiones rurales*, ed. de A. Hamann, en *Patrologia Latina. Supplementum*, IV, París, 1967, cols. 1392-1403).

criaturas celestes, pero ó mesmo tempo concedéuselle unha inusitada importancia ós anxos malignos e ás súas posibilidades de intervir nos asuntos humanos. Non en van, a segunda metade dese século contemplou un abundante cultivo da literatura demonolóxica. O primeiro síntoma de cambio produciuse coas condenas do arcebispo de París en 1270 e 1277[30], tralas que se iniciou un período de represión que traspasaría a fronteira do ano 1500. Foi entón cando xurdiron, por un lado, a figura da bruxa como estereotipo do axente de Satán que se entrega a todo tipo de maldades e desenfreos e, por outro, as grandes persecucións e o axustizamento de moitas delas no lume.

As causas que explican este cambio de actitude son complexas, se ben non deixa de chamar a atención o feito de que a reacción eclesiástica teña lugar a continuación do despertar literario do marabilloso. De todas formas, mellor que pensar na resposta a unha moda que empezou a verse como algo perigoso, haberá que ter en conta un marco máis amplo, do que tanto unha como outra manifestacións serían simples consecuencias. A este respecto, Cardini[31] establece tres causas fundamentais de natureza cultural, relixiosa e económica: o redescubrimento do saber antigo coa intermediación doutras culturas alleas á cristiá; a organización máis ríxida da Igrexa despois da reforma gregoriana, á que habería que engadirlle a resposta ós movementos reformadores dos séculos XII e XIII, que non poucas veces desembocaron en desviacións heréticas; e a crise económica de finais do século XIII e comenzos do XIV, que deu orixe a posturas máis intransixentes e a situacións máis conflictivas.

Dun modo máis xenérico pódese afirmar que o rigorismo eclesiástico foi unha consecuencia da diversificación social que trouxo aparellado o despertar dos séculos XI e XII. Deste modo, a nova actitude fronte á maxia insertaríase nun marco máis amplo, dentro das respostas que os estamentos que configuraban a vella sociedade tripartita do feudalismo ofreceron ante a chegada dos novos tempos. Na introducción deste estudio fíxose referencia ó anquilosamento das estructuras cabaleirescas e ás respostas que a nobreza adoptara para enfrontarse ó cambio dos tempos. Pois ben, dende un punto de vista global, o século XIII contemplou a fixación duns moldes sociais moito máis ríxidos, que deixaban extensas capas da poboación fóra do corpo orgánico da sociedade, grandes grupos de excluídos e marxinais ós que se contemplaba como un perigo en potencia e ós que se vía coa desconfianza que sempre provoca a alteridade e

[30] Wagner, *"Sorcier" et "magicien"*, pp. 101-106 e 109; Zumthor, "Sorcier et magicien", p. 445; Cardini, *Magia*, pp. 41-45.

[31] Cardini, *Magia*, pp. 43-44.

o desarraigo: ladróns, tolos, anacoretas, enfermos, practicantes de oficios considerados asociais ou indignos, e, por suposto, bruxas e feiticeiros[32].

Astroloxía e maxia no século XII: a noite de Tintagel e a estrela de lume

A consideración da encrucillada do século XII axuda a botar luz sobre as estructuras mentais que fundamentaban o pensamento galfridiano, ilustradas, nas páxinas da *Historia Regum Britanniae*, pola figura de Merlín. Con todo, hai que partir da base de que os contornos deste personaxe están sen perfilar, coma se o autor empregase co profeta a mesma ambigüidade que utiliza á hora de encarar a mensaxe política da súa crónica. Aínda cando o enriquecemento da súa personalidade, respecto ó modelo que representaba o Ambrosio da *Historia Brittonum*, implicaba diluír a natureza profética, é esta a que con máis claridade está descrita. En cambio, outras actuacións botan man da ironía ou das medias palabras para deixar indefinida a verdadeira condición de Merlín. Esta circunstancia faise máis evidente nunha das actuacións merlinianas: o transporte das pedras de Irlanda. Do conxunto de catro episodios nos que o adiviño se erixe en protagonista -os outros tres son a predicción ante Vortigern, a lectura da estrela de lume e a concepción de Artur-, sería no último de todos eles no que máis se apartaría da condición de profeta cívico do pobo bretón e no que máis se achegaría ó eido da ciencia máxica. O que o autor nos furtara na construcción de Stonhengue, queda nesta derradeira intervención ó descuberto, co cal se accede ó tipo de habilidades -alomenos unha delas- que desprega Merlín.

Ante os sufrimentos en que o sumiu a súa paixón por Igerna, Úter Pendragón confésase a un home da súa confianza, Ulfin de Ridcaradoch, e pídelle consello. A recomendación de Ulfin é que chame a *Merlinus vates*. Unha vez en presencia do rei, esta é a proposta do profeta:

> «Para conseguir o teu desexo, debes empregar artes novas e inauditas no teu tempo. Sei cómo darche o aspecto de Gorlois coas miñas drogas, de modo que te asemelles en todo a el. Se me obedeces, fareite totalmente idéntico ó duque, e convertirei a Ulfin no seu compañeiro Jordan de Tintagel. Tamén eu cambiarei de forma e irei convosco; así poderás entrar libremente no castelo e achegarte ata Igerna»[33].

---

[32] Para o concepto de marxinalización medieval e as súas implicacións espaciais -mobilidade, pero tamén ubicación á marxe das estructuras sociais-, vid. B. Geremek, "El marginado", en J. Le Goff, *El hombre medieval*, pp. 366-367 e G. B. Ladner, "*Homo viator*: Medieval Ideas on Alienation and Order", *Speculum*, XLII (1967), pp. 233-257.

[33] «'Ut uoto tuo potiaris utendum est tibi nouis artibus et tempore tuo inauditis. Scio medicaminibus meis dare figuram Gorlois ita ut per omnia ipse uidearis. Si itaque parueris, faciam te

É dicir, que o que Merlín lle propón é desfigurar o aspecto dos tres por medio dun composto, o que non sería senón un artificio de maxia. Ben é verdade que este tipo de práctica non implica trato algún coas forzas sobrenaturais -demoníacas, xa que falamos da actuación dun mago- e que, polo tanto, parece de todo allea ó eido da abominable nigromancia. O recurso merliniano, antes ben, é susceptible de ser encadrado dentro da chamada maxia natural, ou o que é o mesmo, aquela que aproveita as propiedades, a miúdo descoñecidas para o común dos humanos, que agochan os elementos da natureza[34]. Este tipo de artes non ten por qué implicar tratos ilexítimos, xa que o mago nunca traspasa as márxes do contacto con potencias maléficas.

Non estará de máis recordar que este mesmo recurso se ofrecía para ser empregado en ciencias doutra especie, como a medicina, que recorría ás propiedades de plantas, pedras ou alimentos nos seus tratamentos terapéuticos. Con todo, o establecemento da fronteira entre o científico e o máxico revélase especialmente difícil nun campo como o da ciencia médica; alomenos ata que a medicina, vinculada ó desenvolvemento das universidades, se consolidou como disciplina científica[35]. A indistinción que a veces se producía entre estas dúas disciplinas sería de novo unha situación remontable á mentalidade grecorromana, segundo se desprende dunha pasaxe da *Historia Naturalis* de Plinio, na que se explica que a maxia ten a súa orixe na medicina:

> «...ninguén dubida de que naceu da medicina e que, baixo a apariencia de ser útil á nosa saúde, se consagrou como unha medicina superior e máis santa. Así, ás promesas máis afagantes e máis desexadas, engadiulle o poder da relixión, sobre o que aínda hoxe o xénero humano permancede moi cego. Despois, para sumar estroutra forza, uniuse á astroloxía, xa que non hai ninguén que non estea desexoso de coñecer o seu futuro e crer que o máis certo debe provir do ceo»[36].

---

prorsus simulare eum, Ulfin uero Iordanum de Tintagol, familiarem suum. Alia autem specie sumpta adero tertius poterisque tuto adire oppidum ad Ingernam atque aditum habere'.» (*HRB*, cap. 137, p. 97).

[34] Kieckhefer, *La magia*, pp. 17-25.

[35] Acerca deste aspecto, vid. L. Bollough, *The Development of Medicine as a Profession. The Contribution of the Medieval University to Modern Medicine*, Hafner, Nova York, 1966. Pola súa parte, para o desenvolvemento da medicina altomedieval, vid. Thorndike, *A History*, pp. 566-593 e 719-741.

[36] «... natam primum e medicina nemo dubitabit ac specie salutari inrepsisse velut altiorem sanctoiremque medicinam, ita blandissimis desideratissimisque promissis addidisse vires religionis, ad quas maxime etiamnunc coligat humanum genus, atque, ut hoc quoque successerit, mis-

Nunha actuación como a que analizamos, a fronteira entre o permitido e o prohibido viría imposta polos móbiles que empurraban ó individuo -case non se lle podería denominar "mago" no sentido que hoxe coñecemos- a recorrer a manipulacións deste tipo. Só cando tivese a intención de provocar o mal (por exemplo, cando compoñía un veleno) constituiría esta unha acción condenable. Remedios como as ligaduras, as pócimas, os amuletos, os encantamentos ou a mesma astroloxía -a denominada medicina astrolóxica- eran algúns dos remedios utilizados para curar doenzas. Aínda que a súa utilización non constituía motivo de censura, pois o seu propósito era causar o ben, a Igrexa procuraba eliminar o seu emprego, xa que os consideraba froito da superstición e, polo tanto, perigosamente ambiguos. Sen embargo, as continuas condenas que sobre estas prácticas dirixía a Igrexa desvelan un dobre aspecto: que estaban fortemente arraigadas entre o pobo, de aí as dificultades para erradicalas, e que as reconvencións eclesiásticas carecían da dureza suficiente, tal vez a causa do extendido deste tipo de remedios. Como acertadamente afirma Flint «anxieties about healing were clearly appallingly difficult to quell, and traditional remedies such as theses equally difficult to outlaw»[37].

Agora ben, hai que ter presente que as circunstancias ata aquí expostas se asemellan sobremaneira ás características, que, supoñíase, arrodeaban as actuacións dos demos. Tal como os imaxinaba a cosmoloxía patrística, os demos ou anxos caídos habitaban entre a Terra e a Lúa, nunha atmosfera que se cría dividida en diversos estratos. Esta concepción da atmosfera dividida en capas, habitada cada unha delas por distintos tipos de seres, remonta á cosmoloxía clásica. Xa Platón, no *Timaeus*, falaba dun ceo con dous niveis: o superior ou éter, tamén denominado ceo inmutable, que era o lugar de residencia dos deuses e os heroes; e o ceo inferior, espacio ocupado polos *daemones*, que podían ser benéficos ou maléficos. Esta distribución pasou á Idade Media a través, entre outros, do *Somnium Scipionis* -que se popularizaría gracias ó comentario de Calcidio-, de Lucano e do *Deo Socratis* de Apuleio. De todas formas, a división do ceo en tres capas será a máis extendida no pensamento medieval. Será a que reflicta, por exemplo, o pensamento de Guillaume de Conches, e a que, segundo puxo en evidencia Faral[38], se encontre nos discursos cosmográficos da outra grande obra de Monmouth a *Vita Merlini*.

---

cuisse artes mathematicas, nullo non avido futura de sese sciendi atque ea e caelo verissime peti credente» (Plinio, *Natural History*, Libro XXX, cap. 1, Harvard University Press / William Heinemann Ltd., Cambridge (Massachussets) / Londres, 1975, t. VIII, p. 278).

[37] Flint, *The Rise of Magic*, p. 246.

[38] Faral, *La légende arthurienne*, t. II, pp. 379-380.

Pola súa banda, os apoloxetas cristiáns (Eusebio, Santo Agostiño, Clemente de Alexandría...) reelaboraron a división dos seres superiores, de tal maneira que consideraron benéficos os anxos e chamaron *daemones* ós malvados. Estes segundos participaran na rebelión de Satanás e foran expulsados e condenados a vivir entre a Lúa e a Terra. O feito de que a cosmoloxía clásica considerase os *daemones* á vez intermediarios entre os hombres e os deuses e responsables da maxia facilitou o reparto de tarefas entre os anxos -ós que logo se lles sumarían os santos- e os demos. O resultado da nova visión rastréxase xa en San Pablo, que, ó acusar os pecadores de ter vivido baixo o poder do demo utiliza estes termos: «... nos cales noutrora vivistes segundo o modo secular deste mundo, segundo o poder do príncipe do aire, do espírito que agora actúa nos que son rebeldes»[39]. E máis adiante engade: «... porque non é a nosa liorta contra o sangue e a carne, senón contra os principados, contra os poderes, contra os dominadores deste mundo de tebras, contra os malos espíritos do aire»[40]. Xa durante a Idade Media, boa parte destas teorías serían vulgarizadas por Santo Agostiño e Isidoro de Sevilla[41].

En canto á natureza dos demos, os Padres da Igrexa coincidían na súa liviandade, que lles permitía vivir no aire e desprazarse con grande rapidez, así como na súa grande intelixencia e o seu enxeño, gracias ó cal enganaban os humanos con suma facilidade, pois facían pasar por prodixio o que non era senón algo natural. Aínda cando non podían operar no eido do sobrenatural, privilexio reservado só ás forzas celestes superiores, a súa condición si que sobrepasaba á da constitución humana: como eran máis intelixentes e posuían maior mobilidade e lixeireza, tiñan ó seu alcance habilidades que os humanos non eran capaces de sospeitar, ó tempo que, gracias ó seu grande enxeño, podían actuar de tal maneira que abraiasen ós homes non avisados coas súas ilusións e trucos. Por exemplo, a esta categoría de seres non lles era posible coñecer o futuro; sen embargo, a súa intelixencia capacitábaos para conxecturar ata extremos sorprendentes, así como para deducir o que había suceder gracias a datos recollidos no

[39] «... in quibus aliquando ambulastis secundum saeculum mundi huius, secundum principem potestatis aeris huius, spiritus, qui nunc operatur filios deffidentiae» (*Ad Ephesios*, 2,2, *Biblia Sacra,* p. 1134).

[40] «... quoniam non est nobis colluctatio adversus carnem et sanguinem: sed adversus principes, et potestates, adversus mundi rectores tenebrarum harum, contra spiritualia nequitiae, in caelestibus» (*Ibíd.*, 6, 12, *Biblia Sacra*, p. 1137).

[41] Thorndike, *A History of Magic*, pp. 206-207, 240 e 508-509; Ch. Pietri, "Saints et démons: l'heritage de l'hagiographie antique", en *Santi e demoni nell'alto medioevo occidentale (secoli V-XI). Settimane del Centro Italiano di Studi sull'Alto Medioevo. 7 - 13 aprile 1988*, Panetto & Petrelli, Spoleto, 1989, pp. 21-27; Flint, *The Rise of Magic*, pp. 101-108.

presente. Despois, o seu enxeño encargábase de presentar como verdadeiras predicciónsos o que só eran lucubracións cun alto grao de probabilidade de cumprimento. A súa condición, en fin, era superior á dos homes, pero inferior á das potencias celestiais. Neste sentido, a Igrexa redefiniu os poderes dos demos, ó tempo que restrinxiu o seu campo de acción. Podían actuar nas operacións máxicas, pero normalmente era por medio desas ilusións e trucos que xa mencionamos; superaban a capacidade dos homes, pero sempre estaban baixo o control de Deus e só dispoñían do poder que este tiña a ben concederlles. Tertuliano lembra o férreo deste dominio do Ben sobre o Mal recordando que o Diabo non é senón un anxo creado por Deus. Por se fose pouco, a Paixón e a Resurrección de Cristo supuxera a derrota definitiva das forzas demoníacas[42].

Entre as facultades demoníacas encontrábase así mesmo o coñecemento case perfecto das propiedades da natureza. Tal é o don que lles atribúe Santo Agostiño, ó que engade o de Hipona a de realizar ilusorias metamorfoses de homes en animais. O engano conseguíano alterando os sentidos dos que o vían, ben coa axuda do soño, ben coa utilización de drogas[43]. E este e non outro é o procedemento que exhibe Merlín na transformación que leva a cabo para propiciar a concepción de Artur. Se a tal circunstancia lle engadimos o papel de profeta, que podía recordar, como xa vimos máis arriba, a figura do Anticristo, comprobamos como o personaxe se sitúa de novo nos límites do permitido.

Non é que o coñecemento da natureza que demostra o adivino ante as murallas de Tintagel se poida considerar un trazo trascendental que o sinale como un Anticristo redivivo. Certamente, o Fillo de Iniquidade está definido por dúas características comúns con Merlín: a realización de prodixios e a sona de profeta. Non obstante, o Anticristo é, por enriba de todo, falsidade. Falsa é a súa bondade, que agocha a malicia das súas intencións, como falsa é a súa capacidade de realizar prodixios -no fondo, simples ilusións- e de ler no porvir[44]. Este personaxe dos últimos días é un falso profeta, oposto ós verdadeiros e, sobre todo, ó último profeta, Xesús. E xa vimos que hai que darlles ós vaticinios merlinianos garantía de verdade[45].

---

[42] Thorndike, *A History of Magic*, p. 508; Pietri, "Santi e demoni", p. 37 e 47-50.

[43] Ó comentar esta presunta facultade, Agostiño ten presente a transformación do protagonista das *Metamorfoses* de Apuleio, que foi convertido en asno (Thorndike, *A History of Magic*, p. 509; Cardini, *Magia*, p. 20).Vid. Santo Agostiño, *De Civitate Dei*, libro VIII, cap. 22, p. 558-559.

[44] Para os trazos definitorios do Anticristo, vid. R. K. Emmerson, *Antichrist in the Middle Ages. A Study of Medieval Apocalypticism, Art, and Literature*, Manchester University Press, Manchester, 1981, pp. 74-107; A. W. Pink, *El Anticristo*, Editorial Clie, Terrassa, 1990, pp. 39-53 e 73-82; Guadalajara Medina, *Las profecías*, pp. 126-145.

[45] O aspecto básico da personalidade do Anticristo, a oposición a Xesús e a súa doutrina, non se contempla, por razóns obvias, entre as posibles características de Merlín.

Fariamos mellor en pensar nunha filiación máis humilde para a sabencia que demostra Merlín. Pode que a súa ascendencia demoníaca, como fillo de íncubo que era, lle proporcionase o caudal de sabedoría que sobre a natureza posúe. Pode, incluso, que esta capacidade se conecte coa simple concepción do sabio, que disfruta de poderes que sobrepasan ó ámbito dos estudios canónicos, á maneira en que outros sabios terminaron por seren considerados como expertos no descoñecido. Para a Idade Media os exemplos máis célebres tal vez sexan os de Virxilio, ó que se consideraba un nigromante, o médico Lorenzo de Amalfi, que recibiu o alcume de Príncipe dos Maléficos, ou o papa Silvestre II, do que se dicía que chegara á cadeira de San Pedro coa axuda dos demos[46].

Se temos en conta o conxunto da *Historia Regum Britanniae*, o emprego das drogas para axudar a Úter enlaza coas outras intervencións merlinianas, especialmente coa lectura da estrela de lume. O descifrамento deste prodixio non supoñía unha vinculación coa astroloxía, pois non consistía na lectura do curso dos astros para indagar o porvir. Era costume aceptado naquela época que tales manifestacións insólitas da natureza anunciasen acontecementos trascendentais, a miúdo catastróficos (por exemplo, epidemias ou fames), ou que tivesen consecuencias políticas. Baixo este último aspecto a interpretación soía insistir no cambio de gobernante, ben por morte, ben por adversidades ou convulsións. Sen embargo, a crenza nos cometas como anunciadores de desgracias remontaría a tradicións etruscas e romanas, á que se lles engadiron influencias orientais que foron retomadas polos estoicos. Entre os autores latinos que expresan esta crenza atópanse Virxilio, Lucano ou Plinio. Especialmente influínte resultaría a obra deste último, pois a recepción das súas teorías por parte de San Isidoro, non só axudou a vulgarizar esta idea, senón que propiciou a rehabilitación de parte da astroloxía na Idade Media como ciencia útil e respectable[47]. Faral[48], pola súa parte, realiza ó respecto un repaso dos testemuños que, facéndose eco da preocupación que suscitaban as estrelas fugaces, puidesen servir de fonte para o episodio da *Historia*. O estudioso francés remóntase ó asasinato de

[46] Oldoni, "Il mondo senza santi", pp. 523-524; E. Poulle, "L'astronomie de Gerbert", en *Gerbert: scienza e mito. Atti del Gerberti Symposium, Bobbio, 25-27 giuglio 1983*, Edizioni degli Archivi Storici Bobbiensi, Bobbio, 1985, pp. 597-617.

[47] Plinio, *Natural History*, libro II, cap. 23, t. I, p. 242**;** San Isidoro, *Etimologías*, libro III, cap. 71, 16-17, t. I, p. 477 Vid.Thorndike, *A History of Magic*, t. I, pp. 96, 543 e 635; J. Fontaine, "Isidore de Séville et l'astrologie", *Revue des Études Latines*, XXXI (1954), p. 286; Flynt, *The Rise of Magic*, pp. 48 e 136.

[48] Faral, *La légende arthurienne*, t. II, pp. 249-250.

Xulio César e traza un *continuum* que pasa por Beda[49] e chega a Malmesbury[50], quen recolle nas *Gesta regum Anglorum* a aparición no ceo inglés do meteoro de 1066. Este prodixio, que está representado no tapiz de Bayeux, interpretouse como un anuncio da morte de Eduardo o Confesor e traería como consecuencias o final do dominio saxón e o comezo da monarquía normanda.

Claro que o expoñente máis ilustre para signos desta especie debían constituílo as manifestacións que acompañaron a morte de Xesús, entre as que se incluía unha eclipse. Tódolos Evanxeos -excepto o de Xoán, que omite a pasaxe- ofrecen un elenco de prodixios, no que se manteñen constantes a escuridade do ceo e a rotura da cortina do templo[51]. A descrición máis detallada encóntrase no *Evanxeo de San Mateo*:

> «Dende a hora sexta estendéronse as tebras sobre a terra ata a hora nona (...) E velaí que a cortiña do templo se abriu de arriba a abaixo en dúas partes, a terra tremeu e se fenderon as rochas; abríronse os sepulcros e moitos corpos de santos que durmían resucitaron, e, saíndo dos sepulcros, despois da resurrección de El, viñeron a cidade santa e se lles apareceron a moitos. O centurión e os que con el gardaban a Xesús, ó ver o terremoto e canto sucedera, tremeron fortemente e dicíanse: En verdade este era Fillo de Deus»[52].

Aínda que os prodixios celestes son os que con máis recorrencia nutren os relatos que recollen tales manifestacións, non eran a única posibilidade. O terremoto que anunciou a morte de Cristo e que rachou a cortina do templo de Xerusalén é tan importante como as tebras que escureceron aquel día. Nun plano máis profano, pero non por iso menos influínte, San Isidoro sinala na súa *Historia Gothorum* como unha serie de portentos precederon a cruenta batalla dos Campos Cataláunicos (451), onde morreu o monarca visigodo Teodorico. Entre estes menciona un cometa, unha eclipse de lúa e un movemento sísmico[53].

---

[49] Beda, *Historia Ecclesiastica*, libro V, cap. 23, t. II, pp. 366-368.

[50] *Gesta regum*, libro II, cap. 225, p. 276.

[51] *Evangelium secundum Marcum*, XV, 33 e 39, *Biblia Sacra.*, p. 1009; *Evangelium secundum Lucam*, XXIII, 44-45, *Biblia Sacra.*, pp. 1039.

[52] «A sexta autem hora tenebrae factae sunt super universam terram usque ad horam nonam. Et ecce velum templi scissum est in duas partes a summo usque deorsum: et terra mota est, et petrae scissae sunt, et monumenta aperta sunt: et multa corpora sanctorum, qui dormierant, surrexerunt. Et eseuntes de monumentis post resurrectionem eius, venerunt in sanctam civitatem, et apparuerunt multis. Centurio autem, et qui cum eo erant, custodientes Iesum, viso terraemotu et his quae fiebant, timuerunt valde, dicentes: Vere Filius Dei erat iste» (*Evangelium secundum Matthaeum*, XXVII, 45-54, *Biblia Sacra,* p. 991).

[53] Fontaine, "Isidore de Séville", pp. 286-287. Vid. *Isidori Iunioris episcopi Hispaliensis historia*

G. Duby pola súa parte sinala os signos do ceo como unha máis entre as varias desordes que expresaban o malestar da natureza ante a proximidade do milenio. Xunto a eles, alteracións biolóxicas varias (nacemento de monstruos, epidemias, carestías) e dexeneración dos costumes, con especial incidencia na simonía e a proliferación de desviacións heréticas[54].

O máis célebre exemplo de fenómeno celeste que ofrece a *Biblia* é a estrela que anunciou o nacemento do Mesías[55]; e xa que esta se aparecía a uns magos de Oriente, asimilouse a tales personaxes cos astrólogos[56]. Pero, se ben os cometas eran materia incluída na ciencia astrolóxica, a crenza de que traían algún tipo de calamidade así como o seu desciframento segundo as pautas arriba indicadas, estaban moi estendidas e sobrepasaban os límites dunha disciplina concreta. Deste modo, moitas crónicas contan o temor que suscitaban no pobo, ó tempo que lles dan unha interpretación aproximada, sen mencionar por ningún sitio ós astrólogos. Ó xa citado exemplo de Malmesbury pódenselle engadir anécdotas similares no *Chronicon* de Ademar de Chabannes[57], onde se describen as calamidades que se produciron tralo paso dun cometa, ou nas *Historias* de Raul Glaber, quen describe, ademais da aparición doutro cometa, o terror causado por unha eclipse[58].

Todas estas manifestacións, tan asimiladas pola sociedade medieval, desbordaban o estreito ámbito das ciencias do ceo (astronomía e astroloxía) e encadrábanse na expresión de acontecementos superiores da natureza. Pero en tanto que encontrables no mundo dos homes, unían, ó compoñente trascendente, unha dimensión terreal que as facía accesibles ó coñecemento humano e permitía o seu desentrañamento. Baixo esta perspectiva, o estudio de tales fenómenos formaba parte do esquema da Creación, da natureza, ben é verdade que alterada do curso normal por un signo da vontade divina ou, cando menos, por unha causa descoñecida para os homes. Relacionada con esta visión, e totalmente á marxe de calquera interpretación simbólica, estaría a crenza nas convulsións do mundo

Gothorum Wandalorum Sueborum, ed. de Th. Mommen, en *Monumenta Germaniae Historia, Auctores Antiquii***,** II *Chronica Minora*, 2, S 26.

[54] G. Duby, *El año mil*, Gedisa, Barcelona, 1992 (4ª ed.), pp. 77-92.

[55] *Evangelium secundum Mattheum*, II, 1-11, *Biblia Sacra*, p. 964.

[56] O latín *magus* aplicouse con exclusividade, e durante moito tempo, ós astrólogos e sacerdotes de orixe caldea que acudiran a adorar o Neno. Como un signo do cambio de mentalidades, Wagner sinala que, para Guillaume de Auvernge, *magus* equivale a *invocator daemonum* (Wagner, *"Sorcier" et "magicien"*, p. 110; Cardini, *Magia*, p. 16).

[57] Ademar de Chabannes, *Chronicon*, ed. de P. Bourgain, Brepols, Turnhout, 1999, III, 58.

[58] Raoul Glaber, *Historiarum libri quinque*, ed. de J. France, Clarenndon Press, Oxford, 1993, III, 3 e IV, 9.

como consecuencia do pecado e a corrupción do xénero humano ou dun pobo en concreto. Esta teoría, que sobrepasa o ámbito das crenzas cristiás, atópase en autores como Apolonio de Tiana, Philon de Alexandría, Basilio, o Pseudo-Clemente ou o autor do anónimo *Libro de Enoch*[59].

Noutras palabras, a lectura de estrelas extraordinarias, como a que aparece durante a morte de Aurelio Ambrosio, teñen menos de adiviñación do que puidera parecer nun primeiro momento, posto que son susceptibles de seren estudiadas baixo unha ciencia respectable e honesta. A clasificación que disfrutou de maior fortuna ó longo da Idade Media, no que respecta ós diferentes tipos de escrutinios celestes, é obra de San Isidoro de Sevilla. Nas súas *Etimoloxías*[60] distinguía dúas grandes ciencias do ceo: a astronomía e a astroloxía. A primeira estudiaba os fenómenos atmosféricos, tales como a frecuencia dos movementos estelares e planetarios, entre eles os do sol -menceres, ocasos-. A súa utilidade era de sobras coñecida, pois a información que así se obtiña era aproveitable para a agricultura, a pesca, á hora de emprender viaxes... En parte, a consideración da astronomía como ciencia digna de crédito, durante a Idade Media, procede da sistematización isidoriana. A astroloxía, á súa vez, dividíase en dúas ramas: a natural, que, como o nome indicaba, se limitaba á observación e o estudio de fenómenos naturais; e a supersticiosa, practicada polos *mathematici* e que pretendía escrutar o futuro colectivo e individual, determinando a sorte das almas segundo o momento en que cada individuo viña ó mundo e segundo a conxunción estelar que rexía nese intre[61].

De todas formas, esta clasificación non foi seguida de maneira universal, de tal maneira que a das ciencias astrolóxicas foi unha polémica que estivo presente ó longo dos séculos medios e que mesmo afectou a personaxes que, como os Magos de Oriente, terminaron sendo venerados pola Igrexa oficial. Dende o momento en que os *magi* bíblicos foron asimilados ós astrólogos, convertéronse en figuras problemáticas, tan pronto aceptadas como rexeitadas. Entre as posturas máis destacadas podemos sinalar a de Tertuliano, para quen os Tres Magos se dedicaban á astroloxía, ciencia reprobable para un cristián, pero que no seu caso

[59] Thorndike, *A History of Magic*, t. I, pp. 254, 350, 409-410 e 490.

[60] San Isidoro, *Etimologías*, libro III, cap. 27, 1-2, t. I, p. 456.

[61] C. Keen, "Astronomy", en D. L. Wagner (ed.), *The Seven Liberal Arts in the Middle Ages*, Indiana University Press, Bloomington, 1983, p. 228; Thorndike, *A History of Magic*, t. I, p. 632; M. L. W. Laistner, "The Western Church and Astrology during the Early Middle Ages", *Harvard Theological Review*, XXXIV (1941), pp. 267-268; Fontaine, "Isidore de Séville", pp. 274-275 e 298-299; M.-Th. d'Alverny, "Astrologues et théologiens au XII[e] siècle", en *Mélanges offerts à M. D. Chenu*, Bibliothèque Thomiste, XXXVII, París, 1967, p. 32; Flint, *The Rise of Magic*, p. 98.

se disculpaba por practicala antes da vinda do Mesías. A partir do nacemento de Cristo, ese tipo de prácticas pasou a se considerar aínda máis perniciosa e castigable. Outros, como Gregorio de Nyssa, consideraban que os Magos eran uns sabios orientais e que a súa arte era respectable. Por último, un terceiro grupo de teólogos, entre os que hai que incluír a Santo Agostiño, vía a estrela de Belén como un prodixio á marxe dos astros ordinarios, que apareceu no ceo por obra directa de Deus e que tería por única finalidade anunciar o nacemento de Xesús. Dos debates arredor dos Tres Magos extráense dúas conclusións: que a opinión xeralizada tendeu a ver neles uns astrólogos, como mostran as terras de onde se lles fai proceder -Caldea, Persia, Arabia ou, incluso, a India-; e que, a pesar das voces discordantes, se lles considerou libres de toda culpa, de tal maneira que o seu culto se consolidou ó longo da Idade Media. Isto último é o que demostran o descubrimento das súas reliquias e o seu traslado á catedral de Colonia, así como a composición de homilías e dramas litúrxicos arredor da súa historia[62].

A polémica sobre a astroloxía continuou trala publicación das *Etimoloxías*, en parte orixinada por dúas circunstancias. Por unha banda, Isidoro non aplicou a terminoloxía por el acuñada de maneira sistemática, o que deixaba marxe para interpretacións do máis dispar. Por outra, estes mesmos termos tiñan que enfrontarse coa tradición léxica latina, que utilizaba as palabras *astronomia* e *astronomus* para designar indistintamente tanto á ciencia dos ceos e a quen a estudiaba, como á práctica supersticiosa e ós seus cultivadores. De feito, a distinción que establecía o de Sevilla só funcionara nun corto período do latín clásico. Esta vacilación percíbese en autores posteriores a Isidoro como Beda ou John Scott[63]. Sen embargo, a división trazada polo sabio hispalense estableceu unhas liñas mestras a ter en conta e a partir das cales teólogos e científicos podían asentir ou discrepar. A influencia das directrices isidorianas rastréxanse, a veces sostendo doutrinas contrarias, en autores como Rabano Mauro, Hincmar de Reims ou Burchard de Worms[64].

---

[62] Vid. entre otros, Thorndike, *A History of Magic*, t. I, pp. 64, 471-472, 474-478, 518 e 630; Laistner, "The Western Church", pp. 260-261; d'Alverny, "Astrologues et théologiens", pp. 33-34 e 38; P. A. Smoller, *History, Prophecy and the Stars*, Princeton University Press, Princeton, 1984, p. 28.

[63] Laistner, "The Western Church", p. 267, n. 52; Fontaine, "Isidore de Séville", p. 254; Smoller, *History*, pp. 27-28.

[64] Rabano Mauro, *De Magicis Artibus*, en Migne, *Patrologia Latina*, t. CX, cols. 1097-1099; Hincmar de Rheims, *De Divortio Lotharii et Tetbergae*, en *Ídem ibídem*, t. CXXV, cols. 718-719; Burchard de Worms, *Decretum,* en *Ídem ibídem*, t. CXL, cols, 839-840. Vid. Flint, *The Rise of Magic*, p. 50.

O seu testemuño, para o caso que nos ocupa, ofrece máis valor aínda, xa que, segundo nos demostran as descricións paradoxográficas da *Vita Merlini*[65], non é desatinado pensar que as *Etimoloxías* fosen unha obra coñecida -e acaso utilizada- por Monmouth. A este respecto, Clarke pon en dúbida unha consulta directa por parte de Monmouth da obra de Isidoro, debido ás disimilitudes entre os elementos paradoxográficos manexados por un e por outro autor. Con todo, destaca a popularidade deste tipo de material enciclopédico, tamén utilizado, sen ir máis lonxe, por Beda. Isto dificulta a filiación directa dos versos galfridianos, pero, á inversa, asegura a influencia isidoriana en Gran Bretaña. Vaian dous exemplos para comprobar a ampla difusión da obra isidoriana nas illas: por un lado, sábese que cando Beda morreu, estaba traducindo ó inglés *De rerum natura* de Isidoro; de igual modo, está documentada a presencia dun manuscrito das *Etimoloxías* entre os libros da catedral de Lincoln, arredor do ano 1150[66].

Outra conclusión que salta á vista é que, para descifrar a estrela da *Historia Regum Britanniae*, non hai que supoñer un trato ilícito que obrigue a Merlín a traspasar os límites do coñecemento natural. Todo isto remite á procedencia da súa sabedoría, derivada da súa ascendencia dun *daemon*. Con todo, na lectura da estrela de lume hai que distinguir dous compoñentes. Por unha parte, o anuncio do falecemento de Aurelio Ambrosio, perfectamente accesible para o fillo dun íncubo, pois, gracias á celebridade deste tipo de prodixios, nada lle era máis fácil de aventurar que un acontecemento político funesto. Máis se se ten en conta que os bretóns estaban en guerra cos saxóns e que o rei de Bretaña renunciaba a dirixir as súas tropas a causa dunha grave enfermidade:

> «Sabido isto, Uterpendragon reuniu un exército e marchou a Cambria para loitar contra eles. Mentres, seu irmán Aurelio xacía enfermo na cidade de Gwintonia e non podía dirixilas el mesmo».[67]

Pero, por outra, Merlín aventúrase a prognosticar o futuro da dinastía británica. Recordemos que en todo o que afecte a prediccións, a infalibilidade merliniana é incuestionable e que os erros que se atopan na *Historia* débense máis a Geoffrey que á imperfecta clarividencia do seu personaxe. Esta segunda parte do episodio en cuestión daría entrada ó outro compoñente da personalidade de

---

[65] *Vita Merlini*, vv. 737-940, 1155-1253 e 1298-1386.

[66] Clarke, *Life of Merlin*, pp. 8-9; B. Ward, "Bede and the Conversion of the Anglo-Saxons", en *Signs and Wonders. Saints, Miracles and Prayers from the 4th Century to the 14th*, Variorum, Croft Road (Hampshire), 1992, p. 43.

[67] «Quo diuulgato Utherpendragon excita armatorum copia iuit in Kambriam ut cum eis pugnaret. Frater etenim suus Aurelius in Guintonia urbe morbo grauatus iacebat nec poterat ipse adire» (*HRB*, cap. 132, p. 93).

Merlín, a de profeta, herdeiro da *Historia Brittonum* e o único que é alleo á liñaxe dos íncubos. Por este carácter peculiar, dedicaráselle á faceta de profeta un comentario aparte (vid. o penúltimo epígrafe deste capítulo).

As pedras de Irlanda. Artes mecánicas e tecnociencia

A terceira intervención merliniana, e a que con máis ambigüidade está descrita, é o transporte do Círculo dos Xigantes. Trala súa victoria sobre os saxóns, Aurelio Ambrosio sente a necesidade de honrar os bretóns, que en tempos de Vortigern foran masacrados de maneira traicioneira por Hengist (*HRB*, caps. 104-105, pp. 70-71). Como recordo de tal acontecemento, decide erguer un monumento funerario na chaira de Salisbury, alí onde a traizón se levara a efecto.

> «Así pois, convocou artistas en madeira e en pedra e ordenoulles que empregasen o enxeño e ideasen unha nova construcción que mantivese o recordo de homes tan destacados»[68].

Pero os artesáns que acoden á chamada de Aurelio Ambrosio danse por vencidos («ingeniis suis diffidentes») sen achar un proxecto que se adecue ós desexos do monarca. É entón cando Tremorino, arcebispo de Urbs Legionum, aconsella que recorra a Merlín:

«Se hai alguén capaz de realizar o teu proxecto, é Merlín, o profeta de Vortigern. Coido que no teu reino non hai ninguén de tan claro enxeño, tanto para revelar o futuro como para idear artificios mecánicos. Ordénalle que veña e use do seu enxeño para realizar a obra que pretendes»[69].

As conclusións que se extraen deste párrafo son varias. En primeiro lugar, que Merlín é coñecido, sobre todo, polo seu don profético, xa que Tremorino o identifica como *vates Vortigirni*. De feito, o primeiro que fai Aurelio Ambrosio ó telo na súa presencia é interrogalo polo futuro[70]. Pero, á vez, o profeta adquiriu celebridade por outras habilidades das que ata o de entón -cando se limitou a lanzar as profecías ante a torre de Vortigern- non tiveramos noticias. Esta facilidade «in operationibus machinandis» parece referirse á construcción de enxeños

[68] «Conuocatis itaque undique artificibus lignorum et lapidum precepit ingeniis uti nouamque structuram adinuenire que in memoriam tantorum uirorum in euum constaret» (*HRB*, cap. 128, p. 90).

[69] «'Si uspiam est qui preceptum aggredi ualuerit, Merlinus uates Uortegirni aggredietur. Quippe non estimo alterum esse in regno tuo cui sit clarius ingenium siue in futuris dicendis siue in operationibus machinandis. Iube eum uenire atque ingenio suo uti ut opus quod affectas constet'.» (*HRB*, cap. 128, pp. 90).

[70] A resposta de Merlín, ante o que considera unha frivolización dos seus poderes, é radical e sor-

mecánicos, a semellanza dos autómatas que, por esa mesma época, aparecían nalgúns cantares de xesta e, así mesmo, adornaban as páxinas dos *romans* da materia antiga. Merlín suxire que o monumento se constrúa coas pedras do monte Killarao, en Irlanda. Con todo, a alternativa que propón o profeta sorprende pola súa sinxeleza e provoca as burlas do rei, desconcertado pola vulgaridade da construcción que lle aconsella o profeta. Este vese na obriga de explicar que as propiedades das pedras son algo fóra do corrente e que, gracias ó seu carácter salutífero e á súa vinculación coa antiga raza dos xigantes, son místicas e dignas de consideración:

> «Non rías alegremente, rei, que o que che dixen non ten gracia. As pedras son místicas e posúen diversas propiedades medicinais. Noutrora os xigantes trouxéronas dende os máis afastados confíns de África e puxéronas en Hibernia cando habitaron alí»[71].

As propiedades das pedras sitúanse no mesmo plano que as profecías. Daquelas dise que son *mystici*, mentres que destas se sinala que son un *mysterium* que non debe revelarse á lixeira[72]. A vinculación de ambas coa dimensión trascendente está asegurada gracias ó *spiritus* que asiste a Merlín cando lanza as prediccións. Por outra parte, o compoñente natural da súas virtudes, alleo a toda manipulación humana, aproxímaas o concepto de marabilla ou prodixio da natureza, ó estilo dos que nutren as enumeracións da *Vita Merlini*. É dicir, que o Círculo dos Xigantes desborda as expectativas de Aurelio Ambrosio e se sitúa á marxe dos enxeños mecánicos con que esperaba adornar a chaira de Salisbury. En cambio, onde o adiviño demostra a súa habilidade neste ámbito é con ocasión do transporte dos bloques.

Entre os termos que utiliza Merlín para ponderar as cualidades da citada construcción destaca a alocución seguinte:

---

prende pola súa dureza. Ó mesmo tempo, resulta crucial para desvelar a orixe do seu don profético:

«'Non sunt reuelanda huiusmodi mysteria nisi cum summa necessitas incubuerit. Nam si ea in derisionem siue uanitatem proferrem, taceret spiritus qui me docet et, cum opus superueniret, taceret'.» (*HRB*, cap. 128, p. 90; «Misterios desa natureza non deben ser revelados, agás se se trata dunha necesidade extrema. Pois, se os dese a coñecer por burla ou frivolidade, o espírito que me inspira calaría e, cando fose necesario, non acudiría»).

[71] «'Ne moueas, rex, uanum risum quia hec absque uanitate profero. Mistici sunt lapides et ad diuersa medicamenta salubre. Gigantes olim asportauerunt eos ex ultimis finibus Affrice et posuerunt in Hibernia dum eam inhabitarent'.» (*HRB*, cap. 129, p. 91).

[72] Ambos termos están relacionados etimoloxicamente, pois *mysticus* provén de de *mysterium* (Lewis e Short, *Latin Dictionary*, p. 1183; J. Corominas e J. A. Pascual, *Diccionario Crítico Etimológico Castellano e Hispánico*, Gredos, Madrid, 1984, t. IV, p. 91).

> «Se queres adornar a sepultura deses homes cunha obra que permaneza para sempre, envía a buscar o Círculo dos Xigantes, que está no monte Killarao, en Hibernia. Hai alí unha construcción de pedras que ninguén nesta época sería quen de erguer ou transportar sen enxeño e arte. As pedras son de gran tamaño e non hai ninguén que as faga ceder. Se se dispoñen no mesmo modo no que están, en círculo, permanecerán para sempre»[73].

O que noutras palabras quere dicir que o mérito consiste en levalas de Hibernia a Bretaña e plantalas en vertical, algo que non está ó alcance de ninguén -excepto del mesmo, que é o que, claro está, pretende demostrar-. Ademais, o seu labor equíparase co dos antigos xigantes, ós que en ningún momento se lles atribúe a construcción de tal marabilla, senón só o transporte dende África (os verbos que utiliza para rememorar tal fazaña son *asportaverunt* e *posuerunt*)[74].

O repaso das circunstancias que arrodean o transporte proporciona nova luz sobre o tipo de artes que desprega Merlín nesta ocasión. O adiviño invita ós bretóns a probar a súa forza ante os bloques:

> «"Poñédevos á obra, rapaces, e comprobade qué é o necesario para mover esas pedras, se forza ou enxeño". Ás súas ordes puxéronse a traballar como un só home de mil maneiras diferentes, intentando abater o Círculo. Para conseguir sus propósitos uns dispuxeron pancas, outros cordas, outros escalas, pero non obtiveron o máis mínimo. Cando todos estiveron exhaustos, Merlín botou a rir e aparellou os seus propios mecanismos. Finalmente, despois de dispoñer o necesario, derrubou as pedras sen dificultade»[75].

O episodio péchase coa restitución das pedras á súa disposición orixinal. É o día da coroación de Aurelio Ambrosio e ó lugar acoden as autoridades civís e eclesiásticas, así como xente do pobo:

---

[73] «'Si perpetuo opere sepulturam uirorum decorare uolueris, mitte pro chorea gigantum que est in Killarao monte Hybernie. Est etenim ibi structura lapidum quam nemo huius etatis construeret nisi ingenium artem subuectaret. Grandes sunt lapides nec est aliquis cuius uirtuti cedant. Qui si eo modo quo ibidem positi sunt circa plateam locabuntur, stabunt in eternum'» (*HRB*, cap. 128, p. 91).

[74] Se, como veremos máis adiante, a referencia ós gigantes remite a unha época remota, cargada de misticismo, o feito de que nin sequera estes fosen os constructores dos bloques outorga ó monumento da chaira de Salisbury un sentido reverencial. Polo demais, o mito dos xigantes, como poboadores ancestrais dun país, atópase en numerosas civilizacións. Vid. H. Bresc, "Le temps des géants", en *Temps, mémoire, tradition au Moyen Âge. Actes du XIII^e congres de la Société des Historiens médiévistes de l'Enseignement Supérieur Public. Aix-en-Provence, 4 - 5 juin 1982*, Publications de l'Université de Provence, Aix-en-Provence, 1983, pp. 243-266.

[75] «'Utimini uiribus uestris, iuuenes, ut in deponendo lapides istos sciatis utrum ingenium uirtuti an uirtus ingenio cedat'. Ad imperium igitur eius indulserunt unanimiter multimodis machina-

«... ordenoulle a Merlín que prantara as pedras que trouxera de Hibernia arredor das sepulturas. Este obedeceulle e prantounas en circo, do mesmo modo en que estaban dispostas no monte Killarao de Hibernia, demostrando así que o enxeño vale máis que a forza»[76].

A constante que recorre estas páxinas condénsase na última frase, a modo de epifonema: o enxeño é superior á forza. Aínda que Monmouth nos oculta en qué consistía o *ingenium* merliniano, as súas insinuacións apuntarían cara ó campo das marabillas mecánicas. No en van, o outro termo que máis se repite ó longo desta actuación é o de *machinationes*; así certificaríase a sona de Merlín «in operationibus machinandi». Claro que Geoffrey se agocha tras un ton irónico que só permite unha aproximación ó tipo de artes despregadas polo personaxe, de tal maneira que se nos escapa a natureza dos dispositivos cos que abateu, moveu e ergueu os bloques de Killarao. Que non empregou cordas, pancas ou escadas, ferramentas habituais para tales manobras, aclárao ó dicir que con tales instrumentos os bretóns non conseguiron movelas do seu emprazamento. Isto significa que o autor volve situar o personaxe na fronteira do permitido.

A recorrencia da atmosfera oriental ó tratar un motivo como o dos autómatas non é en absoluto casual. A súa procedencia exótica, que remonta á Antigüidade clásica e está ligada á ciencia grega e helenística, da que se fixeron depositarios os árabes, converteuse na excusa idónea para adornar este tipo de artefactos con propiedades marabillosas. Esta filiación exótica situaba moitos destes enxeños mecánicos nun ámbito confuso, onde adiantos técnicos inverosímiles a ollos dun europeo occidental se confundían a miúdo cos secretos máxicos. Por poñer só un par de exemplos desta procedencia oriental, en *Le Pelerinage de Charlemagne* (anterior a 1150) os protagonistas contemplan na corte bizantina uns autómatas[77]; así mesmo, nun dos episodios orientais de *Huon de Bordeaux* (segunda metade do século XIII) descríbense uns autómatas gardiáns que van armados cuns látegos[78]. Tamén nas diferentes versións da lenda de Alexandre, inspiradas no relato fabuloso que da súa expedición realizara o Pseudo-Calístenes, recóllense enxeños sorprendentes, igualmente situa-

tionibus et agressi sunt choream deponere. Alii funes, alii restes, alii scalas parauerunt, ut quod affectabant perficerent; nec ullatenus perficere ualuerunt. Deficientibus itaque cunctis solutus est Merlinus in risum suasque machinaciones confecit. Denique, cum queque necessaria apposuisset, leuius quam credi potest lapides deposuit'» (*HRB*, cap. 130, p. 92).

[76] «... precepit Merlino lapides circa sepulturas erigere quos ex Hybernia asportauerat. At ille preceptis eius obediens eodem modo quo in Killarao monte Hybernie positi fuerant erexit illos circa sepulturas ingeniumque uirtuti praeualere comprobauit» (*HRB*, cap. 130, p. 92).

[77] *Le Pèlerinage de Charlemagne*, ed. de P. Aebischer, Droz, Xenebra, 1965, vv. 354-357.

[78] *Huon de Bordeaux*, ed. de M. Rossi, Honoré Champion, París, 1975, vv. 4807-4809.

dos en terras de Oriente -por exemplo, na corte do rei Poro, na India-. Á vista do recorrente do motivo, Faral defende a procedencia oriental para as descricións de autómatas[79]. Incluso cando a marabilla se sitúa en Occidente, búscase a ligazón con Oriente. É o caso dos autómatas que, dise, recibira Carlomagno do emperador de Persia. O motivo estaría tamén presente, se ben de maneira indirecta, no relato de Malmesbury acerca dun reloxio e unha estatua que adiviñaba o porvir, que foran construídos por Gerbert en Reims[80], pois sabido é que ó futuro Silvestre II se lle atribuían saberes nigrománticos adquiridos na exótica Toledo[81].

No tratamento que os cantares épicos e os *romans* ofrecen dos autómatas e os prodixios mecánicos destaca unha dobre corrente á hora de explicar a súa natureza. Nuns casos procúrase unha xustificación científica -ou cando menos, natural-, que desentrañe a orixe da marabilla; pero, noutros, se recorre á maxia, á nigromancia como forza motora do artefacto. Chama a atención, a este respecto, que, co triunfo da materia bretona, os autómatas deixan de ter explicacións científicas e se converten en algo puramente máxico[82]. Nesta evolución, sen embargo, case tanto coma unha moda imposta polos relatos marabillosos, debeu pesar a desconfianza secular que as artes mecánicas inspiraban na Idade Media[83].

Polo demais, neste segundo grupo de enxeños máxicos adoitan encontrarse os mecanismos e autómatas maléficos que gardan castelos de crueis costumes ou que se enfrontan cos cabaleiros. De feito, os enxeños mecánicos poden ter unha función meramente ornamental, pero también poden desempeñar un papel máis

---

[79] E. Faral, *Recherches sur les sources latines des contes et romans courtois du Moyen Âge*, Honoré Champion, París, 1913, p. 328; J. D. Bruce, "Human Automata in Classical Tradition and Medieval Romance", *Modern Philology*, X (1912-1913), p. 523; A. Berthelot, "Appareillages magiques et chef d'oeuvre de la technique: deux systemes concurrentiels", en D. Buschinger e W. Spiewok, *Les "realia" dans la littérature de fiction au Moyen Âge. Actes du Colloque du Centre d'Études Médiévales de l'Université de Picardie - Jules Verne. Chantilly 1er - 4 avril 1993. Wodan. Greifswalder Beiträge zum Mittelalter*, XXV (1993), p. 23.

[80] *Gesta regum*, II, cap. 168, p. 196.

[81] Faral, *Recherches*, pp. 333-335; Ch. Ferlampin, *Magie et surnaturel dans les romans de chevalerie en France au XIIIe et au XIVe siècle*, Thèse de doctorat présentée devant l'Université de Paris Sorbonne, 1984, p. 183

[82] M. Sherwood, "Magic and Mechanics in Medieval Fiction", *Studies in Philology*, XLIV (1947), p. 567; Berthelot, "Appareillages magiques", p. 27-28.

[83] Vid. G. H. Allard, "Les arts mécaniques aux yeux de l'idéologie médiévale", en *Les arts mécaniques au Moyen Âge. Cahiers d'Études Médiévales*, VII (1982), pp. 13-32.

activo, como gardiáns dun lugar ou como obstáculos no camiño do heroe. Neste segundo aspecto soen ter un compoñente maléfico, asociado normalmente coa nigromancia, e adoitan estar compostos de materiais non nobres, coma o cobre. De todas formas, a intervención de artes alleas á mecánica dilúe as fronteiras do mundo dos autómatas nun campo máis amplo, como é o dos obxectos máxicos. Neste sentido, ¿pódense calificar de enxeños mecánicos o *lit perilleux* de *Li contes del graal* ou os xadreces máxicos de tantos *romans* bretóns?[84]. O ataque por parte dun autómata supoñía un incumprimento das leis da cortesía cabaleiresca, posto que a acometida dunha destas criaturas era cega, allea á clemencia, e desleal, xa que non se vía afectada polo cansanzo[85]. Non é estraño, polo tanto, que a súa existencia se explique como una intervención de forzas negativas (demos, encantadores). Non obstante, esta división, que non pretende ser exhaustiva senón só aclarar unha tendencia, resulta en exceso simplificadora.

O difuso da fronteira entre o ámbito da maxia e o das ciencias naturais aplicadas de maneira sorprendente sae á luz na figura de Virxilio, a quen se lle atribuían prodixios baseados nunha e noutra arte[86]. Dentro da literatura artúrica, unha aventura como a da *Isle Tornoiant* do *Livre d'Artus* (ca. 1230) conxuga a intervención de ambas. Tal illa tiña a propiedade de xirar no mar gracias á súa composición ferruxinosa e a que, no seu vagar polo oceano, quedara atrapada nun campo magnético. Nesta marabilla, que se describe por medio dunha prolixa explicación científica, dispón Merlín unha serie de encantamentos gracias ó seu saber demoníaco. O profeta estableceu os encantamentos da illa para vingarse dun duque que pretendía matalo. Este, á súa vez, rebelárase contra Uterpendragón e, como Merlín axudara ó rei a derrotalo, buscaba axustar contas co encantador. A vinganza de Merlín consistiu en arrebatarlle a súa filla e encerrala nun lugar inaccesible, para o que creou as aventuras citadas:

> «... pero Merlín, que posuía todo o saber que o espírito maligno pode ter, como quen fora enxendrado polo demo, soubo a nova de que o duque o ameazara tan pronto como este o dixo... daquela fixo o seus encantamentos como lle cumpría facelos»[87];

---

[84] Vid. a este respecto Ferlampin, *Magie et surnaturel*, pp. 182-193.

[85] Ferlampin, *Magie et surnaturel*, p. 188.

[86] Sobre os prodixios atribuídos a Vixgilio na Idade Media, así como as lendas tecidas arredor da súa figura como mago, vid. Comparetti, *Virgilio nel Medioevo*, "La Nuova Italia" Editrice, Firenze, 1885, vol. II e Spargo, *Virgil the Necromancer*, Harvard University Press, Cambridge (Mass.), 1931, así como as observacións de Berthelot, "Appareillages magiques", p. 25-26.

[87] «... mais Merlins qui auoit en soi totes les sciences que li malignes esperiz puet auoir come cil qui auoit este engendrez du deable si sot ceste nouele que li dux lauoit menacie si tost com il

«... daquela fixo tales encantamentos e feitizos que non había no mundo cabaleiro ningún de tanto valor que puidese levar a cabo a décima parte das aventuras que alí había»[88].

Con todo, e aínda que na literatura de ficción abundan as explicacións máis fantasiosas, a realidade permitía crear enxeños sorprendentes; algúns deles (como os órganos de vapor ou os reloxios con autómatas) asumíronse como algo corrente hoxe en día, pero que no Occidente medieval dos séculos XII e XIII non deixaban de causar admiración. Outros xogos, sen embargo, continúan sorprendendo oitocentos anos despois pola súa complexidade e aparatosidade[89]. A miúdo a asociación coas artes máxicas producíase, segundo Faral, a través da derivación que levaba do curioso ó marabilloso pasando polo extraordinario[90]. Pero, así mesmo, influíu o feito de que a procedencia deste tipo de creacións fose allea á civilización occidental. En efecto, as primeiras noticias que se teñen de tales invencións -que remontan a Herodoto- ubícanse nos reinos de Oriente, verdadeiro horizonte onírico do home medieval[91]. Tanto Asia como Constantinopla son os lugares onde con maior frecuencia se encontran os viaxeiros occidentais con autómatas e construccións de mecanismos insospeitados. E, posto que os séculos XII e XIII[92] contemplan o desenvolvemento destas sofisticadas máquinas, o lóxico é pensar que o seu coñecemento estea ligado á divulgación contemporánea das obras árabes e grecolatinas. Non quere isto dicir que a creación de prodixios mecánicos ou a proliferación de novos inventos sexa obra exclusiva do saber oriental, xa que moitos deles se deben a achados occidentais[93].

---

lot dite... lors fist son enchantement si come mestiers li estoit» (*Le livre d'Artus*, en H. O. Sommer, *The Vulgate Version of the Arthurian Romances*, The Carnegie Institution of Washington, Washington, 1913, vol. VII, p. 301).

88 «... lors fist par laienz tel enchantement & telx trieges quil nestoit nus chevaliers u monde tant fust de grant proesce quil [ne] poist mie acheuer le disme des auentures qui i estoient» (*Ibíd*., p. 302).

89 Sherwood, "Magic and Mechanics", pp. 584-586.

90 Faral, *Recherches*, p. 334

91 Vid. J. Le Goff, "L'Occident médiéval et l'océan Indien. un horizon onirique", en *Pour un autre Moyen Âge. Temps, travail et culture en Occident: 18 essais*, Éditions Gallimard, París, 1977, pp. 280-298.

92 Sherwood, "Magic and Mechanics", p.575.

93 Para unha consideración acerca dos intercambios tecnolóxicos entre Oriente e Occidente, á marxe dos motivos literarios, vid. L. White, "Technology and Invention in the Middle Ages", en *Medieval Religion and Technology. Collected Essays*, University of California Press, Berkeley / Los Angeles, pp. 1-22 e "Medieval Engineering and the Sociology of Knowlegde", en *Ídem ibídem*, pp. 317-338).

Non obstante, a imaxe de creación fantástica tendeu a relacionalos coas terras de infieis ou coa cristiandade bizantina. E, da mesma maneira que había un compoñente de misterio que explicaba a procedencia exótica deste tipo de artefactos, tamén existía unha xustificación doutrinal que fundamentaba a súa localización en terras afastadas. O pensamento cristián consideraba que a técnica sen máis é unha forza despoxada de calquera valor ético, á marxe do sentimento relixioso e de Deus. Recordemos que os autómatas eran unha demostración de sabedoría gratuíta, cando non inmisericorde. Esta condición, así como a súa capacidade para imitar a figura humana, a obra máis perfecta de Deus, convertíaos en enxeños sospeitosos e ós seus artífices en sospeitosos á súa vez do pecado de soberbia, émulos do Creador e, neste sentido, discípulos do Diabo. Dita dimensión, que se podería calificar de atea, era impensable dende o punto de vista do Occidente medieval, polo que -a través desta ausencia de Deus- se ligaron en principio á esfera do pagán e, de aquí, á idolatría e ó demoníaco[94]. Así, a asociación coa maxia converteuse nunha derivación esperable.

Para entender o anterior na xusta medida, hai que partir da idea que da maxia se formara a Antigüidade grecorromana, onde, como xa apuntamos máis arriba, se consideraba unha ciencia estranxeira. O lugar que con máis insistencia se viu como berce das artes máxicas, xa dende a cultura grega, foi o Oriente Medio. Especialmente destacou a imaxe de Zoroastro, como pai e creador da maxia, e Persia, como terra depositaria deste tipo de saberes. O motivo recollérao, xa en Roma, Plinio, quen consideraba que a maxia chegara a Grecia en tempos de Xerxes[95]. Sucesivamente etrusca, mársica, tesalia ou caldea, o país de procedencia de tales prácticas afastábase da capital a medida que os pobos de arredor ían sendo asumidos pola cultura latina. Como expoñente deste progresivo afastamento da terra onde xurdira a maxia, algunha obra atribuída a Luciano de Samosata sosterá que a maxia xurdiu en Abisinia e que, de aí, pasou a Exipto, onde acadaría o seu desenvolvemento. É precisamente nesta época do Baixo Imperio cando se consolida a visión de Exipto coma terra depositaria dos saberes herméticos[96].

O anterior non quere dicir que a cultura propiamente romana estivese libre do pensamento máxico; antes ó contrario, os rituais propiciatorios ou adiviñatorios formaban parte da relixión estatal e oficiábanse publicamente. A pesar de

[94] Berthelot, "Appareillage magiques", p. 24.

[95] Thorndike, *A History of Magic*, pp. 58-59; J. Guillén, *Urbs Roma. Vida y costumbres de los romanos*, Ediciones Sígueme, Salamanca, 1985, t. III, *Religión y ejército*, p. 148; F. Graf, *La magie dans l'Antiquité Gréco-Romaine. Idéologie et pratique*, Les Belles Lettres, París, 1994, pp. 63-64.

[96] Thorndike, *A History of Magic*, p. 283; Cardini, *Magia*, p. 14.

que Cicerón acusa ás prácticas máxicas de ilegais, ligándoas á súa procedencia estranxeira, o que diferenciaba as prácticas locais das foráneas era o carácter reservado e secreto destas segundas, que facía sospeitar propósitos avesos e efectos daniños[97]. Tal circunstancia fíxose patente no Baixo Imperio, cando a crise das crenzas oficiais facilitou a entrada das relixións mistéricas orientais; entón a repulsión pola maxia converteuse en obsesión. Nesta coxuntura deuse un factor similar ó que logo se repetirá no Occidente medieval, xa que a Baixa Latinidade foi un período de intensas investigacións científicas que, a miúdo, remataron sendo interpretadas como pescudas de natureza máxica[98].

Por medio do legado clásico, o cristianismo reafirmou esta concepción da maxia como ciencia allea -neste caso, pagá-. Como expoñente desta concepción abondará con aducir un par de exemplos. O primeiro, adscribible ó ámbito dos cantares de xesta, é a celebérrima pasaxe da *Chanson de Roland,* na que se enfrontan no campo de batalla o arcebispo Turpin e Siglorel, encantador dos infieis:

> E o arcebispo matou a Siglorel,
> o encantador, que marchou ó inferno.
> Xúpiter levouno a alí polas súas artes máxicas[99].

Pola súa parte, o segundo está directamente relacionado coa literatura artúrica. No *Cligès* de Chrétien de Troyes, a feiticeira Thessala, servente da protagonista Fenice, será oriunda de Tesalia, remota rexión ó norte de Grecia que era famosa dende a Antigüidade clásica por ser terra de magos e feiticeiros:

> «A súa servente, que a criara durante
> a súa infancia, chamábase Thessala
> e sabía moito de nigromancia.
> Por esta razón dicíanlle Thessala,
> porque naceu en Tesalia
> onde se fan, se ensinan e
> se establecen as diañerías.
> As mulleres que son dese país
> fan encantamentos e feitizos»[100].

---

[97] Cicerón, *De Legibus***,** libro II, cap. 10, ed. de C. W. Keyes, Harvard University Press / William Heinemann Ltd., Cambridge (Massachussets) / Londres, 1966, pp. 398-402.

[98] Cardini, *Magia*, p. 15.

[99] «E l'arcevesque los ocist Siglorel / L'encanteür ki ja fust en enfer. / Par artimal l'i cundoist Jupiter» (*Chanson de Roland*, ed. de J. Bédier, L'Édition d'Art H. Piazza, París, 1980, p. 118, vv. 1390-1392).

[100] «Sa mestre avoit non Thessala, / Qui l'avoit norrie en anfance, / Si savoit molt de nigromance. / Por cele fu de Thessala clamee. / Qu'ele fu de Tessale nee, / Ou sont feites les deablies /

Se máis arriba dixemos que o cristianismo reafirmou e non adoptou esta postura, é porque esta se percibe xa no pensamento xudeu, que tendía a considerar como idolatría e maxia a relixión dos pobos que non eran o elixido. Neste sentido, o enfrontamento entre Moisés e os magos do faraón é paradigmática, xa que a única diferencia que distingue os prodixios operados por un e outros radica na falsidade ou na autenticidade, gracias ó amparo da divindade que cada un invoca. Tamén o Novo Testamento está percorrido por esta visión, pois, non en van, os astrólogos que acoden a adorar a Cristo, que acaba de nacer, proceden de Oriente e as súas figuras corresponderían á dos *magi* caldeos. Pero qué dúbida cabe que a postura romana, unha vez que o Imperio se converte ó cristianismo, tivo un papel determinante na visión que sobre a procedencia da maxia se forxou a Cristiandade medieval. De todas formas, a eséxese cristiá non tardou en chegar un pouco máis lonxe. A asimilación do paganismo con manifestacións diabólicas e dos seus ritos con prácticas máxicas propiciou que se buscase a orixe da maxia en ensinanzas impartidas polos propios diabos. O *Libro de Enoch*, por exemplo, explica que foron os anxos caídos os que descubriron a maxia ós homes. Máis tarde, Tertuliano e Orígenes recollen tal teoría e este último chegará a afirmar que estas ensinanzas contrariaron os desexos de Deus, que prefería que os homes vivisen na ignorancia[101].

As invencións mecánicas, en tanto que arraigadas na realidade, teñen un compoñente científico que semella ser anterior á mera recreación ficticia baseada na maxia. Mentres non se diga o contrario, polo tanto, é máis correcto pensar en tales construccións como fundadas nos principios da técnica e non nos tratos ilícitos da nigromancia. A este respecto, resulta reveladora a concepción que sobre este asunto se facían os integrantes da Escola de Chartres. Vaia por diante, de todas formas, unha advertencia acerca da falta de homoxeneidade no pensamento chartriano[102]. A disparidade de criterios que demostran os integrantes da denominada Escola de Chartres reflíctese, por exemplo, nunha cuestión relacionada co asunto que tratamos, como é a desconfianza de John de Salisbury ante o desenvolvemento da *mathematica* astronómica, debido ás súas posibles consecuencias sobre o determinismo e a predestinación[103].

Anseigniees et establies. / Les fames qui el païs sont / Et charmes et charaies font» (Chrétien de Troyes, *Cligés*, ed. de A. Micha, Honoré Champion, París, 1957, pp. 90-91, vv. 2962-2970).

[101] Thorndike, *A History of Magic*, pp. 343, 458 e 463-464.

[102] Sobre as diferentes posturas filosóficas que a este respecto sostiñan os integrantes da Escola de Chartres, vid. W. Wetherbee, *Platonism and Poetry in the Twelfth Century. The Literary Influence of the School of Chartres*, Princeton University Press, Princeton, 1971, pp. 19-73; E. Gilson, *La filosofía en la Edad Media desde los orígenes patrísticos hasta el fin del siglo XIV*, Gredos, Madrid, 1976 (1ª ed. 1958) 243-261 e Le Goff, *Los intelectuales*, pp. 58-67, especialmente pp. 65-66.

[103] Mora, "Virgile le magicien", pp. 52-53.

A construcción de enxeños mecánicos, segundo os chartrianos, formaría parte da *physica*, unha das ramas teóricas da filosofía, disciplina esta que se encargaría de estudiar as causas invisibles das cousas visibles[104]. De tal maneira que Virxilio, segundo os chartrenses, sería un físico, un *homo technicus*, que basearía a súa 'maxia', non en poderes diabólicos, senón na filosofía natural, entendida esta como ciencia experimental ou, por empregar a terminoloxía de P. Thuillier, como tecnociencia[105].

A tendencia a explicar fenómenos susceptibles dunha interpretación máxica, en tanto que baseados nas forzas da natureza e por medio da razón, encontra a súa máxima expresión a mediados do século XIII con Roger Bacon. Este distinguiu a maxia ritual, condenable pola súa condición de falsa relixión e por estar asociada á esfera do demoníaco, da maxia natural, perfectamente lícita, proveitosa e fundada no método racional-experimental. Este contraste entre unha e outra non impide que para a práctica da maxia natural haxa que empregar o símbolo e a palabra -esta última de grande poder sobre os elementos da natureza- de acordo cunhas normas establecidas que permitan poñer en funcionamento a rede de relacións que une entre si a tódolos seres do cosmos[106]. En última instancia, a división bipolar de Bacon buscaba salvar unha serie de ciencias, como a astroloxía, a alquimia ou a xeomancia, que, a pesar de basearse no pensamento científico renovado polo coñecemento da cultura árabe, estaban caendo baixo a sospeita de prácticas nigrománticas e desviadas[107].

Sen embargo, a devandita concepción remonta xa á centuria anterior, pois, non por casualidade, tal distinción se inspira na que Hugo de Saint-Victor trazara no seu *Didascalion*. Este diferenciaba entre a maxia, á que consideraba acien-

---

[104] Esta doutrina condénsase na seguinte pasaxe:

«Dividitu enim per theologiam et mathematicam et phisicam. Theorica namque ea contemplatur in quibus practica nequit agere, id est incorporalia. Et quoniam incorporeum tria sunt genera, tres sunt species theorice contemplantis ipsa (...). Contemplatur namque theologia invisibiles substantias, mathematica visibiles visibilium quantitates, phisica invisibilies visibilium causas.» (J.-W. Jones e E.-F. Jones, *The commentary on the first six books of the Aeneid of Vergil commonly attributed to Bernardus Silvestris*, University of Nebraska Press, Lincoln / Londres, 1977, p. 40-41).

[105] P. Thuillier, "Magie et technoscience: la grande mutation du Moyen Âge", *La Recherche*, CCXXIII (juillet-août 1990), pp. 862-873. Vid. Comparetti, *Virgilio*, t. II, cap. 3; F. Mora, "Virgile le magicien et l'*Énéide* des Chartrains", *Médiévales*, XXVI (printemps 1994), pp. 39-57.

[106] Cardini*, Magia*, pp. 47-48.

[107] A actitude de Bacon acerca da maxia está exposta en Thorndike, *A History of Magic*, pp. 659-677 e Cardini, *Magia*, pp. 44-45.

tífica e falsa, e a *physica* ou *physiologia* -tamén denominada filosofía natural-, disciplina dedicada ó estudio das causas a través dos seus efectos e os efectos a través das súas causas[108]. A clasificación de Hugo de Saint-Victor, en fin, demostra certa influencia do pensamento isidoriano, rastrexable na división da maxia en cinco ramas ou na distinción, dentro das ciencias do ceo, entre *mathematica*, *astronomia* e *astrologia*.

Por outro lado, a imaxe da natureza e das ciencias a ela ligadas, así como a do home, en tanto que microcosmos suxeito ás influencias dos seus correspondentes celestes, que se encontra no pensamento de Chartres, remonta novamente á obra de Isidoro[109] e sobrepasa, incluso, o ámbito patrístico cristián. De feito, é unha interpretación da natureza humana que tamén aparece nos gnósticos e que está na base de non poucas concepcións máxicas e astrolóxicas acerca do influxo dos astros nos homes[110].

Outro concepto interesante da escola chartrense é o de *ingenium*, cualidade que Merlín opón á forza física dos bretóns. A pesar da ambigüidade dos termos en cuestión, que se reflicte no tratamento que lles dan algúns autores, como por exemplo Bernardo Silvestre-[111], pódese concluír que o *ingenium* forma parte, xunto coa razón e a memoria, das virtudes da sabedoría que fan posible o progreso intelectual. O *ingenium* descubre, a *ratio* clasifica os descubrimentos e a *memoria* conserva o adquirido; segundo este proceso, o *ingenium* equivale á imaxinación creadora[112].

A insistencia na ideoloxía de Chartres para analizar a obra de Monmouth non é casual. Faral, no seu estudio da *Vita Merlini*, estableceu a filiación entre o pensamento desta escola e as descricións de ciencia natural que se desglosan nesta obra[113]. No é que Geoffrey siga os postulados da escola francesa ó pé da letra; de feito, a visión cosmolóxica que ofrece na *Vita* toma doutrinas de procedencia tan variada que non é posible adscribila a ningunha en concreto. Sen embargo, se algunha influencia se destaca sobre as demais, esta é a da citada

[108] *Didascalion*, en Migne, *Patrologia Latina*, t. CLXXVI, ii, 17.

[109] *De natura rerum*, en Migne *Patrologia Latina***,** t. LXXXIII, ix, 1-2.

[110] Thorndike, *A History of Magic*, pp. 382, 411 e 633; Cardini, *Magia*, pp. 47-48; Le Goff, *Los intelectuales*, pp. 64-65.

[111] Jones e Jones, *The commentary*, p. 65; Mora, "Virgile le magicien", p. 40, nota 7. Para o papel desenvolvido por Bernardo Silvestre, vid. Wetherbee, *Platonism*, pp. 104-125 e Curtius, *Literatura europea*, pp. 162-169.

[112] Mora, "Virgile le magicien", pp. 40-41.

[113] Faral, *La légende arthurienne*, t. II, pp. 379-381.

escola e, dentro dela, a autoridade de Guillaume de Conches sobresae por enriba de todas[114].

A ironía e as medias palabras coas que o galés describe a actuación de Merlín no transporte das pedras poden deberse a varios motivos. Entre eles estaría o misterio que arrodea ó seu personaxe, ligado ás forzas sobrenaturais e celoso dos dons que posúe. A pesar de que a ascendencia demoníaca botaba unha luz sobre o misterio do neno sen pai, este propósito de dilucidar o que na *Historia Brittonum* ficara inexplicado non é incompatible coas sombras en que deixa outros aspectos da súa personalidade. O íncubo aclaraba o incomprensible (que alguén carecese de pai), pero as actuacións máxicas non necesitan seren desveladas, porque non caen dentro desta categoría. O silencio é, pois, un recurso para debuxar o personaxe coa autoridade e o prestixio que lle dan o misterio e o distanciamento. Pormenorizar os mecanismos que idea o profeta é, ata certo punto, trivializar a súa actuación. Esta, por outro lado, está tinxida, como xa se viu, da solemnidade que lle dá o carácter sagrado das pedras.

Por outra parte, a ironía permite xogar coas posibilidades que outorga pertencer á liñaxe dos íncubos. Se para a confección de enxeños como os que se estivo considerando é fundamental o coñecemento da naturaleza, e xa que esta é unha das cualidades que con máis unanimidade se lle atribúe ós *daemones*, non é disparatado considerar a posibilidade de que Merlín puxese en práctica parte da sabedoría herdada de seu pai. Claro que estes seres atesouran unha bagaxe e unhas habilidades que sobrepasan, non xa o permitido para a limitada natureza humana, senón o que os homes nin sequera chegan a sospeitar que existe. Destas consideracións infírese que Monmouth se ampara na elipse para evitar a descrición dun deses enxeños que só un demo podería concibir.

As habilidades que exhibe o profeta neste episodio non eran nin moito menos novidosas na illa de Bretaña. Como nos conta o capítulo 30, o pai de Lear, Bladud, foi o que introduciu no reino as artes máxicas:

> «Foi un home sumamente enxeñoso, que trouxo a nigromancia ó reino de Bretaña. Non deixou de construír artificios, ata que, tras preparar unhas ás,

[114] Para o lugar dese autor dentro da escola vid. Gilson, *La filosofía*, pp. 256-257; T. Gregory, *Anima mundi. La filosofia di Guglielmo di Conches e la scuola di Chartres*, Pubblicazioni dell'Istituto di folosofia dell'Università di Roma, 1955; E. Jeauneau, "Note sur l'École de Chartres", *Studi Medievali*, 3ª serie, V (fasc. II, 1964), pp. 839-852.

intentou elevarse polos aires e esnaquizouse ó caer sobre o templo de Apolo, na cidade de Trinovanto»[115].

O seu legado máis perdurable, ó igual que ocurrirá con Merlín, consistirá nunha construcción:

«... edificou a cidade de Kaerbadum, que agora se denomina Bad, e construíu nela caldas de uso público. Púxoas baixo a advocación de Minerva e no seu altar instalou lumes inextinguibles que nunca se consumían en cinzas, xa que estas se convertían en bloques de pedra cando comezaban a esmorecer».

Faral[116], á hora de establecer as posibles fontes que utilizou Monmouth para este episodio, sinalou tres historias diferentes. Por un lado, a de Dédalo, que aparecía no libro VI da *Eneida*; por outra, a de Simón o Mago; en terceiro lugar, a anécdota que conta Malmesbury acerca dun monxe chamado Eilmer, quen, á vista do cometa de 1066, profetizou a caída do reino saxón e que, levado polos desexos de voar, construíu unhas ás e se lanzou ós aires. O final da súa aventura foi idéntico ó de Simón, xa que rematou coas pernas rotas. A semellanza destes tres relatos cos datos que ofrece a *Historia Regum Britanniae* corrobora a tese de Faral. Segundo a *Eneida*, Dédalo aterriza sobre un templo consagrado a Apolo que se erguía nos montes de Cumas, da mesma maneira que Bladud cae sobre a cidade de Trinovanto. En canto a Eilmer, non só sulca os aires, á maneira de Bladud, senón que vaticina un acontecemento político a través da visión dun cometa, tal e como fará Merlín con ocasión da morte de Aurelio Ambrosio[117].

As similitudes entre Bladud e Merlín son pois evidentes, destacando entre ambos o tipo de proxectos que levan a cabo e o recurso ó *ingenium*. A finalidade das respectivas construccións parece tamén relacionada. Como sucede coa fabricación de enxeños mecánicos, os monumentos prodixiosos de Bladud e Merlín conmemoran e converten en eterno o que doutra maneira sería pasaxeiro. Aplicado ós artífices destes prodixios, pódese afirmar que o establecemento

[115] «Hic admodum ingeniosus homo fuit docuitque nigromantiam per regnum Britannie. Nec praestigia facere quieuit donec paratis sibi alis ire per summitatem aeris temptauit ceciditque super templum Apollinis infra urbem Trinouantum, in multa frusta contritus» (*HRB*, cap. 30, p. 18).

[116] Para as fontes do episodio de Bladud, vid. Faral, *La légende arthurienne*, t. II, pp. 103-109, especialmente, pp. 106-108; Tatlock, *The Legendary History*, pp. 360-361; Chambers, *Arthur of Britain*, p. 32.

[117] *Gesta Regum*, II, cap. 225, pp. 276-277. Unha análise da historia de Eilmer atópase en L. White, "Eilmer of Malmesbury, an Eleventh Century Aviator: A Case Study of Technological Innovation, its Context and Tradition", en *Medieval Religion and Technology*, pp. 59-73.

e perduración das súas obras lles serve para deixaren un recordo da súa existencia e poderes[118]. Estas observacións complementan as vertidas máis arriba sobre as intencións de Monmouth respecto do legado monumental do período saxón, como elemento que suscitase o respecto dos seus contemporáneos e fose pedra angular na construcción do pasado nacional da nova Inglaterra. Só que Bladud e Merlín, en tanto que constructores de dous monumentos singulares -as termas de Bath e as pedras de Stonehengue-, reafirman a súa condición de parte activa da historia inglesa, particularidade esta que en Merlín se manifestaba igualmente a través das profecías.

Claro que tamén se aprecian diferencias entre as obras de ambos. Bladud está máis cercano ás artes ilícitas que o adiviño, pois por algo se asocia explicitamente co termo *nigromantia*. Non obstante, este concepto non significa no século XII o trato coas forzas maléficas; de Virxilio dise, así mesmo, que era un nigromante ou que actuaba por medio de encantamentos máxicos, cando o que se quería describir era esa tecnociencia da que falamos anteriormente. Recordemos que, segundo Wagner, o termo nigromante oscilaba no seu significado, e que, a miudo, designaba simples ilusións ou prestidixitacións, normalmente, estrañas ó mundo dos demos[119]. Agora ben, a idea de que Bladud chega demasiado lonxe nos seus desafíos á natureza está presente dende o momento en que remata sendo víctima das súas propias creacións. O seu final, ademais, non pode ser máis significativo, xa que é idéntico ó que os escritos sagrados deparan a Simón o Mago. Este personaxe fíxose célebre a través do relato contido nos *Feitos dos Apóstolos*, onde se contaba a disputa que mantivo co apóstolo Filipe e a súa conseguinte conversión. A anécdota do voo, en cambio, non aparece neste texto canónico, senón en *De bello Judaico*, que se lle atribúe a Hegesippo, no apócrifo *Feitos de Pedro e Pablo* e está, así mesmo, retomado nun sermón atribuído a Santo Agostiño[120].

Esta asociación negativa que separa o monarca bretón de Merlín ten a pertinente explicación. Bladud vive nos tempos en que Bretaña é aínda un reino pagán, de aí que nas súas dúas actuacións se mencionen sendas divindades do panteón clásico. Estas, ademais, relaciónanse co coñecemento intelectual[121], razón pola que resulta irónico que o fatal voo sobre Trinovanto termine xusto enriba do templo de Apolo. Noutras palabras, Bladud, en tanto que idólatra,

[118] Vid. Ferlampin, *Magie et surnaturel*, p. 186; Berthelot, "Appareillages magiques", p. 27.

[119] Wagner, *"Sorcier" et "magicien"*, pp. 77 e 141-142; Mora, "Virgile le magicien", pp. 47-48.

[120] *Actus Apostolorum*, VIII, 4-25, *Biblia Sacra*, p. 1073; Santo Agostiño, *Sermones suppositi*, CCII, en Migne, *Patrologia Latina*, XXXIX, cols. 2121-2122.

[121] Vid. P. Grimal, *Diccionario de mitología griega y romana*, Paidos, Barcelona, 1991, pp. 35-38, 59-61 e 358.

adquire o seu saber de maneira imperfecta. A ignorancia, que é atrevida, empúrrao a arriscar a súa vida -algo no que non incorre Merlín- e a confiar máis do que debería na propia capacidade.

O profeta bretón, en cambio, está por enriba desas continxencias. Posuidor de todo o saber que se pode adquirir da natureza, gracias á súa filiación paterna, é consciente das súas limitacións -por exemplo, non trivializar o don da profecía-. Ademais, ó situalo nunha Bretaña xa cristianizada, a asociación cos deuses pagáns e a nigromancia quedan abolidas. Monmouth busca para el un saber máis equilibrado, cercano á filosofía da súa época. Bladud, a diferencia do adiviño, operaba unha ciencia falsa, que non dubidaba en recorrer ás ilusións. Esta é a conclusión que se extrae do termo *praestigia*. O *praestigiator*, é dicir, quen elabora *praestigia*, é un individuo que asombra con trucos, pero ó mesmo tempo engana co que estes teñen de ilusión e falsidade[122]. A este respecto, John de Salisbury, contemporáneo de Geoffrey, concédelle a *praestigiator* o sentido de 'prestixitador' ou 'persoa que realiza trucos'[123]. O erro de Bladud, daquela, consistiu en deixarse enganar polas súas propias operacións e crer nelas.

Adiviñación e profecía na obra de Monmouth

Queda por analizar a última faceta do Merlín da *Historia Regum Britanniae*, a de profeta. Páxinas máis arriba, cando discutiamos as implicacións políticas deste papel, deixabamos ben clara a infalibilidade dos seus vaticinios, así como as posibles vinculacións, en tanto que profeta, coa figura do Anticristo. Relativizada a influencia deste personaxe, os modelos para o profeta dos bretóns serían os correspondentes bíblicos, especialmente Daniel, Isaías e Ezequiel, pero tamén o propio Xesús -o que recollen os textos canónicos e o que ofrecen os *Evanxeos apócrifos*-[124]. Contra o que puidera parecer, as intervencións máxicas non serían incompatibles nunha asociación de Merlín coa figura de Xesús, xa que os textos non canónicos amosan unha clara inclinación a adxudicarlle ó Mesías prodixios e demostracións gratuítas de poder. Sabido é, por outra parte, que algunhas das acusacións que dende o paganismo romano se fixeron contra os cristiáns por unha posible vinculación coa maxia, por exemplo as que protagonizou Celso, afectaban á persoa de Xesús e ós prodixios que se lle atribuían[125].

En calquera caso, a procedencia do don da profecía é diferente da que fundamenta as intervencións 'máxicas'. Como observa Wagner, xa dende os *romans*

[122] Wagner, *"Sorcier" et "magicien"*, p. 75.

[123] *Polycraticus*, en Migne, *Patrologia Latina*, t. CICIX, I, 8.

[124] Zumthor, *Merlin le prophète,* pp. 26-30.

[125] Thorndike, *A History of Magic*, t. I, pp. 436-437.

da materia antiga, a actitude respecto ás figuras do profeta e o seu derivado o adiviño -a Casandra do *Roman de Troie*, por exemplo- é sempre respectuosa. Isto débese á condición de inspirados pola divindade, fronte á procedencia, normalmente sospeitosa, das artes que exhiben feiticeiros e encantadores[126]. Se é un espírito o que lle concede a clarividencia ó personaxe de Merlín (*HRB*, cap. 128, p. 90), isto supón unha relación coas forzas trascendentes que rixen a vida na terra. Non é casual que xusto sexa a profética a facultade que máis claramente se percibe nos antecedentes do personaxe, como o Ambrosio da *Historia Brittonum* ou o Myrddin das tradicións galesas, entre elas a predicción contida en *Armes Prydein Vawr*. Dito doutro modo, cando Monmouth retoma a figura do profeta, amplifícaa a base de estender os seus novos atributos cara ó eido da maxia.

Tal dimensión ultraterrea fai de Merlín un personaxe único na crónica que estudiamos. Ben é verdade que a obra contén outras mencións a agoiros, predicións ou vaticinios, pero todas elas se ligan a algunha disciplina concreta e ningunha procede por inspiración. O personaxe que máis se lle podería aproximar a Merlín é Pellito, o adiviño hispano que axuda ó saxón Edwin a rexeitar os intentos de invasión do rei bretón Cadwalón:

> «Daquela viñera onda el dende Hispania un adiviño moi sabio chamado Pellito, que era experto no voo das aves e no curso das estrelas e prognosticáballe calquera infortunio que lle fose suceder»[127].

Pero Pellito carece da inspiración que define ós verdadeiros profetas. O seu saber do porvir procede da lectura das estrelas (astroloxía) e do voo das aves (ornitomancia). Fronte a Merlín, a quen se lle denomina *vates*, Pellito recibe o apelativo de *magus*[128]. Este termo non hai que entendelo no sentido de alguén que practica a maxia, senón no máis concreto de aquel que le o porvir nos astros. De feito, o sentido que a tal palabra lle dá Monmouth é o que posuíu durante moito tempo e que, como vimos máis arriba[129], se lle aplicou, en primeiro lugar, ós astrólogos caldeos que acudiron a adorar a Cristo, e, a partir de aí, a quen se especializaban no escrutinio do futuro por medio da lectura das estrelas. Para corroborar esta asociación cunha ciencia exótica, o país de procedencia de

---

[126] Wagner, *"Sorcier" et "magicien"*, pp. 71-73.

[127] «Uenerat namque ad eum quidam sapientissimus augur ex Hispania uocabulo Pellitus qui uolatus uolucrum cursusque stellarum edoctus praedicabat ei omnia infortunia quae accidebant» (*HRB*, cap. 193, p. 138).

[128] *HRB*, cap. 196, pp. 140e 141. Só nunha ocasión recibe o epíteto de *augur* (cap. 193, p. 138).

[129] Vid supra, p. 139, nota 56.

Pellito sitúase en Hispania, é dicir, en terra de infieis. Non hai que esquecer que, en tanto que terra de árabes e lugar por onde penetrou en Europa boa parte das traduccións semíticas do século XII, España se consideraba unha terra moi ligada ás artes máxicas. Atraídos por esta sona, destacados intelectuais da época, como Gerbert, Daniel de Morley ou Guiraldo de Cremona acudiron ata alí como estudiantes. A cidade de Toledo, concretamente, acadou celebridade pola escola de maxia que alí existía[130].

Pellito, sen embargo, non é o único mago que se asoma ás páxinas da *Historia*. Más famoso aínda que el son os que asisten ó rei Vortigern e demostran a súa incompetencia á hora de descifrar a misteriosa destrucción da súa torre. Esta escena presenta o contraste máis evidente entre o estatuto de Merlín e o dos astrólogos, pois os que aconsellan a morte do neno sen pai reciben a única denominación de *magi* (*HRB*, cap. 106, p. 71 e cap. 108, p. 72 e 73)[131]. Estes personaxes son incapaces de dar unha resposta adecuada ás preguntas do seu señor e son ridiculizados por un ser de categoría superior, como é un profeta. O certo é que, ante a precisión con que o neno sen pai vai descubrindo as marabillas do subsolo, tanto o monarca como os astrólogos non poden por menos que expresar admiración ante tal mostra de sabedoría:

> «O rei creu as súas palabras, xa que dixera a verdade no do estanque, e ordenou baleiralo. O rei estaba abraiado con Merlín, como nunca antes o estivera. E tódolos que alí estaban admiraban así mesmo tanta sabiduría como tiña e coidaban que un espíritu habitase nel»[132].

Nótese como as carencias dos astrólogos saen a relucir nesta declaración. Estiman que un espírito asiste ó prodixioso neno -condición indispensable para ser profeta-, o cal implica que tal don lles é estraño. Igualmente, a precisión de Merlín, que semea o estupor en todos, deixa entrever que o índice de acertos dos adiviños reais non destaca pola súa efectividade.

---

[130] Thorndike, *A History of Magic*, t. II, pp. 87-88, 171-176 e 179-180; P. Kumtzixh, "Les relations scientifiques entre l'Occidente et le monde arabe à l'époque de Gerbert", en N. Charbonnel e J. - E. Iung (eds.), *Gerbert l'Européen. Actes du Colloque d'Aurillac (4 - 7 juin 1996)*, Société des lettres, sciences et arts "La Haute-Auvergne", Aurillac, 1997, pp. 193-203). Para a análise doutros nomes de orixe oriental na *Historia Regum Britanniae*, vid. J. S. P. Tatlock, "Certain Contemporaneous Matters in Geoffrey of Monmouth", *Speculum*, VI (1931), pp. 206-211.

[131] Non estará de máis recordar que xa a *Historia Brittonum* concedía ós adiviños de Vortigern o epíteto de *magi* (*HB*, cap. 40-42, p. 30-33).

[132] «Credidit rex uerbis eius quia uerum dixerat de stagno et iussit illum hauriri et Merlinum super omnia ammirabatur. Ammirabantur etiam cuncti qui astabant tantam in eo sapientiam existimantes numen esse in illo» (*HRB*, cap. 108, p. 73).

As conclusións deste episodio van máis aló da simple confrontación entre un profeta e uns astrólogos. Un personaxe similar, como Pellito, era negativo, non polas súas habilidades, senón porque as poñía ó servicio dos inimigos de Bretaña. E máis detestable resultaba polo feito de que a súa pericia na lectura dos astros frustraba os plans de Cadwalón para recuperar o control sobre a illa. Os reproches merlinianos cara ós adiviños de Vortigern, por outra parte, insisten, non na arte que practican, senón na mendacidade dos seus prognósticos («'Dicite michi, mendaces adulatores, quid sub stagno est'», *HRB*, cap. 108, p. 73). É dicir, que estes estaríanse apartando da astroloxía, que non deixa de ser unha ciencia, para caer na impostura e, incluso, en prácticas máis perigosas.

As peculiaridades do episodio da torre, no conxunto da *Historia Regum Britanniae* só se comprenden á perfección cando se ten en conta a súa orixe. A anécdota aparecía na *Historia Brittonum* e é de aí de onde Monumouth a adapta case ó pe da letra. Agora ben, a actuación dos magos de Vortigern baseábase no contexto cultural do Gales do século IX e non no da Inglaterra do XII, polo que Geoffrey opera varias modificacións, que apuntan basicamente en dúas direccións. Por unha parte, suprime e modifica os elementos que lle resultaban incomprensibles -como as vasillas e a tenda subterráneas que ocultaban ós dous dragóns ou o misterio inexplicable do neno sen pai-. Por outra, amplifica as profecías merlinianas, condicionado pola inserción do episodio no novo marco narrativo da *Historia Regum Britanniae*. A práctica que os astrólogos lle propoñen ó monarca rastréxase nas máis antigas culturas e responde ó coñecido sacrificio de fundación, acto propiciatorio por medio do que se obtén o beneplácito da terra ou do *genus loci* para poder erguer un edificio. Krappe, que estudiou a orixe mítica do motivo, atopa crenzas idénticas en terras de cultura xermánica, así como en toda a bacía mediterránea, incluíndo Exipto e Asia Occidental[133]. Ademais, supón que, nas versións máis antigas, os *genii loci* serían demos e non serpes. O traspaso a este animal levaríase a cabo gracias á condición telúrica dos réptiles e documéntase moito antes da *Historia Brittonum*, por exemplo en San Isidoro[134].

A pesar de que a citada crenza sobrepasa o ámbito da cultura dos celtas insulares, a procedencia do episodio nenniano é unha cuestión polémica, xa que, por outra parte, son máis que evidentes os paralelismos con outros relatos desta cultura, como o *mabinogi* de *Llud e Llewelys* ou a historia irlandesa de Becuma, recollida en *Echtra Air maic Cuind, ocus tochmare Delchaine ingine Morgan*

[133] A. H. Krappe, "Note sur un épisode de l'*Historia Britonum* de Nennius", *Revue Celtique*, XLI (1924), pp. 181-188, especialmente p. 184.

[134] *Etimologías*, libro XII, cap. 4, 1, t. II, p. 80.

(*Aventura de Art, fillo de Conn e de Courtise de Delbchaen, filla de Morgan*), historia esta que está incluída no *Libro de Fermoy*. Con todo, o extendido do motivo, así como a dubidosa cronoloxía dalgunha destas obras -sen ir máis lonxe, *Llud e Llewelys* tal vez sexa posterior á *Historia Brittonum*-, obriga a traspasar o marco das Illas Británicas e a pensar nun motivo do folclore universal. Como tal, en fin, aparece recollido no *Motif Index* de S. Thompson[135].

A anterior análise descubre as prácticas de paganismo atávico ás que se entregan os presuntos astrólogos. Xa resulta rechamante -aínda que non desatinado- que uns *magi* ofrezan solución a unha cuestión que en absoluto afecta ó curso das estrelas. Concedamos que, dende a Antigüidade, as funcións dos astrólogos sobrepasaban con moito a lectura do futuro e ían dende a fixación de días propicios para emprender unha empresa a -segundo comprobamos máis arriba- a intervención en prácticas médicas. A clave do episodio que analizamos, daquela, non estará no tipo de consulta que lles dirixe o soberano, senón na resposta que estes lle dan. De feito, na *Historia Regum Britanniae*, os magos son interrogados acerca das causas que impiden a edificación da fortaleza, pero na *Historia Brittonum* a consulta é doutra natureza. Guothigirnus pedía primeiro consello ós seus *magi* acerca dos asuntos do reino: qué facer ante a súa precaria situación, repudiado polo pobo e presionado polos saxóns. A resposta do consello de astrólogos incluía unha predicción sobre o porvir inmediato de Bretaña que se adecuaba ó que efectivamente remataría por suceder:

> «Despois o rei chamou os magos a súa presencia para preguntarlles qué facer. Eles contestáronlle: "Marcha ós límites do teu reino e alí atoparás un cómaro protexido no que poderás defenderte, porque o pobo que acolliches no teu reino te odia, te matará a traizón e, despois da túa morte, ocupará tódalas rexións que amas con toda a túa xente»[136].

O erro viña a continuación, cando, para dar unha resposta á desaparición dos materiais de construcción, suxerían regar o lugar co sangue dun neno sen pai.

---

[135] S. Thompson, *Motif Index of Folk Literature*, Indiana University Press, 1955, vol. 5, p. 318, S 260.1.1 *Child sacrifice as religious rite*. Vid. así mesmo L. A. Paton, "The Story of Vortigern's Tower", *Studies in English and Comparative Literature. Radcliffe College Monographs*, XV (1910), pp. 13-23; Krappe, "Note sur un épisode", pp. 181-188; Faral, *La légende arthurienne*, t. I, pp. 116-118, Micha, *Étude*, p. 39, nota 34; J. Markale, *Los celtas y la civilización celta*, Taurus, Madrid, 1992, pp. 160-161 e *L'épopée celtique en Bretagne*, p. 110.

[136] «Et postea rex ad se invitavit magos suo, ut quid faceret ab eis interrogaret. Al illi dixere: "In extremos fines regni tui vade, et arcem munitam invenies, ut te defendas, quia gens quam suscepisti in regno tuo invidet tibi, et te per dolum occidet, et universas regiones quas amaras occupabit cum tua universa gente post mortem tuam".» (*HB*, cap. 40, p. 30).

Ademais, que o problema se orixine no solo sobre o que se asenta a fortaleza e que a consulta non implique lectura algunha do porvir, non debe sorprendernos, posto que a crenza nos astros como seres superiores da Creación implicaba que influían sobre as criaturas da Terra, de natureza inferior. Tal era o argumento básico da astroloxía e a astronomía e encontrábase asimilado incluso no pensamento cristián por medio da teoría do macrocosmos e o microcosmos. O anterior non supoñía, por suposto, poñer en tea de xuízo a doutrina do libre albedrío, posto que non se falaba de control, senón de simple correspondencia entre dúas esferas da Creación. Este tipo de crenzas mesmo sobrepasaba o eido da astroloxía e vinculábase a concepcións máis amplas, como era a da harmonía do Universo. Un exemplo desta visión témolo na interpretación dos prodixios naturais -entre eles os celestiais, por exemplo, a xa citada dos cometas-, como signos ou anuncios de acontecementos terreos, ou en prácticas de maxia simpática, así como na crenza en que os pecados influían sobre a natureza[137].

Das consideracións anteriores despréndese una dobre conclusión: que a resposta dos magos de Vortigern, aínda que houbese un fraude, non tiña por qué provocar as sospeitas do monarca; e que, polo tanto, e a pesar das suspicacias que suscitaba a astroloxía entre a xerarquía eclesiástica -as cales, como vemos, non compartía Geoffrey-, a falta daqueles radicaría non na disciplina á que se dedicaban, senón en ofrecer como solución un rito prohibido.

En definitiva, a condena que se obtén da escena da torre afecta a uns falsarios -cun comportamento, que, polo demais, ensalza, por contraste, a sabedoría extraordinaria de Merlín- e á pervivencia da maxia pagá, pero nunca á condición de astrólogo. Tal categoría demostra ser un complemento habitual nas cortes reais e principescas, de tal maneira que non só Vortigern se arrodea deste tipo de personaxes. A primeira pasaxe da *Historia* (*HRB*, cap. 1, p. 1) móstranos como Ascanio -sucesor de Eneas no trono de Italia- consulta uns magos acerca do destino que lle está reservado a seu futuro fillo. Estes acertan ó predicir o tormentoso futuro do nonato («Nec fefelli eos vaticinium suum»), que recibiu o nome de Bruto. A pintura favorable que se desprende desta predicción infalible contrasta coa asemblea dos magos de Vortigern e vén condicionada por unha dobre circunstancia: por unha parte, os astrólogos de Ascanio limítanse a predicir o porvir e non poñen en perigo a vida de ninguén, en tanto que, por outra, a súa

[137] Vid, como exemplos dunha crenza medieval tan extendida, Thorndike, *A History of Magic*, pp. 98, 103, 111, 113-114, 179, 185, 302-303, 320, 330, 457-458, 492; 515-516; 621-622, 633, etc; *Ídem*, "Magia, stregoneria", p. 822; Laistner, "The Western Church", pp. 257-258, 264 e 267-268; D'Alverny, "Astrologues et théologiens", p. 31, 41-42, 43 e 47; Kren, "Astronomy", p. 225; Flint, *The Rise of Magic*, pp. 129-133.

actuación se sitúa en tempos anteriores á vinda de Cristo, criterio este que, como veremos, se revela decisivo.

Con todo, a presencia de astrólogos nas cortes reais continúa cando xa toda Bretaña abrazou o cristianismo. Así, o saxón Edwin contaba coa axuda eficaz do xa mencionado Pellito, da mesma maneira que Artur se axudaba nas súas decisións das predicións infalibles dun consello de astrónomos:

> «Ademais, [Urbs Legionum] tiña un colexio de douscentos filósofos, expertos en astronomía e nas demais artes, que observaban puntualmente o curso das estrelas e lle predicían ó rei Artur os sucesos extraordinarios que ían acontecer por medio de cálculos exactos»[138].

Agora ben, como se pode observar, Artur non recorre a *magi* senón a unha categoría aínda máis respectable, a dos *astronomi*. Claro que a función duns e doutros, ler o porvir por medio das estrelas, é ó fin e ó cabo a mesma. A diferencia estableceríase no plano meramente nominal. Fronte ás connotacións negativas que podía ter a palabra *magi*, Monmouth opta por rodear ó máis poderoso dos reis bretóns de astrónomos, posuidores dun saber máis científico -dalles incluso o nome de *philosophi*-. Deste modo contribúe a resaltar o esplendor cultural alcanzado por Bretaña en xeral e, máis en particular, pola cidade de Carlion baixo o reinado de Artur, brillantez que lembra á que conseguiran outras cidades da Antigüidade, como Roma e Atenas. Non por casualidade Faral sinala como posibles fontes para o colexio de astrónomos de Carlion a Cicerón, que fala dun colexio de augures en Roma, así como o bíblico *Libro de Daniel*, que sitúa na corte do caldeo Nabucodonosor un grupo de adiviños -aínda que a influencia máis perceptible desta segunda pasaxe se percibe no episodio de Vortigern-[139]. Como se pode apreciar, os *magi*, quedan reservados, pola súa inferior categoría, a un usurpador mediatizado pola relación cos saxóns e a un monarca de sangue tamén xermánico. É dicir, que pola posible asociación coa maxia se insiste no carácter foráneo de tal práctica.

No extremo oposto ós magos de Vortigern sitúase a revelación celestial que lle descubre a Cadwalladro as condicións nas que debe cumprirse a esperanza bretona. Nesta ocasión non se pode falar de profecía, posto que o monarca británico non está iluminado co don profético. O vaticinio, de feito, forma parte dun conxunto máis amplo de ordes e recomendacións que procuran a salvación espiritual do soberano e do seu pobo -víctima da impiedade-, así como a exaltación

---

[138] «Preterea [Urbs Legionum] ginnasium ducentorum phylosoforum habebat qui astronomia atque ceteris artibus eruditi cursus stellarum diligenter obseruabant et prodigia eorum tempore uentura regi Arturo ueris argumentis praedicebant» (*HRB*, cap. 156, p. 110).

[139] Faral, *La légende arthurienne*, t. II, p. 273.

política deste último. O interesante é advertir o paralelismo que a revelación a Cadwalladro, que se pode considerar un santo en potencia, garda co modo en que Bruto soubo da existencia de Bretaña. Durante o periplo do seu exilio, os troianos chegan á illa de Leogecia, onde se ergue un templo dedicado á deusa Diana: «Nel, unha imaxe da deusa respondía se por acaso calquera formulaba unha pregunta»[140].

Decididos a despexar as incertidumes do seu futuro, os troianos suxiren a Bruto que consulte á deidade; e este, despois dos ritos de rigor, pasa a noite sobre o altar:

«Era de noite, aproximadamente a hora tercia, cando o sopor máis doce se apoderou dos mortais. Entón viu en soños a deusa, que se encontraba ante el e que lle falaba deste xeito:

> Bruto, máis aló de onde se oculta o sol, pasados os reinos da Galia,
> hai unha illa no oceano, arrodeada polo mar;
> esa illa no oceano habitárona noutrora os xigantes,
> e agora está deserta, disposta para o teu pobo.
> Búscaa, pois será o voso fogar para sempre;
> Alí teus fillos erguerán unha nova Troia,
> alí nacerán reis da túa liñaxe e eles
> someterán tódalas terras do orbe.

Unha vez que acordou de tal visión, o caudillo dubidou se o que viu fora un soño ou se realmente a deusa lle dera a coñecer a terra á que debía dirixirse»[141].

O contraste coa revelación ó último dos reis bretóns márcana tanto a divindade pagá que se comunica con Bruto como o ritual que forma parte da consulta. Este consiste en acender tres cacharelas dedicadas a Xúpiter, Mercurio e Diana e en derramar libacións en cada unha delas. A continuación, Bruto avanza cara ó altar da deusa, levando na man dereita unha vasilla chea de viño e sangue dunha cerva branca. Dirixe entón o seguinte conxuro:

---

[140] «In eodem imago dee responsa dabat si forte ab aliquo peteretur» (*HRB*, cap. 16, p. 9).

[141] «Erat tunc quasi tercia noctis hora qua dulciore sopore mortales premuntur. Tunc uisum est illi deam astare ante ipsum et sese in hunc modum affari: 'Brute, sub occasu solis trans Gallica regna / Insula in occeano est undique clausa mari. / Insula in occeano est, habitata gigantibus olim, / Nunc deserta quidem, gentibus apta tuis. / Hanc pete: namque tibi sedes erit illa perennis; / Hic fiet natis altera Troia tuis. / Hic de prole tua reges nascentur et ipsis / Totius terre subditus orbis erit'. Tali uisione expergefactus dux in dubio mansit an sompnus fuerat quem uidit an dea uiua uoce predixerat patriam quam aditurus erat» (*HRB*, cap. 16, p. 9).

«Poderosa deusa dos bosques, terror dos silvestres xabarís,
que podes marchar polo curso celeste
e polas mansións infernais, revélanos o noso destino terrestre
e dinos qué terras queres que habitemos;
dinos a exacta residencia, onde te veneraremos para sempre,
e dedicareche templos na túa honra con coros virxinais»[142].

Polo que respecta a Diana, foi unha das deusas do panteón clásico que con máis forza sobreviviron, durante a Idade Media -especialmente na Galia e en Xermania-. A súa natureza foi demonizada polo Cristianismo, ademais de pola súa vinculación coas fadas, *nymphas*, lamias e outros seres sobrenaturais que poboaban os bosques (*sylvaticae*), porque moi pronto desempeñou un papel fundamental nas invocacións das feiticeiras. É o que testemuñan, por exemplo, as célebres cabalgadas nocturnas que levaban o seu nome, máis tarde asociadas ós rituais de bruxería como o *sabath*. Explícanse así os termos infernais que utiliza Bruto para a conxuración. Ata tal punto fíxose famosa a figura de Diana, que se creou o termo *dianaticus* para designar un tipo de mago, normalmente como sinónimo de *haruspex*[143].

As distancias entre esta pasaxe e a de Cadwalladro, con seren grandes, deixan entrever unha continuidade non menos evidente. Tanto na época pagá como na precristiá, os deuses asisten ós británicos nos momentos cruciais da súa historia. A súa vinculación coa illa resulta así enmarcada por dúas revelacións divinas; ou, o que é o mesmo, as dúas veces en que os bretóns toman posesión do territorio fanno coa axuda das forzas celestiais. Así refórzase a imaxe que dos bretóns como pobo elixido procura dar Geoffrey.

É certo que os papeis de Bruto e Cadwalladro nas respectivas revelacións é antitético -o primeiro adopta unha postura activa, conxurando a Diana, mentres que o segundo se limita, na súa pasividade, a ser simple receptor das palabras celestiais-, pero isto débese á dispar natureza dunha e doutra forza sobrenatural. Diana é deusa pagá, cunha forte carga demoníaca e, polo tanto, susceptible de ser invocada por medio da maxia; o Deus cristián, dende a súa omnipotencia, é inmune a tales ritos conminatorios e só se manifesta cando é a súa vontade. Gracias á escena da invocación a Diana, o poder de decisión humana, liberado do determi-

[142] «'Diua potens nemorum, terror siluestribus apris, / Cui licet amfractus ire per ethereos / Infernasque domos, terrestria iure resolue; / Et dic quas terras nos habitare uelis. / Dic certam sedem, qua te uenerabor in euum, / Qua tibi uirgineis templa dicabo choris'.» (*HRB*, cap. 16, p. 9).

[143] L. Harf-Lancner, *Les fées au Moyen Âge. Morgane et Mélusine, La naissance des fées*, Honoré Champion, París, 1984, pp. 23-25; Flint, *The Rise of Magic*, pp. 121-125.

nismo histórico que, segundo a tradición cronística cristiá anterior a Geoffrey, guiaba o devir dos pobos, demostra que aínda mantén certa vitalidade.

Non hai que esquecer, ó respecto, que boa parte da crónica de Monmouth se desenvolve nos tempos anteriores á chegada do cristianismo á illa de Bretaña e que a conversión dos bretóns non se leva a cabo ata o reinado de Lucio (*HRB*, cap. 72, pp. 46-47). A secularización da *Historia Regum Britanniae* respecto á tradición historiográfica cristiá é, pois, evidente, aínda que para iso non haxa que recorrer a explicacións intradiexéticas. A historiografía producida baixo o reinado de Esteban I presenta trazos que denuncian as transformacións que se producen nesa época en favor dunha maior presencia dos laicos na vida cultural: os cronistas son, na súa maioría, cregos seculares; introdúcense pasaxes de batallas ou de aventuras novelescas; os lectores serán grandes señores laicos... Un síntoma dos novos tempos será a introducción do tópico da Fortuna e a súa roda, xa mencionado anteriormente. A pesar disto, só a obra de Monmouth prescinde da intención ética cristiá que conservan os seus contemporáneos[144].

En definitiva, que, se Diana descubre os seus segredos, o fai obrigada polo conxuro de Bruto, porque como deusa pagá é imperfecta, obxecto dun culto idolátrico e inferior ó poder que, séculos máis tarde, demostrará o Deus dos cristiáns, quen dá sentido co seu amparo ó esquema de determinación escatolóxica. Os británicos, en tanto que pobo elixido, sofren as decisións de Deus, disposto a desposuilos ou a gratificalos, segundo sexa o comportamento. Tal é o que demostran as lamentacións de Cadwalladro, cando abandona a illa fuxindo da peste que decima á súa nación:

> «¡Ai de nós, pecadores, polos nosos monstrosos crimes, cos que de ningún modo deixamos de ofender a Deus, mentres aínda tiñamos tempo de nos arrepentir! Sobre nós caeu a vinganza do seu poder, que nos arrinca do noso solo natal, de onde nin os romanos noutrora, nin, máis tarde, os escotos e os pictos, nin as traizóns e perfidias dos saxóns conseguiron expulsarnos. En van recuperamos tantas veces a nosa patria do poder deles, xa que non é vontade de Deus que reinemos nela eternamente»[145].

O discurso remata cun apóstrofe ós sucesivos inimigos dos británicos:

---

[144] Gransden, *Historical Writing*, pp. 186-187.

[145] «'Ue nobis peccatoribus ob nimia scelera nostra quibus Deum offendere nullatenus diffugimus dum penitentiae spatium habebamus. Incumbit ergo illius potestatis ultio quae nos ex natali solo exstirpat quos nec olim Romani nec deinde Scoti uel Picti nec uersutae proditionis Saxones exterminare quiuerunt. Sed in uanum patriam super illos tociens recuperauimus cum non fuit uoluntas Dei ut in ae perpetue regnaremus'» (*HRB*, cap. 203, p. 145).

> «... velaí tedes expedita a entrada a Bretaña, despoboada pola ira de Deus, cando vós non fostes quen de conseguir deshabitala. Non nos expulsou a vosa forza, senón o poder do rei supremo, a quen nunca deixamos de ofender»[146].

O anterior demostra, ademais da intervención dos deuses no devir de Britania, que esta ligazón continúa por enriba das crenzas que imperan en cada momento, xa que se rastrexa na época en que o mundo era pagán e se constata unha vez que os celtas abrazaron a verdadeira fe. Igualmente destaca a veracidade de ambos vaticinios, posto que, se ben o que se lle dá a coñecer a Cadwalladro non ten ocasión de cumprirse, é digno de todo creto gracias á súa procedencia. Agora ben, da mesma maneira que as crenzas pagás, con todo o erróneas que eran, merecían un tratamento comprensivo por seren anteriores á vinda do Mesías, tal benevolencia debería tornarse en condena despois da Paixón de Cristo. Tatlock, sen ir más lonxe, fai notar que os magos da *Historia* reciben un tratamento dispar, dependendo de se viven antes ou despois da chegada do cristianismo, no sentido de que as súas actuacións, a partir desa data, se tornan menos respectables[147]. Como viamos máis arriba, esta diferente actitude para unha mesma crenza ou práctica, segundo se sitúe a un lado ou a outro da fronteira cronolóxica da Encarnación, é un lugar común na eséxese que sobre os Magos de Oriente desenvolveron moitos Padres da Igrexa.

Para reforzar esa perspectiva de continuidade nas relacións privilexiadas que os bretóns manteñen cos deuses, Monmouth fai que Alan, rei de Armórica, confronte a revelación a Cadwalladro con outros vaticinios anteriores:

> «Alan tomou entón varios libros, os das profecías da aguia que profetizara en Sestonia e os dos vaticinios da Sibila e de Merlín, e comezou a consultalos todos, para comprobar se a revelación de Cadvaladro concordaba cos oráculos escritos. E, como non atopou discrepancia, aconselloulle a Cadvaladro que seguise o mandado divino e que, esquecendo Bretaña, fixese o que lle ordenara a profecía anxélica»[148].

---

[146] «... 'ecce patet uobis Britannia ira Dei deserta quam uos desertam facere nequiuistis. Non nos fortitudo uestra expellit sed summi regis potentia quam numquam offendere distulimus'.» (*Ibíd.*).

[147] Tatlock, *The Legendary History*, p. 361.

[148] «Tunc Alanus sumptis diuersis libris et de prophetiis aquile quae Sestonie prophetauit et de carminibus Sibille ac Merlini cepit scrutari omnia ut uideret an reuelatio Cadualdri inscriptis oraculis concordarent. Et cum nullam discrepantiam reperisset, suggessit Cadualdro ut diuinae dispensationi pareret et Britannia postposita quod angelicus ei preceperat monitus perficeret» (*HRB*, cap. 206, p. 146).

O xesto de Alan non deixa de ser sorprendente, especialmente, porque dubida dunha revelación celestial. Non obstante, o esvaradizo campo dos soños era propicio ás manifestacións e ós enganos diabólicos e xustifica, ata certo punto, as precaucións que adopta o bretón.

A concepción do soño como medio privilexiado para acceder a revelacións sobrenaturais ou como medio de coñecer o futuro remonta ás culturas máis antigas -Exipto, Oriente Medio- e inclúe á cultura clásica. Partindo deste presuposto, o pensamento xudeucristián estableceu tres tipos de soños. Filon de Alexandría, por exemplo, distinguía entre o soño que procede directamente de Deus e que non necesita explicación; o que se orixina na mente do durminte, a cal entra en harmonía coa alma do mundo; e o que está provocado por un arrebato profético e require a pertinente interpretación[149]. Os Padres da Igrexa asociaron a adivinación cos demos e converteron o mundo dos soños nun terreo perigoso, onde as criaturas infernais tendían as súas trampas. Esta concepción é a que recollen Santo Agostiño en *De divinatione daemonorum* ou Gregorio Magno, nos seus *Diálogos*[150]. Este último estableceu unha nova clasificación baseada nos seguintes tipos: os orixinados pola ansiedade, ou por ter o estómago pesado ou baleiro, os que eran provocados polos demos -que normalmente eran de natureza adiviñatoria- e as revelacións. A tendencia xeral da Igrexa, polo tanto, foi a reprimir a oniromancia.

Agora ben, o feito de que a *Biblia* recolla soños que adiantan o futuro (os de Xosé, Nabucodonosor ou Daniel) e de que sempre exista unha marxe para interpretalos como revelacións ou visións matizou unha posible represión xeralizada e permitiu que a realidade onírica mantivese un estatuto ambiguo. Así, por un lado críase que boa parte das visións e viaxes ó Alén tiñan lugar en estado de somnolencia, da mesma maneira que se consideraba ó profeta Daniel como o inventor dun tipo de adiviñación por medio dos soños e as fases da lúa, todo o cal era expoñente da cristianización dunha parte da maxia. Pero, por outro, o ámbito das visións oníricas asociábase cunha doenza como o *incubus*, que se manifestaba mentres os enfermos durmían e que resultaba inquedante pola súas implicacións demoníacas[151].

---

[149] Filón de Alexandría, *Sobre los sueños*, intr. e trad. de G. Torellas Tovar, Gredos, Madrid, 1997, II, 1, p. 125.

[150] Santo Agostiño, *De divinatione daemonorum*, en Migne, *Patrologia Latina*, t. XL, c. 581; Gregorio Magno, *Dialogues*, ed. de Vogüé, ed. du Cerf, París, 1980, libro IV, cap. 50, 51, t. III, pp. 172-176.

[151] Thorndike, *A History of Magic*, t. I, pp. 177 e 358; J. Le Goff, "Les rêves dans la culture et la psycologie collective de l'Occident médiéval", en *Pour un autre Moyen Âge*, pp. 299-306; M.

Á vista da ambigüidade transmitida pola tradición esexética, resulta ata certo punto comprensible a precaución do monarca armoricano ante as palabras celestiais. O que xa non o é tanto é a natureza das fontes ás que acode para corroborar as palabras do anxo. As autoridades sobre as que traballa son as profecías da aguia de Seftonia, as da Sibila e as de Merlín. Das primeiras xa tiveramos noticia, e non moi favorable, no capítulo 29[152]:

> «[Rud Hudibras] fundou... tamén a fortaleza do monte Paladur, que agora se chama Seftonia. Alí, mentres se construían as murallas, falou un aguia; se as súas palabras me parecesen certas, daríalas a coñecer, como fixen co demais»[153].

Neste caso, os vaticinios da aguia son inválidos, non por seren pagáns (á fin e ó cabo, Bretaña era todavía un reino precristián), senón porque o narrador non lles concede creto. Aínda cando esteamos ante un recurso para non estenderse nun discurso alleo ó argumento central da súa crónica, o criterio utilizado para deixalas de lado desposúeas de toda autoridade.

A segunda fonte á que recorre Alan son as profecías da Sibila. Figura ambigua, de orixe pagá e dende moi cedo cristianizada, a Sibila amosa durante a Idade Media a pervivencia de dúas facetas. Por un lado, asóciase coas profecías apocalípticas, dende que as comunidades xudías de Alexandría, influídas pola mitoloxía grega, lle atribuíron unha serie de vaticinios coñecidos como *Oráculos sibilinos*, que se recopilaron entre os séculos IV e VI. A partir de entón convertéronse nunha constante na literatura cristiá sobre a fin dos tempos e a súa influencia sobre o Occidente medieval só é comparable á que exerceron a *Biblia* e as obras dos Santos Padres[154]. Pero este carácter de profetisa, posto que non era de orixe xudeucristiá, mostrou idéntica vitalidade na cultura grecorromana.

Auburn, "Caractères et portée religieuse et sociale des 'visions' en occidente du VI^{e} au XI^{e} siècle", *Cahiers de Civilisation Médiévale*, XXIII (1980), pp. 109-130; J.-M. Fritz, *Le discours du fou au Moyen Âge, XII^{e} - XIII^{e} siècles. Étude comparée des discours littéraire, médical, juridique et théologique de la folie*, Presses Universitaires de France, París, 1992, pp. 208-209; Flint, *The Rise of Magic*, pp. 193-196.

[152] Para as posibles fontes deste misterioso motivo, vid. Faral, *La légende arthurienne*, t. II, pp. 101-102; Tatlock, *The Legendary History*, pp. 44-45.

[153] «[Rud Hudibras] Condidit... atque oppidum Paladur quod nunc Sephtesberia dicitur. Ibi tunc aquila locuta est dum murus edificaretur. Cuius sermones si ueros arbitrarer, sicut cetera memorie dare non diffugerem» (*HRB*, cap. 29, p. 18).

[154] Guadalajara Medina, *Las profecías*, pp. 71-73; N. Cohn, *En pos del milenio. Revolucionarios milenaristas y anarquistas místicos de la Edad Media*, Barral Editores, Barcelona, 1972, pp. 17-35; Emmerson, *Antichrist*, pp. 47-49 e 156-157.

A pervivencia da súa natureza pagá permitiulle que fose asimilada con motivos e figuras das culturas bárbaras acabadas de cristianizar, como demostra a lenda da raíña Sibila, que habitaba nun reino subterráneo de delicias situado en Italia. A descrición medieval máis coñecida do paraíso de Sibila data de 1440, que é cando se publica *La Salade* de Antoine de La Sale[155]. Nesta obra cóntase a visita dun cabaleiro alemán de nombre Hans Wanbranburg á cova marabillosa onde vivía Sibila, nunha montaña italiana, o que reflicte, tanto a insistencia de viaxeiros dese país por visitar o lugar, como, indirectamente, a relación establecida entre esta lenda e o mito de Tannhäuser, así como entre o Venusberg e o monte de Sibila[156].

As tradicións folclóricas sobre a figura de Sibila eran sen dúbida moi anteriores á data indicada pola obra de La Sale, pois xa antes de 1390, un escritor italiano chamado Andrea da Barberino escribira con idéntico motivo un relato titulado *Guerino detto il Meschino*. E case douscentos anos antes documéntanse sendos testemuños que sitúan no sur de Italia un lugar de deleites subterrános similar ó que acabamos de mencionar. A comezos do século XIII, Gervaise de Tilbury conta nos *Otia Imperialia* como Artur repousaba nun palacio subterráneo situado no interior do monte Etna, onde esperaba a curación das súas feridas, que había permitirlle a reconquista de Bretaña. Pouco despois, será Cesario de Heisterbach, no *Dialogus Miraculorum,* o que repita, a grandes trazos, a descrición de Gervaise. A asociación con Morgana vai máis aló da simple coincidencia no que se refire á cova marabillosa no sur de Italia[157]. De feito, o personaxe de Morgana, que protagoniza unha célebre pasaxe da *Vita Merlini*, era, dende mediados do século XII, señora de Avalón, illa paradisíaca e sobrenatural que aparece mencionada por dúas ocasións na *Historia Regum Britanniae* (*HRB*, cap. 147, p. 104 e cap. 178, p. 132). O máis interesante do caso, xunto á temperá cronoloxía, é que Morgana tende, dende moi cedo, a asimilarse á figura de

---

[155] Antoine de la Sale, *Le Paradis de la reine Sybille*, ed. de F. Desonay, Droz, París, 1930. Do relato en cuestión hai traducción castelá: *El paraíso de la Reina Sibila*, Siruela, Madrid, 1985.

[156] Vid, R. S. Loomis, "Morgain le Fée in Oral Tradition", *Romania*, LXXX (1959), p. 352; H. R. Patch, *El otro mundo en la literatura medieval*, Fondo de Cultura Económica, Madrid, 1983 (1ª ed. 1950), pp. 271-275; M. Françon, "Guerino Meschino, Morgain-la-Fée, and Tannhaüser", *Romance Notes*, XVI (1974-1975), pp. 457-459; A. Graf, "Un monte di Pilato in Italia", en *Miti, leggende e supertizioni del Medio Evo*, Mondadori Editore, Milán, 1984, pp. 247-256; C. Kappler, *Monstruos, demonios y maravillas a fines de la Edad Media*, Akal, Madrid, 1986 (1ª ed. 1980), pp. 111-116.

[157] Loomis, "Morgain le Fée", pp. 346-347 e 353.

Sibila e, neste sentido, os relatos de Gervaise e Cesario serían uns dos primeiros testemuños deste proceso[158].

Sexa como for o compoñente pagán tan palpable trouxo irremediablemente a demonización de ditas crenzas. No plano literario, por exemplo, Morgana, víctima dunha interpretación rigorista da súa personalidade, acaba convertida nunha feiticeira malvada, que provoca, indirectamente, a caída do reino artúrico. Polo demais, os visitantes a eses paraísos prohibidos onde viven Morgana e Sibila vense na obriga de acudir a Roma trala súa experiencia, para recibir a absolución do Papa por teren estado en contacto co pecado; tal é, por exemplo, o que fai Hans Wanbranburg, en *La Salade*. Outra proba da desconfianza que este tipo de covas sobrenaturais provocaba, incluso cando se interpretaban baixo un punto de vista cristián, amósase no tratamento dispensado ó Purgatorio de San Patricio. Esta cova situada nunha illa do Lough Derg, en Irlanda, que se cría permitía o acceso ó Purgatorio, viu cegada a entrada por orde do papa Alexandre IV no ano 1497. A pervivencia das peregrinacións a tal lugar obrigou a novas condenas eclesiásticas e peches entre os séculos XVI e XVIII, aínda que sen éxito perdurable[159].

A Sibila, polo que vimos, non estaba libre de sospeita. Pero é que, aínda cando Monmouth apelase á súa faceta cristiá, a outra referencia que nos ofrece a *Historia* acerca dos seus vaticinios obrigan a unha postura de cautela. Con ocasión do desafío romano a Artur por conquistar a Galia, a resposta dos indignados bretóns céntrase nos dereitos que asisten á súa nación para se apropiar de Francia, mesmo por enriba das pretensións imperiais. Entre os argumentos que saen a colación están as victorias que Bretaña conseguira ata entón sobre as armas romanas, así como as veces que a capital do Imperio fora conquistada polos celtas. Confiados na súa superioridade, incitan a Artur a emprender unha guerra que consideran gañada de antemán e, como factor de garantía, ofrecen os prognósticos que falan dunha última humillación romana a máns dos británicos. Hoel, rei de Armórica, recorda a profecía:

> «Velaí os vaticinios da Sibila, que declaran verazmente que nacerá da estirpe bretona un terceiro [monarca], que posuirá o imperio romano. Dos outros dous xa se cumpriron os oráculos, segundo testemuñan os insignes príncipes Belino e Constantino, dos que tes falado, que cinguiron a coroa

[158] Vid, ademais da obra citada de Patch, A. Graf, "Artù nell'Etna", en *Miti, legende e supertizioni*, pp. 321-338; Krappe, *Monstruos y demonios*, pp. 108-123; J. Le Goff, *El nacimiento del Purgatorio*, Taurus, Madrid, 1981, pp. 221-237.

[159] Le Goff, *El nacimiento*, p. 228.

do imperio romano. En verdade, temos en ti o terceiro, a quen lle está reservado o máximo honor»[160].

Páxinas máis adiante compróbase que as previsións de Hoel (¿ou da Sibila?) resultan desacertadas. Esta pasaxe ofrece, pois, dúas posibilidades: ou ben o rei de Armórica non sabe interpretar os vaticinios sibilinos, ou ben estes demóstranse falsos. Para apuntalar a primeira destas posibilidades bastará con recordar que, ademais de Belino e Constantino, outro bretón, Maximiano, conquistara Roma, co que o cupo de tres reis británicos que mencionaban os agoiros xa estaba cuberto. A contradicción resulta flagrante, posto que ó discurso de Hoel antecedeulle o de Artur e este sacou xa a relucir os reis bretóns que chegaran ata Roma:

> «En efecto, Belino, aquel serenísimo rei dos bretóns, e Brenio, duque dos alóbrogues, que lle prestou o seu auxilio, enforcaron no medio do foro a vinte dos máis nobres dos romanos, conquistaron a cidade e posuírona por moitos anos. Tamén Constantino, fillo de Helena, e Maximiano, ámbolos dous parentes meus, conseguiron, sucesivamente, cinguiren a coroa de Bretaña e ocupar o trono imperial»[161].

Claro que as incoherencias desta pasaxe suxiren outras interpretacións: dende unha equivocación de Geoffrey -xa no número de reis, xa, o que sería máis grave, na base que sustenta a argumentación-, a unha ambigüidade buscada con vistas a unha posible lectura política aproveitable polos seus contemporáneos normandos -deixando así aberta a porta a unha posible supremacía da monarquía inglesa sobre o Imperio-. Sexa como for, os vaticinios sibilinos móstranse unha fonte problemática, digna de pouco creto, que poden ter fallado no pasado ou, como mínimo, poden levar a unha confusión fatal.

A terceira autoridade que manexa Alan é Merlín, este si profeta certeiro, que disfruta dunha infalibilidade que foi corroborada previamente, ó dicirnos pouco antes a *Historia* que

---

[160] «... 'en uaticinia Sibille que ueris testantur ex Britannico genere tertio nasciturum qui Romanum obtinebit imperium. De duobus autem adimpleta sunt ipsius oracula cum manifeste sit preclaros, ut dixisti, principes Belinum et Constantinum imperii Romani gessisse insignia. Nunc uero te tertium habemus cui tantum culmen honoris promittitur'» (*HRB*, cap. 160, p. 115).

[161] «'Belinus etenim serenissimus ille rex Britonum auxilio fratris sui usus, Brennii uidelicet ducis Allobrogum, suspensis in medio foro .xx. nobilioribus Romanis urbem ceperunt, captamque multis temporibus possederunt. Constantinus etiam Helene filius necnon Maximianus, uterque michi cognatione propinquus, alter post alterum diademate Britannie insignitus, thronum Romani imperii adeptus est'.» (HRB, cap. 159, p. 114).

«Nolebat enim Deus Britones in insula Britannie diutius regnare antequam tempus illud uenisset quod Merlinus Arturo prophetauerat» (*HRB*, cap. 205, pp. 146).

Claro que, se ben as profecías merlinianas están por enriba de toda dúbida, sobre as que agora tratamos caen as sombras da sospeita, a pesar de que están refrendadas pola súa vinculación coa voz celestial. Merlín é profeta infalible, pero só no que afecta ós vaticinios por el formulados. Segundo nos demostra a declaración do capítulo 205, a profecía acerca da recuperación de Bretaña fora pronunciada ante Artur, o que, como vimos páxinas máis arriba, era imposible. A teoría comunmente aceptada é que onde pon *Arturo* debería poñer *Vortegirni*, pero esta emenda só se pode levar a cabo se se segue a lóxica do relato. O certo é que nesta pasaxe, coma en tantas outras da *Historia*, Monmouth comete unha equivocación flagrante, que pode ser tan intencionada como involuntaria.

Dito con outras palabras, os libros que utiliza o rei de Armórica para se asegurar de que a decisión de non invadir Gran Bretaña é a correcta baséanse nuns vaticinios desbotados anteriormente por pouco fiables, nas predicciónS dun personaxe ambiguo, metade profético e metade pagán, e nuns prognósticos falsamente atribuídos ó profeta dos bretóns. Tal vez esteamos ante unha manobra chea de ironía por parte de Monmouth para debilitar a certeza da independencia celta, anunciada, pero sustentada nas súas bases por fontes apócrifas ou de pouco creto.

Á marxe destas lucubracións, para o estudio que levamos a cabo interésanos sobre todo comprobar como Geoffrey equipara tres vaticinios de dispar procedencia, para confrontalos con éxito á palabra divina. Maior proba do papel honorable dos profetas non pode ofrecerse, pois non só é o respectado Merlín o que supera o exame, senón tamén dúas figuras de menor relevancia e lexitimidade. A pasaxe citada, en fin, axúdanos a estreitar o asedio acerca da procedencia do don da clarividencia merliniana. Se é un espírito o que lle asiste, e xa que os demos son incapaces de ler o porvir coa certeza con que o fai o *numen* que ilumina ó fillo do íncubo -pois só operan por aproximación-, habería que supor unha asociación coa divindade. A comprobación exitosa de Alan non fai senón corroborar esta relación implícita acerca da procedencia do don merliniano.

En vista do estatuto privilexiado con que Monmouth dota ó seu personaxe na *Historia Regum Britanniae*, resulta evidente a contradicción en que cae á hora de describir a súa natureza profética na *Vita Merlini*. Aquí prescinde do espírito divino e descende a explicacións máis prosaicas. O comportamento do profeta na *Vita* contradí ó que lle coñeciamos na *Historia* por dous factores: le o porvir nos astros e, cando non, trivializa o seu emprego. Parece coma se o *numen* se tivese retirado e, liberado das restriccións que este lle impoñía, prodigase os

vaticinios en asuntos de menor importancia, o que non deixa de amosar contradicións entre as dúas obras de Monmouth.

Recordemos que a *Vita* fai do protagonista un tolo, polo que resultaría máis lóxico que este escrutase o futuro gracias a unha inspiración superior que por medio dunha ciencia como a astroloxía. A asociación da clarividencia e a inocencia de espírito era un motivo moi extendido que, como atestigua a obra de Apuleio[162], se encontraba en tradicións alleas ó pensamento cristián. Sen embargo, o Occidente medieval tomouno da *Biblia*, así como da sistematización que ó respecto tivo lugar durante a época dos Padres da Igrexa. Neste último caso destaca a que levou a cabo Oríxenes, quen distinguiu a profecía, en tanto que don divino, da adiviñación. Esta, normalmente, é de procedencia demoníaca, mentres que aquela só está ó alcance das mentes puras[163].

Fronte á alta consideración que tiña este tipo de adiviñación alzábase o estatuto da astroloxía, que como viamos máis arriba, era sumamente ambiguo. Había quen, no século XII, vía nela unha disciplina científica e quen a consideraba contraria ós dogmas da Igrexa, porque atacaba á omnipotencia divina e deixáballe aberta a porta á predestinación[164]. Pero é que antes do ataque de tolemia, a *Vita* xa nos di que Merlín «Rex erat et vates» (*VM*, p. 52, v. 21), co que se establece un lazo de continuidade cos tempos pretéritos que representaba a *Historia* e, haberá que supoñer, coas xustificacións que alí se daban acerca da clarividencia do personaxe. Nas últimas escenas do poema, encontramos unha explicación todavía máis clara sobre o don do protagonista. Unha vez que Merlín recuperou a razón e se retirou ó observatorio dos bosques con Thelgesino, Maeldino e Ganieda, velaí que esta descobre as súas dotes proféticas:

> «De cando en vez, o espírito arrabatábaa ás alturas
> para que cantase o futuro do reino »[165].

Tanto Ganieda, arrebatada de súpeto, como seu irmán e os seus compañeros, fican abraiados do novo don que adorna a aquela. É Merlín o que aclara a situación:

> «'Vaites, irmá, ¿o espírito quixo anunciar as cousas futuras

[162] Apuleio, *Apologie***,** ed. de P. Vallette, Société d'Édition "Les Belles Lettres", París, 1924, cap. 43, p. 53.

[163] Thorndike, *A History of Magic*, t. I, pp. 442, 447 e 459.

[164] Para ambas consideracións na época contemporánea a Monmouth, vid. D'Alverny, "Astrologues et théologiens", pp. 31-50.

[165] «Hanc etiam quandoque suus rapiebat ad alta / spiritus, ut caneret de regno sepe futura» (*VM*, vv. 1469-1470).

e pechou a miña boca e o meu libro?
Daquela, este labor seráte encomendado. Que sexas feliz nel
e que, cos meus auspicios, digas todo piadosamente»[166].

Unha terceira vinculación da profecía co espírito, esta menos clara, aparece cando Merlín sana ó beber da fonte do bosque Calidon e recapacita sobre o que foi a súa vida:

«Eu estaba fóra de min e, como se fose un espírito, sabía
os feitos dos meus antergos e predicía o porvir.
Daquela coñecía os secretos das cousas, o voo das aves,
o curso errante das estrelas e os movementos dos peixes»[167].

É dicir, que por unha parte se asemellaba a un espírito e, coma este, vía no porvir, e por outra facíao por medio da interpretación dos astros e a ornitomancia. Estes dous recursos eran os que empregaba Pellito e no seu caso non se presupoñía inspiración algunha, senón coñecemento e disciplina.

A aparente contradicción entre o modo en que Ganieda -e Merlín mesmo, segundo lle explica a súa irmá- se vía posuída por unha forza superior e a lectura das estrelas e o voo das aves, procedementos máis torpes e menos respectables, estaría nas vicisitudes coñecidas por Merlín ó longo da súa vida. Se as únicas ocasións en que o vemos interpretar sinais para lanzar os prognósticos se sitúan dentro da paréntese da súa demencia; e, xa que fóra deste período -antes, segundo mostran a *Historia Regum Britanniae* e a insinuación do verso 21, e despois, segundo se desprende do arrebatamento de Ganieda e a subseguinte explicación do adiviño-, sómentes se menciona ó espírito da profecía, o lóxico é pensar que Geoffrey considera incompatibles os trances provocados por este co estado de loucura que segue á batalla de Arfderydd. Unha vez recuperada a saúde, son o compromiso de santidade e o propósito de desentenderse dos asuntos do reino os que impiden que se reproduza tal manifestación sobrenatural -vinculada á política bretona-, a cal se manifesta entón en Ganieda, ser menos perfecto e cunha andadura ascética que acaba de comezar.

É verdade que a práctica dunha ciencia (xa fose a astroloxía, xa a ornitomancia) non resulta o máis apropiado para un demente como o Merlín da *Vita*. Sen embargo, hai que ter en conta a predilección de Monmouth por este tipo de

[166] «'Tene, soror, voluit res precantare futuras / spiritus osque meum compescuit atque libellum? / Ergo tibi labor iste datur. Leteris in illo / auspiciisque meis devote singula dicas.'» (*VM*, vv. 1521-1524).

[167] «Raptus eram michimet, quasi spiritus acta sciebam / praeteriti populi praedicebamque futura. / Tunc rerum secreta sciens, volucrumque volatus, / stellarumque vagos motus lapsusque natantum» (*VM*, vv. 1161-1164).

artes e a súa predisposición a incluílas nos seus relatos. Testemuños sobre a práctica da lectura dos astros vimos xa varios casos na *Historia*; en canto ó coñecemento do futuro gracias á interpretación do comportamento das aves, ademais da aguia de Seftonia, a crónica galfridiana ofrécenos un segundo exemplo. Do lago Lomond, situado en Escocia, cóntasenos a seguinte marabilla:

> «Este lago contén corenta illas e recibe corenta ríos, dos que só un flúe ata o mar. Nas illas sábese que hai corenta penedos, que sosteñen outros tantos niños de aguia. As aguias reúnense unha vez ó ano e dan a coñecer o suceso extraordinario que vaia acontecer no reino con grandes chíos que emiten todas xuntas»[168].

Esta insólita paraxe encontrábase entre os *Mirabilia* que se describían na *Historia Brittonum*, se ben a crónica atribuída a Nennio situaba o lago en terras galesas e non, como sucede na *Historia Regum Britanniae*, na rexión escocesa de Moray. Sen embargo, antes que dubidar da identidade existente entre un e outro lugar, o máis lóxico é considerar, como fai Tatlock, que a localización septentrional por parte de Geoffrey responde a un simple erro xeográfico[169]. Sexa como for, a *Historia Brittonum* non dicía nada acerca das cualidades proféticas das aguias:

> «A primeira marabilla é a do lago Lumonoy. Nel hai sesenta illas habitadas e está arrodeado por sesenta rochas; e en cada rocha hai un niño de aguia e flúen nel sesenta ríos que non se dirixen ó mar, agás un que se chama Lemn»[170].

Polo tanto, a reelaboración de Monmouth tende á amplificación dos aspectos insólitos con que a crónica atribuída a Nennio adornaba o citado lago[171]. Todo isto vén corroborar a impresión, xa expresada con anterioridade, de que Geoffrey

---

[168] «Hoc autem stagum quadragintas insulas continens sexaginta flumina recipit nec ex eo nisi unum nec solum ad mare decurrit. In insulis uero sexaginta rupes manifestum est esse totidem aquilarum nidos sustentantes que singulis annis conuenientes prodigium quod in regno uenturum esset celso clamore communiter edito notificabant» (*HRB*, cap. 149, p. 105).

[169] Tatlock, *The Legendary History*, pp. 11 e 45.

[170] «Primum miraculum est stagnum Lumonoy. In eo sunt insulae sexaginta, et ibi habitant homines, et sexaginta rupibus ambitur, et nidus aquilae in unaquaque rupe est, et flumina fluunt sexaginta in eo, et non vadit ex eo ad mare nisi unum flumen, quod vocatur Lemn» (*HB*, cap. 67, p. 58).

[171] Para unha lectura dos episodios dos lagos Lomond e Linligwan, á luz do novo imaxinario marabilloso do século XII, vid. G. Milin, "Geoffroi de Monmouth et les merveilles du lac de Linligwan: l'émergence d'un nouvel imaginaire culturel", *Cahiers de Civilisation Médiévale*, XXXVIII (1995), pp. 173-183.

mostra un gusto apaixonado polas marabillas naturales. Ben é verdade que, como a miudo se ten apuntado, a *Historia* inclúe unha menor presencia de elementos marabillosos que outras obras contemporáneas, pero non é menos certo que, como acabamos de ver, pasaxes ou motivos tomados de obras anteriores sofren baixo a pluma galfridiana unha adaptación ós gustos da época e do autor.

Se comparamos a maneira en que se revela o futuro no episodio do lago Lomond e no da aguia de Sheftonia, aparecen diferencias dignas de terse en conta. No primeiro caso interprétanse grallos, o que se inclúe entre as técnicas propias da ornitomancia, mentres que no segundo a aguia falaba e formulaba ela mesma os vaticinios. Esta última circunstancia é inédita e resulta imposible adscribila a ningunha das disciplinas adiviñatorias coñecidas, de tal maneira que Tatlock se ve na obriga de admitir, en vista da ausencia de antecedentes directos, que o motivo tal vez foi froito da imaxinación de Geoffrey[172].

O exemplo do lago Lomond, confrontado á súa vez coa historia da torre de Vortigern, resulta esclarecedor acerca dos procedementos empregados por Monmouth para reelaborar as súas fontes, así como para dilucidar o seu interese por este tipo de saberes. Ambas pasaxes proveñen da mesma obra, a *Historia Brittonum*, e, non obstante, o tratamento que lles dispensa Mounmouth é dispar. No primeiro caso, profundiza nas posibilidades que agochaban os *mirabilia* nennianos, mentres que no segundo racionaliza a explicación de por qué afundía a fortaleza do rei, así como a da visión dos dragóns. En ambos casos obsérvase unha confluencia cara ós esquemas mentais e os intereses do autor, e estes sitúanse do lado dun marabilloso natural, emparentado coas virtudes ocultas do mundo ás que, en tanto que obra da Creación, se pode acceder a través da ciencia e que se poden reducir a unha explicación racional. En calquera caso, ó cronista galés non lle interesan os elementos sobrenaturais ou de *féerie*, tan característicos da literatura do século XII, senón que opta por aspectos mais científicos, afíns á paradoxografía e ás artes mecánicas e adiviñatorias. Este proceso pódeselle aplicar a Merlín, no sentido de que, a partir dunha figura dotada exclusivamente con dons proféticos (o Ambrosio da torre e os dragóns), crea un personaxe máis complexo e involucrado noutro tipo de artes.

O gusto pola inclusión de pasaxes marabillosas e de maxia é un dos trazos definitorios da nova historiografía do século XII. Pero, como acabamos de apuntar, a crónica de Monmouth non é, a pesar do que poida parecer, a que máis predilección amosa por este tipo de detalles. Pode haber episodios novelescos ou relatos insólitos, pero a maxia está practicamente ausente. Brooke[173] mesmo

[172] Tatlock, *The Legendary History*, p. 45.

[173] Brooke, "Geoffrey of Monmouth", p. 84-85.

chega a afirmar que o episodio da torre de Vortigern é unha excepción marabillosa nunha obra de acentuado caracter racionalizador. A soa asociación posible coas artes máxicas proviría do personaxe de Merlín e, como indica Tatlock, a de Merlín non se pode considerar maxia no sentido estricto da palabra. A maioría dos 'prodixios' que salpican a *Historia* (a aparición dun cometa, a intervención de profetas, a propia natureza de Merlín, os seus poderes e actuacións...) encontran explicación sen ter que recorrer ó eido do marabilloso. O contraste con outros contemporáneos, como Orderico Vitale, William de Malmesbury ou Henry de Huntingdon, mostra unha maior tendencia por parte destes a incluír relatos marabillosos na súas obras historiográficas[174].

En canto á ausencia, non menos significativa -e igualmente notada por Brooke[175]-, de elementos marabillosos cristiáns, necesita unha dobre explicación. Como Monmouth se mostra inclinado a unha visión cientifista da natureza -mesmo no seus aspectos máis extraordinarios-, non serían do seu gusto as manifestacións sobrenaturais, nin tan sequera as de procedencia divina. En parte por este motivo, e en parte debido ós novos rumbos que emprende a historiografía do século XII, na *Historia*, como noutras crónicas contemporáneas, apréciase un espírito máis secularizado que o que impregnaba a obras anteriores. Recordemos, por exemplo, a menor influencia da Providencia no devir dos pobos (a pesar das revelacións divinas que marcan a historia da nación británica) e o papel preponderante adquirido por outros factores -a Fortuna ou o destino- como motores da Historia.

O espírito secular da Historia Regum Britanniae: a división eclesiástica de Bretaña

Non menos importancia terían outras motivacións, as que formarían parte do conxunto de intencións que impulsarían a composición da crónica por parte de Geoffrey. Tan sorprendente como a non inclusión do marabilloso cristián é a práctica ausencia de personaxes pertencentes ó estamento monacal, que agacharía unha posible crítica respecto ós monxes da época[176]. Nin un só dos bispos da *Historia* pertence ás ordes monásticas. E non só iso, a división episcopal que Geoffrey deseña para a Bretaña celta non se corresponde en absoluto coa que imperaba nos seus días, ó tempo que ignora a importancia eclesiática de sés

[174] Tatlock, *The Legendary History*, pp. 362-364; R. W. Southern, "The Place of England in the Twelfth-Century Renaissance", *History*, XLV (1960), pp. 211-213; Gransden, *Historical Writing*, pp. 165, 187 e 200; Brooke, "Geoffrey of Monmouth", p. 84.

[175] Brooke, "Geoffrey of Monmouth", p. 84.

[176] Flint, "The *Historia Regum Britanniae*", p. 465.

como Canterbury e de abadías como Glastonbury. De acordo co relato da *Historia*, a illa de Bretaña dividíase en vinteoito circunscripcións episcopais e tres arcebispados, Londres, York e Carlion, este último en territorio galés. Para a división en vinteoito bispados Monmouth basearíase en historiadores previos (Xildas, Beda, Nennio ou Henry de Huntingdon); en cambio, a distribución arcebispal que ofrece é máis problemática. Londres era sé dende o século VII; York érao tamén dende esa época, ata que foi substituída por Canterbury. En canto a Carlion, é máis que probable que nunca fose distinguida con tal honra[177]:

> «Había daquela en Bretaña vinteoito flámines e tres arquiflámines, que tiñan baixo o seu mandado os demais xuíces e sacerdotes. Por orde do papa arrincaron a estes da idolatría e, onde antes había flámines instalaron bispos e onde había arquiflámines, arcebispos. As sés dos arquiflámines foran tres cidades moi nobres, a saber, Londres, Eboraco e Urbs Legionum, que, segundo testemuñan aínda as vellas murallas e edificios se erguía, na rexión de Glamorgan, xunto ó río Usk. Despois de ser desterrada a superstición, quedaron sometidos a estas tres cidades os vinteoito bispos e diversas parroquias a cada bispado. Deira e Albania, as rexións que o gran río Humber separa de Logres, foron postas baixo a xurisdicción do metropolitano eboracense; Logres e Cornubia, baixo a do de Londres; o río Severn separa estas dúas provincias de Cambria, é dicir Gales, que pertencía ó arcebispado de Urbs Legionum»[178].

As disputas eclesiásticas da Inglaterra anglonormanda están resumidas por Brooke en catro frontes: a polémica entre York e Canterbury pola supremacía insular; as pretensións por parte de Londres de se converter en sé arcebispal, en detrimento tamén de Canterbury; os intentos de galeses e escoceses por constituír provincias eclesiásticas independentes das sés inglesas; e os desexos de Winchester de se conformar como bispado, se ben esta cuestión é posterior á

[177] Tatlock, *The Legendary History*, pp. 263-264; Faral, *La légende arthurienne*, t. II, pp. 173-175 e 315.

[178] «Fuerant tunc in Britannia .xxviii. flamines sed et tres archiflamines quorum potestati ceteri iudices morum atque phanatici submittebantur. Hos etiam ex precepto apostolici ydolatriam eripuerunt et ubi erant flamines episcopos, ubi archiflamines archiepiscopos posuerunt. Sedes autem archiflaminum in nobilibus tribus ciuitatibus fuerant, Lundoniis uidelicet Eboraci et in Urbe Legionum, quam super Oscam fluuium in Glamorgancia ueteres muri et edificia sitam fuisse testantur. His igitur tribus euacuata supersticione .xxviii. episcopi subduntur. Diuisis quoque parrochiis subiacuit metropolitano Eboracensi Deira et Albania quas magnum flumen Humbri a Loegria secernit. Londonensi metropolitano submissa est Loegria et Cornubia. Has duas prouincias seiungit Sabrina et Kambria, is est Gualia, que Urbi Legionum subiacuit». (*HRB*, cap. 72, pp. 46-47).

aparición da *Historia*[179]. Brooke[180] interpreta a actitude de Monmouth como unha posible burla ante todas estas disensións, sen inclinarse por ningunha en concreto. De todas formas, o que parece fóra de toda discusión son as poucas simpatías que sinte por Canterbury, segundo se desprende da sistemática omisión da devandita sé, tal vez debido ás pretensións deste arcebispado de conseguir a primacía sobre tódolos outros da illa, incluíndo as dióceses galesas.

O máis probable é que nesta cuestión Monmouth tome partido polas reivindicacións galesas para posuír un arcebispado. Mais, curiosamente, ningunha das dúas aspirantes, Llandaff e Saint David, aparece mencionada na *Historia* e si que o fai a sé de Caerleon, que non tomara parte no litixio. Faral interpretaba que a elección desta última cidade supoñía un apoio implícito ás demandas de Llandaff fronte a Saint David, xa que aquela se encontraba moi preto de Caerleon[181]. Sen embargo, o máis probable é que Monmouth optase por non tomar partido ó respecto, limitándose a exaltar unha sé galesa neutral fronte á rival exterior de Canterbury. Ata certo punto, pódese falar, unha vez máis, de axuste de contas por parte de Geoffrey, xa que concede ós seus compatriotas o privilexio de posuír na antiga Urbs Legionum a sé máis importante de Bretaña, á que incluso estarían suxeitas Londres e York. A postura a favor desta cidade -e do antigo Gales- sobrepasa o ámbito eclesiástico, pois non dubida en exaltala como «pre ceteris ciuitatibus diuiciarum copiis habundans» (*HRB*, cap. 156, p. 109). Por esta razón, Artur elíxea como lugar da súa coroación[182] e convértea na capital política de toda a illa.

Considerar a exaltación da sé arcebispal de Caerleon coma un refrendo por parte de Monmouth ás aspiracións galesas de autonomía eclesiástica e política quizáis sexa levar demasiado lonxe as reivindicacións patrióticas dun autor que, como viamos máis arriba, estaba plenamente integrado nas estructuras de poder anglonormandas. Torres Asensio[183] considera que os ataques velados que contén esta parte da *Historia* van dirixidos, en última instancia, contra os propios

[179] As disputas eclesiásticas da época anglonormanda reflíctense nos escritos doutros historiadores, como Malmesbury, Eadmer, Orderico Vitale ou Aelred de Rielvaux, quen se inclinarán ben por York, ben por Canterbury (Tatlock, *The Legendary History*, pp. 262-270: Gransden, *Historical Writing*, p. 137, 141 e 151). Un balance dos conflictos que se produciron na Igrexa inglesa a raíz da conquista en Stenton, *Anglo Saxon England*, pp. 658-679; Barlow, "The Effects", pp. 179-186; Williams, *The English and the Norman*, pp. 126-154.

[180] Brooke, "Geoffrey of Monmouth", pp. 80-82.

[181] Faral, *La légende arthurienne*, t. II, p. 275.

[182] Ch. Brooke, "The Arbichops of St. David's, Llandaff and Caerleon-on-Usk", en Chadwick - Hugues - Brooke e Jackson, *Studies in the Early British Church*, pp. 201-242.

[183] Torres Asensio, *La "Materia de Bretaña*", p. 925.

galeses, que, enleados en disputas internas debilitaban a súa posición fronte ó dominio de Canterbury. O exemplo armoricano demostraría que só a unificación política e eclesiástica aseguraba a independencia ante inxerencias externas. Por iso, Monmouth estaría invitando ós seus compatriotas a aunar esforzos, para o que deberían presentar unha única candidatura para a sé episcopal e aceptar o mandado dun único monarca.

A primeira parte da argumentación, que sostén o respaldo implícito á candidatura galesa -fose cal fose- fronte a Canterbury, semella evidente; pero non o parece tanto a aspiración á autonomía política. Á vista das consideracións vertidas páxinas máis arriba, todo parece indicar que estariamos ante un novo intento por parte de Geoffrey de exaltar a súa patria, dignificándoa ata situala ó mesmo nivel que a Inglaterra saxona e normanda. Non esquezamos que as reivindicacións das respectivas sés se baseaban en dereitos adquiridos no pasado remoto e que non apoiar unha sé galesa suporía negar o prestixio dun pasado esplendoroso para o compoñente celta de Bretaña. A división metropolitana que propón a *Historia* coincide coa división política xurdida cando os fillos de Bruto se repartiron o reino, de tal maneira que a Cambria debería corresponderlle un arcebispado propio, da mesma maneira que ós descendentes de Locrino e Albanacto. Agora ben, en vista de que o arcebispado de York ocupaba, ademais de Escocia, o antigo reino de Northumbria, pódese afirmar que aínda que os territorios de York e Londres (ou Canterbury) gozaban de autonomía política non tiñan por qué aspirar á independencia política. Non en van, a división dos fillos de Bruto era un recoñecemento implícito da supremacía de Londres sobre toda a illa.

Ó fío destas cuestións, o que si semella evidente é o desexo de emendar a imaxe que da Igrexa bretona ofrecera a *Historia ecclesiastica* de Beda. Os maiores reproches que o monxe de Jarrow dirixía contra os bretóns pola súa falta de moralidade constituíano os que afectaban ó ámbito da relixión. Baixo as súas acusacións hai que incluír tanto o espectacular arraigo que en terras celtas acadou a herexía pelaxianista, como a resistencia bretona a adecuar os seus ritos e o seu sistema organizativo ás esixencias da Sé Pontificia. Segundo observamos máis arriba, durante a etapa de ocupación saxona a Igrexa celta conservou, especialmente en Gales, certa autonomía fronte ós intentos centralizadores da puxante xerarquía eclesiástica inglesa. A invasión normanda terminou con boa parte deses privilexios e someteu as terras galesas conquistadas ó poder central do arcebispado de Canterbury. A maioría das vidas de santos galesas reflicten -cando non son elas mesmas unha resposta a ditas tensións- estes intentos de preservación dunhas peculiaridades culturais en desintegración[184]. En Monmouth o

[184] Chadwick, "Intellectual Life", p. 162.

asunto toma un cariz diferente. Beda presentara os saxóns como os verdadeiros evanxelizadores da illa de Bretaña, así que o escritor galés se propuxo demostrar a solidez e o esplendor da Igrexa bretona anterior ó predominio xermánico. Por esta razón ofrece na *Historia* tantas referencias ós bispados e arcebispados en que, segundo el, se dividía a Bretaña celta, do mesmo xeito que se detén na descrición de solemnes festas eclesiásticas, menciona a construcción de catedrais e igrexas e insiste en santos e mártires que configurarían un auténtico panteón británico. Por iso, entre outras razóns, fai do mesías da esperanza bretona, Cadwalladro, un verdadeiro santo, substituto do seglar Artur. A presencia dun bispado na actual Gales permitíalle establecer unha continuidade entre o pasado glorioso e o presente. O feito de que a división arcebispal inglesa sufrira variacións -coa substitución de Londres por Canterbury- sería a excusa perfecta para exaltar os restos das Igrexas bretonas -que serían o que encarnan as sés galesas- sen ter que tomar partido por unha das sés que daquela loitaban pola supremacía, xa que, a semellanza do que sucedera en Inglaterra, sempre se podía aducir unha perda de rango por parte de Caerleon a favor dalgunha das outras competidoras.

Polo demais, non pode por menos que chamar a atención a similitude que garda a presentación de Caerleon, como aspirante galesa, coa de Cadwalladro, como encarnación da esperanza bretona. En ambos casos, tal vez intencionadamente, preséntase unha alternativa pantasma, de dubidosa existencia -Caerleon e Cadwalladro-, que contradí unha corrente de opinión consolidada -Llandaff ou Saint David e Artur-. Se no caso de Artur parece haber un intento por desmontar os perigos do mesianismo celta, resulta lícito ver na nova sé metropolitana un intento por reconducir as aspiracións galesas ó respecto, tal vez porque a autonomía relixiosa podía vir acompañada dalgún tipo de aspiración política. Unha vez máis, Monmouth xogaría a dobre baza de exaltar os seus compatriotas sen comprometerse con eles e sen contrariar os seus protectores normandos. A candidatura de Caerleon, sen fundamento algún, era idónea para este tipo de ambigüidades.

CONCLUSIÓN

Nas páxinas anteriores intentamos analizar algúns dos elementos claves para interpretar a *Historia Regum Britanniae* de Geoffrey de Monmouth, acaso a obra de maior trascendencia que se compuxo na Inglaterra do século XII. A abordaxe desta crónica dos reis bretóns levámola a cabo dende un dobre punto de vista. Por unha parte, partimos das circunstancias históricas nas que viviu o seu autor, factor este de importancia decisiva porque, como obra pertencente ó xénero historiográfico, reflicte a visión que na Inglaterra da época se tiña do pasado da illa de Bretaña. A análise dos aspectos que induciron a Monmouth a compoñer a súa crónica céntrase, nun segundo momento, na visión do mundo do escritor galés, con especial atención á súa concepción da marabilla, da maxia e da astroloxía, tomando como fío conector a figura de Merlín, acaso o personaxe que máis luz pode aportar en non poucas das pasaxes ambiguas que marcan o libro.

O contexto no que apareceu a *Historia* estaba marcado pola consolidación dun poder, a dinastía anglonormanda, que a penas se levaba oitenta anos asentada en chan británico. O normando era o terceiro pobo que dominaba a illa, tralos sucesivos períodos de poderío celta e xermánico. A rápida caída da Inglaterra saxona supuxera unha ruptura traumática que seguía presente nos días en que Monmouth escribía as fazañas dos monarcas bretóns. Trala batalla de Hastings, as relacións de poder víronse profundamente alteradas: os saxóns foron desprazados dos postos rectores civís e eclesiásticos polos normandos e os celtas -especialmente os galeses- enfrontáronse cun novo inimigo disposto a sometelos. O espírito de resistencia céltico, avivado durante a súa loita secular contra os saxóns, non tardou en retomar con forza a expectativa creada arredor do retorno mesiánico dun rei que os liberase da opresión foránea e que remataría por encarnar Artur, o mítico monarca triunfante en doce batallas e conquistador dun grande imperio.

O proceso de asimilación da época saxona por parte da dinastía normanda encádrase nun movemento máis amplo, que afectou ó conxunto do Occidente europeo e que está ligado a unha nova percepción do tempo e do pasado. Mais, qué dúbida cabe que, no caso particular inglés, a convulsión de 1066 desempeñou un papel de capital importancia ó respecto. A necesidade por parte do novo poder de lexitimarse a través da continuidade cos elementos que formaban parte da memoria colectiva dos seus novos súbditos impulsou as indagacións retrospectivas. Igualmente trascendental foi a construcción dunha identidade nacional baseada nos sucesivos aportes dos pobos que dominaron Gran Bretaña. O florecemento da historiografía anglonormanda, onde destacan nomes como os de William de Malmesbury ou Henry de Huntingdon e onde se compoñen crónicas como as *Gesta regum Anglorum* ou a *Historia regum Anglorum*, responde a estas expectativas.

Ata o momento en que aparece a *Historia Regum Britanniae*, ningún historiador fora capaz de presentar un relato coherente do período celta, non tanto por un sentimento de animadversión, senón pola falta de probas documentais fiables. Só as diatribas de Xildas e Beda, as narracións contradictorias da *Historia Brittonum* e os disparates fabulosos das *nugae* bretonas botaban certa luz sobre aquela época de escuridade. E entón, Geoffrey de Monmouth, amparado na autoridade dun misterioso libro en lingua británica, deu a coñecer o esplendor insospeitado daqueles anos. Disposto a equiparar os seus compatriotas celtas con saxóns e normandos, o escritor galés imaxina unha nación de guerreiros conquistadores, agrupados arredor de caudillos, como Belino, Constantino ou Arturo, émulos de Alexandre e dominadores dun imperio similar en gloria ós da Antigüidade. A caída dun pobo tan poderoso, aínda que contemplada como inevitable, debido á concepción cíclica da Historia, debía estar rodeada de circunstancias que deixasen intacta a gloria pretérita: o exceso de bravura, as disensións internas, as traizóns saxonas, as epidemias... Así mesmo, a contradictoria situación dunha valentía tan secularmente sometida só podía salvarse a través dun vaticinio en que se predicise o seu rexurdimento definitivo, de tal maneira que os séculos de sometemento se convertesen en algo circunstancial e transitorio.

A exaltación do pobo bretón conlevaba esta compoñente mesiánica, xa que tiña que realizarse dende a postración e o sometemento. Pero sería incorrecto ver na *Historia* un alegato a favor da rebelión céltica contra o dominio normando. Monmouth, aínda que de orixe galesa, estaba integrado nas estructuras de poder inglesas e aspiraba a facer carreira dentro do novo réxime. A súa obra ía dedicada a magnates da monarquía anglonormanda, como Robert de Gloucester, Waleran de Meulan ou o propio Esteban I. A súa celtofilia non vai máis aló dun desexo de exaltación das glorias pasadas, dignificación que non poñía en perigo as aspiracións hexemónicas inglesas e que non levantaba suspicacias entre os seus potenciais protectores. Por este motivo, abundan na súa crónica as pasaxes ambiguas que se adaptan a interpretacións diverxentes. O paradigma desta situación constitúeno as profecías que Merlín pronuncia ante o rei Vortigern, nas que se formula a caída e rexurdimento da nación británica, consideradas por uns como un chamamento á independencia dos celtas e por outros como un apoio velado ó réxime anglonormando.

Onde máis claro se aprecia este segundo aspecto, é dicir, o labor propagandístico a favor da dinastía reinante en Inglaterra, é nas pasaxes nas que se describen as conquistas dos soberanos bretóns. Os inimigos seculares dos normandos son humillados repetidamente: franceses, daneses, noruegueses, irlandeses, escoceses, alemáns, o Imperio Romano... A precedencia cronolóxica das

conquistas levadas a cabo polos predecesores dos normandos sobre os seus rivais satisfaría as necesidades imperiais desta nación emerxente a través dun dobre procedemento: concederlle un prestixio equiparable territorialmente, e superior por antigüidade, ó do Imperio Romano Xermánico e fundamentar cun relato que se pretendía verídico as reivindicacións anglonormandas nas Illas Británicas e no norte de Francia. Neste sentido, as grandes figuras patrióticas celtas, como Artur, entrarían a formar parte dese xogo de ambigüidades habilmente deseñado por Monmouth.

Como portavoz do *espoir breton*, Merlín esconde boa parte das claves que permiten interpretar correctamente a mensaxe da *Historia Regum Britanniae*. Pero ó mesmo tempo, resulta fundamental á hora de comprender as estructuras mentais nas que se movía Monmouth, entendidas estas non só como ideoloxía senón tamén como a formación cultural que posibilita o desenvolvemento dunha construcción ideolóxica. Situada na conxuntura do famoso renacemento da civilización do Occidente medieval, a *Historia* faise eco dos cambios mentais e artísticos deses anos. Entre eles, hai que destacar o novo pulo dado ás artes máxicas e ó marabilloso, así como o seu reflexo na literatura. A producción literaria desta centuria tampouco escapa ás transformacións dunha realidade en crise e contempla, dentro dun profundo cambio nos horizontes de expectativas do público deses anos, o esgotamento do relato épico e o desenvolvemento do xénero do *roman*.

Se aplicamos estes factores a Merlín apreciamos -sobre todo se se compara co antecedente da *Historia Brittonum*- un personaxe concibido segundo os esquemas mentais dun crego do século XII, amante das curiosidades da natureza e inclinado ás artes mecánicas e adiviñatorias, así como a prácticas pertencentes á maxia natural. Deste xeito, pódense aillar en Merlín trazos herdados do neno sen pai de Nennio, como o don da clarividencia, de evidente tonalidade mística, e, por outra, os aportes novidosos saídos da pluma de Monmouth. Estes últimos desvirtúan a faceta cívica do personaxe da *Historia Brittonum* en favor dos aspectos literarios, que resultan enriquecidos, como as artes adiviñatorias ligadas a algún tipo de ciencia, non a espíritos sobrehumanos, ou as intervencións en episodios novelescos, menos trascendentes que a crucial ocasión do *espoir breton*. Geoffrey, pois, desenvolve na súa crónica unha dobre faceta no personaxe: unha política, previa á *Historia* e encontrable tanto na *Historia Brittonum* coma nos poemas galeses sobre Myrddin, e outra, máis novelesca, cercana á literatura de ficción. E estes dous aspectos son extrapolables á dobre realidade que recolle Monmouth nas páxinas da súa obra: un compoñente político, vinculado ó devir de Gran Bretaña, e outro novelesco, que reflicte as inquedanzas intelectuais que impulsaron o renacemento da civilización europea durante o século XII e, dentro del, o desenvolvemento da literatura artúrica.

APÉNDICE

Resumo da *Historia Regum Britanniae*

Despois da destrucción de Troia, Eneas atopa refuxio en Italia, na corte do rei Latino. A filla deste, Lavinia, casa co troiano e, á morte de Latino, ambos herdan o reino de Italia. Eneas e Lavinia enxendran un fillo e herdeiro, Ascanio, que á súa vez ten un fillo de nome Silvio. Este namórase secretamente dunha neta de Lavinia e das súas relacións nace un neno ó que chaman Bruto. Á idade de quince anos, e durante unha cacería, Bruto mata accidentalmente a seu pai, polo que é expulsado de Italia. Durante o seu exilio volve a Troia, consegue organizar a resistencia do seu pobo, soxuzgado polos gregos, e vénceos en batalla campal. O rei grego, Pandraso, asina un tratado de paz cos troianos, concerta a voda da súa filla Ínogen con Bruto e concédelles ós troianos todo o necesario para unha longa viaxe por mar.

Ós dous días de travesía chegan unha illa deshabitada chamada Leogecia. No templo do lugar, Bruto ofrece un sacrificio ante o altar de Diana e a deusa revélalle en soños a existencia dunha illa en Occidente, onde haberían de asentarse el e mais o seu pobo. Máis aló das Columnas de Hércules atopan un pobo descendente dos troianos, que se lles une na travesía. O seu caudillo, Corineo, daralle nome ós cornualleses. A seguinte etapa lévaos a Aquitania, gobernada por Gofario o Picto. Os galos opoñen resistencia ós estranxeiros, pero son derrotados. Bruto, sen embargo, ordena embarcar e continuar a viaxe. Sen máis contratempos chegan á illa prometida, ata entón coñecida como Albión, pero que en honor a Bruto se denominaría Bretaña.

Bruto tivo tres fillos, Locrino, Cambro e Albanacto, que á súa morte se repartiron a illa. O primeiro obtivo Locria (Inglaterra), o segundo Albania (Escocia) e o terceiro Cambria (Gales). Á morte de Locrino fíxose cargo do reino a súa viúva Güendolena, ata que o fillo de ambos, Madan, acadou a idade de reinar. A Madan sucedeulle seu fillo Mempricio e a este, seu fillo Ebrauco, que combateu e saqueou a Galia. Tras Ebrauco reinaron por sucesión patrilineal Bruto o do Verde Escudo, Leil, Rud Huibras, Bladud -constructor das termas de Bath- e Lear. Este último tivo tres fillas ás que casou e entre as que dividiu o reino. A menor delas, Cordelia, desposuíu a súas irmás, que previamente expulsaran a Lear, e obtivo o trono de Bretaña ó morrer seu pai. Ós cinco anos de reinado, os seus sobriños Margano e Cunedagio derrocárona e, despois dunha guerra entre ambos, Cunedagio apoderouse de todo o reino. A estirpe deste prolongouse a través de Rivalón, Gurgustio, Sisilio, Yago -sobriño de Sisilio-, Kinmarco -fillo de Sisilio- e Gordoburgo. Os fillos de Gordoburgo, Ferreux e Porrex, iniciaron unha guerra sucesoria, de tal maneira que o país, sumido na anarquía, foi dividido en cinco reinos. O reunificador foi Molmucio Dunvalon, fillo do rei de Cornubia, que restableceu a paz durante corenta anos e promulgou as leis Molmucinas.

Os fillos de Dunvalon, Belino e Brenio, volveron enfrentarse pola herdanza paterna. Nun primeiro acordo, o primoxénito, Belino, obtivo toda a illa ó sur do río Humber, mentres Brenio conseguiu Northumbria e Albania. Pero a discordia volveu xurdir e Belino derrotou e expulsou a seu irmán. Brenio, pola súa parte, consiguiu o apoio dos galos e invadiu Bretaña. Sen embargo, ambos irmáns fan a paz, invaden a Galia e Xermania e conquistan Roma. De resultas destas guerras, Brenio reinou en Roma e Belino volveu a Bretaña. O seu sucesor foi Gurgüint Barbtruc, que someteu Dinamarca e cedeulle Irlanda ós hispanos mandados por Partoloim. Tras el reinou Güitelino e, o morrer este, a súa muller Marcia, que promulgou as leis Marcianas, adoptadas máis tarde por Alfredo o Grande. Os descendentes de Marcia foron ocupando o reino sucesivamente: Sisilio, Kimaro, Danio, Morvido e Gorboniano. Os seus herdeiros foron seus irmáns Artgalon e Elidur. Durante o reinado deste, outros dous irmáns, Yugenio e Peredur, alzáronse e derrocaron a Elidur, mais a morte de ámbolos dous devolveulle a coroa a Elidur.

Os seus sucesores foron Regin, fillo de Gorboniano, Margano e Eniauno -fillos de Artgalón-, Idvalon -fillo de Yugenio-, Runo -fillo de Peredur- e Xeroncio -fillo de Elidur-. Tras Geroncio reinaron Catelo, Coilo, Porrex, Querin, os tres fillos deste -Fulxencio, Eldado e Andraxio-, Urian, Eliud, Elidauco, Cloteno, Gurgintio, Cap, Oeno, Sisilio, Bledgabred, seu irmán Artinail, Eldol, Redion, Rederquio, Samuil Penisel, Pir, Capoir, Cligüeil e Heli. Heli tivo tres fillos: Lud, Casibelauno e Nenio. Lud, que sucedeu a seu pai, refundou a capital, Trinovanto, e deulle o seu nome, Lundene -Londres-. Ó morrer deixou dous fillos de corta idade, Androxeo e Tenuancio, polo que tomou a coroa seu irmán Casibelauno.

Durante o goberno deste rei Xulio César intenta invadir a illa en dúas ocasións, pero é derrotado polos británicos. Sen embargo, a disputa xurdida entre Casibelauno e o duque Androxeo permite un novo desembarco romano e a derrota dos bretóns. Xulio César e Casibelauno asinan un tratado de paz polo que o monarca bretón se compromete a pagar un tributo anual. Ó morrer Casibelauno ocupou o trono Tenuancio, duque de Cornubia, e a este sucedeulle seu fillo Cimbelino. Güiderio, fillo de Cimbelino, ocupou o trono tralo pasamento de seu pai, pero a súa negativa a pagar o tributo a Roma decidiulle ó emperador Claudio a encabezar unha expedición de castigo na que morreu Güiderio. Seu irmán Arvirago cinxiu a coroa, asinou un tratado de paz co imperio e desposou a Gewisa, filla de Claudio. Mario, o seu fillo, sucedeulle no trono bretón; tras el fíxoo Mario e tras este, seu fillo Lucio.

No reinado deste monarca, Bretaña converteuse ó Cristianismo e estableceronse as tres sés metropolitanas de Eboraco (York), Londres e Caerleon. Ó

morrer sen descendencia, romanos e bretóns rompen as hostilidades para facerse co control da illa. O senador Severo expulsa os rebeldes a Albania e constrúe unha muralla de mar a mar, na fronteira entre Deira e Albania. Mentres, o caudillo celta Fulxencio sela unha alianza cos pictos, ataca e mata a Severo e consegue a coroa. Fulxencio tivo dúas mulleres, unha bretona e outra romana. Da primeira naceu Basiano e da segunda Geta e á morte de seu pai ambos irmáns reproduciron a guerra entre os dous pobos, ata que Basiano, líder dos británicos, consegue o poder. Este foi derrocado e morto por Carausio, un usurpador que se aliou cos pictos para facerse co trono e expulsar os romanos, pero o Senado non tardou en enviar tres lexións ó mando de Alecto, que venceu a Carausio e se fixo coroar. A subseguinte sublevación bretona provocou a súa caída e a entronización de Asclepiodoto, duque de Cornubia, que derrotou os romanos gracias a unha coalición de tódolos pobos de Bretaña. A sublevación de Coel, duque de Kaercolum, puxo fin ó seu reinado e, á morte de Coel, o senador romano Constancio tomou o cetro e desposou a Helena, viúva de Coel.

A Constancio sucedeulle seu fillo Constantino, quen se rebelou contra o tirano Maxencio, conquistou Roma e se converteu en emperador. Durante a súa ausencia, o duque dos gewiseos, Octavio, faise co control da illa. Constantino envía a Trahern, tío de Helena, ó que nomeara senador, para que someta a rebelión, pero Octavio derrótao e consegue afianzarse como rei de Bretaña. A súa sucesión trae de novo as disputas, pois a herdeira era súa única filla e había dous pretendentes para se casar con ela: o sobriño do rei, Conan Meriadoc, e o senador Maximiano, curmán de Constantino e de sangue romano por liña materna. Os bretóns inclínanse por Maximiano, a quen nomean rei, pero esta decisión non evita a guerra civil. Só un acordo entre ambos rivais devolve a paz ó reino, mais non tarda Maximiano en iniciar unha serie de campañas exteriores. Primeiro conquista Armórica, que cede a Conan, e despois apodérase da Galia e da propia Roma.

Aproveitando que Bretaña quedara desguarnecida polas campañas de Maximiano, os bárbaros desembarcan en Albania e saquean a illa. Maximiano envía dúas lexións ó mando de Graciano o Munícipe, que obriga ós estranxeiros a embarcar rumbo a Hibernia. Tralo falecemento de Maximiano, Graciano proclamouse rei de Bretaña, pero non puido evitar o desembarco de escotos, noruegueses e daneses. A petición de axuda a Roma frenou a invasión, o que permitiu reconstruír a muralla de Severo. Unha vez afianzadas as defensas, os romanos abandonan a illa coa intención de non volver nunca máis en socorro dos británicos. As súplicas diríxense entón a Aldroeno, rei de Armórica, quen envía seu irmán Constantino. A victoria sobre os bárbaros permítelle acceder ó trono e entronizar en Bretaña unha dinastía de orixe armoricano.

Constantino II casou cunha romana e tivo tres fillos: Constante, Aurelio Ambrosio e Uter Pendragon. Cando morreu o rei, Vortegirn, xefe dos gewiseos, ofreceulle a coroa ó primoxénito Constante, que abrazara a vida monacal. Vortegirn fíxose coa vontade do novo monarca e, cheo de ambición, terminou por asasinalo e coroarse el mesmo. Para oporse ás invasións pictas, o novo soberán aliouse cos saxóns, ós que lles ofreceu terras e riquezas. A alianza cos xermanos culmina coa voda de Vortegirn e Ronwen, filla do xefe saxón Hengist. Ante o crecente poderío dos estranxeiros, os bretóns sublévanse e toman como rei a Vortimer, fillo de Vortegirn. Este consegue expulsalos, pero Ronwen o envenena e favorece a volta de Vortegirn. O baleiro de poder empurra os saxóns a volver a Bretaña, esta vez dispostos a dominar toda a illa. Nunha reunión celebrada na chaira de Salisbury, Hengist ataca a traizón ós nobres británicos e faise co poder.

Vortegirn viuse obrigado a fuxir a Cambria. Alí os seus meigos aconselláronlle que erguese unha fortaleza, pero o construído durante o día desaparecía pola noite. Só o sangue dun neno sen pai permitiría que se rematase a construcción. Os enviados reais atoparon o neno, de nome Merlín, e levárono ante o monarca. Merlín descubriu o misterio da torre -dous dragóns subterráneos que pelexeaban- e profetizou o futuro de Bretaña, incluída a caída do pobo celta, o dominio saxón e a liberación final dos británicos.

Mentres tanto, Aurelio Ambrosio e Uter Pendragon, exiliados en Armórica, volven a Bretaña. Vencen e matan a Vortegirn e enfróntanse con éxito ós saxóns. Hengist é derrotado e seu fillo Octa, sitiado en Eboraco, vese obrigado a capitular e aceptar terras na fronteira de Albania. Aurelio Ambrosio reconstrúe o país e proxecta erguer un monumento en Salisbury en memoria dos nobres asasinados por Hengist. O bispo de Caerleon, Tremorino, aconséllalle que recorra a Merlín, quen manda traer as pedras do monte Kilarao, en Hibernia. Ó pouco da coroación de Aurelio Ambrosio, un fillo de Vortegirn, de nome Pascencio, alíase cos saxóns e irlandeses para combater ós bretóns. Mentres os seus exércitos desembarcan en Cambria e se dispoñen a enfrontarse a Uter Pendragon, un saxón chamado Eopa envelena o rei na cidade de Güintonia. No intre da morte de Aurelio, un cometa aparece no ceo e Merlín adiviña o cambio de monarca e vaticina a gloria da estirpe de Uter Pendragon. Este vence ós invasores e, antes de pacificar o reino definitivamente, ten que rexeitar unha incursión que dende Albania dirixía Octa.

Durante a festa da súa coroación, Uter Pendragon namórase de Igerna, muller de Gorlois, duque de Cornubia. O duque adiviña as intencións do rei e, tras romper as hostilidades, abandona a corte. Uter sabe que Igerna está encerrada no castelo de Tintagel e pide axuda a Merlín para conseguila. O profeta

dálle ó monarca o aspecto do duque, co que Uter pode entrar na fortaleza e xacer con Igerna. Esa noite, mentres morría Gorlois, Uter enxendraba a Artur. Co tempo os saxóns, ó mando de Octa e Eosa, volven invadir o país. Uter, xa vello e enfermo, morre envelenado e sucédelle seu fillo Artur.

Para frear a invasión dos xermanos, Artur pídelle axuda ó fillo de súa irmá Ana, o rei de Armórica Hoel. Xuntos derrotan repetidamente ós saxóns, ata que os expulsan de Bretaña. A continuación diríxese cara a Albania, para someter a pictos e escotos e, unha vez pacificada a illa, desembarca en Hibernia, conquístaa e estende os seus dominios ata Islandia. Durante doce años o reino viviu en paz, mais, desexoso de defender os dereitos do seu cuñado, Lot de Orcania, ó trono de Noruega, invade Escandinavia e somete Dinamarca. A continuación diríxese á Galia, devasta o país e asedia en París ó tribuno Flolon. Un combate singular a morte resolve a situación e París ríndese ás tropas bretonas. Antes de volver á súa terra, outorga a posesión de Neustria (Normandía) ó seu copeiro Bedevere e Anjou ó seu senescal Kay. O día de Pentecostés Artur faise coroar nunha celebración fastuosa que ten lugar na cidade de Caerleon.

Mentres se celebran estes festexos irrompe unha embaixada romana pedindo o sometemento de Bretaña a Roma e o pagamento do antigo tributo. Ante tal demostración de insolencia Artur decide dirixir unha campaña contra Roma. Reúne un grande exército con continxentes chegados de tódolos seus dominios, deixa a seu sobriño Mordred a cargo da rexencia do reino e da custodia de súa muller Xenebra e cruza a Canle. Xa en terra francesa mata a Riton, o xigante do monte Saint Michel, que asasinara á sobriña de Hoel e asolaba a bisbarra. Desencadeadas as hostilidades, os bretóns derrotan repetidamente as lexións romanas, ata que nun dos combates morre o procurador Lucio Hiberio e o seu corpo é envíado ó Senado como escarmento. Cando Artur se dispoñía a avanzar cara a capital, chegan novas da rebelión de Mordred e vese na obriga de regresar a Bretaña. Para facer fronte a seu tío, Mordred busca a axuda de saxóns, pictos, escotos e irlandeses. Artur desembarca en Richborough e o traidor foxe cara a Cornubia. Ambos exércitos atópanse en Kamblan; Mordred morre na batalla e Artur cae mortalmente ferido e é levado á illa de Avalón *ad sananda vulnera sua*.

Constantino, fillo de Cador, duque de Cornubia, e curmán de Artur, fíxose cargo do reino e combateu con éxito ós saxóns, ata que foi morto polo seu sobriño Conan, que só reinou dous anos. O seu sucesor foi Vortipor, que conseguiu pacificar a illa durante catro anos e que foi sucedido por Malgon. Este recobrou o control de Hibernia, Islandia, Gotland, as Órcadas, Noruega e Dinamarca. Ó morrer Malgon, Gormundo, rei dos africanos, conquista Hibernia e alíase cos saxóns para conquistar Bretaña. O caudillo bretón Caretic ten que cruzar o río Severn e refuxiarse en Gales. Por aqueles anos, o papa enviou o monxe Agustín

para converter os saxóns, que ata o daquela se mantiveran fieis ó paganismo. Como os británicos se negan a colaborar na evanxelización dos seus inimigos, Edelfrido, rei de Northumbria, saquea Bangor e mata mil douscentos fraires. Os bretóns elixen como rei supremo a Cadvano, que reinaba en Venedocia, para facer fronte a Edelfrido. Ambos asinan un tratado polo que se reparten Bretaña, fixando o río Humber como fronteira.

Sucedeu que Edelfrido abandonou a súa esposa e ésta, que estaba embarazada, buscou amparo na corte de Cadvano; a muller deste, á súa vez, non tardou en darlle descendencia. O fillo do monarca saxón chamouse Edwin e o do británico, Cadvalon. Ambos criáronse xuntos e co tempo ambos fixéronse cargo dos seus respectivos reinos. Cando o saxón tomou posesión de Northumbria xurdiu a inimizade entre eles, de tal xeito que, declarada a guerra, Cadvalon foi vencido e se exiliou primeiro en Hibernia e máis tarde en Armórica. Os intentos de reconquistar a illa víanse frustrados por culpa de Pellito, o adiviño de Edwin, que se anticipaba ós plans bretóns, polo que Cadvalon enviou ó seu sobriño Brian para que o asasinase. Morto Pellito, Cadvalon desembarca e vence ós saxóns. O bretón mata a Edwin e ó seu sucesor Osric. Só o sucesor de Osric, Oswaldo, conseguiu facerlle fronte ós británicos, aínda que tamén morreu mentres loitaba contra eles. O trono de Northumbria recaeu no seu irmán Oswi, que asinou un tratado de paz con Cadvalon, quen recuperara a coroa de Bretaña.

Despois de reinar corenta e oito anos, Cadvalon faleceu e subiu ó trono seu fillo Cadvaladro, chamado por Beda Caedvala o Novo. Ós doce anos de reinado, o rei caeu enfermo e rexurdiron as disputas internas. A fame e unha epidemia de peste asolaron a illa e obrigaron ós bretóns a buscar refuxio en Armórica. Agás uns poucos habitantes dos bosques de Gales, Bretaña quedou deserta e foi ocupada polos saxóns. Cando Cadvaladro preparaba a reconquista da súa patria, unha voz celestial aconselloulle que peregrinase a Roma, a onde acudiu e morreu en olor de santidade o ano 689.

BIBLIOGRAFÍA

Textos

Ademar de Chabannes, *Chronicon*, ed. de P. Bourgain, Brepols, Turnhout, 1999.

Anselmo de Canterbury, *De conceptu Virginale*, en *Opera omnia*, ed. de F. S. Schmitt, Edimburgo, 1946-1961.

Antoine de la Sale, *Le Paradis de la reine Sybille*, ed. de F. Desonay, Droz, París, 1930.

Apuleio, *Apologie*, ed. de P. Vallette, Société d'Édition "Les Belles Lettres", París, 1924.

Chanson de Roland, ed. de J. Bédier, L'Édition d'Art H. Piazza, París, 1980.

Eadmer, *Historia Novorum*, ed. de M. Rule, en *Rerum Britannicarum Medii Aevi Scriptores*, Rolls Series, Londres, 1884.

Beda, *Historia ecclesiastica gentis Anglorum*, ed. de J. E. King, en *Historical Works*, Harvard University Press / William Heinemann Ltd., Cambridge (Mass.) / Londres, 1971 (1ª ed. 1930), 2 vols.

Biblia Sacra iuxta Vulgatam Clementinam, ed. de A. Colunga e L. Turrado, Biblioteca de Autores Cristianos, Madrid, 1994, 9ª ed.

Burchard de Worms, *Decretum*, en Migne, *Patrologia Latina*, t. CXL.

Cicerón, *De legibus*, ed. de W. Keyes, Harvard University Press / William Heinemann Ltd., Cambridge (Mass.) / Londres, 1966.

Chrétien de Troyes, *Cligès*, ed. de A. Micha, Honoré Champion, París, 1957.

Geoffrei Gaimar, *L'Estoire des Englais*, ed. de A. Bell, Anglo-Norman Text Society, Oxford, 1960.

Geoffrey de Monmouth, *Historia Regum Britanniae*, ed. de E. Faral, en *La légende arthurienne*, t. III, pp. 63-303.

— , *The Historia Regum Britanniae of Geoffrey of Monmouth*. I, *Bern, Burgerbibliothek, MS. 568*, ed. de N. Wright, D. S. Brewer, Cambridge, 1984.

— , *Vita Merlini*, ed. de E. Faral, en *La légende arthurienne*, t. III, pp. 305-352.

— , *Life of Merlin. Geoffrey of Monmouth's Vita Merlini*, ed. e trad. B. Clarke, Wales University Press, Cardiff, 1973.

Gervaise de Tilbury, *Otia Imperialia*, ed. de F. Liebrecht, Carl Rümpler, Hanover, 1856 (reed. de *Scriptores Rerum Brunsvicensium*, Hanover, 1707-1709).

Gesta Stephani, ed. e trad. de K. R. Potter – R. A. B. Mynor e A. L. Poole, Nelson's Medieval Texts, Londres, 1955.

Gildas, *The Ruin of Britain and other documents*, ed. e trad. De M. Winterbottom, en J. Morris (coord.), *History from the Sources*, Phillimore, Chichester, 1978, t. VIII.

Giraldus Cambrensis, *De Rebus a se gestis*, en en J. S. Brewer – J. F. Dimock e G. F. Warner (eds.), *Giraldi Cambrensis Opera. Rerum Britannicarum Medii Aevi Scriptores*, Rolls Series, Londres, 1861-1891, t. I.

— , *Descriptio Kambriae*, en *Giraldi Cambrensis Opera*, t. VII.

— , *Liber de principis intructione*, en Brewer – Dimock e Warner, *Giraldi Cambrensis Opera*, t. VIII.

Henry de Huntingdon, *Henrici archidiaconum Huntendunensis Anglorum Historia*, ed. de T. Arnold, en *Rerum Britannicarum Medii Aevi Scriptores*, Rolls Series, Londres, 1889.

Herman de Tournai, *Miracula Sanctae Mariae Laudunensis*, en J.-P. Migne, *Patrologia cursus completus. Patres ecclesiae latinae*, Paris, 1844-1864, t. CLVI.

Hincmar de Rheims, *De divortio Lotharii et Tetbergae*, en Migne, *Patrologia Latina*, t. CXXXV.

Historia Britonum, ed. de E. Faral, en *La légende arthurienne*, t. III, pp. 1-62.

Historia del Pueblo Bretón (atribuida a Nenio), ed. de G. Torres Asensio, PPU, Barcelona, 1989.

Huon de Bordeaux, ed. de M. Rossi, Honoré Champion, París, 1975.

Lancelot, roman en prose du XIII^e siècle, ed. de A. Micha, Droz, Xenebra, 1978-1983, 7 vols.

Layamon, *Brut, Edited from British Museum Ms. Cotton Caligula A, ix and British Museum Ms. Cotton C. xiii*, ed. De G. L. Brook e R. F. Leslie, The English Text Society, Oxford University Press, Londres / Nova York / Toronto, 1963, 2 vols.

Le Haut Livre du Graal. Perlesvaus, ed. de T. A. Jenkins e W. A. Nitze, The Phaeton Press, Nova York, 1972, 2 vols.

Le livre d'Artus, en H. O. Sommer, *The Vulgate Version of the Arthurian Romances*, t. VII, The Carnegie Institution of Washington, Washington, 1913.

Le Pélerinage de Charlemagne, ed. de P. Aebischer, Droz, Xenebra, 1965.

Mabinogion, ed. de V. Cirlot, Siruela, Madrid, 1988.

Plinio, *Natural History*, ed. de H. Rackham, Harvard University Press / William Heinemann Ltd., Cambridge (Mass.) / Londres, 1975, 10 vols.

Rabano Mauro, *De magicis artibus*, en Migne, *Patrologia Latina*, t. CX.

Ralf Hygden, *Polichronicon*, ed. de J. Rawson Lumby, en *Rerum Britannicarum Medii Aevi Scriptores*, Rolls Series, Londres, 1865-1886, 7 vols.

Raoul Glaber, *Historiarum libri quinque,* ed. de J. France, Clarendon Press, Oxford, 1993.

Robert de Boron, *Le roman de l'Estoire dou Graal*, ed. de W. Nitze, C.F.M.A., Honoré Champion, París, 1927.

— , *Merlin, roman du XIII^e siècle*, ed. de A. Micha, Droz, Ginebra, 1979.

Robert Wace, *Roman de Brut*, ed. de I. Arnold, S.A.T.F., París, 1938, 2 vols.

— , *Le roman de Rou*, ed. de J. Holden, S.A.T.F., París, 1970-1973, 3 vols.

San Isidoro, *Isidori Iunioris episcopi Hispaliensis historia Gothorum Wandalorum Sueborum*, ed. de Th. Mommsen, en *Monumenta Germaniae Historia, Auctores Antiquii*, II. *Chronica Minora*.

— , *De natura rerum*, en Migne, *Patrologia Latina*, t. LXXXIII.

— , *Etimologías*, ed. de J. Oroz Reta e M.-A. Casquero, *Biblioteca de Autores Cristianos*, Madrid, 1982, 2 vols.

San Martiño de Braga, *De correctione rusticorum*, ed. de A. Hamann, en *Patrologia Latina. Supplementum*, IV, París, 1967, cols. 1392-1403.

Santo Agostiño, *De utilitate Credendi*, ed. de V. T. Prieto – A. Centeno – S. Santamarta e H. Rodríguez, en *Obras completas de San Agustín*, t. IV, *Obras apologéticas*, Biblioteca de Autores Cristianos, Madrid, 1948.

— , *De Civitate Dei*, ed. de J. Morán, en *Obras completas de San Agustín*, t. XVI, Biblioteca de Autores Cristianos, Madrid, 1958.

Tristan en prose, t. III, ed. de G. Roussineau, Droz, Xenebra, 1991.

The Ecclesiastical History of Orderic Vitalis, ed. e trad. De M. Chibnall, Clarendon Press, Oxford, 1978.

The Commentary on the First Six Books of the Aeneid of Vergil Commonly Attribued to Bernardus Silvestris, ed. de J.-W. Jones e E.-F. Jones, University of Nebraska Press, Lincoln / Londres, 1977.

Trioedd Ynys Prydein. The Welsh Triads, ed. de R. Bromwich, University of Wales Press, Cardiff, 1978 (1ª ed. 1961).

William de Malmesbury, *Willelmi Malmesbiriensis Monachi de Gestis Pontificum Anglorum Libri Quinque*, ed. de N. E. S. A. Hamilton, en *Rerum Britannicarum Medii Aevi Scriptores*, Rolls Series, Londres, 1870.

— , *Willelmi Malmesbiriensis Monachi De Gestis Regum Anglorum Libri Quinque*, ed. de W. Stubbs, en *Rerum Britannicarum Medii Aevi Scriptores*, Rolls Series, Londres, 1889, 2 vols.

William de Newburg, *Willelmi Parvi canonici de Novoburgo Historia rerum Anglicarum*, ed. de R. Howlett, en *Chroniques of the Reigns of Stephen, Henry II and Richard I*, Rolls Series, Londres, 1885.

Estudios

Allard, G. H., "Les arts mécaniques aus yeux de l'idéologie médiévale", en *Les arts mécaniques au Moyen Âge. Cahier d'Études Médiévales*, VII (1982), pp. 13-32.

Alverny, M.-Th. d', "Astrologues et théologiens au XII^{e} siècle", en *Mélanges offerts à M. D. Chenu*, Bibliotèque Thomiste, XXXVII, París, 1967, pp. 31-50.

— , "Translations and Translator", en Benson – Constable e Lanham, *Renaissance and Renewal*, pp. 421-462.

Arnold, I., "Wace et l'*Historia Regum Britanniae* de Geoffrey de Monmouth", *Romania*, LVII (1931), pp. 1-12.

Ashe, G., *King Arthur's Avalon. The Story of Glastonbury*, Londres, 1973.

Auburn, M., "Caractères et portée religieuse et sociale des 'visions' en occidente du VI^{e} au XI^{e} siècle", *Cahiers de Civilisation Médiévale*, XXIII (1980), pp. 109-130.

Baught, A. e Cable, T., *A History of the English Language*, Routledge & Kegan Paul, Londres, 1976 (1ª ed. 1935).

Barber, R., *King Arthur in Legend and History*, Cardinal, Londres, 1973 (1ª ed. 1961).

Barlow, F., "The Holy Crown: Medieval Kinship", en *The Norman Conquest and Beyond*, The Wimbledon Press, Londres, 1983, pp. 1-10.

— , "William I and the Norman Conquest", en *The Norman Conquest and Beyond*, pp. 129-150.

Bell, A., "Maistre Geoffrei Gaimar", *Medium Aevum*, VII (1938), pp. 183-198.

Benson, R. L. – Constable, G. e Lanham, C. D. (eds.), *Renaissance and Renewal in the Twelfth Century*, Clarendon Press, Oxford, 1985 (1ª ed. 1982).

Benton, J. F., "Consciousness of Self and Perceptions of Individuality", en Benson – Constable e Lanham, *Renaissance and Renewal*, pp. 263-295.

Berthelot, A., "Appareillages magiques et chef d'oeuvre de la technique: deux systemes concurrentiels", en D. Buschinger e W. Spiewok (coords.), *Les "realia" dans la littérature de fiction au Moyen Âge. Actes du Colloque du Centre d'Études Médiévales de l'Université de Picardie – Jules Verne. Chantilly 1er – 4 avril 1993. Wodan. Greifswalder Beiträge zum Mittelalters*, XXV (1993), pp. 23-31.

Bezzola, R. R., *Les origines et la formation de la littérature courtoise en Occident (500 – 1200)*, Honoré Champion, París, 1966-1968.

Blaess, M., "Arthur's Sister", *Bulletin Bibliographique de la Société Internationale Arthurienne*, VIII (1956), pp. 69-77.

Blair, P. H., "The Historical Writings of Bede", en *La storiografia altomedievale. Settimane di Studio del Centro Italiano di Studi sull'Alto Medioevo. 10 – 16 aprile 1969*, XVII, Panetto & Petrelli, Spoletto, 1970, pp. 197-221.

Bloch, M., *Les rois thaumaturges. Étude sur le caractère surnaturel atribué à la puissance royale particulièrement en France et en Angleterre*, Librairie Istra / Oxford University Press, Estrasgurgo / París / Oxford, 1929.

— , *La sociedad feudal*, Akal, Madrid, 1986.

Boesch Gajano, S., "Demoni e miracoli nei *Dialogi* di Gregorio Magno", en *Hagiographie, cultures et société, IVe – XIIe siècles*, pp. 263-281.

Bollough, V. L., *The Development of Medicine as a Profession. The Contribution of the Medieval University to Modern Medicine*, Hafner, Nova York, 1966.

Bresc, H., "Le temps des géants", en *Temps, mémoire, tradition au Moyen Âge. Actes du XIII^e congres de la Société des Historiens Médiévistes de l'Enseignement Supérieur Public. Aix-en-Provence, 4 – 5 juin 1982*, Publications de l'Université de Provence, Aix-en-Provence, 1983, pp. 243-266.

Brooke, Ch. N. L., *The Saxon and Norman Kings*, Barnes & Noble, Nova York, 1963.

— , "The Arbichops of St. David's, Llandaff and Caerleon-on-Usk", en N. N. Chadwick – K. Hugues – C. Brooke e K. Jackson (eds.), *Studies in the Early British Church*, Cambridge University Press, Cambridge, 1958, pp. 201-242.

— , "Geoffrey of Monmouth as an Historian", en C. N. L. Brooke – D. E. Luscombe – G. H. Martin e D. Owen (coords.), *Church and Goverment in the Middle Ages. Essays Presented to C. R. Cheney on His 70th Birthday*, Cambridge University Press, Cambridge, 1976, pp. 77-91.

Bruce, J. D., "Human Automata in Classical Tradition and Medieval Romance", *Modern Philology*, X (1912-1913).

Bruce, J. M., *The Evolution of Arthurian Romance from the Beginnings Down to the Year 1300*, Peter Smith, Glocester (Mass.), 1958 (reimpresión da 2ª ed. 1928), 2 vols.

Caldwell, R. A., "Wace's *Roman de Brut* and the *Variant Version* of Geoffrey of Monmouth's *Historia Regum Britanniae*", *Speculum*, XXXI (1956), pp. 675-682.

Caldwell, R. A. e Parry, J. J., "Geoffrey de Monmouth", en R. S. Loomis, *Arthurian Literature in the Middle Ages*, pp. 72-93.

Campbel, J., "Bede I", en J. Campbell, *Essays in Anglo-Saxon History*, Clarendon Press, Londres / Ronceverte, 1986, pp. 1-27.

— , What Happened in Stephen's Reign, 1135-1154", en *Essays in Anglo-Saxon History*, pp. 191-202.

— , "Some Twelfth-Century Views of the Anglo-Norman Past", en *Essays in Anglo-Saxon History*, pp. 209-228.

Cardini, F., *Magia, brujería y superstición en el Occidente medieval*, Ediciones Península, Barcelona, 1982 (1ª ed. 1979).

— , "El guerrero y el caballero", en J. Le Goff (coord.), *El hombre medieval*, Alianza Editorial, Madrid, 1991 (1ª ed. 1990), pp. 83-120.

Chadwick, H. M., "The End of Roman Britain", en H. M. Chadwick – N. K. Chadwick – K. Jackson – R. Bromwich – P. Hunter Blair e O. Chadwick (coords.), *Studies in Early British History*, Cambridge University Press, Cambridge, 1954, pp. 9-20.

— , "Vortigern", en Chadwick *et alii*, *Studies in Early British History*, pp. 21-46.

Chadwick, N. N., "Early Culture and Learning in North Wales", en Chadwick – Hugues – Brooke e Jackson, *Studies in the Early British Church*, pp. 77-93.

— , *The Celts*, Penguin Books, Londres, 1970.

— , "Intellectual Life in West Wales in the Last Days of the Celtic Church", en Chadwick *et alii*, *Studies in the Early British Church*, pp. 169-176.

Chambers, E. K., *Arthur of Britain*, Speculum Historiale / Barnes & Noble, Cambridge / Nova York, 1964 (1º ed. 1927).

Charles-Edwards, Th., "The Arthur of History", en R. Bromwich – A. O. H. Jarman e B. F. Robert (eds.), *The Arthur of the Welsh*, Wales University Press, Cardiff, 1991, pp. 15-32.

Chenu, M.-D., *L'éveil de la conscience dans la civilization médiévale*, Conferènce Albert-le-Grand 1968, Montreal – París, 1969.

Chibnall, M., *Anglo-Norman England, 1066-1166*, Blackwell, Oxford / Cambridge (Mass.), 1999.

Cingolani, S. M., "Filologia e miti storiografici: Enrico II, la corte plantageneta e la letteratura", *Studi Medievali*, 3ª serie, XXXII, fasc. ii (1991), pp. 815-832.

Classen, P., "*Res Gestae*, Universal History, Apocalipse. Visions of Past and Future", en Benson – Constable e Lanham, *Renaissance and Renewal*.

Comparetti, D., *Virgilio nel Medio Evo*, "La Nuova Italia" Editrice, Florencia, 1885, 2 vols.

Cohn, N., *En pos del milenio. Revolucionarios, milenaristas y anarquistas místicos de la Edad Media*, Barral Editores, Barcelona, 1972.

Constable, G., "Renewal and Reform in Religious Life. Concepts and Realities", en Benson – Constable e Lanham, *Renaissance and Renewal*, pp. 37-67.

— , *The Reformation of the Twelfth Century*, Cambridge University Press, Cambridge, 1996.

— , "Past anf Present in the Eleventh and Twelfth Centuries. Perceptions of Time and Change", en *Culture and Spirituality in Medieval Europe*, Variorum, Aldershot (Hampshire), 1996, pp. 135-170.

Corominas, J. e Pascual, J. A., *Diccionario Crítico Etimológico Castellano e Hispánico*, Gredos, Madrid, 1984, 5 vols.

Cracco Ruggini, L., "Il miracolo nella cultura del tardo impero: concetto e funzione", en en *Hagiographie, cultures et sociétés, IV^e – XII^e siècles. Actes du Colloque organisé à Nanterre et à Paris (2 – 5 mai 1979)*, Études Augustiniennes, París, 1981, pp. 162-203.

Crouzet, M., *La Edad Media*, en *Historia General de las Civilizaciones*, Destino, Barcelona, 1980, t. II.

Curtius, E. R., *Literatura europea y Edad Media latina*, Fondo de Cultura Económica, Madrid, 1989 (1ª ed. 1948), 2 vols.

Davies, J., *A History of Wales*, Penguin Books, Londres, 1994 (1ª ed. 1990).

Davies, R. H. C. *King Stephen. 1135-1154*, Longman, Londres / Nova York, 1990, 3ª ed. (1ª ed. 1967).

Davies, R. R., *The Age of the Conquest. Wales 1063-1415*, Oxford University Press, Oxford, 1987.

Davies, W., "Property Rights and Property Claims in Welsh *Vitae* of the Eleventh Century", en *Hagiographie, cultures et sociétés, IV^e – XII^e siècles*, pp. 515-533.

— , *Wales in the Early Middle Ages*, Leicester University Press, Londres / Nova York, 1996 (1ª ed. 1982).

Duby, G., "Les laïcs et la paix de Dieu", en *I laici nella 'Societas Christiana' dei secoli XI e XII. Atti della terza settimana internazionale di studio. Mendola, 21-27 agosto 1965*, Miscellanea del Centro di Studi Medioevali, Milán, 1968, pp. 448-461.

— , *Los tres órdenes o lo imaginario del feudalismo*, Taurus, Madrid, 1992.

— , *El año mil*, Gedisa, Barcelona, 1992 (4ª ed.).

— , "The Culture of the Knightly Class. Audience and Patronage", en Benson – Constable e Lanham, *Renaissance and Renewal,* pp. 248-262.

Dumville, D. N., "Brittany and *Armes Prydein Vawr*", en *Britons and Anglo-Saxon in the Early Middle Ages*, Variorum, Aldershot (Hampshire), 1993, pp. 145-158.

Emmerson, R. K., *Antichrist in the Middle Ages. A Study of Medieval Apocalyticism, Art, and Literature*, Manchester University Press, Manchester, 1981.

Faral, E., *La légende arthurienne. Étude et documents*, Honoré Champion, París, 1993, 3 vols.

— , *Recherches sur les sources latines des contes et romans courtois du Moyen Âge*, Honoré Champion, París, 1913.

Farmer, H., "Williams of Malmesbury's Life and Work", *Journal of Ecclesiastical History*, XIII (1962), pp. 39-54.

Ferlampin, Ch., *Magie et surnaturel dans les romans de chevalerie en France au XIII^e^ et au XIV^e^ siècle*, Tese de doutoramento, Université de Paris, Sorbonne, 1984.

Flichte, A., *La réforme grégorienne et la reconquête chrétienne (1057 – 1123)*, en A. Flichte e V. Martin (eds.), *Histoire de l'Église*, t. VIII, París, 1945.

— , *Du premier concile du Latran à l'evénement d'Innocent III*, en Flichte e Martin, *Histoire de l'Église*, t. IX.

Flint, V. I. J., "The *Historia Regum Britanniae* of Geoffrey of Monmouth: Parody and Its Purpose. A Suggestion", *Speculum*, LIV (1979), pp. 447-468.

— , *The Rise of Magic in Early Medieval Europe*, Clarendon Press, Oxford, 1991.

Fontaine, J., "Isidore de Séville et l'astrologie", *Revue des Études Latines*, XXXI (1954).

Foulon, Ch., "Wace", en Loomis, *Arthurian Literature in the Middle Ages*, pp. 94-104.

Françon, M., "Guerino Meschino, Morgain-la-Fée, and Tannhaüser", *Romance Notes*, XVI (1974-1975), pp. 457-459.

Frappier, J., *Étude sur la Mort le Roi Artu, roman du XIII^e^ siècle, dernière partie du Lancelot en prose*, Droz / Minard, Xenebra / París, 1961.

— , "La matière de Bretagne: ses origines et son développement", en *Le roman jusqu'à la fin du XIII^e siècle*, pp. 183-211.

Fritz, J.-M., *Le discours du fou au Moyen Âge. XII^e – XIII^e siècles. Étude comparée des discours littéraire médical, juridique et théologique de la folie*, Presses Universitaires de France, París, 1992.

Gallais, P., "La *Variant Version* de l'*Historia regum Britanniae* et le *Roman de Brut* de Wace", *Romania*, LXXXVII (1966), pp. 1-32.

Gem, R., "The English Parish Church in the Eleventh and the Early Twelfth Centuries: a Great Re-Building?", en J. Blair, *Minsters and Parish Churches: The Local Church in Transition, 950 – 1200*, Oxford, 1988, pp. 21-30.

Geremek, B., "El marginado", en Le Goff, *El hombre medieval*, pp. 359-386.

Gerould, G. H., "King Arthur and Politics", *Speculum*, II (1927), pp. 33-51.

Gilson, E., *La filosofía en la Edad Media desde los orígenes patrísticos hasta el fin del siglo XIV*, Gredos, Madrid, 1976 (1ª ed. 1958).

Gouttebroze, J.-G., "Robert de Gloucester et l'écriture de l'histoire", en D. Buschinger (coord.), *Histoire et littérature au Moyen Âge. Actes du Colloque du Centre d'Études Médiévales de l'Université de Picardie (Amiens 20 – 24 mars 1985)*, Kümmerle Verlag, Göppingen, 1991, pp. 143-160.

Graf, A., *Miti, leggende e supertizioni del Medio Evo*, Mondadori Editore, Milán, 1984.

Graf, F., *La magie dans l'Antiquité Gréco-Romaine. Idéologie et pratique*, Les Belles Letres, París, 1994.

Gransden, A., *Historical Writing in England c. 550 to c. 1307*, Routlege & Kegan Paul, Londres, 1974.

Grant, R. M., *Miracle and Natural Law in Graeco-Roman and Early Christian Thought*, Amsterdam, 1952.

Gregory, T., *Anima mundi. La filosofia di Guglielmo di Conches e la scuola di Chartres*, Pubblicazioni dell'Istituto di filosofia dell'Università di Roma, Roma, 1955.

Griffiths, M. E., *Early Vaticination in Welsh, with English parallels*, T. Gwynn Jones Ed., Cardiff, 1937.

Grimal, P., *Diccionario de mitología griega y romana*, Paidos, Barcelona, 1991.

Griscom, "The Date of Composition of Geoffrey of Monmouth's *Historia*", *Speculum*, I (1926), pp. 129-156.

Guadalajara Medina, J., *Las profecías del Anticristo en la Edad Media*, Gredos, Madrid, 1996.

Guillén, J., *Urbs Roma. Vida y costumbres de los romanos*, Ediciones Sígueme, Salamanca, 1985, 3 vols.

Guillingham, J., "The Context and Purporses of Geoffrey of Monmouth's *History of the Kings of Britain*", *Anglo Norman Studies*, XIII (1991), pp. 99-118.

Hanning, R. W., *The Vision of History in Early Britain from Gildas to Geoffrey of Monmouth*, Columbia University Press, Nova York, 1966.

Harding, C. E., *Merlin and Legendary Romance*, Garland Publishing, Nova York / Londres, 1988.

Harf-Lancner, L., *Les fées au Moyen Âge. Morgane et Mélusine. La naissance des fées*, Honoré Champion, París, 1984.

Haskins, Ch. H., "Henry II as a Patron of Literature", en *Essays in Medieval History Presented to F. T. Tout*, Manchester, 1925, pp. 71-77.

— , *La rinascita del dodicesimo secolo*, Il Mulino, Bolonia, 1972 (1ª ed. 1927).

Huizinga, J., *El otoño de la Edad Media*, Alianza Editorial, Madrid, 1990 (1ª ed. 1930).

Ingledew, F., "The Book of Troy and the Genealogical Construction of History: The Case of Geoffrey of Monmouth's *Historia regum Britanniae*", *Speculum*, LXIX (1994), pp. 665-704.

Jackson, K. H., "The Arthur of the History", en Loomis, *Arthurian Literature in the Middle Ages*, pp. 1-11.

— , "Arthur in the Early Welsh Verse", en Loomis, *Arthurian Literature in the Middle Ages*, pp. 12-19.

Jackson, W. T. H., *The Literature of the Middle Ages*, Columbia University Press, Nova York, 1961.

Jarman, A. O. H., "The Welsh Myrddin Poems", en Loomis, *Arthurian Literature in the Middle Ages*, pp. 20-30.

Jauss, H. R., "Rezeption und Poetisierung des Physiologus", en *La littérature didactique, allegorique et satirique*, en *Grundriss der romanischen*

Literaturen des Mittelalters, t. VI/1, Carl Winter Verlag, Heidelberg, 1968, pp. 170-181.

Jeauneau, E., "Note sur l'École de Chartres", *Studi Medievali*, 3ª serie, V (fasc. II, 1964), pp. 839-852.

Jones, C. W., "Bede as Early Medieval Historian", *Medievalia et Humanistica*, IV (1986), pp. 26-36.

Jones, Th., "The Early Evolution of the Legend of Arthur", *Nottigham Medieval Studies*, VIII (1964), pp. 3-21.

Kappler, C., *Monstruos, demonios y maravillas a fines de la Edad Media*, Akal, Madrid, 1986 (1ª ed. 1980).

Keen, M., *La caballería*, Ariel, Barcelona, 1986.

Keller, H. E., "Wace et Geoffrey de Monmouth: problème de la chronologie des sources", *Romania*, XCVIII (1977), pp. 1-14.

Kieckhefer, R., *La magia en la Edad Media*, Crítica, Barcelona, 1992.

Keen , C., "Astronomy", en D. L. Wagner (ed.), *The Seven Liberal Arts in the Middle Ages*, Indiana University Press, Bloomington, 1983, pp. 218-247.

Krappe. A. H., "Note sur un épisode de l'*Historia Brittonum* de Nennius", *Revue Celtique*, XLI (1924), pp. 181-188.

Kumtzich, P., "Les relations scientifiques entre l'Occidente et le monde arabe à l'époque de Gerbert", en N. Charbonnel e J.-E. Iung (eds.), *Gerbert l'Européen. Actes du Colloque d'Aurillac (4 – 7 juin 1996)*, Société des Lettres, Sciences et Arts "La Haute-Auvergne", Aurillac, 1997, pp. 193-203.

Lainster, M. L. W., "TheWestern Church and Astrology during the Early Middle Ages", *Harvard Theological Review*, XXXIV (1941).

Ladner, G. B., "*Homo viator*: Medieval Ideas on Alienation and Order", *Speculum*, XLII (1967), pp. 233-257.

Le Goff, J., "L'Occident médiéval et l'océan Indien: un horizon onirique", en *Pour un autre Moyen Âge. Temps, travail et culture en Occidente: 18 essais*, Éditions Gallimard, París, 1977, pp. 280-298.

— , "Les rêves dans la culture et la psycologie collective de l'Occidente médiéval", en *Pour un autre Moyen Âge*, pp. 299-306.

— , *El nacimiento del Purgatorio*, Taurus, Madrid, 1981.

— , "Esbozo de análisis de una novela de caballería. Lévi-Strauss en Brocèliande", en *Lo maravilloso y lo cotidiano en el Occidente medieval*, Gedisa, Barcelona, 1991.

— , *Los intelectuales en la Edad Media*, Gedisa, Barcelona, 1996.

Le roman jusqu'à la fin du XIII^e siècle, en *Grundriss der romanische Literaturen des Mittelalters*, t. IV / 1, Karl Winter Verlag, Heidelberg, 1978.

Leckie, R. W., *The Passage of Dominion: Geoffrey of Monmouth and the Periodization of Insular History in the Twelfth Century*, University of Toronto Press, Toronto – Buffalo – Londres, 1981.

Lecouteux, C., "Introduction à l'étude du merveilleux médiéval", *Études Germaniques*, XXXVI/3 (1981), pp. 273-290.

— , "Paganisme, christianisme et merveilleux", *Annales E.S.C.*, XXXVII (1982), pp. 700-716.

Lewis, Ch. T. e Short, Ch., *A Latin Dictionary*, Clarendon Press, Oxford, 1993.

Loomis, L. H., "Geoffrey of Monmouth and Stonehengue", *Publications of the Modern Language Association*, XLV (1930), pp. 400-415.

— , "Arthurian Tombs and Megalithics Monuments", *Modern Language Review*, XXVI (1931), pp. 408-426.

Loomis, R. S., "Edward I, Arthurian Enthusiast", *Speculum*, XXVIII (1953).

— , "Morgan le Fée in Oral Tradition", *Romania*, LXXX (1959), pp. 337-367.

— , *Arthurian Literature in the Middle Ages. A Collaborative History*, Oxford University Press, Oxford, 1959.

— , "The Oral Diffusion of the Arthurian Legend", en Loomis, *Arthurian Literaure in the Middle Ages*, pp. 52-63.

— , "The Legend of Arthur Survival", en Loomis, *Arthurian Literature in the Middle Ages*, pp. 64-71.

Lot, F., "Nouvelles études sur la provenance du cycle arthurien. I. Glastonbury et Avalon", *Romania*, XXVII (1901), pp. 529-573.

Marx, J., *La légende arthurienne et le graal*, Presses Universitaires de France, París, 1952.

— , *Nouvelles recherches sur la littérature arthurienne*, Klinsieck, París, 1965.

Marcos Simón, F., *Los celtas*, Historia 16, Madrid, 1990.

Markale, J., *L'épopée celtique en Bretagne armoricaine*, Payot, París, 1978.

— , *Los celtas y la civilización celta*, Taurus, Madrid, 1992.

Mason, E., "Magnates, Curiales and the Wheel of Fortune: 1066 – 1154", *Anglo-Norman Studies*, II (1979), pp. 118-140.

Ménard, Ph., "Chrétien de Troyes et le merveilleux", *Europe*, DCXLII (octobre 1982), pp. 53-60

Micha, A., *Étude sur le "Merlin" de Robert de Boron, roman du XIII^e siècle*, Droz, Xenebra, 1980.

Milin, G., "Geoffroi de Monmouth et les merveilles du lac de Linligwan: l'émergence d'un nouvel imaginaire culturel", *Cahier de Civilisation Médiévale*, XXXVIII (1995), pp. 173-183.

Mora, F., "Virgile le magicien et l'*Éneide* des Chartrains", *Médiévales*, XXVI (printemps 1994), pp. 39-57.

Moreschini, C., "Sulla fama di Apuleio nel Medioevo en el Rinascimento", *Studi filologici, litterari e storici in memoria di Guido Favati*, Padua, 1977.

Morris, C. L. *The Discovery of the Individual, 1050 – 1200*, Londres, 1972.

Nitze, W. A., "Geoffrey of Monmouth's King Arthur", *Speculum*, II (1927), pp. 317-321.

— , "The Exhumation of KingArthur at Glastonbury", *Speculum*, XI (1934), pp. 355-361.

Nykrog, P., "The Rise of Literary Fiction", en Benson – Constable e Lanham, *Renaissance and Renewal*.

Orcástegui, C. e Sarasa, E., *La Historia en la Edad Media*, Cátedra, Madrid, 1991.

Padel, O. J., "The Nature of Arthur", en *Cambrian Medieval Celtic Studies*, XXVII (Summer 1994), pp. 1-31.

Parisse, M., "La conscience chrétienne des nobles aux XI^e et XII^e siècles", en *La Cristianità dei secoli XI e XII in Occidente: coscienza e strutture di una società. Atti della ottava Settimana Internazionale di Studio. Mendola, 30 giugno – 5 luglio 1980*, Miscellanea del Centro di Studi Medioevali, Milán, 1983, pp. 259-280.

Patch, H.-R., *The Goddess Fortune in Medieval Literature*, Harvard University Press, Cambridge (Mass.), 1927.

— , *El otro mundo en la literatura medieval*, Fondo de Cultura Económica, Madrid, 1983 (1ª ed. 1950).

Paton, L. A., "The Story of Vortigern's Tower", *Studies in English and Comparative Literature. Radcliffe College Monographs*, XV (1910), pp. 13-23.

Paul, J., *El despertar evangélico y las mentalidades religiosas*, en *La Iglesia y la cultura en Occidente (siglos IX – XII)*, Labor, Barcelona, t. II.

Pietri, Ch., "Saints et démons: l'heritage de l'hagiographie antique", en *Santi e demoni nell'alto medioevo occidentale (secoli V – XII). Settimane del Centro Italiano di Studi sull'Alto Medioevo. 7 – 13 aprile 1988*, Panetto & Petrelli, Spoleto, 1989, pp. 17-90.

Pink, A. W., *El Anticristo*, Editorial Clie, Terrassa, 1990.

Pool, A. L., *From Domesday Book to Carta Magna. 1087-1216*, Oxford University Press, Oxford, 1970 (1ª ed. 1951).

Poulle, E., "L'astronomie de Gerbert", en *Gerberto: scienza e mito. Atti del Gerberti Symposium, Bobbio, 25-27 giuglio 1983*, Edizioni degli Archivi Storici Bobbiensi, Bobbio, 1985, pp. 597-617.

Pyles, T., e Alged, J., *The Origines and Development of the English Language*, Brace and L. Harcourt, 1982, 3ª ed. (1ª ed. 1964).

Salter, H. E., "Geoffrey of Monmouth and Oxford", *English Historical Review*, XXXIV (1919).

Sherwood, M., "Magic and Mechanics in Medieval Fiction", *Studies in Philology*, XLIV (1947), pp. 567-592.

Smalley, B., "Ecclesiastical Attitudes to Novelty, c. 1100 – c. 1250", *Studies in Church History*, XII (1975), pp. 113-131.

Smoller, P. A., *History, Prophecy, and the Stars*, Princeton University Press, Princeton, 1984.

Southern, R. W., "The Place of England in the Twelfth-Century Renaissance", *History*, XLV (1960), pp. 211-213.

Stenton, F., *Anglo-Saxon England*, Oxford University Press, Oxford, 1989 (1ª ed. 1943).

Strang, B., *A History of English*, Methuen, Londres / Nova York, 1986 (1ª ed. 1970).

Tatlock, J. S. P., "Certain Contemporaneous Matters in Geoffrey of Monmouth", *Speculum*, VI (1931), pp. 206-211.

— , "The English Journey of the Laon Canons", *Speculum*, VIII (1933), pp. 454-465.

— , "Caradoc of Llancarfan", *Speculum*, XIII (1938), pp. 139-152.

— , *The Legendary History of Britain. Geoffrey of Monmouth's "Historia Regum Britanniae" and Its Early Vernacular Versions*, University of California Press, Berkeley / Los Angeles, 1950.

Thompson, A. H., *Bede, his Life, Times and Writings*, Clarendon Press, Oxford, 1935.

Thompson, S., *Motif Index of Folk Literaature*, Indiana University Press, Bloomington, 1955, 6 vols.

Thorndike, L., *A History of Magic and Experimental Science during the First Thirteen Centuries of Our Era*, Columbia University Press, Nova York / Londres, 1964, 6ª ed., 2 vols.

— , "Magia, stregoneria, astrologia e alchimia", en Z. N. Brook et alii (eds.), *Storia del mondo medievale*, t. VII, *L'autunno del medioevo e la nascita del mondo moderno*, Garzanti, 1981 (1ª ed. Cambridge, 1929), pp. 811-844.

— , "Some Medieval Conceptions of Magic", *The Monist*, XXV (1915).

Thorpe, L., "The Last Years of Geoffrey of Monmouth", en *Mélanges de langue et littérature françaises du Moyen Âge offerts à Pierre Jonin. Senefiance*, VII (1979), Publications du CUERMA, Aix-en-Provence, pp. 662-672.

Thuillier, P., "Magie et technoscience: la grande mutation du Moyen Âge", *La Recherche*, CCXXIII (juillet –août 1990), pp. 862-873.

Torres Asensio, G., *La "materia de Bretaña" en la literatura latina medieval. La leyenda artúrica en la hagiografía celtolatina medieval*, Tesis doctoral, Universitat de Barcelona, 1997.

Uytfanghe, M. van, "La controverse biblique et patristique autour du miracle, et ses répercussions sur l'hagiographie dans l'Antiquité tradive et le haut Moyen Âge latin", en *Hagiographie, cultures et société, IV^e – XII^e siècles*, pp. 205-231.

Vauchez, A., *A espiritualidade da Idade Média Ocidental. Séc. VIII – XIII*, Estampa, Lisboa, 1995 (1ª ed. 1975).

Wagner, R. L., *"Sorcier" et "magicien". Contribution à l'histoire du vocabulaire de la magie*, Droz, París, 1939.

Ward, B., *Miracles and the Medieval Mind. Theory, Record and Events. 1000-1215*, Scholar Press, Aldershot, 1987 (1ª ed. 1982).

— , "Bede and the Conversion of the Anglo-Saxons", en *Signs and Wonders. Saints, Miracles and Prayers from the 4th Century to the 14th*, Variorum, Croft Road (Hampshire), 1992, pp. 539-542.

Warren, W. L., *Henry II*, University of California Press, Berkeley / Los Angeles, 1973.

Wetherbee, W., *Platonism and Poetry in the Twelfth Century. The Literary Influence of the School of Chartres*, Princeton University Press, Princeto, 1971.

White, G. H., "The Career of Waleran Count of Meulan and Earl of Worcester (1104-1166)", *Transactions of the Royal Historical Society*, 4th Series, XVII (1934), pp. 19-48.

White, L., "Technology and Invention in the Middle Ages", en *Medieval Religion and Technology. Collected Essays*, University of California Press, Berkeley / Los Angeles, pp. 1-22.

— , "Eilmer of Malmesbury and Eleventh Century Aviator: A Case Study of Technological Innovation, its Context and Tradition", en *Medieval Religion and Technology*, pp. 59-73.

— , "Medieval Engineering and the Sociology of Knowledge", en *Medieval Religion and Technology*, pp. 317-338.

Williams, A., *The English and the Norman Conquest*, Boydell & Brewer, Woodbridge (Suffolk), 1997 (1ª ed. 1995).

Woodward, E. L., *Historia de Inglaterra*, Alianza Editorial, Madrid, 1984 (1ª ed. 1974).

Zumthor, P., "Sorcier et magicien. — À propos d'un livre de R. L. Wagner", *Zeitschrift für romaniche Philologie*, LXV (1949), pp. 441-457.

— , *Merlin le prophète. Un thème de la littérature polémique de l'historiographie et des romans*, Slatkine, Xenebra, 1973.

— , "Genèse et évolution du genre", en *Le roman jusqu'à la fin du XIIIe siècle*, pp. 60-65.

ÍNDICE

PRESENTACIÓN 5

INTRODUCCIÓN 7

CAPÍTULO I

Da chegada normanda á monarquía anxevina 17
A resistencia celta fronte a saxóns e normandos 22
A formación da Inglaterra anglonormanda 27
A propaganda anxevina e o retorno de Artur 34
Historia e historiografía no século XII inglés: celtas, saxóns e normandos 40
O conflicto entre saxóns e normandos na historiografía da época 45
Os historiadores do século XII e a rememoración do pasado 50

CAPÍTULO II

Irredentismo e dignificación dos bretóns 61
As dedicatorias da *Historia* e a celtofilia de Monmouth 65
O *espoir breton* na *Historia Regum Britanniae* 76
Galeses e bretóns na crónica de Monmouth 85
A política normanda no continente: a cuestión do Imperio 96
As profecías da illa de Bretaña 108
A veracidade das profecías merlinianas 114

CAPÍTULO III

A irrupción do marabilloso na literatura medieval 125
Astroloxía e maxia no século XII: a noite de Tintagel e a estrela de lume 134
As pedras de Irlanda. Artes mecánicas e tecnociencia 145
Adiviñación e profecía na obra de Montmouth 160
O espírito secular da *Historia Regum Britanniae*: a división eclesiástica de Bretaña 181

CONCLUSIÓN 189

APÉNDICE 195

BIBLIOGRAFÍA 203